

H O M E N A X E S



CANTARES DE AMIGOS
Estudios en homenaxe
a Mercedes Brea

EDICIÓN A CARGO DE
Esther Corral Díaz
Elvira Fidalgo Francisco
Pilar Lorenzo Gradín

UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

publicacións

CANTARES DE AMIGOS

Estudos en homenaxe a Mercedes Brea

Catedrática de Filoloxía Románica da Universidade de Santiago de Compostela, a figura de Mercedes Brea constitúe un referente internacional na súa especialidade. Sobrancea, ademais, no mundo académico por distinguidos méritos tanto de xestión como de investigación. Entre outros cargos desenvolvidos, cómpre subliñar que foi vicerreitora de Profesorado, decana da Facultade de Filoloxía e directora do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico. Coordinou a *Rede de Estudos Medievais Interdisciplinares*, que convocou en suxestivos proxectos comúns a medievalistas galegos especializados en distintas áreas (filoloxía, historia medieval e historia da arte). É cabeza e corazón do GI-1350, grupo de investigación competitivo e dinámico que no que promove todo tipo de iniciativas consagradas á filoloxía e literatura románica medieval. A través dunha estreita colaboración co Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades estimulada por Mercedes Brea, Galicia e a universidade compostelá téñense situado na vangarda nos estudos de lírica galega medieval, primeiro coa publicación dos dous volumes da *Lírica Profana Galego-Portuguesa* e, seguidamente, coa creación da *Base de datos MedB*, que puxo ao dispor de toda a comunidade científica o corpus completo informatizado das cantigas profanas, proxecto no que Brea continúa a traballar de xeito infatigable e sempre con espírito innovador. O seu maxisterio callou na dirección de numerosas teses de doutoramento e, como docente vocacional preocupada pola transmisión do saber, a súa entrega e dedicación é unanimemente recoñecida por infinidade de promocións. Brillante e meticulosa, emprendedora e decidida, calculadamente ousada, paciente e xenerosa, Mercedes Brea recibe no presente volume os traballos dunha parte dos seus colegas e discípulos como testemuño de afecto, recoñecemento e gratitude á mestra e á amiga.

Cantares de amigos

Cantares de amigos

Estudos en homenaxe a Mercedes Brea

Edición a cargo de

ESTHER CORRAL DÍAZ

ELVIRA FIDALGO FRANCISCO

PILAR LORENZO GRADÍN

2016

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2016

Maqueta

Isabel Argüelles
Imprenta Universitaria
Campus Vida

Imprime

Imprenta Universitaria
Campus Vida

Edita

Edicións USC
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
<https://www.usc.es/publicacions>

DOI: <https://dx.doi.org/10.15304/hom.2024.967>



Mercedes Brea

Índice

LIMIAR	
Roberto Antonelli.....	13
PERFIL BIOGRÁFICO DE MERCEDES BREA	
Isabel González	15
MERCEDES BREA. NOTA BIBLIOGRÁFICA	
Miguel Á. Pousada Cruz	19

Contribucións

ALÉN GARABATO, CARMEN	
<i>Vivamos como galegos: identidade e lingua galega como argumentos comerciais</i>	41
ALVAR, CARLOS	
El «gato» de Boiardo	53
ÁLVAREZ PÉREZ, XOSÉ AFONSO	
<i>Ai follas, ai follas do verde pino: denominacións galegas e portuguesas da ‘folla do piñeiro’</i>	63
ANTONELLI, ROBERTO	
Ancora <i>Lanquan li jorn</i> ..., fra struttura (il <i>dobre?</i>), stemmatica e senso	75
ARBOR ALDEA, MARIÑA	
<i>Andamos fazendo dança, cantando nosas bailadas. Notas a O Maroot aja mal grado (B 2, L 2)</i>	85
BASTARDAS I RUFAT, M. REINA – JOSÉ ENRIQUE GARGALLO GIL	
Refranes meteorolóxicos con «cielo aborregado» e imáxenes afines en gallego y en romance. Paremiotipos y variación diatópica	97
BERMÚDEZ SABEL, HELENA	
Variación gráfica na lírica profana galego-portuguesa: <i>T vs B, V</i>	109
BILLY, DOMINIQUE	
Vers longs de <7+7> et formes affines dans la poésie lyrique des <i>trobadores</i>	117
BLANCO VALDÉS, CARMEN F.	
<i>Vita di Dante /vs/ Trattatello in laude di Dante. Estado de la cuestión</i>	131

BLANCO VALDÉS, JUAN L. Mercedes Brea, editora universitaria	143
BOLOGNA, CORRADO <i>Io mi son un che quando amor mi spira, / noto</i>	157
BUONO, BENEDICT <i>Timpalli alla Pompadur e cecinelli: lingua, dialetto e forestierismi nel Cuoco galante</i> di Vincenzo Corrado (Napoli, 1773).....	175
CANETTIERI, PAOLO Qualche appunto su <i>Compaigno, non puosc mudar qu'eo no m'effrei</i> (Guglielmo IX, BdT 183, 4).....	185
CANO GONZÁLEZ, ANA M ^a Los resultados del sufijo –ELLU / –ELLA en la antroponimia asturiana y el proceso de castellanización	193
CARMONA FERNÁNDEZ, FERNANDO <i>Locus amoenus / locus horroris: el marco espacio-temporal del combate caballeresco</i> (<i>Erec, Le Bel Inconu, Amadís</i>).....	207
CARRACEDO FRAGA, JOSÉ Cupido en los poemas amorios de los <i>Carmina Burana</i>	221
CASTRO CARIDAD, EVA <i>Et a et o: El estribillo en la lírica amorosa latina medieval</i>	231
CORBELLA, DOLORES Más allá del mar tenebroso	241
CORRAL DÍAZ, ESTHER Beatriz de Suabia e a lírica galego-portuguesa	255
COUCEIRO PÉREZ, JOSÉ LUÍS O amigo melfitano (II).....	265
D'AGOSTINO, ALFONSO Act sans paroles. Saggio d'un nuovo commento al <i>Decameron: la novella IV 5</i>	277
DEL RÍO RIANDE, GIMENA La flor, el caballo y el amigo. El sincretismo armónico del <i>Cancionero del rey Don Denis</i>	289
DÍAZ DE BUSTAMANTE, JOSÉ MANUEL Con la disculpa del <i>Codex Calixtinus: de Erasmo a Lutero</i>	299

DISTILO, ROCCO Per un ambiguo sentimento dai Trobadors ai Siciliani: lat. IN ODIUM, INODIARE	309
DOMÍNGUEZ CARREGAL, ANTONIO AUGUSTO O <i>dano</i> na lírica profana galego-portuguesa	323
DOMÍNGUEZ FERRO, ANA MARÍA «La più bella cosa a vedere del mondo». Palacios maravillosos en el <i>Milione</i>	333
DOMÍNGUEZ VÁZQUEZ, MARÍA JOSÉ Internautas y sociedad digital: una reflexión didáctica	343
FERNÁNDEZ CAMPO, FRANCISCO Contribución para os datos biográficos do trobador Pero d' Armea	357
FERNÁNDEZ GUIADANES, ANTONIO Dúas notas sobre a transmisión manuscrita da lírica profana galego-portuguesa	369
FERNÁNDEZ INSUELA, ANTONIO Otra muestra de cuentos tradicionales en una comarca de Ourense	377
FERNÁNDEZ PÉREZ, MILAGROS Destellos de Roman Jakobson en la lingüística actual	387
FERNÁNDEZ REI, FRANCISCO A botadura do Instituto da Lingua Galega.....	399
FIDALGO FRANCISCO, ELVIRA A difusión das <i>Cantigas de Santa María</i>	411
FORMISANO, LUCIANO <i>Que trop ai le chief mellé de chainnes</i> . Nota su Gautier de Dargies	421
FRATESCHI VIEIRA, YARA <i>Que vos enton non vi fea</i> : a litotes na <i>descriptio puellae</i> da «cantiga da guarvaia»	433
GONZÁLEZ, DÉBORAH As cantigas de Pero Velho de Taveirós. Edición e estudo	445
GONZÁLEZ, ISABEL Il lessico emotivo nella prosa della <i>Vita Nuova</i>	457
GONZÁLEZ GONZÁLEZ, MANUEL Algúns problemas verbo do uso de <i>etc.</i> en galego	467
GOUIRAN, GÉRARD <i>Sirventés joglarescs</i> ou simples <i>tensons</i> ?.....	479

GUTIÉRREZ GARCÍA, SANTIAGO – MARIA MERCÉ LÓPEZ CASAS La investidura caballerisca del rey Arturo y los viejos rituales de la caballería tardomedieval en el <i>Baladro del sabio Merlín</i>	489
LAGE COTOS, M ^a ELISA De nuevo sobre Petrarca y <i>Celestina comentada</i> (II).....	503
LANCIANI, GIULIA Sull'uso di fonti nella letteratura odeporica cinque-secentesca	515
LEONARDI, LINO L'interpretazione nella <i>recensio</i> : per lo stemma della <i>Mort Artu</i>	523
LÓPEZ MARTÍNEZ, MARÍA SOL O emprego do presente para falar de futuro na prensa escrita	533
LÓPEZ-MARTÍNEZ MORÁS, SANTIAGO Breve nota sobre las relaciones familiares y políticas de Pedro I de Castilla (hasta 1358).....	547
LORENZO GRADÍN, PILAR O encabalgamento léxico na lírica galego-portuguesa	557
LUCÍA MEGÍAS, JOSÉ MANUEL Reflexiones de un editor: el desafío de la segunda textualidad	569
MARCENARO, SIMONE Il presunto <i>Livro das cantigas</i> di Don Pedro de Portugal, Conde de Barcelos.....	579
MARCHISIO, CRISTINA Canto di pioggia a tre voci con qualche inedita agnizione (Manzoni, Pascoli e Tozzi).....	589
MARIÑO PAZ, RAMÓN <i>Un labrador que foy sarxento á os soldados do nobo alistamento</i> (ca. 1808). O orixinal e as versións de 1861 e 1886.....	601
MEDINA GRANDA, ROSA M ^a El «intermezzo» en las lenguas	613
MENEGHETTI, MARIA LUISA Marcabru, Onorio <i>Augustodunensis</i> e le sculture di Moissac (per le fonti e la datazione di BEdT 293,040)	623
MELÉNDEZ CABO, MARINA El gigante: tradición e innovación de un personaje épico en el texto francoitaliano <i>Aquilon de Bavière</i>	635

MORÁN CABANAS, ISABEL <i>Puella doctae</i> resgatadas por Carolina Michaëlis: algumas notas sobre a fortuna da sua receção.....	647
MOSCOSO MATO, EDUARDO ¿Coche ou carro? Repensando a elección.....	659
MUSSONS, ANNA M. Trovadores afrancesados: de la cruzada contra los albigenses a la cruzada contra la corona de Aragón.....	669
PAREDES, JUAN <i>E q. el remir contra. l lum de la lampa.</i> La corporeidad femenina en la poesía lírica medieval.....	683
PENA, JESÚS – RODRÍGUEZ ESPÍÑEIRA, M ^a JOSÉ Notas sobre la semántica y el origen de los nombres eventivos simples.....	697
PÉREZ BARCALA, GERARDO El cód. 2294 de la Biblioteca Nacional de Portugal y el falso libro de cetrería del Mestre Giraldo: revisitando un problema de atribución.....	711
PÉREZ PASCUAL, JOSÉ IGNACIO Voces gallegas en la segunda edición del <i>Diccionario de Autoridades</i>	723
PULSONI, CARLO Le fonti dell'edizione aldina di Petrarca (1501).....	733
RAMOS, M ^a ANA <i>...se me mal talan ten...</i> (B 3, V ^a 3). Observações sobre o uso de <i>talan</i> na lírica galego-portuguesa.....	739
ROJO, GUILLERMO Sobre el uso de textos medievales en el <i>Diccionario de Autoridades</i>	755
RON FERNÁNDEZ, XAVIER <i>Documentatio nomina tropatorum</i> (I). Unha nova hipótese sobre o trobador Johan Nunez Camanez e sobre o apelido de Martin Codax.....	769
ROSSELL, ANTONI La música en la épica oral: una cuestión genérica.....	779
RUBIO TOVAR, JOAQUÍN Las <i>Memorias</i> de la reina Margarita de Francia y el <i>Discours</i> del señor de Brantôme.....	793
SÁNCHEZ MIRET, FERNANDO Clasificar el catalán no es cosa fácil (y no por culpa suya).....	801

SÁNCHEZ-PALOMINO, M ^a DOLORES As equivalencias na moderna lexicografía bilingüe castelán-galego (o dicionario da RAG).....	813
SÁNCHEZ TRIGO, ELENA Traducir: análisis del concepto.....	825
SANTAMARINA, ANTÓN <i>Se o vello Sinbad volvese ás illas...</i> Anotacións filolóxicas.....	835
SEOANE CASÁS, DIEGO Renart de Born.....	849
SOUTO CABO, JOSÉ ANTÓNIO <i>En cas da Ifante</i> . Figuras femininas no patrocínio da lírica galego-portuguesa (I).....	857
TATO GARCÍA, CLEOFÉ Un diálogo en esparsas atribuíble a Juan y Alfonso Enríquez.....	871
TAVANI, GIUSEPPE Glosas à magem de <i>Ben sabia eu, mha senhor</i> , de Alfonso X.....	887
VALLÍN, GEMA El poema de Alfonso XI y la cantiga dialogada.....	893
VARELA BARREIRO, XAVIER <i>Pulpo e polbo</i> , descendentes en galego do lt. POLYPU. Atestacións medievais.....	903
VÁZQUEZ BUJÁN, M. ENRIQUE <i>Tenesmus, conatio, conatus</i> . La denominación de una enfermedad en latín.....	917
VEIGA, ALEXANDRE <i>Aguardar/guardar</i> . Otro problema de reconstrucción lingüística en el <i>Poema de Fernán González</i>	929
VILLANUEVA, DARÍO El lugar, hoy, de la Literatura Comparada.....	943
TABULA GRATULATORIA.....	957

Limiar

Sono felice e onorato di poter partecipare addirittura con una prefazione, rispondendo all'affettuoso invito degli amici di Santiago, che ringrazio, a questo omaggio della comunità scientifica internazionale a Mercedes Brea. Ma sono ancor più imbarazzato poiché è un onore che è troppo pesante per le mie capacità davvero inadeguate all'occasione. Davvero non me ne sento degno. Chiedo perciò scusa fin da ora a Mercedes se le mie parole saranno poche e misere rispetto al tanto che vorrei dire, interpretando il desiderio di tutti i suoi amici. E chiedo ugualmente scusa a tutti gli amici poiché certamente non sarò in grado d'interpretare integralmente la stima, l'affetto e la riconoscenza che tutti noi proviamo per Mercedes.

La prima cosa che mi si è presentata alla mente è però che non è possibile che una persona giovane, attiva e forte come Mercedes sia destinataria di un omaggio che in genere si fa in lode e quindi alla fine di una carriera. Con questo omaggio, allora, io credo che la ringraziamo non solo e tanto per quello che ci ha regalato finora ma soprattutto per quello che ancora ci darà.

Pensando a Mercedes la seconda cosa che si presenta alla mente è che le sue molteplici attività e curiosità di studiosa e di docente sono qualcosa di più del desiderio di ricercare e scoprire nuove verità, dettato da quella *curiositas* che rappresenta la prima molla di ogni ricercatore, da Ulisse in poi. In Mercedes la ricerca e la volontà di indagare, risolvere problemi, pubblicare testi, coinvolgere persone, istituzioni e studenti nel suo lavoro rappresenta una vera e propria filosofia, un imperativo categorico, per citare un grande filosofo tedesco: una filosofia di vita che è una vera e propria filosofia *morale*, praticata sempre con rigore e intelligenza acuta sia dentro sia fuori l'università, nel giudizio sul mondo e sugli esseri umani, con un'apertura, un equilibrio e una generosità affettuosa e comprensiva tanto rara quanto preziosa.

Per questo Mercedes nel suo lavoro ha trovato lo spazio non solo per una ricchissima quantità di grandi lavori individuali che hanno segnato la storia della filolo-

gia galega e romanza, ma ha saputo organizzare e promuovere una così straordinaria e rilevante ricerca di gruppo, scoprire le qualità di tanti giovani, fondare insomma una vera e propria *scuola*, anticipando e accompagnando la grande rivoluzione in atto da qualche decennio anche nelle scienze umanistiche grazie anche agli sviluppi dell'informatica. Il «Centro Ramón Piñeiro para Investigación en Humanidades» è stato per tutti i filologi romanzi europei un punto di riferimento fondamentale grazie alle ricerche e all'attività infedessa e rigorosa di Mercedes, che ha decisamente contribuito a renderlo un centro di avanguardia su piano internazionale, non solo sul piano scientifico ma anche per la capacità di creare un ambiente in cui la partecipazione affettuosa e entusiasta dei giovani al lavoro collegiale coinvolgeva ogni visitatore, rendendolo partecipe di una comunità di pensiero, di studi e di affetti.

Mercedes con la sua attività e la sua partecipazione sempre viva e acuta a ogni impresa internazionale di rilievo (e io ne so qualcosa, avendone più volte beneficiato), con la sua capacità di stabilire rapporti con i colleghi di tutta l'Europa ha collocato veramente il galego e la sua amata Galizia al centro dell'Europa: al centro dell'interesse di tutti gli studiosi europei di linguistica e filologia, non ponendo il problema del galego e della sua letteratura come rivendicazione regionalistica ma dimostrandone *quotidianamente*, nei fatti, i valori europei, a partire dalla sua grande tradizione medievale, alla quale Mercedes ha dedicato tanti lavori prima e dopo la monumentale edizione del *Corpus completo* della *Lírica profana galego-portuguesa*. Una grande studiosa e una grande organizzatrice di studi e di cultura, dunque: due qualità che si trovavano e si trovano raramente riunite in una sola persona e che invece di Mercedes costituiscono la cifra caratteristica, insieme alla capacità di capire subito quali siano i problemi più rilevanti e dove sia opportuno indirizzare gli sforzi di ricerca. Sono qualità che esaltano la qualità della persona, ma che risultano tanto più importanti quando si uniscono ad altre qualità che tutti sappiamo la contraddistinguono: l'amicizia, la lealtà, il desiderio di essere utile e di offrire opportunità di studio e di ricerca ai giovani, da qualunque paese provengano. E' con questa amicizia e affetto che abbiamo tutti partecipato alla miscellanea di studi in suo onore: poca cosa rispetto al tanto che sul piano umano e scientifico Mercedes ci ha dato e per cui io e noi tutti non saremo mai in grado di ringraziarla abbastanza, se non augurandoci che un poco di tanto affetto si sia riusciti a trasmettere non solo col nostro lavoro ma anche con la nostra amicizia che, alla fine, è probabilmente la cosa più preziosa, ciò che sempre e comunque rimane, fra gli esseri umani.

ROBERTO ANTONELLI
Università La Sapienza, Roma

Perfil biográfico de Mercedes Brea

Na maior parte dos casos, a traxectoria profesional dunha persoa acostuma ser máis coñecida cá traxectoria humana. No caso de Mercedes, o seu *curriculum vitae* mostra a súa excelencia ao longo da súa vida académica. Tal vez poida ser interesante presentar outro aspecto seu, tan importante como o primeiro, ou aínda máis.

Sei moi ben como é Mercedes, porque hai moitos anos que nos tratamos. Despois de case cincuenta de amizade, podería contar numerosas experiencias que temos compartido; algunhas delas téñoas tan presentes, que me parece que tiveran acontecido antes de onte, ou aínda mellor, onte mesmo. Gustaríame facelo, como tamén me compracería falarlles dos incontables momentos que temos vivido, porque demostrarían a súa sensibilidade e a súa excepcional calidade humana, pero prefiro que queden para a intimidade de cada unha de nós e, ademais, porque é mellor non ocupar agora un espazo reservado para os traballos de investigación do volume. Nestas liñas pretendo soamente mencionar algúns trazos da personalidade de Mercedes que poderán corroborar todos cantos a tratan. A parte máis intelectual xa se ve reflectida, dalgún xeito, no seu *curriculum*, unhas páxinas máis adiante.

Mercedes foi unha das primeiras persoas que coñecín, no ano 1967 cando cheguei a Santiago, primeiro como compañeira e moi pronto como amiga. Como compartiamos case todo, enseguida tiven a ocasión de comprobar a súa incondicional disposición para axudar a resolver calquera asunto. Estaba sempre disposta a colaborar no que fora, do mesmo xeito que o segue a facer agora, porque é unha das persoas máis xenerosas que teño tratado, dunha xenerosidade sen límites: axuda a alumnos, a compañeiros, a amigos ou a calquera que o precise sen pedir nada a cambio, guiada por un lema que puxo en práctica toda a vida: primeiro axudar aos demais, logo axudar aos demais e despois de axudar aos demais, tal vez, en último lugar, quedalle tempo para pensar algo nela mesma. O único que desexa é que as cousas, ao final, se resolvan. Se hai un xesto no que se evidencie esta actitude é o de ter sempre as portas abertas,

no sentido literal e metafórico, de xeito que non é de estrañar vela no medio dunha morea de xente ao seu redor que precisa do seu consello.

Aqueles primeiros anos universitarios foron cruciais na súa traxectoria profesional, entre outras cousas, porque coñeceu ao noso mestre, D. Constantino García, unha das persoas que máis ten influído na vida académica de Mercedes: nun primeiro momento, como alumna dos últimos cursos da carreira, aprendeu unha metodoloxía novidosa da man deste profesor que viña de Alemaña traendo unha visión científica renovadora da Filoloxía Románica e unhas técnicas avanzadas para afrontar a docencia. As materias que, como Director do Departamento, lle encomendou a Mercedes durante eses cursos foron variadas e moi diferentes (literatura italiana, literatura occitana, latín...), o cal supuña un importante esforzo académico que ela sempre superou coa ímproba capacidade de traballo que a caracteriza. Pero se hai algo que Mercedes aprendeu e atesourou do mestre por riba de todo foi a vontade de crear escola. Ese foi un trazo que ela puxo en práctica moi pronto, pois se os discípulos de D. Constantino se contan por milleiros, os de Mercedes xa son tamén varios centos. É fácil atopar a moitos deles de cando en vez no seu despacho, loxicamente, non só a aqueles —de distintas xeracións que andan pola facultade— senón aqueloutros que traballan fóra de Santiago, fóra do país, moi lonxe incluso, e que non poden vir a Santiago sen achegarse a facerlle unha visita, tanto para dar conta dos rumbos que colleron as súas vidas como, sobre todo, para darlle unha mostra de cariño e de agradecemento a unha mestra inesquecible.

Como Mercedes sempre gozou da confianza de D. Constantino e esta, naturalmente, foi mutua, ademais da docencia encargoulle numerosas empresas relacionadas co ámbito universitario, que naqueles momentos se querían poñer en marcha: a organización dos cursos de español para estranxeiros, que naceron e se xestaron daquela e que gozarían dun enorme éxito que dura ata a actualidade; a dirección do Servizo de Publicacións da USC, no que deixou un profundo recordo polos moitos acertos; a coordinación da revista *Verba*, que o propio Constantino creara e que continúa a ter prestixio internacional e un longo etcétera. A súa capacidade e experiencia na xestión acadada ó longo deses anos, víronse plasmados nos numerosísimos Proxectos de Investigación obtidos, nos diferentes cargos universitarios ostentados e, máis recentemente, na coordinación da Rede de Estudos Medievais Interdisciplinares e na dirección do seu grupo de investigación, un dos máis competitivos e dinámicos no ámbito das humanidades.

A Mercedes endexamais lle importou «perder» horas e horas de investigación persoal, por térllelas dedicado á lectura e á corrección dos traballos alleos. A súa

escola é tan vital que sempre ten tres ou catro teses a piques de defenderse, cinco ou seis en fase de elaboración e algunha máis empezándose, sen contar a ducia longa delas dirixidas. Non é infrecuente atopala lendo traballos incluso nas vacacións —ela case nunca as ten, mellor dito tenas traballando—; ás veces, quédase ata altas horas da noite, sería máis axeitado dicir da madrugada, para rematar o que estea nas súas mans: nunca se cansa de traballar porque o seu sentido da responsabilidade pódelle co cansazo. Ten unha capacidade de traballo verdadeiramente extraordinaria. Antes de rematar un congreso xa está pensando na publicación das actas e buscando a posibilidade de organizar outro, sobre todo para que os discípulos e investigadores que están iniciando a súa vida profesional teñan un mérito máis, un escenario onde poder ir amosando o resultado das súas investigacións porque é moi consciente de que é necesario formar ás novas xeracións e a esta tarefa dedícase en corpo e alma.

Mercedes foi desde sempre unha muller decidida, valente, que non se arreda ante nada. No segundo curso da carreira xa daba clase aos de primeiro para mellorar o nivel de latín e grego e, como polo xeral, os alumnos adoitaban ter bos resultados nos exames, cada vez tiña máis peticións das que podía atender. Xa daquela era unha excelente docente, como saben moi ben os centos de alumnos que ten formado e que recordan con cariño as súas clases, conscientes de todo o que aprenderon nelas. Tamén é unha loitadora nata. Téñoa visto cen veces pelexarse cos responsables políticos ata facerlles comprender a necesidade de executar determinadas accións. Cando lle toca defender un proxecto faino sen descanso. Fíxoo toda a vida e seguirá a facelo mentres viva. Cando foi decana da Facultade loitou para resolver os problemas que se ían presentando, que non foron poucos, precisamente. Cando foi vicerreitora, o seu principal obxectivo era resolver os problemas do profesorado e, cando os colegas a ían visitar, pedíalles que a acompañaran a tomar calquera cousa rápida: non quería perder nin un minuto, porque sempre na súa cabeza bulía algún novo desafío que afrontar, pero, como tamén é moi conversadora e sempre ten algo novo que comentar, nunca ten prisa se hai que falar de algo que paga a pena. Aínda neses casos de que non dispón de moito tempo posto que vén dunha reunión e vai para outra, se antes pasa polo despacho e ten a alguén esperando, os seus asuntos pasan a un segundo plano pola ansia de resolver os alleos.

Por preocuparse excesivamente do traballo, despreocúpase totalmente da súa saúde e deixa pasar as datas das consultas médicas, incluso das intervencións cirúrxicas ata tal punto que non é a primeira vez que fai esperar ao cirurxián, co quirófano preparado. A súa política é que os asuntos dos demais non poden esperar, pero os dela si.

Mercedes é optimista especialmente nas cuestións académicas; antes como alumna, ía recoller as notas —daquela eran unhas papeletas que os profesores deixa-

ban nunha mesa do corredor—, como se fora tomar un aperitivo; certo que xa sabía que a nota ía ser de matrícula de honra. A súa confianza na súa capacidade profesional segue sendo igual de sólida agora, porque sabe que fai ben o seu traballo, porque non deixa cabos soltos, nada para que o remende o azar. Por exemplo, cando solicita un proxecto de investigación, non recibe ningunha sorpresa cando lle vén concedido (e digo que «lle vén» adxudicado porque ela é a que redacta as memorias, cubre os papeis, organiza todo...). A concesión débese á calidade das propostas e tamén ao seu prestixio, se ben é certo que deixa no tinteiro moitos méritos que podería achegar: ela é así, cando se trata de axudar a outras persoas, non esquece nin o máis mínimo detalle nos informes; cando o ten que facer para ela, si.

No referente á familia, sempre foi a columna vertebral; preocúpase por todos e intenta resolver do modo máis conveniente os problemas que poidan ter. O cariño que eles lle teñen é, en xusta correspondencia, moi grande. Cando nas eleccións a reitor Mercedes non resultou elixida —a USC perdeu unha boa xestora—, a nai levou un desgusto porque era o primeiro «suspenso» de Merce, pero o que lle estrañaba moito era ver que ela seguía tan tranquila. É que Mercedes actúa sempre do mesmo modo: preséntase aos cargos, sabendo por experiencia que son cargas e, se non sae elixida, dende ese mesmo momento xa só pensa noutra tarefa pendente: o seu espírito universitario é auténtico desde calquera punto de vista.

Para rematar quero resaltar unha das cousas que máis a definen: deixa todo, absolutamente todo, para a última hora fiándose da súa capacidade, prepara as conferencias no avión, última datos no tren ou no autobús, toma apuntamentos a noite anterior no hotel... Entrega sempre a última os seus artigos, e non é infrecuente que estean esperando por ela para pechar a revista. Manda as solicitudes de redes, proxectos de investigación ..., no minuto final antes de que se peche a aplicación, iso podo aseguralo. Así foi e así será toda a súa vida: nunca lle importou sacrificarse para que as cousas funcionen mellor.

En fin... da súa calidade humana, dá boa proba o feito de que se reúnan tantos amigos para lle render a homenaxe que se merece. Son moitas as persoas que cos seus traballos quixeron participar neste libro, pero son aínda moitas máis ás que lles tería gustado facelo, cousa imposible porque entón, máis ca un libro resultaría unha enciclopedia con varios volumes.

ISABEL GONZÁLEZ
Universidade de Santiago de Compostela

Mercedes Brea

Nota bibliográfica

A Prof.^a Mercedes Brea é Catedrática de Filoloxía Románica na Universidade de Santiago de Compostela. En 1972, licenciouse en Filosofía e Letras cun brillante expediente académico que a fixo merecedora do Premio Extraordinario Fin de Carreira e do Premio Nacional Fin de Carreira. En 1975, doutorouse en Filoloxía Románica, na universidade compostelá, coa tese titulada *El prefijo IN. Un estudio sobre los antónimos en latín*, dirixida polo Prof. Manuel C. Díaz y Díaz. Desde a época fundacional da Facultade de Filoloxía, Mercedes Brea tivo ao seu cargo materias de diversos ámbitos científicos, polo que conta no seu *curriculum* cunha dilatada e recoñecida experiencia docente.

Coordinadora do grupo de referencia competitiva *GI-1350 Románicas (Filoloxía, Literatura medieval)*, a Prof.^a Mercedes Brea —tenaz mestra, acérrima defensora da Romanía académica e constante formadora de romanistas— dedicou toda a vida a transmitir a súa experiencia e o seu saber con excepcional xenerosidade. Dirixiu con indiscutíbel profesionalidade case unha vintena de teses de doutoramento e ostentou diferentes cargos na xestión universitaria compostelá. Entre estes últimos, é mester destacar que foi Secretaria dos *Cursos de Lengua y Cultura Españolas para Extranjeros* e do Instituto de Idiomas, Vicerreitora de Profesorado, Directora do Servizo de Publicacións e Intercambio científico, Decana da Facultade de Filoloxía, Presidenta da Comisión da Biblioteca Universitaria e da Comisión do Arquivo Universitario, e Coordinadora de apoio á Investigación nas Áreas de Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas da USC. Un dos puntos máis salientábeis do seu CV é a dirección e xestión de recursos de I+D+i, ámbito no cal destaca non só por ter sido IP de maneira ininterrumpida de proxectos de investigación estatais e autonómicos, senón tamén

por coordinar a *Rede de Estudos Medievais Interdisciplinares* —financiada pola Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia— e por participar en diversos proxectos internacionais, como a Acción COST *IS1005 Medioevo Europeo (Medieval Cultures and Technological Resources)*. Para alén das accións sinaladas, cómpre salientar que tamén colaborou activamente en diferentes comisións de avaliación e grupos de traballo autonómicos, estatais e internacionais relacionados coa investigación e coa docencia no ensino universitario (ACSUG, ANECA, ANEP, AQU Catalunya, ACECAU, FECYT ou MIUR).

A súa extensa e sólida produción científica abrangue dous grandes campos temáticos: a *Lingüística Románica* e a *Literatura Románica Medieval*. Derivadas da súa primeira etapa investigadora, así como da súa colaboración no grupo creado polo Prof. Constantino García para a recolla de material destinado á construción dun arquivo lexicográfico da lingua galega, xurdiron as súas primeiras publicacións sobre formación de palabras, Xeografía Lingüística e Morfosintaxe Románica. Paulatinamente, os seus intereses abríronse para a *Literatura Medieval*, que acabou por se tornar un frutífero terreo de estudo. O núcleo fundamental da súa investigación centrouse na poesía galego-portuguesa, esencialmente a de carácter profano, mais tamén a relixiosa, prestando singular atención á edición crítica de textos, aos estudos sobre léxico trobadoresco e ás relacións intertextuais en ámbito romance. Desta forma, as súas reflexións sobre diferentes aspectos da produción poética galego-portuguesa e occitana, así como as súas achegas sobre a narrativa breve, son, a día de hoxe, lecturas significativas e transcendentais.

Dende finais dos anos 80, a Prof^a. Mercedes Brea percibiu *ante litteram* a importancia que tiñan as Humanidades Dixitais na creación de novos entornos de investigación e de difusión do coñecemento, polo que puxo todo o seu empeño na creación de recursos dixitais pioneiros, como son as bases de datos *MedDB*, *BiRMED* e *PalMED* deseñadas e xestionadas no seo do *Arquivo Galicia Medieval* (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades), do que é coordinadora.

Na década dos 90, os froitos acadados neste campo consolidaron definitivamente a súa figura no ámbito internacional. Foi esta a época onde Mercedes Brea afianzou as súas relacións con equipos de traballo punteiros, liderados, entre outros, polos profesores Roberto Antonelli, Rocco Distilo ou Lino Leonardi. Como resultado destas relacións, iniciou unha nova liña investigadora centrada na análise da expresión das emocións na lírica románica medieval.

Ora lingüísticos ora literarios, os traballos de Mercedes Brea destacan pola adopción dunha sólida metodoloxía comparatista e dunha perspectiva interdiscipli-

nar, onde se combinan de maneira harmoniosa o un e o diverso. A produción científica que se recolle nos seguintes epígrafes¹ é unha boa mostra desa visión filolóxica románica que contempla o simple e o múltiple, o homoxéneo e o dispar.

MIGUEL Á. POUSADA CRUZ
Universidade de Santiago de Compostela

1. Traballos en calidade de autora

1970

«Sobre “Maxina”», *Grial* n.º 29, pp. 352-355.

1972

«Adiós María», *Grial* n.º 37, pp. 344-352.

1976

«Prefijos formadores de antónimos negativos en el español medieval», *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 3, pp. 319-341.

1977

«La parasíntesis en las Cantigas d’escarnho e de maldizer», *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 4, pp. 127-136.

«Palabras compuestas en *Na noite estrelecida* y *Caminos no tempo* de Ramón Cabanillas», in *Homenaxe a Cabanillas no centenario do seu nacemento*, Santiago de Compostela: Secretariado de Publicaciones (USC), pp. 137-151.

1978

«Acerca de la posición de en (<INDE) con respecto al verbo en las poesías de Guillem de Berguedá», *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 5, pp. 411-414.

1979

«En torno a *ne-* como primer elemento de una serie de vocablos con sentido negativo», *Emetira. Revista de Lingüística y Filología Clásica* 47/1, pp. 149-159.

1 Os traballos foron organizados cronoloxicamente en dous grandes bloques: publicacións en calidade de autora e traballos desenvolvidos como coordinadora e/ou editora. Así mesmo, incorporouse un apartado final coas teses de doutoramento que dirixiu. Esta compilación foi pechada en xaneiro do ano 2016.

1980

- Antónimos latinos y españoles. El prefijo IN*, Santiago de Compostela: Secretariado de Publicaciones (USC) [«Monografías da Universidade de Santiago de Compostela», n.º 56].
- «Denominaciones gallegas de la hoja del pino», *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 7, pp. 51-74.

1981

- «Otras denominaciones para “cabecera de finca”», *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 8, pp. 391-394.
- «Sobre algunos descendientes gallegos de CAPVT: cadullo, cadabullo, etc.», in M. Cecilio Díaz y Díaz (ed.), *Primera Reunión Gallega de Estudios Clásicos (Santiago-Pontevedra, 2-4 de julio 1979). Ponencias y comunicaciones*, Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico (USC), pp. 259-262.

1982

- «Álvaro Cunqueiro en ABC en 1939» [en colaboración con José María Folgar de la Calle], in *Homenaxe a Álvaro Cunqueiro*, Santiago de Compostela: Secretariado de Publicacións (USC), pp. 391-394.

1983

- «Vai na eira», *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 10, pp. 289-293.

1984

- «Animales de referencia y animales de significación en la lírica gallego-portuguesa», *Boletim de Filologia* 29, pp. 75-100.

1985

- «Formación y características del gallego», *Revista de Filología Románica* 3, pp. 121-130.
- «La estrofa V del *descort* plurilingüe de Raimbaut de Vaqueiras», in Ana M.^a Cano González *et alii* (orgs.), *Homenaje a Alvaro Galmés de Fuentes*, Madrid: Universidad de Oviedo-Gredos, tomo II, pp. 49-64.
- «Las preposiciones, del latín a las lenguas románicas», *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 12, pp. 147-182.
- «Los versos gallego-portugueses del sirventés trilingüe de Bonifacio Calvo», in Jesús Montoya Martínez e Juan Paredes Núñez (eds.), *Estudios románicos dedicados al Prof. Andrés Soria Ortega en el XXV aniversario de la Cátedra de Literaturas Románicas*, Granada: Secretariado de Publicaciones de la Universidad de Granada, vol. I, pp. 45-53.

1986

«As aves na poesía galega de Rosalía», in *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo (Santiago, 15-20 de xullo de 1985)*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega-Servicio de Publicacións e Intercambio Científico (USC), vol. III, pp. 79-88.

1988

«Anotacións sobre o uso dos adverbios pronominais en galego-portugués», in Dieter Kremer (ed.), *Homenagem a Joseph Piel por ocasião do seu 85º aniversário*, Tübingen: Max Niemeyer, pp. 181-190.

«La utilidad de los textos románicos plurilingües en la enseñanza de la Filología Románica», in Dieter Kremer (ed.), *Actes du XVIII^e Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes*, Tübingen: Max Niemeyer, tomo VII, pp. 260-269.

1990

«Dona e senhor nas cantigas de amor», *Estudios Románicos* 4, pp. 149-170 [posteriormente publicado en Mercedes Brea (coord.), *Estudos sobre vocabulario dos trovadores*, Anexo 63 da revista *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (USC), 2008, pp. 29-53].

«Sobre palabras compostas do tipo pararraios», *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 17, pp. 405-414.

1991

«Aproximación ó estudio das palabras compostas», in Mercedes Brea e Francisco Fernández Rei (coords.), *Homenaxe ó profesor Constantino García*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (USC), tomo I, pp. 77-100.

«Con Giuseppe Tavani, en Compostela», *Boletín Galego de Literatura* 6, pp. 125-137.

«La partícula gallego-portuguesa ar/er», in *Homenaje a Alonso Zamora Vicente*, Madrid: Castalia, vol. I, pp. 45-57.

«Natureza e lingua», *Natureza galega* (febreiro-marzo 1991), pp. 51-152.

«Para un estudio comparativo del léxico gallego y asturiano» [en colaboración con Constantino García], *Lletres Asturianas* 42, pp. 21-33.

1992

«Anotaciones sobre la función de los *miscradores* en las cantigas de amor gallego-portuguesas», *Cultura Neolatina* 52, pp. 167-180.

1993

«Cancioneiro», in Giulia Lanciani e Giuseppe Tavani (coords.), *Dicionário de Literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa: Caminho, pp. 113-115.

- «Cantiga», in Giulia Lanciani e Giuseppe Tavani (coords.), *Dicionário de Literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa: Caminho, pp. 132-134.
- «Descordo», in Giulia Lanciani e Giuseppe Tavani (coords.), *Dicionário de Literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa: Caminho, pp. 213-214.
- «El *escondit* como variante de las cantigas de amor y de amigo», in Aires Augusto Nascimento e Cristina Almeida Ribeiro (eds.), *Actas do IV Congresso da Associação Hispânica de Literatura Medieval*, Lisboa: Cosmos, vol. IV, pp. 175-187.
- «Le monde animal dans la lyrique amoureuse romane (projet de recherche)» [en colaboración con M.^a Elena Sánchez Trigo], in Gérard Gouiran (ed.), *Contacts de langues, de civilisations et intertextualité (III^{ème} Congrès International de l'Association Internationale d'Études Occitanes*, Montpellier, 20-26 septembre 1990), [Montpellier]: Centre d'Études Occitanes de l'Université de Montpellier, pp. 829-836.
- «Locus amoenus», in Giulia Lanciani e Giuseppe Tavani (coords.), *Dicionário de Literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa: Caminho, pp. 422-424.
- «Milagros prodigiosos y hechos maravillosos en las *Cantigas de Santa María*», *Revista de Literatura Medieval* 5, pp. 47-61.
- «Notas lingüísticas de A. Colocci no Cancioneiro galego-português B» [en colaboración con Francisco Fernández Campo], in Gérold Hilty (ed.), *Actes du XX^e Congrès international de linguistique et philologie romanes. Université de Zurich (6-11 avril 1992)*, Tübingen: Francke, vol. V, pp. 39-56.
- «Oratoria», in Giulia Lanciani e Giuseppe Tavani (coords.), *Dicionário de Literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa: Caminho, pp. 488-491.
- «Plurilingüismo», in Giulia Lanciani e Giuseppe Tavani (coords.), *Dicionário de Literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa: Caminho, pp. 554-557.
- «Reminiscencias literarias no xornalismo cunqueiriano, vestixios da lírica trobadoresca en *El pasajero en Galicia*», in *Alvaro Cunqueiro. Actas do Congreso celebrado en Mondoñedo entre os días 9 e 13 de setembro de 1991*, [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Cultura, pp. 571-587.

1994

- «A propósito del prefijo *des-*», in Berta Pallares, Pedro Peira e Jesús Sánchez Lobato (eds.), *Sin Fronteras. Homenaje a María Josefa Canellada*, Madrid: Editorial Complutense, pp. 111-124.
- «A voltas con Raimbaut de Vaqueiras e as orixes da lírica galego-portuguesa», in Elvira Fidalgo e Pilar Lorenzo (coords.), *Estudios Galegos en homenaxe ó Profesor Giuseppe Tavani*, Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, pp. 41-56.
- «Galegisch: Externe Sprachgeschichte», in Günter Holtus, Michael Metzeltin, Christian Schmitt (eds.), *Lexikon der Romanistischen Linguistik (LRL)*, Tübingen: Max Niemeyer, tomo VI/2 («Galegisch, Portugiesisch. Gallego, Português»), pp. 80-97.

- «Galegisch: Grammatikographie und Lexikographie», in Günter Holtus, Michael Metzeltin, Christian Schmitt (eds.), *Lexikon der Romanistischen Linguistik (LRL)*, Tübingen: Max Niemeyer, tomo VI/2 (“Galegisch, Portugiesisch. Gallego, Português”), pp. 110-129.
- «Galego-portugués e provenzal, como alofonías, na Idade Media», in Xesús Alonso Montero e Xosé Manuel Salgado (eds.), *Poetas alófonos en lingua galega. Actas do I congreso. Santiago de Compostela, abril de 1993*, Vigo: Galaxia, pp. 57-74.
- «Les animaux dans les poésies amoureuses des troubadours occitans», *Revue des Langues Romanes* 98, pp. 403-443.

1995

- «À propos de Flamenca», in Jean-Pierre Darrigrand (coord.), *L'amour courtois des troubadours à Fébus. Flamenca. Actes des rencontres-communications de Image-Imatge 94 à Orthez*, Orthez: Per Noste, pp. 83-98.
- «Colocci (Angelo)», in José Augusto Cardoso Bernardes *et alii* (dirs.), *Biblos. Enciclopédia VERBO das Literaturas de Língua Portuguesa*, Lisboa: Verbo, pp. 1211-1212.
- «El milagro de Teófilo. Texto dramático y texto narrativo», in Juan Paredes Núñez (ed.), *Medioevo y literatura. Actas del V Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval, (Granada, 27 septiembre - 1 octubre 1993)*, Granada: Servicio de Publicaciones (UGR), tomo I, pp. 415-428.

1996

- «La fin'amor et les troubadours galiciens-portugais», *Revue des Langues Romanes* 100/1 pp. 81-107.
- «Pai Gómez Chariño y el mar», in Carlos Alvar e José Manuel Lucía Megías (eds.), *La literatura en la época de Sancho IV. Actas del Congreso Internacional “La literatura en la época de Sancho IV”, Alcalá de Henares, 21-24 de febrero de 1994*, Alcalá de Henares: Servicio de Publicaciones (UAH), pp. 141-152.
- «Tipos “marginales” satirizados en la lírica gallego-portuguesa», *Cuadernos del CEMYR* 4, pp. 13-33.

1997

- «*Aissi com dis us castellans: ¿en qué lengua?*», in José Manuel Lucía Megías (ed.), *Actas del VI Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Alcalá de Henares, 12-16 de septiembre de 1995)*, Alcalá de Henares: Servicio de Publicaciones (UAH), vol. I, pp. 365-379.
- «Érase unha vez... hai oitocentos anos. As orixes da literatura galega», *Revista Galega do Ensino* 16, pp. 79-89.
- «Las anotaciones de Angelo Colocci en el *Cancionero de la Biblioteca Vaticana*», *Revista de Filología Románica* 14, pp. 515-519.

1998

A cantiga de amigo [en colaboración con Pilar Lorenzo Gradín], Vigo: Xerais.

«Andamos facendo danza, cantando nossas bailadas», *Museo de Pontevedra* 52, pp. 387-409.

«As cantigas da ría de Vigo», in *Cantigas do mar. Homenaxe a Joan de Cangas, Mendiño e Martín Codax*, [A Coruña]: Fundación Pedro Barrié de la Maza, pp. 77-104.

«Denominacións románicas do escaravello (*geotrupes stercorarius* l.)» [en colaboración con Elvira Fidalgo], in Dieter Kremer (ed.), *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, Vigo: Galaxia, pp. 965-976.

«*E verra i, mia madre, o meu amigo* (Martín Codax, 91,5)», in Xosé Luis Couceiro Pérez e Lydia Fontoira (eds.), *Martín Codax, Mendiño, Johan de Cangas. Día das letras galegas 1998*, Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico (USC), pp. 65-76.

«El vocabulario provenzal-italiano de Angelo Colocci» [en colaboración con Francisco Fernández Campo], in Giovanni Ruffino (ed.), *Atti del XXI Congresso Internazionale di Linguistica e Filologia Romanza. Centro di studi filologici e linguistici siciliani, Università di Palermo 18-24 settembre 1995*, Tübingen: Max Niemeyer, vol. IV, pp. 339-350.

«Estado actual das investigacións sobre lírica galego-portuguesa (o Arquivo Galicia Medieval)», *Revista de Lengua y Literatura Catalana, Gallega y Vasca* 5, pp. 367-375.

«Il progetto “Arquivo Galicia Medieval”: un archivio elettronico del medioevo galego-portoghese» [en colaboración con Vicenç Beltran Pepió e Fernando Magán Muñoz], in Lino Leonardi (ed.), *Testi, manoscritti, ipertesti. Compatibilità informatica e letteratura medievale. Atti del Convegno Internazionale (Firenze, Certosa del Galluzzo, 31 maggio - 1 giugno 1996)*, Firenze: SISMEL, pp. 17-32.

«Mariñas e romarías na ría de Vigo», *Revista Galega do Ensino* 19, pp. 13-36.

«¿Mariñas ou barcarolas?», in *Actas do congreso O mar das cantigas*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Promoción Cultural, pp. 301-316.

Martín Codax, Mendiño e Johán de Cangas, [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia.

«Narrativa breve provenzal», in Juan Paredes e Paloma Gracia (eds.), *Tipología de las formas narrativas breves románicas medievales*, Granada: Editorial Universidad de Granada, pp. 165-184.

«Os santuarios á beira do mar», in *Johan de Cangas, Martín Codax, Meendinho. 1200-1350, Lírica medieval*, Vigo: Xerais, pp. 70-76.

«Traducir “de verbo ad verbo” (El códice Vat. Lat. 4796)», in Jacques Gourc e François Pic (eds.), *Toulouse à la croisée des cultures. Actes du V^e Congrès International de l’Association Internationale d’Etudes Occitanes (Toulouse, 19-24 août 1996)*, Pau: Association Internationale d’Études Occitanes, vol. I, pp. 103-107.

1999

«*Cantar et Cantiga idem est*», in Xosé Luís Couceiro (coord.), *Homenaxe ó Prof. Camilo Flores*, Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico (USC),

vol. II, pp. 93-108 [posteriormente publicado en Mercedes Brea (coord.), *Estudos sobre vocabulario dos trovadores*, Anexo 63 da revista *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (USC), 2008 pp. 11-27].

«Coita do mar, coita de amor», in Rosario Alvarez e Dolores Vilavedra (eds.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Prof. Alonso Montero*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (USC), vol. II, pp. 235-248 [posteriormente publicado en Mercedes Brea (coord.), *Estudos sobre vocabulario dos trovadores*, Anexo 63 da revista *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (USC), 2008 pp. 235-248].

«De las “vidas” y “razós” a las rúbricas explicativas», *Estudios Románicos* 11, pp. 35-50.

«Las “cantigas de romería” de los juglares gallegos», in Santiago Fortuño Llorens e Tomàs Martínez Romero (eds.), *Actas del VII Congrès de l'Associació Hispànica de Literatura Medieval (Castelló de la Plana, 22-26 de setembre de 1997)*, Castelló de la Plana: Publicacions de la Universitat Jaume I, vol. I, pp. 381-394.

«Os trovadores de Tabeirós», *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, pp. 151-155.

2000

«As Cantigas de Santa María», in Darío Villanueva (coord.), *Proxecto Galicia. Literatura*, A Coruña: Hércules de Edicións, vol I: *A Idade Media*, pp. 317-361.

«Das “popularisierende” und das “aristokratisierende” Register in den galego-portugiesischen cantigas de amigo», in Thomas Cramer, John Greenfield, Ingrid Kasten e Erwin Koller (eds.), *Frauenlieder. Cantigas de amigo: Internationale Kolloquien des Centro de Estudos Humanísticos (Universidade do Minho), der Faculdade de Letras (Universidade do Porto) und des Fachbereichs Germanistik (Freie Universität Berlin) Berlin 6.11.1998, Apúlia 28-30.3.1999*, Stuttgart: S. Hirzel, pp. 191-212.

«El panegírico del trovador en las cantigas de amigo», in Margarita Freixas e Silvia Iriso (eds.), *Actas del VIII Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval. Santander, 22-26 de septiembre de 1999*, Santander: Gobierno de Cantabria-Consejería de Cultura, tomo I, pp. 399-410.

«Hacia una tipología del milagro literario» [en colaboración con Elvira Fidalgo], *Crisol* 4, pp. 111-133.

«Introducción á lírica galego-portuguesa», in Darío Villanueva (coord.), *Proxecto Galicia. Literatura*, A Coruña: Hércules de Edicións, vol I: *A Idade Media* (M. Brea, coord.), pp. 28-39.

«“Levantou-s’a velida”, un exemplo de sincretismo harmónico», in José Luís Rodríguez (ed.), *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (USC), tomo II, pp. 139-151.

2001

«E a vos aug son escondig comtar» (*Judici d'amor*, vv. 1387-88), in Georg Kremnitz (ed.), *Le Rayonnement de la civilisation occitane à l'aube d'un nouveau millénaire (6^e Congrès International de l'Association Internationale d'Etudes Occitanes, 12-19 Septembre 1999)*, Wien: Praesens, pp. 334-342.

2002

«Albas, albadas, alboradas, canciones de aurora... ¿Un problema terminológico en la lírica gallego-portuguesa?», in Eukene Lacarra Lanz (dir.), *Amor, escarnio, linaje en la literatura gallego-portuguesa*, Bilbo: Servicio editorial (UPV/EHU), pp. 25-45 [posteriormente publicado en Mercedes Brea (2005), «Albas y alboradas: ¿un problema genérico o terminológico en la lírica gallego-portuguesa?», in Carmen Parrilla e Mercedes Pampín (eds.), *Actas del IX Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval. (A Coruña, 18-22 de septiembre de 2001)*, Noia: Editorial Toxosoutos, vol. I, pp. 99-125.].

«Cantiga de amor», in Claude Gauvard, Alain de Libera, Michel Zink (dirs.), *Dictionnaire du Moyen Âge*, París: PUF, p. 213.

«D. Xosé Filgueira Valverde e as *Cantigas de Santa María*», in Xosé Carlos Valle Pérez (coord.), *Memorial Filgueira Valverde. Estudo sobre lírica medieval galego-portuguesa*, Pontevedra: Universidade de Vigo-Cátedra Filguería Valverde, pp. 9-23.

«Denis I^{er}», in Claude Gauvard, Alain de Libera, Michel Zink (dirs.), *Dictionnaire du Moyen Âge*, París: PUF, p. 401.

«Fiction galégo-portugaise (Prose de)», in Claude Gauvard, Alain de Libera, Michel Zink (dirs.), *Dictionnaire du Moyen Âge*, París: PUF, pp. 528-529.

«Religieux galégo-portugaises (Écrits)», in Claude Gauvard, Alain de Libera, Michel Zink (dirs.), *Dictionnaire du Moyen Âge*, París: PUF, pp. 1196-1198.

«Santiago y María: el milagro del peregrino engañado por el diablo», in Manuela Domínguez García, Juan José Moralejo Álvarez, José Antonio Puentes Romay e Manuel Enrique Vázquez Buján (eds.), *Sub luce florentis calami. Homenaje a Manuel C. Díaz y Díaz*, Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico (USC), pp. 591-607.

2003

«Aurelio Roncaglia (1917-2001)», *Estudis Romànics* XXV, pp. 502-505.

«Elementos popularizantes en las cantigas de amigo», in Carmen Alemany Bay *et alii*, (edits.), *Con Alonso Zamora Vicente. Actas del Congreso Internacional La lengua, la Academia, lo popular, los clásicos, los contemporáneos...*, Alacant: Universitat d'Alacant, vol. II, pp. 450-463.

«Ginebra, un corazón dividido y un reino amenazado», in Dan Munteanu Colán e Stelian Oancea (coords.), *Imágenes y ficción: 8 ideaciones clave en la cultura occidental. Tercer*

ciclo, Las Palmas de Gran Canaria: Gobierno de Canarias-Viceconsejería de Cultura y Deportes, pp. 145-163.

«Un “gran milagro” y sus versiones en las colecciones iberorrománicas de los *Milagros de Santiago*», in Antonio Raúl de Toro Santos e M. Jesús Lorenzo Modia (coords.), *El inglés como vocación. Homenaje al Profesor Miguel Castelo Montero*, A Coruña: Universidade da Coruña, pp. 93-100.

2004

«El desamparo amoroso en la lírica gallego-portuguesa», in Teresa Amado Rodríguez, Concepción Cabrillana Leal, Eva Castro Caridad, Cecilia Criado Boado e Amelia Pereiro Pardo (eds.), *Iucundi acti labores. Estudos en homenaxe a Dulce Estefanía Álvarez*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicación e Intercambio Científico (USC), pp. 219-229 [posteriormente publicado en Mercedes Brea (coord.), *Estudos sobre vocabulario dos trobadores*, Anexo 63 da revista *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (USC), 2008 pp. 137-147].

«Tradiciones que confluyen en las *Cantigas de Santa María*», *Alcanate. Revista de estudos alfonsíes* IV, pp. 269-289.

«Versiones iberorrománicas de los milagros de Santiago» [en colaboración con Elvira Fidalgo], in Juan Manuel Cacho Bleuca e María Jesús Lacarra Ducay (coords.), *Tipología de las formas narrativas breves románicas medievales (III)*, Zaragoza: Pressas de la Universidad de Zaragoza-Universidad de Granada, pp. 183-211.

2005

«*Cousir* en la lírica gallego-portuguesa», in Rafael Alemany, Josep Lluís Martos e Josep Miquel Manzanaro (eds.), *Actes del X Congrés Internacional de l'Associació Hispànica de Literatura Medieval*, Alacant: Institut Interuniversitari de Filologia Valenciana, vol. I, pp. 425-439 [posteriormente publicado en Mercedes Brea (coord.), *Estudos sobre vocabulario dos trobadores*, Anexo 63 da revista *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (USC), 2008 pp. 149-165].

«*Que gran coita d'endurar*. Anotacións sobre o uso lírico de *endurar*», in Ana Isabel Boullón Agrelo, Xosé Luís Couceiro e Francisco Fernández Rei (eds.), *As tebras alumeadas. Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (USC), vol. I, pp. 527-529 [posteriormente publicado en Mercedes Brea (coord.), *Estudos sobre vocabulario dos trobadores*, Anexo 63 da revista *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (USC), 2008 pp. 167-180].

- «Textos discordantes no *Cancioneiro da Ajuda?*», in Mercedes Brea (coord.), *Carolina Michaëlis e o Cancioneiro da Ajuda, hoxe*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, pp. 255-279.
- «Un proyecto de edición crítica en el ámbito de la lírica medieval: el *Cancionero de Juglares gallegos*», *Incipit XXV-XXVI*, pp. 67-85.

2006

- «As memorias de familia de Marcial Valladares», *A Estrada* 9, pp. 7-23.
- «Cantares de cando o amor era novo», *culturagalega.org*, Consello da Cultura Galega [en liña: http://www.culturagalega.org/imaxes/docs/doc_7489.pdf].
- «Cantigas /v/ milagros en los cancioneros marianos del siglo XIII», in Pietro Beltrami, Maria Grazia Capusso, Fabrizio Cigni e Sergio Vatteroni (eds.), *Studi di Filologia romanza offerti a Valeria Bertolucci Pizzorusso*, Pisa: Pacini Editore, pp. 303-316.
- «*L'amiga* et la *senhor* dans les *cantigas de amigo*», in Chantal Liaroutzos e Anne Paupert (dirs.), *La discorde des deux langages. Représentations des discours masculins et féminins du Moyen Âge à l'Âge classique. Actes du Colloque International des 13-14 mai 2005, Université Paris 7, Textuel* 49, pp. 103-124.
- «*L'hortus conclusus* dans la poésie lyrique des troubadours», in Dominique Billy, François Clément e Annie Combes (eds.), *L'espace lyrique méditerranéen au Moyen Âge. Nouvelle approche*, Toulouse: Presses universitaires du Mirail, pp. 101-119.
- «La nuit dans les troubadours galégo-portugais», *Revue des Langues Romanes* CX/2, pp. 363-373.
- «Los personajes de *Flamenca*, paradigma de la "fin'amor"», in Pilar Lorenzo (ed.), *Los caminos del personaje en la narrativa medieval. Actas del Coloquio internacional, Santiago de Compostela, 1-4 diciembre 2004*, Firenze: Edizioni del Galluzzo per la Fondazione Ezio Franceschini, pp. 77-98.

2007

- «D. Xosé Filgueira Valverde e a lírica galego-portuguesa», in Xosé Carlos Valle Pérez e Xosé Fuentes Alende (eds.), *Xosé Filgueira Valverde, 1906-1996. Un século de Galicia*, Pontevedra: Museo de Pontevedra, pp. 212-241.
- «El diálogo entre los dos géneros amorosos de la lírica gallego-portuguesa», *Estudios Románicos* 16-17, pp. 267-283 [posteriormente publicado na *Revista Electrónica de Estudos Literários*, Vitória, s. 1, a. 5, n.º 5 (2009)].
- «La arquitectura interna de *Flamenca*», *Medioevo Romanzo* XXX, pp. 92-110.
- «Las lenguas románicas en la Edad Media», in José Enrique Gargallo Gil e María Reina Bastardas (coords.), *Manual de lingüística románica*, Barcelona: Ariel, pp. 121-145.

2008

- «De los *lemosini* a los *siculi*, Dante y Petrarca», in Corrado Bologna e Marco Bernardi (eds.), *Angelo Colocci e gli studi romanzi*, Città del Vaticano: Biblioteca Apostolica Vaticana, pp. 245-266.
- «Edición impresa e edición electrónica, ferramentas complementarias», in Manuel Ferreiro, Carlos Paulo Martínez Pereiro e Laura Tato Fontaiña (eds.), *A edición da Poesía Trobadoresca en Galiza*, A Coruña: Baía Edicións, pp. 67-76.
- «Las damas de antaño de Villon, recreadas por Cunqueiro», in Renata Londero (ed.), *Entre Friuli y España. Homenaje a Giancarlo Ricci*, Venezia: Mazzanti, pp. 31-45.
- «Los estudios medievales en España ante el EEES», *Revista de Poética Medieval* 20, pp. 189-205.
- «“Missignora Beatriz”. Lembranzas de Raimbaut de Vaqueiras en Álvaro Cunqueiro», in Esther Corral Díaz, Lydia Fontoira Suris e Eduardo Moscoso Mato (eds.), *A mi dizen quantos amigos ey. Homenaxe ao Profesor Xosé Luís Couceiro*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (USC), pp. 85-94.
- «Pesar e medir as palabras», in Mercedes Brea, Francisco Fernández Rei e Xosé Luís Regueira (eds.), *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (USC), pp. 443-454.

2009

- «Angelo Colocci e la lirica romanza medievale», in Furio Brugnolo e Francesca Gambino (eds.), *La lirica romanza del Medioevo. Storia, tradizioni, interpretazioni. Atti del VI convegno triennale della Società Italiana di Filologia Romanza (Padova-Stra, 27 settembre-1 ottobre 2006)*, Padova: Unipress, vol. II, pp. 615-626.
- «De tal rason me vos venho salvar. Aceptaciones medievales de *salvar(se)* en la lírica gallego-portuguesa», in Fernando Sánchez Miret (ed.), *Romanística sin complejos. Homenaje a Carmen Pensado*, Bern: Peter, pp. 289-308.
- «Vós que soedes en corte morar, un caso singular», in Mercedes Brea (coord.), *Pola melhor dona de quantas fez nostro senhor. Homenaxe á profesora Giulia Lanciani*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, pp. 97-113.

2010

- «Flamenca», in Antoni Rossell (ed.), *El román de Flamenca. Novela occitana del siglo XIII*, Guadalajara (México): Ediciones Arlequín, pp. 9-55.
- «*Miraculum* y *exemplum* en el *Liber Sancti Jacobi*», in Bernard Darbord (dir.), *Typologie des formes narratives brèves au Moyen Âge*, Paris: Presses Universitaires de Paris Ouest, pp. 159-170.

- «O mirandés, historia dunha resistencia», in Ana María Cano (ed.), *Homenaxe al Profesor Xosé Lluís García Arias*, Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana, vol. I, pp. 423-429.
- «O vocabulario como fio de cohesión na tradición trobadoresca», in Mercedes Brea e Santiago López Martínez-Morás (eds.), *Aproximacións ao estudo do vocabulario trobadoresco*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, pp. 9-19.
- «¿Para qué sirve la Lingüística románica en el siglo XXI?», in M.^a Carmen Alén Garabato, Xosé Afonso Álvarez e Mercedes Brea (dirs.), *Quelle linguistique romane au XXI^e siècle?*, Paris: L'Harmattan, pp. 279-291.

2011

- «José Filgueira Valverde (1906-1996)», in Marta Haro e Josep Lluís Martos (eds.), *Commemoración del 25 aniversario de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*, [España]: Asociación Hispánica de Literatura Medieval, pp. 185-187.
- «Trobadores», in Roberto Antonelli, Mercedes Brea, Paolo Canettieri, Rocco Distilo e Lino Leonardi (coords.), *Il lessico delle emozioni nella lirica europea medievale e un nuovo database*, [Roma]: Accademia Nazionale dei Lincei, pp. 20-24.
- «Virtudes y vicios caballerescos a través del prisma de las *cantigas de escarnio*», in Marco Picat e L. Ramello (eds.), *Epica e cavalleria nel Medioevo*, Alessandria: Edizioni dell'Orso, pp. 55-75.

2012

- «Alteraciones del esquema rimático en cantigas de *mestría*», *Revista do Centro de Estudos Portugueses* 32 (n.º 47), pp. 15-38.
- «Demonios travestidos de santos. El caso del peregrino engañado por Satanás», in Juan Paredes (ed.), *De lo humano y lo divino en la literatura medieval. Santos, ángeles y demonios*, Granada: Editorial Universidad de Granada, pp. 109-122.
- «Los retos de la Lingüística Románica en el siglo XXI», in Joan Veny e José Enrique Gargallo Gil (eds.), *La lingüística románica al segle XXI. IV Jornada de l'Associació d'Amics del Professor Antoni M. Badia i Margarit (Barcelona, 23 d'octubre de 2009)*, Barcelona: Institut d'Estudis Catalans, pp. 65-74.
- «¿Monolingüismo europeo o respeto al plurilingüismo?», in Tomás Jiménez Juliá, Belén López Meirama, Victoria Vázquez Rozas e Alexandre Veiga (eds.), *Cum corde et in nova grammatica. Estudios ofrecidos a Guillermo Rojo*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (USC), pp. 109-114.

2013

- «La parodia (meta)literaria en la lírica gallego-portuguesa: el debate entre Abril Perez y Bernal de Bonaval [B1072, V663]», in Johannes Bartuschat e Carmen Cardelle de

Hartmann (coords.), *Formes et fonctions de la parodie dans les littératures médiévales. Actes du colloque international, Zürich, 9-10 décembre 2010*, Firenze: Edizioni del Galluzzo per la Fondazione Ezzio Franceschini, pp. 79-104.

«Lírica trovadoresca y relaciones familiares», in Antonia Martínez Pérez, Carlos Alvar Ezquerro e Francisco J. Flores Arroyuelo (coords.), *Uno de los buenos del reino. Homenaje al Prof. Fernando D. Carmona*, San Millán de la Cogolla: Cilengua, 115-127.

2014

«Esquemas rimáticos y cantigas de refrán», in Paolo Canettieri e Arianna Punzi (eds.), *Dai pochi ai molti. Studi in onore di Roberto Antonelli*, Roma: Viella, pp. 289-297.

2015

«A expresión da IRA nas cantigas de amor e de amigo», in Leticia Eirín e Xoán López Viñas (eds.), *Lingua, texto, diacronía. Estudos de lingüística histórica*, Monografía 9 da *Revista Galega de Filoloxía*, A Coruña: Universidade da Coruña, pp. 59-96.

«Filgueira investigador e divulgador do feito trovadoresco» [en colaboración con Antonio Fernández Guiadanes e Xabier Ron], in Xosé Luis Cochón Touriño e Laura Mariño Taibo (eds.), *Filgueira Valverde. Homenaxe. Quíxose con primor e feitura*, vol. XXXI dos *Cadernos Ramón Piñeiro*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, pp. 133-148.

«Filgueira Valverde e a literatura galega medieval» [en colaboración con Elvira Fidalgo], in Anxo Tarrío Varela (ed.), *Xosé Filgueira Valverde. Día das Letras Galegas 2015*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (USC), pp. 23-51.

«Recursos en línea del Centro Ramón Piñeiro para la lírica gallego-portuguesa: *MedDB*, *BiRMED* y *PalMed*» [en colaboración con Antonio Fernández Guiadanes], in Lourdes Soriano, Helena Rovira, Marion Coderch, Gloria Sabaté e Xavier Espluga (eds.), *Humanitats a la xarxa: món medieval / Humanities on the web: the medieval Word*, Bern: Peter Lang, pp. 185-203.

2. Traballos en calidade de coordinadora e editora

1991

Mercedes Brea e Francisco Fernández Rei (coords.), *Homenaxe ó profesor Constantino García*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (USC), pp. 77-100.

1993

Mercedes Brea (coord.), *O Cantar dos trobadores. Actas do Congreso celebrado en Santiago de Compostela entre os días 26 e 29 de abril de 1993*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Dirección Xeral de Cultura.

1996

Mercedes Brea (coord.), *Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

1998

Mercedes Brea (coord.), *Cantigas do mar de Vigo. Edición crítica das cantigas de Meendinho, Johan de Cangas e Martín Codax*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

2000

Mercedes Brea (coord.), *A Idade Media*, A Coruña: Hércules de Edicións [correspóndese co vol. I do *Proxecto Galicia. Literatura*, coordinado por Darío Villanueva].

2004

Mercedes Brea (coord.), *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois. Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

2005

Mercedes Brea (coord.), *Carolina Michaëlis e o Cancioneiro da Ajuda, hoxe*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

2008

Mercedes Brea (coord.), *Estudos sobre vocabulario dos trobadores, Anexo 63 da revista Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (USC).

Mercedes Brea, Francisco Fernández Rei e Xosé Luís Regueira (eds.), *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (USC).

2009

Mercedes Brea (coord.), *Pola melhor dona de quantas fez nostro senhor. Homenaxe á profesora Giulia Lanciani*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia – Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Mercedes Brea e Rocco Distilo (eds.), *Trobadores. Database della lirica galego-portoghese*, Roma: Università di Roma La Sapienza – Dipartimento di Studi Europei e Interculturali [libro e CD con base de datos].

2010

Mercedes Brea e Santiago López Martínez-Morás (eds.), *Aproximacións ao estudo do vocabulario trobadoresco*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Xosé Afonso Álvarez, M.^a Carmen Alén Garabato e Mercedes Brea (dirs.), *Quelle linguistique romane au XXI^e siècle?*, Paris: L'Harmattan.

2011

Roberto Antonelli, Mercedes Brea, Paolo Canettieri, Rocco Distilo e Lino Leonardi (coords.), *Il lessico delle emozioni nella lirica europea medievale e un nuovo database*, [Roma]: Accademia Nazionale dei Lincei.

2013

Mercedes Brea, Esther Corral Díaz e Miguel Á. Pousada Cruz (eds.), *Parodia y debate metaliterarios en la Edad Media*, Alessandria: Edizioni dell'Orso.

2014

Mercedes Brea e Antonio Fernández Guiadanes (eds.), *Os trobadores galegos e o mar*, Santiago de Compostela: Valedor do Pobo Galego.

2015

Mercedes Brea (ed.), *La expresión de las emociones en la lírica románica medieval*, Alessandria: Edizioni dell'Orso.

3. Teses de doutoramento dirixidas**1991**

El retrato femenino en la literatura provenzal en la Edad media da Dra. M. Helena Sánchez Trigo.

1992

Gautier, Berceo, Alfonso X. Estructuras narrativas en la literatura románica medieval de carácter mariano da Dra. Elvira Fidalgo Francisco.

1993

A muller na lírica galego-portuguesa. Análise das súas denominacións da Dra. Esther Corral Díaz.

1996

El texto propagandístico en occitano durante la Revolución Francesa. La producción tolosana da Dra. M. Carmen Alén Garabato.

2006

Escárnios de amor, do texto ao contrateixo na lírica galego-portuguesa [en codirección coa Profa. Yara Frateschi Vieira] da Dra. Maria do Socorro de Oliveira Brandão.

L'evoluzione del lessico poetico fino allo Stilnovo. Per un percorso semantico di 'sembiante'-'sembianza'
Con un corpus lemmatizzato di testi estratto dal corpus OVI ad integrazione delle CLPIO
[en codirección co Prof. Lino Leonardi (I relatore)] da Dr. Susana Bevilacqua.

2007

Il volgarizzamento occitanico del Liber de medicina equorum di Giordano Ruffo: edizione critica
[en codirección coa Prof. Monica Longobardi (I relatrice)] da Dra. Patrizia Arquint.

2009

Fernan Fernandez Cogominho. Estudo biográfico, edición crítica, estudo lingüístico e literario, rimario e glosario da Dra. Déborah González Martínez.

2010

A tradución galega do Liber de medicina equorum de Jordanus Ruffus. Edición crítica do Dr. Gerardo Pérez Barcala.

Allegoria in versi. Generi e forme nella tradizione manoscritta trobadorica [en codirección coa Prof. Maria Carla Marinoni] do Dr. Marco Grimaldi.

La strofa zagialesca nella lirica profana romanza delle Origini [en codirección coa Prof. Maria Sofia Lannutti] da Dra. Miriam Capaldo.

2012

Adjetivos negativos prefijados en español y rumano [en codirección coa Prof. Sanda Reinheimer-Rîpeanu] da Dra. Dania Salim.

As cantigas de Pero d'Armea. Edición crítica e estudo do Dr. Francisco José Fernández Campo.

Home cristiano. O tratado de Gonzalo de Solórzano [en codirección co Prof. Santiago López Martínez-Morás] do Dr. José Antonio Grela Martínez.

2013

I Salmi penitenziali in alessandrini: testo, fonti e tradizione [en codirección co Prof. Stefano Asperti (I relatore)] do Dr. Michele Martinoia.

O cancionero de Nuno Fernandez Torneol. Edición crítica (en formato impreso e electrónico) e estudo do Dr. Miguel Ángel Pousada Cruz.

2015

O léxico da coita amorosa na lírica profana galego-portuguesa do Dr. Antonio Augusto Domínguez Carregal.

2016

A fenomenoloxía do don na lírica románica das primeiras xeracións do Dr. Xosé Xavier Ron Fernández.

CONTRIBUCIÓN

Vivamos como galegos: identidade e lingua galega como argumentos comerciais

CARMEN ALÉN GARABATO

Universidade Paul-Valéry de Montpellier, DIPRALANG EA 739

En traballos anteriores, insistín, dentro do cadro teórico da escola de sociolingüística catalana e occitana, na importancia das representacións no proceso de *normalización* sociolingüística da lingua galega, na falta de *lealdade lingüística* dos seus falantes así como nos escollos da política lingüística institucional en Galicia (Alén Garabato 2009, 2010). A lingua galega, aínda que maioritaria na Comunidade autónoma (malia que a perda de falantes é importante, especialmente entre os mozos), segue a ter en moitos casos un prestixio baixo e está asociada coa pobreza e coa ignorancia e restrinxida basicamente ás aldeas, ás áreas máis ou menos desfavorecidas das cidades e os sectores nacionalistas máis reivindicativos. A isto hai que engadir que as relacións entre este último grupo e os falantes nativos sempre foron problemáticas (cf. Cabrera Varela 1994; Alén Garabato 2009). As campañas de promoción do galego, lanzadas polos gobernos autónomos sucesivos foron recibidas con indiferenza e o seu impacto foi probablemente escaso. Como se sabe, a *lealdade lingüística* cara a «propia lingua» é menos importante en Galicia que en Cataluña e a lingua non parece ser un elemento esencial da «identidade galega». Para López García o galego é unha «icona», xa que funciona como un «factor de cohesión natural»:

El gallego puede ser hablado por casi toda la población, pero esta uniformidad se traduce paradójicamente en que su papel como signo de identidad, de puro obvio, no resulta ni problemático ni tan apenas reivindicativo, al menos hasta fechas

bien recientes [...] Como imagen que pervive más allá de objeto, la galleguidad subsiste incluso desaparecido el gallego, según evidencian las comunidades gallegas hispanohablantes de tantos países americanos (López García, 1997: 101-102).

Por outra banda, é sabido que o uso da lingua galega non está normalizado no sector do comercio. Valentina Formoso, na súa tese de doutoramento, identificou neste sector unha ideoloxía lingüística que, sen rexeitar frontalmente a lingua galega, non a asume como un sinal de identidade (Formoso Gosende 2004: 569). Nin as diferentes campañas desenvolvidas pola administración autónoma (campañas publicitarias, elaboración de dicionarios terminolóxicos...) nin as subvencións dadas para impulsar as empresas a utilizar a lingua galega foron realmente eficaces: a falta de demanda social é una das principais razóns invocadas para non usar o galego. Ademais, as empresas que deciden empregalo, fano moitas veces de maneira ritual e limitándose ós paneis publicitarios. (Formoso Gosende 2004: 147). Pero, aínda que estas campañas institucionais non tiveron as repercusións esperadas, hai que recoñecer que polo menos contribuíron á posta en marcha dunha dinámica de exaltación do «noso» (os nosos produtos, a nosa paisaxe...) ou do «nós» (galegos). As innumerables festas dos produtos galegos (que en moitos casos levan o nome de «exaltación de») son una mostra deste rexurdir dunha identidade galega baseada no patrimonio.

Este artigo vaise centrar nunha campaña, non institucional, que tivo unha grande repercusión en Galicia e nas redes sociais. Trátase da campaña publicitaria *Vivamos como galegos!*¹ da cadea de supermercados Gadis, propiedade de Gadisa (Gallega de Distribuidores de Alimentación, SA²). Gadisa (de capital maioritariamente galego) di ter una unha vocación baseada na proximidade cos clientes. A cadea ten 212 supermercados GADIS (cifra de 2012, <http://www.gadisa.es/index.php?id=91>) e usa medios tradicionais de publicidade (folletos (en castelán!), anuncios na prensa, anuncios emitidos na Televisión de Galicia), pero vai ser nas redes sociais onde a proximidade que proclama a empresa vai atopar una a expresión máis eficaz. A orixe desta campaña publicitaria atópase no éxito sen precedentes do anuncio *Vivamos como galegos* transmitido pola Televisión galega no outono de 2007 e axiña repercutido nas redes sociais máis populares, converténdose así en poucos días nun fenómeno social en Galicia e na diáspora galega en Europa e América. Este primeiro anuncio foi

1 Campaña realizada pola axencia de publicidade BAP CONDE.

2 Empresa de distribución de alimentos establecida en 1985 e implantada en Galicia (a súa sede está situada en Betanzos, A Coruña) e, máis recentemente, en varias cidades de Castela e León.

colgado en *You Tube* tanto pola empresa Gadis como polos propios internautas en numerosísimas ocasións e foi visto por máis de 2.000 persoas nun mes³ e por máis de 900.000 persoas ata agosto 2013. A isto hai que engadir as versións subtituladas polos propios internautas en español, en inglés e en portugués (vistas tamén por milleiros de persoas). Segundo a axencia de publicidade BAP CONDE, a campaña foi a máis vista en *You Tube* na historia da publicidade española⁴. Dende entón, cada ano pola mesma época, a empresa lanza un novo anuncio na TVG, agardado con grande expectación polos seguidores da campaña. Entorno a estes anuncios Gadisa edificou, en pouco tempo e a baixo custo, un dispositivo publicitario complexo que conseguiu captar a atención do público, combinando a presenza da marca no mundo real e no mundo virtual e aportándolle ó mesmo proximidade e convivialidade, interacción e modernidade. Estes anuncios, ademais de utilizar a lingua galega (o cal non é excepcional, pero si pouco frecuente en Galicia no que respecta á publicidade comercial) son un claro exemplo da utilización dunha identidade minoritaria na publicidade: celebración do país e instrumentalización humorística dos auto-estereotipos e dos hetero-estereotipos.

O primeiro dos anuncios da cadea de supermercados foi sen dúbida o que tivo máis éxito e no que se atopan os principais elementos que logo ían ser desenvolvidos os anos seguintes. A partir dunha situación de retorno dun mozo (emigrante?, estudante?) o anuncio presenta as cualidades de Galicia (do país e das súas xentes) confrontándoas ás de «aí fóra» (representado no anuncio cunha escea en branco e negro —que contrasta coas cores vivas do resto do anuncio— nunha estación de tren). A emigración será o tema central do seguinte *spot*, que coincide coa crise. Nos anos seguintes os protagonistas van ser os nenos, as avoas, os avós...

1. Convivialidade e proximidade

As redes sociais (*Facebook*, *You Tube* sobre todo, pero tamén *Twitter* e *Tuenti*) foron a clave do éxito desta campaña xa que conseguiron por en relación o espazo virtual idealizado dos anuncios e o espazo real das cidades e vilas galegas: a empresa

3 Cfr. <http://www.puromarketing.com/9/3817/como-galegos-gadisa.html>

4 Pódense atopar estes anuncio no espazo *You Tube* de GADIS creado en 2008 (<http://www.youtube.com/user/supermercadosgadisa/videos>), e tamén en moitas contas de numerosos internautas. Hai que dicir que os primeiros en poñer un anuncio Gadis na plataforma foron os propios internautas, xa en 2007.

aproveitou por exemplo as redes sociais (así como o seu *blog*) para difundir informacións sobre as actividades do grupo e tamén sobre espectáculos ou festas populares (a miúdo de tipo gastronómico) ou sobre os *casting* para figurar nos anuncios da marca. Unha das iniciativas publicitarias da empresa, que coincidiu cos primeiros anos da crise en España, foi a campaña *Come neníño que estás moi delgado*, na que as avoas (interpretadas por actrices non profesionais) ofrecíanlle tortillas ós estudantes dos campus universitarios galegos. Ben implantada en Internet, a empresa solicita constantemente a colaboración do público, que elabora incluso pequenos anuncios cos slogans dos anuncios. A interacción convértese así nun elemento central: o «nós galegos» convértese en definitiva no emisor e no receptor da campaña de publicidade. Así, por exemplo, en novembro de 2011, os galegos no exterior que non podían pasar as vacacións de Nadal en Galicia son incitados a filmarse nos seus lugares de residencia berrando os slogans publicitarios da empresa e a depositar os seus vídeos en *You tube* coa promesa da empresa de utilizar os mellores para o anuncio de Nadal, de grande difusión en Internet.

Pero, a que tipo de consumidor se dirixen estes anuncios? Un estudo de 2004 mostrou que o 97% dos galegos mira a TV tódolos días e que o 61% mira concretamente a TV de Galicia, pero tamén que sete de cada dez galegos nunca usan a Internet (Monteagudo e Bouzada s/d: 2). Esta campaña baseada en gran parte nas redes sociais exclúe entón automaticamente, polo menos, o 70% dos clientes potenciais dos supermercados. Resulta evidente que o público que está no punto de mira da empresa non é o das «mulleres no fogar de menos de 50 anos» (público da maioría dos anuncios deste tipo), senón un público urbano constituído de mozos e mozas con estudos (xa que a mocidade rural é menos propensa a mercar produtos frescos nun supermercado da marca) que traballa e/ou estuda. Unha xeración (a *xeración Net* ou a *i-xeración*) que está familiarizada co mundo virtual case desde o nacemento e que usa a Internet habitualmente como instrumento de socialización.

Así, o tramado publicitario que Gadis creou ao longo dos anos sácalle proveito a interactividade cos usuarios de Internet, sen agresividade e con contidos atractivos. Os comentarios deixados por usuarios de *YouTube* tras ver os anuncios dan boa conta do éxito desta campaña e da empatía que causou, como o mostran estes dous exemplos⁵:

5 Optamos por transcribir estes comentarios tal e como aparecen na Internet.

Zellghalast

Son galego hasta a médula nado e criado, vin como avanzaba a miña terra nestes anos. Os galegos somos así, mundo. Benvidos a nosa terra.

Este anuncio non é un anuncio, e un documental da realidade de Galicia e das xentes que habitan estes luares.

Gadis, demostra que conoce mellor que nadie as xentes desta terra con isto. Demostra como somos os Galegos a nivel cultural, histórico e gastronómico (http://www.youtube.com/all_comments?v=3X6aTRstkws&page=1).

maikel garcia

Amin tamen ponseme a pel de galiña xD AMOTE GALIZA AMOTE E DEFENDEREITE ATA O FIN viva galizaaaaaaaaaaaaaaaa i love GZ,,,,,,COMO en jalisia en ninguere viva o vento a chuvia , o pulpiño , a empanada os marisqueiros etc VIVAMOS COMO GALEGOS GZ (<http://www.youtube.com/watch?v=3X6aTRstkws&feature=c4-overview-vl&list=PLCE703B4C23682327>)

Conscientes da importancia da migración (emigración e retorno) no imaxinario galego (e da súa relevancia en tempos de crise e de desemprego⁶), os creadores desta campaña integran este fenómeno, que se converte incluso nun elemento central. A estratexia é un éxito, xa que os galegos no exterior reciben con entusiasmo estes anuncios:

xatadagaliza

Como galego que ama a súa terra e suas xentes mais que a se mesmo. Como galego que xa leva fora da súa terra por mais de 5 anos sen que pase un so dia, unha soa noite sen que soñe coa miña aldea, coa miña xente: DEFENDAMOS O NOSO, COIDEMOS A NOSA XENTE, A NOSA TERRA, A NOSA LINGUA. FAGAMOS DE GALIZA UN PAIS SOLIDARIO E COMPARTAMOLO CON TODO-LOS NOSOS COMPATRIOTAS ESPAÑOIS E EUROPEOS. SENTAMONOS ORGULLOSOS DE SER GALEGOS E VIVAMOS COMO GALEGOS 10000 ANOS MAIS!!!!QUE VIVA GALIZA!!!!!!! (<http://www.youtube.com/watch?v=3X6aTRstkws&feature=c4-overview-vl&list=PLCE703B4C23682327>)

Maite Rosales

nunca conseguín explicarlle a xente o que sinto sendo galega e vivindo lonxe da terra, a partir de agora, cando yo teña que intentar explicar, enseñareilles este video. Non tendes nin un solo video que non me faga chorar, non sei se darvos as gracias ou mandaros a «rañala» ;D
apertas e seguíde facendome chorar
(<http://www.youtube.com/watch?v=3X6aTRstkws&feature=c4-overview-vl&list=PLCE703B4C23682327>)

6 Máis de 124 000 mozos galegos de 18 a 34 anos abandonaron a Comunidade autónoma entre 2002 e 2011 (Instituto Nacional de Estadística, <http://www.ine.es>).

O mesmo entusiasmo pode apreciarse nos descendentes de galegos, que se recoñecen sen discusión nese «nos» celebrado nos anuncios:

FumaosLtAlex

Yo no hablo gallego, soy de Madrid, pero mi sangre es gallega, y cuando voy allá de vacaciones, me da pena irme a Madrid otra vez... VIVA GALICIA (<http://www.youtube.com/watch?v=3X6aTRstkws&feature=c4-overview-vl&list=PLCE703B4C23682327>)

klignon110

Cada vez que veo estos videos me siento mas orgulloso de la sangre que llevo y de mis raíces y de pertenecer a la diáspora que esta en Buenos Aires, VIVA GALICIA (http://www.youtube.com/watch?v=d9TSQR5n9Qo&list=TLGg_emFifr5k)

Esta presenza da Galicia na diáspora (que non é susceptible de facer a súas compras diarias nos establecementos da marca, excepto, posiblemente, durante os períodos de vacacións en Galicia) pode parecer paradoxal para unha cadea de supermercados establecidos no territorio de Galicia e nas rexións veciñas. Pero tomar en conta este factor contribúe, sen dúbida, á credibilidade e a empatía, xa que a emigración é un elemento central da identidade galega.

Nesta mesma liña de empatía e de recuperación do orgullo galego, que reforza a pertenza a un «nós» activo e comprometido socialmente, está o apoio explícito á iniciativa impulsada, entre outros, por unha asociación chamada *Garipano*, que tiña como obxectivo eliminar do dicionario da Real Academia Española as acepcións de ‘tonto’ e ‘tartamudo’ atribuídas ó termo «galego» (en uso en América Latina): estes dous significados desaparecerán do dicionario no 2013. Este apoio é una continuación da iniciativa do grupo comercial que solicitara e que obtivo, en 2008, que a palabra «greleiro / a», usada no seu primeiro anuncio para referirse as persoas (sobre todo mulleres) que cultivan ou venden «grelas», fora introducida con este significado no dicionario da Real Academia Galega. O grupo Gadisa explicábo así nun comunicado de prensa:

A empresa de distribución propuxo á institución que aceptase esta palabra co obxectivo de poñer en valor unha parte importante dos agricultores e agricultoras que se adica ó cultivo dun produto tan típico da gastronomía e da cultura de Galicia coma o grelo.

GADISA recibiu o agradecemento da Real Academia Galega pola súa colaboración e interese demostrado polo idioma galego tanto na campaña de publicidade coma na proposta feita no pasado mes de outono. [...] (<http://www.galiciadigital.com/noticia.3331.php>)

Unha das claves do éxito destes anuncios é que neles non hai ningunha incitación a mercar nos supermercados Gadis (atópanse, é certo noutros anuncios da empresa): o seu obxectivo é lexitimar a marca e gañar a adhesión dos consumidores (reais ou virtuais). A sedución basease aquí nos elementos identitarios (lingüísticos, etnográficos, climáticos...), nas emoción (a familia, os nenos, os avós e as avoas, a emigración, a solidariedade, os efectos da crise económica ...), e tamén no espectáculo (cf. a música dos anuncios, ou as imaxes finais que reúnen centos de persoas correndo e berrando o slogan *Vivamos como galegos...*).

Os supermercados GADIS posiciónanse con esta campaña como establecementos próximos e consensuais, e por iso os trazos da «galeguidade» que poderían ser fonte de conflito están ausentes. Os temas desenvolvidos nos anuncios da campaña son os que compoñen o imaxinario ethnosociolingüístico (Boyer 2003) galego, que, en tanto que representacións comunitarias, son amplamente compartidos pola comunidade:

- A celebración de paisaxes (e algúns monumentos), produtos, costumes galegos, o mundo rural...
- A celebración do carácter galego: os galegos son simpáticos, optimistas, solidarios, gústalles a boa comida, as festas e a familia (os vellos, os nenos), son capaces de afrontar as adversidades e de realizar proezas inimaxinábeis...

Pero estes anuncios celebran tamén os estereotipos negativos dos galegos: os galegos son indecisos, non se sabe nunca o que pensan e cando se lles pregunta algo responden cunha pregunta...⁷

2. A lingua e a identidade galegas

O papel xogado pola lingua galega na estratexia comercial da marca é menos evidente, xa que o seu uso nun anuncio dirixido ós consumidores novos e urbanos non parece impoñerse necesariamente. Estamos a falar de mozos que coñecen a variedade normativizada xa que estiveron escolarizados (parcialmente) en galego. Sen embargo,

⁷ Segundo Sangrador García (1981) os galegos son vistos en España como persoas que aman o seu país e a familia, supersticiosos, sinxelos, tranquilos, tradicionais, acolledores, relixiosos, pechados, desconfiados, sensibles, sentimentais, tímidos, tristes...

como mostrou V. Formoso Gosende (2013: 28), o uso do galego depende da idade e do hábitat e as macro-enquisas realizadas durante os dez últimos anos mostran que o número de galegofalantes nativos diminuíu significativamente entre os mozos, especialmente nas cidades. Por outra banda, como o amosaron A. Iglesias Álvarez e F. Ramallo (2003), entre outros, a lingua ten un papel diferente na construción da identidade dos mozos galegos segundo sexan urbanos ou rurais: se entre os rurais a lingua habitual é o referente identitario que os diferencia dos mozos urbanos galegos (castelanfalantes ou galegofalantes da variedade normativa ou «libresca» ou do resto de España, para os mozos urbanos a lingua é un elemento importante pero non fundamental da identidade galega, e o seu uso (ritualizado) sitúase xunto co folclore ou a bandeira da comunidade. Un último elemento a ter en conta é o estado das representacións sociolingüísticas en Galicia, que non sempre é favorable á lingua galega e que recentemente incluso se converteu nunha fonte de conflito social (cf. Alén Garabato 2010). Sábese que no imaxinario galego as representacións sociolingüísticas son ambivalentes e os estereotipos positivos (lingua do corazón, das raíces auténtica...) coexisten cos estereotipos negativos (lingua de pobreza, do pasado, groseira...).

A escolla do galego como lingua destes anuncios responde sen dúbida ao desexo de subliñar a proximidade e a autenticidade desta cadea de supermercados (frente as firmas estranxeiras), como o afirma o director da axencia de publicidade responsable das campañas, A. Cortés:

Co anuncio queremos dicirlle ós nosos clientes que os coñecemos mellor que ningún e que estamos en condicións de satisfacelos, polo feito de ser una empresa 100% galega, e porque somos os que máis establecementos temos. Fixémola produción da campaña integramente en galego porque pensamos que así se mantén unha homoxeneidade na comunicación. Tamén insistimos en que as voces tivesen unha fonética galega apropiada. [...], (<http://www.vieiros.com/nova/61365/as-claves-do-anuncio-galego-da-tempada>).

Desta maneira explótanse as representacións positivas da lingua galega e evítase todo o que pode provocar reaccións negativas nos receptores. A «fonética apropiada» da que fala A. Cortés é consensual xa que a lingua que se escoita nos anuncios é un galego que busca a «autenticidade» e non o galego normativo a miúdo rexeitado pola poboación galegofalante, activa ou pasiva, pola súa artificialidade (cf. Alén Garabato 2010); pero os trazos estigmatizados das variedades orais (a saber a *gheada* e o *seseo*) están completamente ausentes nestes anuncios. A autenticidade está asegurada por medio do emprego (e a exaltación) de expresións tipicamente galegas (difíciles ou im-

posibles de traducir en castelán), como a expresión «Malo será» (que se asocia ó inglés «don't worry», e que se converteu no título dunha serie de mini-anuncios...). O castelán de Galicia, parte integrante da identidade galega tamén se escenifica: así por exemplo no anuncio *1000 anos máis* podemos escoitar: «No doy hecho», ou «Las patatas esmagadas por favor!». Esta falta de rigor normativo non é apreciada por algúns internautas gardiáns da norma (que non parecen ser moi numerosos) que preferirían que estes anuncios contribuísen tamén á *normativización* da lingua galega. Así, as interferencias (fonéticas, morfosintácticas, lexicais) frecuentes co castelán, provocan reaccións:

Taliesín

Non se di «temblar» que se di «tremar». Temos que coidar un pouco máis do galego. (<http://www.youtube.com/watch?v=Yz5QBLSPZNI>)

wuhan8

non toleo có resultado, pero vamos, a intención queda...
e os galegos BERRAMOS e berraremos, non gritamos (<http://www.youtube.com/watch?v=3X6aTRstkws>)

Suso F. Acevedo

E non habería alguén que fixese unha revisión lingüística, ho!? Ese posesivo sen artigo ó comezo xa manca o oído.
Unha boa idea mal traballada. (<http://www.youtube.com/watch?v=qrM9KN5Y-PU&feature=c4-overview-vl&list=PLCE703B4C23682327>)

Srtapepys

Unha mágoa que non se axuste un pouco máis ao galego normativo que, ao fin e ao cabo, é o que deberían ter aprendido xa os nosos pequenos. Polo demais moi ben. (<http://www.youtube.com/watch?v=qrM9KN5Y-PU&feature=c4-overview-vl&list=PLCE703B4C23682327>)

Algúns internautas tamén acusan estes anuncios de empregar a lingua galega, pero sen fomentar a lealdade lingüística. Así nun comentario provocado polo anuncio *1000 anos máis*, que celebra, citándoos un por un os elementos da identidade galega (a gastronomía, a paisaxe e os costumes...) podemos ler:

laxe87

Olvidanse do máis importante: pola nosa lingua!! O GALEGO!! (http://www.youtube.com/watch?v=3X6aTRstkws&list=TLGg_emFifr5k)

Outro internauta lamenta que non se teña feito un anuncio para promover a lingua galega:

Flaik23

Cos tempos que corren non estaría mal facer un anuncio destas características co eslogan Falemos como Galegos, pois si queremos vivir como galegos teremos que empezar por ahí.

Nas reaccións dos internautas, pódense apreciar tamén discursos identitarios que demostran que é posible sentirse galego aínda que (xa) non se fale a lingua: confírmase así o papel secundario xogado pola lingua galega na constitución da identidade galega:

efinacarrascodela

pos yo sy gallega y ablo español ke pasa?

xdxd

Y esty muy orgullosa = de ser gallega

Arriba galicia;jj (<http://www.youtube.com/watch?v=PwqzWvVNNM8>)

Helena Fernández

Vexamos, non creo que por non falar galego non te sintas orgulloso de selo, xa que hai moita xente que foi educada na fala castelá ou cuios pais non son galegos. Creo que sentirse orgulloso de ser galego é algo máis grande que iso, algo moitísimo máis grande que se sinte por dentro, non cara o exterior, e para sentilo por dentro non necesitas falalo. (<http://www.youtube.com/watch?v=PwqzWvVNNM8>)

gugulina

El gallego no se habla se es (<http://www.youtube.com/watch?v=PwqzWvVNNM8>).

3. Conclusión

A campaña publicitaria *Vivamos Como Galegos*, é un bo exemplo de respecto do que Charaudeau (1997) chama o *contrato de comunicación mediática* («*contrat de communication médiatique*»), nun contexto de convivencia problemática de dúas identidades e de dúas linguas. Os tres principios do *contrato* son respectados: principio de *credibilidade* (utilización dunha lingua auténtica, de personaxes (case) reais, de situacións cotiás...), o principio de *captación* (tanto no mundo real como no virtual) e o principio de *espectáculo* (plenamente conseguido nos anuncios da campaña: imaxes, música, cores...).

Fronte a desconfianza de moitos mozos galegos cara á clase política (crise económica, conflitos normativos, nacionalismo elitista...) os anuncios de Gadis ofrecen un contido positivo, non-conflictivo, centrado nos elementos consensuais da identidade galega na que se recoñecen a maioría deles ata o punto de esquecer que se trata en fin de contas dunha estratexia dunha marca comercial e non dunha actividade altruísta...: tan só algunhas mensaxes en Internet fan alusión a esta realidade e ós conflitos sociais no seo da empresa.

Bibliografía

- Alén Garabato, C. (2009), *Langues minoritaires en quête de dignité. Le galicien en Espagne et l'occitan en France*, Paris: L'Harmattan.
- Alén Garabato, C. (2010), «Une politique linguistique peut-elle réussir sans l'implication des sociolinguistes? Le cas galicien», *Pour une épistémologie de la sociolinguistique* (H. Boyer, éd.), Paris: Lambert Lucas, pp. 47-55.
- Alén Garabato, C. (2014), «Langue, identité, médias: stratégie commerciale d'une entreprise galicienne dans les réseaux sociaux», in K. Djordjevic Léonard - E. Yasri-Labrique (coords.), *Médias et pluralisme. La diversité à l'épreuve*, Paris: Editions des archives contemporaines, pp. 243-265.
- Boyer, H. (2003), *De l'autre côté du discours. Recherche sur le fonctionnement des représentations communautaires*, Paris: L'Harmattan.
- Cabrera Varela, J. (1994), «Las precondiciones sociales de la identidad colectiva en Galicia», *Historia y Crítica* 4, pp. 209-238
- Castelló Martínez, A. - J. Montserrat Gauchi (2012), «La comunicación digital de la empresa de franquicia: uso y presencia en los medios sociales», *adComunica. Revista de Estrategias, Tendencias e Innovación en Comunicación* 3, pp. 105-124.
- Charaudeau, P. (1997), *Le discours d'information médiatique. La construction du miroir social*, Paris: Nathan.
- Fernández, B. - A. Pereira Meire (2006), «Barullo publicitario: una aproximación al babel de publicidad de Galicia», *Zer - Revista de Estudos de Comunicación* 20 (Facultad de Ciencias Sociales y de la Comunicación de la Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea), pp. 345-369.
- Formoso Gosende, V. (2005), *Usos e representacións do galego na empresa* [Tese de doutoramento inédita], Universidade de Santiago de Compostela.
- Iglesias Alvarez, A. - F. Ramallo (2003), «Relocalización, identidades e linguas periféricas: o caso galego», en A. Bringas López - B. Martín Lucas (eds.), *Nacionalismo e globalización: lingua, cultura e identidade*, Vigo: Servicio de publicacións da Universidade de Vigo, pp. 117-132.

- Lochard, G. - H. Boyer (1998), *La communication médiatique*, Paris: Seuil.
- López García A. (1997), «Tres actitudes ante un mismo problema: Cataluña, Galicia, País Vasco», *Revista de Antropología Social* 6, pp. 89-107.
- Marta, C. - E. Martínez, - L. Sánchez (2013), «La «i-Generación» y su interacción en las redes sociales. Análisis de Coca-Cola en Tuenti», *Comunicar. Revista científica de Educomunicación* 40, pp. 41-48.
- Monteagudo, H. - X. Bouzada *et Alii.* (s/d), *A lingua galega nos medios de comunicación*, Consello da cultura, Sección lingua (http://consellodacultura.org/mediateca/extras/c_lingua_medios.pdf)
- Núñez Seixas, X. (1997), «Idioma y nacionalismo en Galicia en el siglo XX: Un desencuentro histórico y diversos dilemas en el futuro», *Revista de Antropología Social* 6, pp. 165-191.
- Observatorio da lingua galega (2009), *Situación da lingua galega na sociedade. Observación no ámbito de internet*, Xunta de Galicia (http://www.observatoriodalinguagalega.org/files/OLG_informe_internet.pdf).
- Sangrador García, J. L. (1981), *Estereotipos de las nacionalidades y regiones de España*, Madrid, Centro de investigaciones sociológicas.

El «gato» de Boiardo*

CARLOS ALVAR

Instituto de Investigación «Miguel de Cervantes»

Universidad de Alcalá

1. Orlando y Balisardo

El combate de Orlando con el gigante Balisardo ocupa veinte octavas del libro de Matteo Maria Boiardo (II, xi, 22-42). Gracias al minucioso relato contenido en el *Orlando Innamorato*, sabemos que el mago, falso y ruin, vive en un puente y cuenta con el apoyo de todo el infierno. El encuentro del paladín y del perverso traidor da lugar a un combate de dimensiones épicas, batalla «aspra e feroce», con armas rotas, yelmos que resuenan, mallas que caen al suelo o vuelan por el aire, escudos destrozados y lorigas falsadas: en fin, golpes desmesurados. Cuando el gigante nota que sus propias fuerzas decaen a causa de las numerosas heridas que le ha causado Orlando con Durindana, recurre a sus artes mágicas para transformarse: las armas rotas y esparcidas arrojan fuego y llamas, y sobre ellas se produce una oscura humareda; tiembla la tierra y la muralla vecina. El mismo Balisardo se va convirtiendo en demonio poco a poco: la piel de bisonte; sobre cada oreja, un gran cuerno, el rostro horrendo y tan oscuro que daría miedo a cualquiera.

* Este trabajo se ha realizado en el marco del Proyecto I+D+i del MINECO DHuMAR. *Digital Humanities, Middle Ages & Renaissance. 1. Poetry. 2. Translation* (FFI2013-44286-P) de la Universidad de Alcalá.

E' l'ale grande avea di papastrelo,
 E le man agriffate comme uncino;
 Li piede d'oca e le gambe d'ocelo,
 La coda longa comme un babuino;
 Un gran forcato prese in man il felo,
 Con esso vien adosso al paladino
 Soffiando il foco e degrignando e denti,
 Con cridi et urlì pien d'alti spaventi¹.

[y tenía alas grandes de murciélago, las manos ganchudas como garfio, los pies de oca y las patas de pájaro, la cola larga como un babuino. El felón tomó una gran horca con las manos y con ella atacó al paladín, resoplando fuego y rechinando los dientes, con gritos y alaridos acompañados de grandes espavientos].

El monstruo escapa al mar, perseguido por Orlando; se refugia en una nave, y al entrar en ella, el sobrino de Carlomagno es atrapado en un lazo y hecho prisionero... Brandimarte, que va tras los combatientes dará muerte a Balisardo y rescatará a su amigo.

Quiero detenerme ahora en la octava que acabo de citar, y en la traducción castellana de Francisco Garrido de Villena, publicada en Valencia en 1555.

2. La traducción de Francisco Garrido de Villena

No resulta fácil saber si Francisco Garrido de Villena era peor poeta que traductor, o viceversa. El caso cierto es que se esforzó en verter al castellano todo el *Orlando enamorado*, aunque para ello se viera obligado a llevar a cabo los mayores desmanes métricos y prosódicos, recurriendo con frecuencia a todo tipo de metaplasmos. A pesar de todo, su traducción vio la luz en Valencia en 1555, en casa de Juan de Mey, y fue reeditada en Alcalá, en 1577, por Hernán Ramírez; y en Toledo el año 1581, por Juan Rodríguez. La octava que acabamos de leer en italiano adquiere su nueva apariencia en castellano:

Las alas de murciélago traía,
 como de onça las manos muy ligero,
 piernas y pies de pato los tenía,

1 Utilizo la edición de Antoni Tissoni Benvenuti y Cristina Montagnani 1999 (p. 1093). Señalan estas editoras el posible influjo de Dante, *Inferno* xxxiv, 46-50 y xxi, 31-33 y 131.

de gato pau, cola, y es muy fiero.
Con un horcón en mano se venía
d'esta manera contra el cavallero,
la cara tiene horrenda y tan oscura
que temerá cualquiera su figura.

Volvendo ao rego argumental deste traballo, e para os efectos que me interesan, vou situar o xermolo recente das actuais editoriais universitarias españolas nos primeiros anos da posguerra⁶, e ao falar de *xermolo recente* estou entendendo un dispositivo xurídico e normativo que, por vez primeira, reconece, aílla e dota de contido competencial a acción editorial das universidades, é dicir, un marco estrutural e operativo do que, sen dúbida, son tributarios os modernos departamentos editoriais das universidades españolas. En 1943, en efecto, para «la universidad de aquellos años, institución de catedráticos entendida como ese nostálgico emplazamiento reservado para “gentes que ejercen la funesta manía de pensar”» (García Naharro 2015: 760), o Réxime

4 Nas 997 páxinas de Martínez Martín 2015, apenas hai algunhas puntuais referencias aos Secretariados de Publicacións durante o Réxime nas páxinas 760 e 763. Resulta difícil crer que un historiador máis entusiasta non atopara, entre tantos anos e a actividade de tantas universidades, materia suficiente para un tratamento máis completo da achega das editoriais universitarias á edición española contemporánea.

5 Para unha aproximación panorámica a estes resultados, cfr. UNE 2011.

6 O cal non quere dicir que non se poda seguir o ronsel da actividade editorial das universidades con anterioridade a ese momento, como, por exemplo, para o caso de Santiago, nos discursos inaugurais de curso dos que hai abondos rexistros dende o século XIX, os anuarios e memorias (dende o curso 1856-57) ou o misceláneo *Boletín de la Universidad de Santiago*, fundado en 1929 e que publicou, coa única interrupción de 1936 a 39, sesenta e dous volumes ata 1954, fondos todos eles que obran nos depósitos da Biblioteca Universitaria. Por outra parte, cómpre, neste senso, distinguir as universidades «históricas» das creadas modernamente e, mesmo no caso das históricas, as que concederon maior preponderancia á acción editorial doutras nas que isto non sucedeu. Deste xeito, máis do 50% dos sevizos de publicacións das 63 universidades agremiadas á Unión de Editoriales Universitarias Españolas en 2011 son de creación posterior a 1980 (Cordón García *et al.* 2013: 59).

redacta a *Ley de ordenación de la universidad*, de 29 de xullo de 1943, cuxo artigo 30 estipula que «al Secretariado de Publicaciones e Intercambio Científico y Extensión Universitaria se atribuyen las funciones de difusión de la cultura, enseñanza no propiamente facultativa o profesional e intercambio científico», correspondéndolle, entre outras competencias, «la dirección e impulso de las publicaciones universitarias». Ao fío desta disposición, nos anos inmediatamente posteriores créanse nominalmente, entre outros, os secretariados de publicacións das universidades de Madrid (García Naharro 2015: 762), Salamanca⁷, Valladolid⁸ ou Valencia⁹. No caso de Santiago, a partir de 1945 (inclusive) as edicións da universidade incorporan, como pé editorial explícito, *Secretariado de Publicaciones e Intercambio Científico y Extensión Universitaria*, unha mención que, con algunhas variantes¹⁰, pola súa sistemática mención nas publicacións universitarias ata practicamente os mediados da década de 1980, fala dunha certa estabilidade organizativa da editorial e dunha definición ben perfilada das súas responsabilidades.

Na década dos 60 foron directores do Secretariado os profesores Pablo Lucas Verdú¹¹, Carlos Fernández-Novoa Rodríguez¹², Francisco Puy Muñoz¹³ e Manuel Díaz y Díaz¹⁴. Tras un longo período como catedrático de Filoloxía Latina na Universidade de Salamanca (1956-1968), Díaz y Díaz chega á de Santiago en 1968 e, como director de Publicacións, desenvolve un encomiable traballo, por unha parte, de adaptación estrutural da editorial universitaria compostelá á de Salamanca, dotándoa, como esta, dunha Comisión de Publicacións colexiada¹⁵, presidida polo reitor e

7 O seu primeiro director foi Antonio Tovar. O 15 de maio de 1944 creouse a Comisión Universitaria de Publicaciones. Cfr. <http://www.eusal.es/es/> [citado 2 feb 2016].

8 Creado en 1948. Cfr. <http://www.publicaciones.uva.es/presentacion-secretariado.aspx> [citado 2 feb 2016].

9 Existe constancia, dende mediados da década de 1940, de publicacións explicitamente editadas polo *Secretariado de Publicaciones de la Universidad de Valencia*.

10 A mención *Extensión Universitaria* retírase nos comezos da década dos 70 por obvia reestruturación competencial. Por outra parte, a mención *Servicio*, no canto de *Secretariado*, sistematízase dende 1985, aparecendo por vez primeira na sesión da Comisión de Publicacións de 30 de abril de 1985. *Secretariado de Publicacións* aparece moi puntualmente nalgúns libros en galego en 1984 e 1985 e *Servicio de Publicacións* (co subtítulo *e Intercambio Científico* ou sen el) sistematízase a partir de 1990, co cambio a *Servizo* pola modificación normativa de 2003.

11 Figura como tal na *Memoria del curso 1961-62*.

12 Foino inmediatamente antes de Puy Muñoz, que toma posesión en febreiro de 1967 (Puy Muñoz 2015).

13 Director entre febreiro de 1967 e xaneiro de 1970 (Puy Muñoz 2015).

14 Nomeado por O. M. de 30 de xaneiro de 1970 (Puy Muñoz 2015).

15 A Comisión Universitaria de Publicaciones da Universidade de Salamanca reuniuse por vez primeira o 15 de maio de 1944. Baixo a dirección de Díaz, inaugúrase (o cinco de novembro de 1972) o *libro*

chamada a asistir ao director na definición das políticas e decisións editoriais, e, por outra, de profesionalización, creando coleccións e organizando e estimulando a produción editorial¹⁶. Díaz cesa o 4 de abril de 1974 e o 6 de xuño do mesmo ano toma posesión como director do Secretariado o catedrático de Filoloxía Románica, Constantino García¹⁷, a quen tanto debe a filoloxía galega. O decenio que cobre García á fronte das prensas universitarias compostelás (1974-1984) coincide coa fin do franquismo, a Transición e a democratización da universidade española.

A vinculación inicial de Mercedes Brea coa editorial universitaria de Santiago sitúase nos anos da dirección de Constantino García. Como autora, a súa tese de doutoramento, defendida en decembro de 1975, serviulle de base para o libro *Antónimos latinos y españoles. Estudio del prefijo in-*, publicado en 1980 facendo o volume 56 da devandita colección *Monografías*¹⁸. Como editora, entendendo por tal condición o desenvolvemento de responsabilidades de xestión no propio Secretariado, asiste en marzo de 1983, por delegación de Constantino García, á *III Reunión de Secretariados de Publicaciones*, que se celebra na Universidade de Salamanca, do que se dá conta na xunta da Comisión de Publicacións de 28 de abril de 1983, primeira reunión da Comisión á que, en calidade de *secretaria accidental*, asiste Brea. A partir desta data, e ata o seu nomeamento como directora de Publicacións en xullo de 1984, Mercedes Brea asina as actas da Comisión como *secretaria*.

A Lei de Reforma Universitaria, que poñía por obra o gran proxecto de modernización da universidade española do primeiro goberno socialista, entra en vigor o 25 de agosto de 1983, sendo ministro de Educación José María Maravall. En maio do ano seguinte, o catedrático de Física Teórica Carlos Pajares, representante dun dinámico grupo de xoves profesores de liña socialista, convértese no primeiro reitor democrático da universidade compostelá. Nesa altura, Mercedes Brea é unha flamante catedrática de Filoloxía Románica, nominalmente da Universidade de Granada, aínda que en comisión de servizos na de Santiago, ata decembro de 1985, ano que accede por concurso á cátedra compostelá.

de actas de las sesiones de la Junta de Publicaciones o Comisión universitaria de Publicaciones, de acuerdo con la decisión de la misma en su reunión del 31 de octubre de este año (Actas SPIC). Cfr. infra, nota 19.

16 A colección *Monografías*, colección miscelánea de alta investigación creada por promoción directa de Díaz, publicou 29 títulos entre 1971 e 1974. Perdurou ata 2009, publicando 219 volumes e sendo substituída en 2010 polo selo USC Editora. A colección *Cursos e Congresos* da USC, tamén creada en 1971 por impulso de Díaz, segue vixente con case 250 títulos publicados.

17 Cfr. Actas SPIC.

18 O libro é presentado na reunión da Comisión de Publicacións de 22 de abril de 1980 (Actas SPIC).



No Salón Reitoral, o reitor José María Suárez Núñez preside o acto de presentación das novidades e balance anual do Secretariado de Publicacións (*La Voz de Galicia*, 29.12.83). Á esquerda do reitor, Manuel C. Díaz y Díaz; á súa dereita, o director do Secretariado Constantino García, a secretaria Mercedes Brea e Agustín Fernández Albor.

Na reunión da Comisión de Publicacións de 30 de abril de 1984, despídense Constantino García, como director de Publicacións, e o reitor José María Suárez Núñez, como presidente da Comisión¹⁹. Por fin, na sesión da Comisión do 6 de xullo seguinte, o reitor Pajares dá a benvida á xove catedrática de Filoloxía Románica como nova directora de Publicacións.

19 Na súa despedida, Suárez Núñez fai un recoñecemento explícito a Constantino García por ter convertido o Secretariado na *primera editorial gallega* [sic], en referencia ao éxito dos magníficos manuais *Galego 1, 2 e 3*, redactados polo Instituto da Língua Galega e editados polo Secretariado, dos que entre 1971 e 1984 se publicaron ata cinco edicións. Suárez Núñez fai, así mesmo, unha gabanza da xestión de Díaz y Díaz, na altura vogal da Comisión, *por haber sido el organizador y promotor de la Comisión de Publicaciones* (Actas SPIC). Semanas antes, no acto de presentación das novidades do SPIC o 29 de decembro de 1983, o reitor Suárez Núñez refírese igualmente a que *el volumen de publicaciones editadas* [92 naquel ano] *lo convierte* [ao SPIC] *en una de las primeras promotoras editoriales de Galicia* (*La Voz de Galicia*, 29.12.83).

Consonte os tempos de modernización universitaria e un talante persoal in-
quedo e dinámico, Brea ten *in mente* un ambicioso proxecto de xestión vertebrado
en tres eixos con frontes de actuación diferenciados, pero, no fondo, de proxección
intimamente relacionada: 1) a definición estrutural e capacitación competencial única
do aínda Secretariado²⁰ contra a caótica multiplicidade de iniciativas e procedementos
editoriais das máis variadas instancias universitarias; 2) o estímulo da acción conxunta
dos servizos editoriais das universidades e a promoción dunha asociación nacional dos
mesmos, e 3) a profesionalización funcional do Secretariado. A acta da Comisión de
xullo reflicte con nidieza estas liñas mestras: por unha banda, a nova directora refírese
á necesidade de elaboración por parte dos secretariados de publicacións de regula-
mentos que os adapten aos estatutos das súas respectivas universidades; por outra,
informa da reunión dos secretariados universitarios de publicacións en Bilbao e da
confección do catálogo conxunto de publicacións universitarias españolas; finalmen-
te, anuncia a participación de Santiago, canda o resto dos secretariados españois, na
vindeira Feira do Libro Español, Liber.

As iniciativas de federar os servizos editoriais das universidades nunha aso-
ciación global, localizadas nos comezos dos oitenta, asentán, sen dúbida, nos alentos
de profesionalización dun conxunto de universitarios novos, claramente conscientes
do papel estratéxico da acción editorial na transferencia social do coñecemento e da
necesidade de transcender a idea de que os secretariados de publicacións son calquera
cousa menos editoriais rigorosas. Á primeira *reunión de secretariados de publicaciones
de las universidades españolas* —pois baixo esta vitola se van convocar durante varios
anos— ten lugar na Universidade de Sevilla en 1981, á que van seguir as de Granada
en 1982 e a xa amentada de Salamanca en 1983. As conclusións desta última testemu-
ñan as preocupacións daqueles universitarios e os estímulos xenéticos do seu proxecto
asociativo: realizar un catálogo conxunto das publicacións universitarias españolas e
xestionar co Ministerio de Educación a axuda precisa para a súa edición; solicitar do
Ministerio e outras entidades públicas axudas para a participación en feiras inter-
nacionais; insistir na necesidade de dispoñer de normativas que establezan a estru-
tura e finalidade clara dos servizos de publicacións; que se solicite destes servizos o
asesoramento en cuestións relativas ao libro universitario; establecer programas edi-
toriais sistemáticos que eviten desviacións e problemas de dereitos de autor (Pérez
Guerra 1983).

20 Cfr. nota 10.

Estas reunións e contactos, ademais de nos aspectos devanditos, puxeron dende o primeiro momento o til na esixencia de participaren as editoriais universitarias no Liber, a gran cita anual do sector profesional da edición española. De tal xeito, Mercedes Brea informa á Comisión de Publicacións, tal e como recolle a acta desa sesión, que a o *stand* conxunto das universidades no Liber'84 foi un éxito.

En maio de 1984 os representantes dos secretariados reúnen-se en Bilbao e en novembro dese ano, a directora de Santiago é a anfitriona da reunión en Compostela os días 15, 16 e 17. O proxecto de catálogo conxunto vai tomando forma e os contactos intensifícanse pois na reunión de Cádiz, nos comezos do verán de 1985 (á que, por certo, a directora compostelá non asiste alegando motivos persoais²¹) perfiláanse os últimos detalles da edición.

O 3 de outubro de 1985 sinala un fito na historia da edición universitaria española. No Liber daquel ano, celebrado en Madrid, foi presentado o primeiro *Catálogo de Publicaciones Universitarias Españolas*, do que se tiraron 3000 exemplares para a súa distribución institucional (bibliotecas públicas e universitarias, embaixadas...) e comercial (librarías, edicións sucesivas do Liber). O catálogo, na xénese e desenvolvemento do cal o papel da directora de Santiago foi tan activo, pode considerarse a tarxeta de visita dunha entidade asociativa á que só lle faltaba a súa constitución formal, pola que Mercedes Brea segue apostando decididamente. Asiste en decembro seguinte á reunión de directores universitarios de publicacións en Palma de Mallorca, onde, tras a exitosa acollida do catálogo colectivo, se decide a confección de suplementos ao mesmo, o primeiro deles, a proposta de Brea, coordinado polo secretariado de Santiago, que se presentará no Liber'86. Na mesma reunión das Baleares, elabórase o primeiro borrador de estatutos do que se propón denominar *Asociación de Editoriales Universitarias Españolas (AEUE)*. A denominación non é casual nin baladí: por vez primeira, enarborando con firmeza e sen complexos a bandeira dunha dignidade inédita, aqueles universitarios —é preciso lembrar algúns compañeiros de viaxe de Brea como Màrius Vendrell, Francesc Albar, Antonia Heredia, Manolo Barrios ou Manolo Rincón— facían fronte a toda unha urdime de sospeitas (de competencia desleal, de amiguismo) e de indiferenza, cando non franco desprezo, cara aos secretariados de publicacións e, cun alarde de ousadía que coa perspectiva de hoxe se incrementa na súa dimensión, falaban, nin máis nin menos, ca de *editoriais* universitarias, rótulo que de seu incorporaba moitas das connotacións positivas (rigor, profesionalidade,

21 Acta da CP, 02.07.85. Actas SPIC.

control da calidade, imparcialidade dos procesos, racionalidade na programación...) que pretendían imprimir no día a día das *editoriais* das súas universidades. Por fin, o 29 de xullo de 1987 inscríbese formalmente a asociación, inicialmente constituída por 24 universidades públicas e o CSIC. Mercedes Brea será vicepresidenta da *AEUE* entre outubro de 1989 e novembro de 1990. Hoxe, a UNE (*Unión de Editoriales Universitarias Españolas*, a denominación e, parcialmente, os estatutos mudaron en 2007) é unha brillante realidade, constituída por case 70 editoriais de universidades e centros de investigación, e un referente na vangarda do mundo editorial español, europeo e iberoamericano.

Virando o rumbo para a casa, os esforzos da editora Brea por dotar ao seu secretariado dun dispositivo normativo que, entre outras cousas pero primordialmente, o recoñecese como o único organismo editorial da universidade, deixaron ao longo destes anos pioneiros un ronsel moi perceptible. Na reunión da Comisión de Publicacións de 6 de novembro de 1984, a directora anuncia a súa intención de redactar un regulamento actualizado e propoñelo en breve prazo para a súa discusión. Nesta e na reunión anterior da Comisión, xullo do mesmo ano —lembremos, a primeira de Brea como directora—, hai unha significativa insistencia en que deben concentrarse no secretariado de maneira exclusiva as funcións editoriais da universidade²² e clausurarse, xa que logo, os caóticos impulsos, moitas veces meramente persoais, que conducían a unha multiplicidade incontrolable de iniciativas editoriais. Na Comisión de 28 de decembro de 1984, a directora presenta un primeiro borrador de regulamento, redactado co estreito concurso do daquela vicerreitor Alfredo Bermúdez de Castro. Que a acta da reunión dedique seis páxinas ao debate sobre o regulamento, dá cabal idea das dificultades e arestas que o proxecto tiña. Resulta ben significativo que un membro da comisión poña en tea de xuízo o artigo 1 do borrador, relativo á exclusividade do *Secretariado de Publicaciones* para exercer as funcións editoriais da universidade, pero non o é menos que outro membro (*membra* neste caso) cualifique o proxecto de borrador de *birria*, pois, entre outras cousas, limita, na súa opinión, a capacidade da Comisión de Publicacións e potencia o poder do director. Lendo entre liñas, as encontradas posicións do debate testemuñan con nidez unha dinámica xeral nos xestores da edición universitaria daqueles tempos, que, polo demais, alicerzou o seu devir posterior: a conciencia do papel estratéxico das editoriais universitarias (ao estilo das *university*

22 A acta da reunión de 6 de novembro recolle, como parte da intervención do representante da Facultade de Física, Prof. Dr. Vicente Pérez Villar, que o secretariado é «a única *empresa* editorial de la universidad» (a itálica é miña), unha visión, por certo, profética, ademais de encomiable.

presses anglosaxonas) e a consecuente necesidade, case compulsiva, de constituír editoriais rigorosas, sistemáticas nos seus procedementos, profesionalizadas na súa acción técnica e, se ben claramente democráticas na toma de decisións por parte de entes colexiados, solidamente dirixidas, na execución das políticas editoriais, por directores con amplas capacidades de actuación.

O 24 de xaneiro de 1985 a Comisión de Publicacións dedica unha sesión extraordinaria a discutir o contido do regulamento. Tras un intenso debate, o seu artigo 1, pedra angular de todo o articulado normativo subseguinte, fica así: *O Servicio de Publicacións e Intercambio Científico é o único organismo da universidade capacitado para editar, comercializar e intercambiar libros, revistas e outras publicacións realizadas con cargo a fondos universitarios*. O regulamento do SPIC, meritorio logro persoal da directora Brea e o seu colaborador en tan complicado labor Bermúdez de Castro, é finalmente aprobado por Xunta de Goberno da Universidade o 23 de abril de 1985 —casualmente Día do Libro— e, malia reformado e actualizado en varias ocasións por imperativos legais, técnicos e organizativos, mantén incólumes os principios que orixinalmente o informaban: independencia, capacidade executiva, dirección bifronte (unipersonal: director, colexiada: comisión), definición de liñas editoriais, responsabilidade dos controis de calidade, financiamento...

No cadro normativo, así pois, que o Regulamento lle proporcionaba e co respaldo, se non unánime si frecuente, da Comisión de Publicacións, o papel de Mercedes Brea á fronte da editorial universitaria compostelá ata os mediados de 1990 é difícil de resumir pola intensidade de iniciativas e a diversidade de proxectos que estimulou e puxo por obra. Brea reunía, tal vez sen ela o saber, as condicións dos mellores editores: ilimitada capacidade de traballo; imaxinación e entusiasmo; amor profundo polo libro e dotes para o liderado e o traballo en equipo. Alén de todas as liñas de actuación «macroestruturais» ata o de agora descritas, que, cómpre salientalo, sentaron as bases do que hoxe son as prensas universitarias compostelás, algúns proxectos específicos de Brea roturaron sendas hoxe extraordinariamente fluídas, produtivas ou exitosas.

Unha, digamos, «xogada mestra» foi a elegante e extraordinariamente pragmática reorganización que o regulamento facía das iniciativas editoriais externas. Como xa se indicou, a pedra angular de todo o armazón normativo era converter o Secretariado no organismo reitor da edición universitaria e que todo proxecto editorial se sometese ao seu control. Pero, co sensato convencemento de que ningunha comisión se ía manifestar abondo soberana para xulgar sobre a calidade científica e a oportunidade editorial dos traballos de múltiples axentes universitarios (departamentos, institutos, grupos, proxectos de investigación...), o regulamento rasaba responsabilidade cientí-

fica e capacidade financeira, establecendo unha incontestable ecuación: toda vez que un departamento, instituto, grupo etc., respondera da calidade do seu proxecto editorial debía responder igualmente do seu financiamento. As iniciativas editoriais baixo o control do propio Secretariado (nomeadamente a veterana colección *Monografías*), pola súa parte, serían da súa responsabilidade financeira e, claro está, de avaliación da súa calidade científica. Como controlar esta? A través de procesos sistemáticos de avaliación por pares, mencionados por vez primeira nunha Comisión de Publicacións o 30 de decembro de 1985. No primeiro caso (as obras de responsabilidade científica e financeira externa), o sufragamento das edicións por parte dos departamentos, institutos, grupos etc., veríase compensada coa liquidación periódica do 90% do importe das vendas, retendo o Secretariado o 10% das mesmas en concepto de comisión polo seu traballo.

Outra sobresaínte iniciativa editorial de Brea foi a creación da colección *Biblioteca de Divulgación*: sobresaínte polo seu carácter pioneiro no seo da edición universitaria española, sobresaínte pola súa modernidade e sobresaínte pola intelixencia, científica e editorial, dunha proposta que constrinxía a autores universitarios, normalmente afeitos a un discurso limitado a especialistas, a baixaren á area da expresión divulgativa. A idea preséntaa Brea na reunión da Comisión de 31 de outubro de 1986, referíndose á necesidade de crear unha *serie de divulgación menos erudita e máis accesible ao público*. Inaugurada en 1989, co libro *O primeiro despertar cultural de Galicia*, de José Eduardo López Pereira, a *Biblioteca de Divulgación-Serie Galicia*, dende o seu inicio dirixida pola súa creadora, Mercedes Brea, leva publicados 34 exitosos volumes, moitos deles textos de referencia nas súas especialidades, premiados algúns con importantes galardóns, traducidos outros a castelán e editados por prestixiosas editoriais.

En xullo de 1990, seis anos despois de ter tomado posesión²³, remata o paso de Mercedes Brea como directora da editorial universitaria compostelá. A última Comisión de Publicacións á que asiste en tal calidade é do 3 de xullo do devandito ano. Neste mes, o día 17, toma posesión o novo reitor Ramón Villares, quen designa para a dirección de Publicacións ao profesor da Facultade de Ciencias da Educación Luís Sobrado.

Nunha visión de conxunto, como punto final ao relato dunha singradura profesional tan meritoria, a traxectoria de Mercedes Brea como editora universitaria reflicte

23 Interrompidos só co lapso febreiro-novembro de 1988, período no cal asumiu a dirección do SPIC o profesor Guillermo Rojo.

a natureza, proxectos e realizacións dunha época fundamental xa non só na edición senón na dimensión social da universidade, na profesionalización dos seus cadros, na modernización dos seus procedementos, na europeización das súas lindes.

De man da directora Brea, quen subscribe, naquela altura un bolseiro cunha licenciatura fresca como a tinta dunha maculatura, traspasou por vez primeira, outono de 1985, as portas da vella Casa Gradín, que, no campus sur universitario (para os composteláns de toda a vida a *Residencia* e hoxe Campus Vida) alberga as dependencias do Servizo de Publicacións. Acaso a directora intuía naquel bolseiro case imberbe certas dotes para a edición. Aquel bolseiro case imberbe, hoxe con trinta anos máis, nunca lle agradecerá abondo a confianza.

Bibliografía

- Actas SPIC= *Libro de Actas da Comisión de Publicacións da USC*, 1972-1985.
- Barbier, F. (2005), *Historia del libro*, Madrid: Alianza Editorial.
- Cordón García, J. A. et al. (2013), *El ecosistema del libro electrónico universitario*, Madrid: UNE.
- De Ridder-Symoens, H. (1999), «Administración y recursos», en Walter Rüegg (ed.), *Historia de la universidad en Europa*, Vol. II, *Las universidades en la Europa moderna temprana (1500-1800)*, Bilbao: Servicio Editorial de la Universidad del País Vasco.
- García Naharro, F. (2015), «La edición académica. Las ediciones científicas y el libro técnico», en Martínez Martín (dir.), *Historia de la edición en España 1939-195*, Madrid: Marcial Pons, pp. 759-782.
- González de la Calle, P. U. (1945), «Elio Antonio de Nebrija. Notas para un bosquejo biográfico», *Thesaurus. Boletín del Instituto Caro y Cuervo*, 1, 1945. pp. 80-129
- Gieysztor, A. (1994), «Administración y recursos», en Walter Rüegg (ed.), *Historia de la universidad en Europa*, Vol. I, *Las universidades en la Edad Media*, Bilbao: Servicio Editorial de la Universidad del País Vasco.
- Escolar Sobrino, H. (2000), *Manual de historia del libro*, Madrid: Gredos.
- Martínez Martín, J. A. (dir.) (2015), *Historia de la edición en España 1939-195*, Madrid: Marcial Pons.
- Pérez Guerra, A. (1983), «Programación y derechos de autor preocupan a los servicios de publicaciones», *ABC*, 13.03.83: 46.
- Puy Muñoz, F. (2015), *El Secretariado de Publicaciones, Intercambio Científico y Extensión Universitaria de la USC en los años 1966-69. Notas a vuelapluma* [inédito].
- REBIUN (Red de Bibliotecas Universitarias Españolas-CRUE), 2000, *Ex-libris universitatis. El patrimonio bibliográfico de las universidades españolas*.

- Rial Costas, B. (2007), *Producción y comercio del libro en Santiago (1501-1553)*, Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago; Madrid: Calambur.
- UNE (Unión de Editoriales Universitarias Españolas) (2007), *Memoria conmemorativa. 20 aniversario*, Santander: PubliCAN Ediciones; Madrid: UNE.
- (2011), *Las editoriales universitarias en cifras*, Madrid: UNE
[http://www.une.es/media/Ou1/Image/webnoviembre2011/Las Editoriales Universitarias en cifras.pdf](http://www.une.es/media/Ou1/Image/webnoviembre2011/Las%20Editoriales%20Universitarias%20en%20cifras.pdf) [citado 15 set 2015]

Io mi son un che quando amor mi spira, / noto...

CORRADO BOLOGNA
Scuola Normale Superiore - Pisa

1. Alla voce *Aristotele* il grande lessico bizantino conosciuto come *Suda*, o *Suida*, offre una straordinaria definizione: «Aristotele era lo scriba della natura, che intinge la penna nel pensiero» (Suida 1928-1938: Adler a 3930). Le *Etymologiae* di Isidoro di Siviglia, la prima enciclopedia medioevale d'Occidente, riprendendo un'idea di Cassiodoro, propongono una versione lievemente diversa: «Aristoteles, quando Oerihermeneias scriptabat, calamum in mente tinguebat», cioè: «Aristotele, quando scriveva il trattato *Sull'Interpretazione*, intingeva la penna nella mente»¹. Giorgio Agamben ha evocato i due brevi testi aprendo un finissimo saggio dedicato al paradosso dello scriba che preferisce non scrivere negando e insieme affermando se stesso: quel Bartleby ideato da Hermann Melville che asserisce ripetendo monotonamente una formula negativa, «I would prefer not to» (in italiano: «Preferisco di no»; ma in francese si potrebbe tradurre, riprendendo il suggerimento di Maurice Blanchot, che accentua ancora di più la sospensione: «Je préférerais ne pas»). Queste pagine sullo scriba che «preferirebbe non scrivere» sono state pubblicate in italiano insieme a un acuto lavoro di Gilles Deleuze sul copista negato di Melville. Così Agamben commenta i due

1 Isidoro di Siviglia, *Etymologiae*, II 27, 1, in Lindsay 1911, I (le pagine non sono numerate).

antichi enciclopedisti: «Decisiva non è tanto l'immagine dello scriba della natura [...], quanto il fatto che il *nous*, il pensiero o la mente, sia paragonato a un calamaio in cui il filosofo intinge la propria penna. L'inchiostro, la goccia di tenebra con cui il pensiero scrive, è il pensiero stesso» (Agamben 1993: 50)².

Ed è proprio in una pagina di Aristotele (non nel *De interpretatione*, bensì nel terzo libro del *De anima*) che si scova l'immagine da cui probabilmente è scaturita l'intera tradizione di questo *tópos* chiamato a determinare in una formula *la potenza del pensiero*: per l'intelletto «le cose stanno proprio come per la tavoletta (*grammatéion*), dove nulla è scritto in entelechia: è proprio quel che avviene per l'intelletto»³.

Questo testo aristotelico ha viaggiato nei secoli accompagnato dalla riflessione del Commentatore per antonomasia, Averroè, discusso dopo il 1250 in tutte le Università medioevali, a partire da quella di Napoli a cui Federico II donò la versione latina compiuta dal filosofo e astrologo di corte, Michele Scotto. Lessero il commento di Averroè anche Tommaso d'Aquino, che confutò il pensiero averroista in un celebre trattato, *Contra Averroistas*⁴, e poi, attraverso Tommaso, anche Guido Cavalcanti e Dante Alighieri, i quali separarono le loro sorti umane e poetiche forse proprio a causa di una diversa lettura della categoria aristotelica di *intelletto*, da cui conseguì un'interpretazione radicalmente diversa del ruolo che il libero arbitrio ha nel destino umano, quindi anche dei limiti posti alla ragione nella salita progressiva a stati spirituali elevati.

Dice dunque Averroè (che cito dalla fondamentale traduzione commentata di Alain de Libera): «il faut comprendre ce que nous venons de dire de cette signification générale – celle de la passivité qui est dans l'intellect – à savoir qu'il s'agit d'une pure réception, sans changement, comparable à la réception d'une image sur une tablette. De même, en effet, qu'une tablette ne pâtit pas du fait de l'image et qu'elle ne subit aucun changement à cause d'elle, mais ne présente le caractère (*intentio*) de la passion qu'au sens où elle est parfaite par l'image, après avoir été peinte en puissance, de même en va-t-il pour l'intellect matériel»⁵. De Libera in una nota segnala che «Averroès fait lui-même référence à l'exemple du géomètre – un grammarien dans le texte original – chargé d'éclairer la différence entre savant en puissance et savant en acte,

2 Dello stesso Agamben si leggano anche le magnifiche pagine dedicate a *La potenza del pensiero*, in Agamben 2005.

3 Cfr. Aristotele, *De anima*, III, 430a1-2.

4 Un «commento continuo» al *De unitate intellectus contra averroistas* è stato realizzato da A. de Libera (2004).

5 Cfr. 98 (III, comm. 14 [= *De an.* III, 4, 429b29-430a2]).

[...] qui elle-même illustre les différents sens de *puissance* [...] et d'*entéléchie* [...]. Le mot *changement* renvoie donc ici à l'altération»⁶.

Non si può non ricordare che nei versi finali della *Commedia* Dante illustra l'idea dell'incommensurabilità e ineffabilità dell'Essere supremo, ossia l'*idea dell'Essere*, ricorrendo alla stessa metafora dell'architetto-geometra incapace di far combaciare la sapienza con la conoscenza, la potenza del suo pensiero con la pensabilità dell'impensabile: «Qual è il geometra che tutto s'affige / per misurar lo cerchio, e non ritrova, / pensando, quel principio ond'elli indige...» (*Par.*, XXXIII 133-135). Questa *incommensurabilità* è, sul piano ontologico, *consustanziale all'essere della mente*, alla sua naturale potenza/impotenza: «La mente», propone ancora Giorgio Agamben, «è [...] non una cosa, bensì un essere di pura potenza e l'immagine della tavoletta per scrivere su cui nulla è ancora scritto serve appunto a rappresentare il modo in cui esiste una pura potenza. Ogni potenza di essere o di fare qualcosa è, infatti, per Aristotele, sempre anche potenza di non essere o di non fare (*dynamis me éinai, me energheín*). [...] Questa "potenza di non" è il cardine segreto della dottrina aristotelica sulla potenza, che fa di ogni potenza di per se stessa una impotenza (*tou autoú cai catá autó pása dynamis adynamía, Met. 1046a, 32*)» (Agamben 1993: 52).

2. Fra l'evento della scrittura e la natura dell'«intelletto possibile» esiste una tale compenetrazione che i due poeti più alti del Medioevo italiano, Cavalcanti e Dante, unici, che io sappia, in tutta la cultura europea, colgono in questa identificazione il punto genetico della loro ispirazione. La mente, tavoletta per scrivere (o per dipingere), è la *dýnamis* in cui lo scrivere «può» e «può non» realizzarsi, traducendosi in atto. Ma proprio in questo punto critico mi sembra che l'aristotelismo dantesco superi definitivamente e rimetta in gioco sé stesso, nel momento definitivo in cui l'origine dell'ispirazione viene a coincidere con la frontiera del pensabile: nei versi che chiudono la *Commedia*, là dove invano cerca «come si convenne l'imgo al cerchio, e come vi s'indova», finché «all'alta fantasia qui mancò possa» (*Par.*, XXXIII 137-138 e 145). Il «geometra» di Averroè (o il «grammatico» di Aristotele) conoscendo attraverso l'immagine, che nel lessico aristotelico è *phántasma*, coglievano, secondo la glossa di Alain de Libera che ricordavo, «la differenza fra sapere in potenza e sapere in atto»; invece Dante-«geometra» desiste dinanzi a questa frattura, accetta che quella «tavoletta» che è il

6 Cfr. de Libera 1998: 258, nota 366 (relativa al passo di Averroè citato).

suo pensiero sia impotente a *figurare l'infigurabile*, quella che Jacopone da Todì in una stupenda lauda definì «enfigurabel luce», che nessuno «po' figurare» (Leonardi, 2010: 205, n° 92).

Desiste infine Dante, dopo aver rischiato di doverlo fare tre canti prima, di fronte all'impossibilità di descrivere in poesia la bellezza di Beatrice e del Paradiso: «ma or convien che mio seguir desista / più dietro a sua bellezza, poetando, / come a l'ultimo suo ciascun artista» (*Par.*, XXX 31-33); tuttavia allora il canto continuò, la poesia scavalcò l'abisso della luce inaccessibile (Ariani 2010). Desiste, ora, perché in lui, con lui, in quell'istante estremo in cui si richiederebbe di dar figura a ciò che non può essere figurato, immagine a ciò che non può essere immaginato, parola a ciò che non può essere detto, *deve desistere ogni uomo*. Però se Dante-poeta non aveva rinunciato, «poetando», a trascrivere in versi la pura Bellezza, sulla soglia della fine del poema Dante-*Everyman* «non ritrova, / pensando, quel principio ond'elli indige» perché *è qui in discorso proprio il limite del pensare*, non solo quello del dire, dell'esprimere: il pensiero-«tavoletta» dell'essere umano, infatti, non ha potenza di pensare come immagine, figurandolo, «il principio», ossia l'*arché*, l'origine.

Negli ultimi versi della *Commedia*, cedendo a un'istanza più profondamente umana, sottrattiva, legata all'idea del limite irrimediabile, Dante compie la propria opera lasciando incompiuto in essa, sulla soglia di uscita, *l'evento del pensiero poetante*. «A l'alta fantasia qui mancò possa. / Ma già volgeva il mio disio e 'l velle / si come rota ch'igualmente è mossa / l'Amor che move il sole e l'altre stelle» (*Par.*, XXXIII 142-145). L'*exitus* dantesco non si configura dunque come *annihilatio* mistica, bensì nei termini, che credo possano venir ricondotti ad una linea di pensiero agostiniano-bonaventuriano, della ribadita, ferma certezza d'una *impossibilità di finire* coincidente con *l'impossibilità di incominciare*, cioè di cogliere «il principio», l'*arché*, l'origine e il senso del proprio pensare e poetare. Tanti secoli più tardi, ma su un identico orizzonte, il «naufagar» che «è dolce» a Leopardi nel mare dell'«infinito», concluderà la lunga navigazione «per lo gran mar dell'essere», su cui si era aperto il *Paradiso* (*Par.*, I 113). Viene così sigillato (se mi è lecito riprendere per Dante una formula che Carlo Ossola ha suggerito per le *Figures de l'ébauche à l'âge baroque*) l'emblema spirituale ed esistenziale «d'une finitude qui ne peut que "préluder" – comme le dira plus tard Leopardi –, sans répit, attendant pour grâce et pour *parousia* l'accomplissement» (Ossola, 2004: 70).

3. L'attesa messianica che il testo si compia, naufragando nel silenzio, è consustanziale alla sua finitudine. Insieme alla questione dell'impossibilità di finire un testo poetico, in quella «*hésitation prolongée entre le son et le sens*» che, secondo la celebre definizione di Paul Valéry (*Rbumbs*, ed. Hytier, 1960, II: 637), è la poesia, rimane aperta l'altra questione: l'impossibilità di incominciare.

Come «incomincia» un testo? E «dove», in che «luogo», fisico o mentale? E soprattutto, «chi» lo fa incominciare? Da «dove», improvvisa e inattesa, «viene» l'ispirazione? In che maniera, e attraverso quali percorsi, l'artista scrive (o forse legge) sulla «tavoletta» della mente le immagini e le parole in cui prende forma di parola il suo intelletto (o forse dovremmo dire «il suo pensiero»), che così si incarna come lo Spirito nel Logos? In che modo si manifesta in forma di parole l'evento della genesi poetica?

Nel cuore della *Commedia*, nel canto XXIV del *Purgatorio*, il primo di una breve ma densa serie (canti XXIII-XXVI) dedicata ad un confronto con la tradizione della poesia lirica romanza, specie provenzale, siciliana e toscana, Dante offre una risposta di altissimo valore concettuale, poetico e poetologico al problema dell'origine all'ispirazione dell'artista, facendo cenno non più alla figura della «tavoletta» o del «libro», ma a quella dell'atto di «dettatura» del testo che il poeta scrive (ovvero, di fatto, *tra-scrive*), formandolo in «note», e quindi dandogli forma verbale: anche se con tutta probabilità il verbo «notare» fa allusione anche alla natura armonico-musicale dell'ispirazione. In particolare Dante insiste sul soggetto creatore e ispiratore: che non è il Poeta, ma Amore, attore, nel momento della creazione, della duplice azione di *spirare* e di *ispirare*.

I versi sono celebri: «I' mi son un che quando / Amor mi spira, noto, e a quel modo / ch'e' ditta dentro vo significando» (*Purgatorio*, XXIV 52-54). Dante nel suo viaggio allegorico è «un uomo», perché, alla lettera, è *chiunque di noi e tutti noi* allo stesso tempo. È *ciascuno di noi*, perché quello che la *Commedia* traduce il parole, il «cammino» della sua vita, è il «cammin di nostra vita». Dante è *Everyman*, ogni uomo, l'Uomo, che, suggerì acutamente Ezra Pound, Dante impersona: «la *Commedia* è [...] il viaggio dell'intelletto di Dante attraverso quegli stati d'animo in cui gli uomini, di ogni sorta e condizione, permangono prima della loro morte; inoltre Dante, o intelletto di Dante, può significare "Ognuno", cioè "Umanità"»⁷.

7 Cfr. E. Pound, *Dante*, in Pound 1910; tr. it. in. Rachewiltz 1970: 802-860 (a p. 813, nella prima pagina del capitolo *L'Inferno*); ora in Id., *Dante*, a cura di C. Bologna e L. Fabiani, Venezia: Marsilio, 2015, pp. 27-68 (a p. 36).

«I' mi son un che quando / Amor mi spira, noto...». Dante sembra qui voler mettere fra parentesi il proprio intelletto, la propria soggettività: dice «io», insistendo sul pronome, ma immediatamente mitiga dichiarando di essere «uno che...», quasi per spostare il carico ontologico-pronominale su una terza persona astratta, generica. L'Uomo, l'Umanità, appunto. E subito dopo aggiunge i versi fondamentali, che descrivono l'evento del soffio-spirazione da parte di Amore e il «servizio» di trascrizione, esecutivo, a cui il poeta si dispone trasformandosi in copista di un *dictator*, nell'amanuense che ascolta le parole del maestro e le trascrive esattamente, fedelmente, conservandone il *modus*, nella tavoletta del libro della memoria: «a quel modo / ch'e' ditta dentro vo significando».

4. La fedeltà del copista, attento a *notare* con precisione la dettatura del *dictator* per garantire la conservazione e il ritorno all'Originale, fa sì che l'ispirazione nell'atto in cui «crea» coincida con una trascrizione, e quindi la creazione consista nell'ascolto attento di una voce interiore (Bologna 1992)⁸, del suo *dictare* di cui i versi sono l'eco, la verbalizzazione. Il poeta ode quella «voce» che lo guida, così come un allievo fa durante l'ora di lezione, a scuola. La trascrizione dei *verba* pronunciati dal maestro mentre detta, *dictat*, genera un processo che Dante definisce *significazione*. Il copista «fa passare» nella copia la voce dell'Originale: il senso verrà, alla fine, a riempire anche la copia fedele, così come riempi l'Originale di cui il copista è testimone e garante. A «dare senso» alla fatica dello scriba è la *significazione*, ossia la trascrizione scritta della voce del *dictator*, che sarà dunque allo stesso tempo un magistrale *dettatore* che «ditta dentro» il cuore e la mente del poeta battendo il tempo della «canzone-vita», sillaba dopo sillaba, e un imperioso *dittatore* che non ammette deroghe al proprio volere, come quell' «amor tyrannus» di cui Dante stesso descrive l'orrore e la violenza imperiosa nella lettera a Moroello Malaspina che accompagna l'invio della canzone detta «montanina» (Bologna 2004: 18 ss)⁹.

E «scriba», appunto, Dante si definisce letteralmente in *Paradiso* (X 27): «Messo t'ho innanzi: omai per te ti ciba; / ché a sé torce tutta la mia cura / quella materia ond'io son fatto scriba». Il suo libro, la *Commedia*, non l'ha scritto lui, con la sua mano di copista: a comporre il poema dell'Universo «ha posto mano cielo e terra» (*Par.*, XXV 2). Se Aristotele, s'è detto, era pensato in antico come «lo scriba della natura»,

8 Cfr. soprattutto il capitolo *La voce del Silenzio*, pp. 29-34.

9 Il testo in Capovilla 1994; Allegretti 2001; Fenzi 2003.

dell'Universo è scriba Dante, questo Bartleby al negativo, che rinuncia a rinunciare per scegliere l'atto, l'esecuzione, la realizzazione, ascoltando la *voce di dentro* e fermandola in parole sulla tavoletta della mente: così, all'inizio della giovanile *Vita nova*, aveva sottolineato che suo «intendimento» era «d'asemplare» (cioè di «esemplare», dunque di «trascrivere») nel «libello» che andava componendo «le parole» «scritte nel libro della memoria»; «e se non tutte, almeno la loro sententia» (*Vita Nova*, I 1. (De Robertis - Breschi 2012: 3). La prima e l'ultima opera di Dante confermano dunque che l'intera fatica creativa del poeta è la trascrizione in un libro di carta, composto di parole, di un altro libro virtuale, evidentemente quello che il *magister* interiore tiene sotto gli occhi mentre *dictat*: l'Originale, l'Origine, il Principio che fedelmente si testimonia, ma che invano si cerca di raggiungere.

L'ascolto di Amore che «detta dentro» nell'atto stesso dello «spirare» (non «sempre», ma di «quando» in «quando») esige il rispetto puntuale del «modo» di questo *dictare*. E «modo» equivale al latino *modus*, che già nella cultura classica esprime una valenza musicale, corrispondendo alla «misura» del suono, alla sua durata e altezza e dinamica: «Saepe dicitur de mensura sonorum et vocum, unde musica ratio, et carminum metra constant», puntualizza il classico *Lexicon totius latinitatis* del Forcellini: «spesso si dice della misura dei suoni e delle voci, da cui la musica trae la sua essenza, il suo senso, e che in poesia è costituito dalla scansione metrica» (Forcellini 1833, III: 94b). L'accezione musicale, ritmico-acustica, del *modus* secondo cui il *dictator*-Amore *dictat* e l'allievo che ode risuonarlo «dentro» di sé *notat* (come ho accennato il termine «notare» varrà nel contempo, in un elegante gioco di parole esplicito in italiano, «annota» e «trascrive le note», ossia «le parole»), rende palpabile la teoria agostiniana degli *affectus*, delle emozioni e delle passioni, che ben al di là dell'intellettualismo aristotelico-tomistico imprime il suo sigillo sulla poetica che Dante ferma nei versi di *Purgatorio* XXIV.

Mentre proclama: «I' mi son un che quando / Amor mi spira, noto, e a quel modo / ch'è ditta dentro vo significando», Dante ha di certo nella mente un passo bellissimo e importante delle *Confessioni* di Agostino, libro caro e presente alla sua memoria in tutto il poema, fino agli ultimi versi. Fra il X e l'XI libro, dopo aver trattato della memoria e della rappresentazione interiore delle immagini attraverso cui si conserva la percezione transeunte della realtà («affectionem, quam res praeterentes in te faciunt et, cum illa praterierint, manet»: «l'impressione che le cose lasciano in te al loro passaggio, e che rimane dopo che sono passate»: *Conf.*, XI 27, 36, 1991: 466), Agostino giunge a trattare il tema difficile e fondamentale della natura del tempo, l'«implicatissimum aenigma» della sua misura. E qui pone le basi dell'intera riflessio-

ne moderna intorno alla fenomenologia della temporalità, che muovendo da Dante, appunto, e da Petrarca, giunge ai moralisti come Montaigne e Pascal, agli psicologi o filosofi come Bergson e Husserl, agli scrittori come Leopardi, Baudelaire, Proust, Pessoa¹⁰: «metimur [...] cum praeterit; cum autem praeterierit, non metimur: quid enim metiatur, non erit», «lo misuriamo [...] quando passa; quando è passato, non lo misuriamo: non ci sarà più nulla da misurare» (*Conf.*, XI 21, 37, 1991: 454)).

Immediatamente nel discorso di Agostino sboccia l'esempio della poesia e della musica: «Mi appresto a cantare una canzone, che conosco: prima di cominciare, la mia attesa è rivolta all'intera canzone, ma dopo che ho cominciato, tutto quello che via via consegno al passato riempie la mia memoria [...]. E man mano che l'azione si compie, proporzionalmente diminuisce l'attesa e cresce la memoria, finché l'intera attesa è consumata e l'intera azione, portata a termine, è passata nella memoria. E ciò che avviene per l'intera canzone avviene anche per le sue singole parti e le sue singole sillabe, e avviene anche per un'azione più lunga, [...] avviene la vita intera dell'uomo (*tota vita hominis*), di cui sono parti le singole azioni dell'uomo, e avviene nell'intera storia "dei figli degli uomini", di cui sono parti tutte le vite degli uomini» (*Conf.*, XI 28, 38, 1991: 470). «Tota vita hominis», «la vita intera dell'uomo», si svolge e fluisce come il fiume delle note musicali, scandendosi al modo delle misure sillabiche di una canzone che scorre nella memoria di chi la canta. Qui si tocca il momento più alto dell'identificazione, peculiarmente agostiniana, della vita e dell'opera: nella *Commedia* dantesca questa identità si intensifica in un alto emblema di ascensione spirituale, nel bonaventuriano (cioè, ancora una volta, agostiniano) *Itinerarium mentis in Deum* che è l'ascensione paradisiaca della mente attraverso i suoi «stati» sempre più raffinati, sempre più alti¹¹.

La vita è una canzone, condivide la natura della poesia: «tota vita hominis», «nel mezzo del cammin» della quale incomincia la *Commedia*; ed anche, secoli più

10 Rinvio, per la presenza viva di Agostino nel pensiero e nella scrittura della modernità (in particolare per quanto concerne il *Livro di Desasocego* di Fernando Pessoa, riletto nell'edizione in 2 volumi curata a Lisbona nel 2010 da Jeronimo Pizarro), a quanto ho scritto in Bologna 2012, specie pp. xxviii-xxxv. Intui la continuità di questa genealogia spirituale il poeta Giuseppe Ungaretti, che la teorizzò in una lettera a Geno Pampaloni del 28 dicembre 1950: «La storia della poesia italiana è semplice: il suo segreto è sempre in Agostino, sia direttamente, come in Petrarca, sia indirettamente, come, attraverso Pascal, in Leopardi» (Ungaretti - Bigongiari 2008). Cita con acuta ermeneutica questo e altri documenti Carlo Ossola nella sua *Introduzione* a G. Ungaretti (Ossola 2009: xxix-xxx). Rinvio anche alle considerazioni che ho svolto in Bologna 2012: v-xlviii, specie pp. xxxiii.

11 Cfr. E. Pound, *Dante*, in *Lo spirito romanzo*, in Id., *Saggi scelti* cit., p. 814, ed ora in Id., *Dante* 2015, p. 37.

tardi, sotto il cui emblema, come Carlo Ossola ha finemente rilevato, l'«agostiniano in attesa di grazia» Giuseppe Ungaretti pone l'intera sua opera poetica, «convoca[ndo] tutta la storia del genere umano – anche la *Vita hominis*, la *Vita d'un uomo*»¹².

Aínda que a II cobra actúa de paréntese na representación feminina ao estenderse o tema do desprezo do mundo esbozado nos versos iniciais, a III cobra recolle e amplía os primeiros versos coa insistencia no desamparo no que queda a humanidade coa súa desaparición e, o que é máis importante, reforza a louvanza feminina a través de secuencias hiperbólicas totalizadoras:

[...], poys non leixou hy
nenhun conorto e levou d'aqui
a bona Raynha, que end'é fora,
dona Beatrix! Direy-vus eu qual:
non fezo Deus outra melhor nen tal,
nen de bondade par non lh'acharia
home no mundo, par Santa Maria!
(vv. 18-24).

Nótese a construción sintáctica dos versos finais a través de series coordinadas en forma negativa (*non... nen... nen... non*) para dar relevo á carga semántica de desolación e afición que determina a noción da morte, presente na composición.

A concentración dos elementos temáticos arredor do eloxio á dama é patente e visible. Pero da Ponte para resaltar as virtudes de «Beatrix» selecciona cualificativos laudatorios comúns e xerais, que non aportan información particular sobre a súa figura: o apelativo «bona Raynha»²¹ é reforzado a través do superlativo «outra melhor», dous versos máis adiante, e logo reiterado na expresión amplificadora «de bondade par

21 Michaëlis propón a lectura «a bõa rainha» (461, v. 20).

non acharía home no mundo»²². O poeta enxalza pois a boa disposición e a 'bondade' dunha raíña²³, sen alusións concretas ás nocións das características da *descriptio* física da finada nin a uns méritos pormenorizados²⁴.

En conclusión, a figura de Beatriz de Suabia é posta de relevo grazas á intervención de Alfonso X, quen quixo que a súa pegada perdurase non só na representación artística da Capela Real de Sevilla, senón tamén no acervo lírico da tradición poética galego-portuguesa (profana e relixiosa). O seu fillo deixou patente o recordo da súa nai en dous relatos miraculísticos das *CSM* e seguramente tamén interveu na iniciativa poética de Pero da Ponte, con quen tiña unha «constante ligação» (Oliveira 1994: 543) para que compuxera unha *laudatio* fúnebre, o único *pranto* feminino das nosas letras, que contribuiría a exaltar a liñaxe rexia e as súas aspiracións imperiais. Unha significativa e notable excepción no panorama da «assenza pressoché totale della funzione encomiastica presso i poeti galego-portoghesi» (Bertolucci 1998: 42).

Bibliografía

- Bertolucci Pizzorusso, V. (1998), «La funzione encomiástica nei trovatori provenzali e galego-portoghesi», in A. Toubert (ed.), *Le Rayonnement des Troubadours. Actes Colloque de l'AIEO (16-18 oct. 1995)*, Amsterdam: Rodopi, pp. 41-49.
- Bertolucci Pizzorusso, V. (2001), «La mort de la dame dans les genres lyriques autres que le *planb*», in G. Kremnitz et alii (eds.), *VI Congrès Intern. de l'AIEO (12-19 sept. 1999). Le rayonnement de la civilisation occitane à l'aube d'un nouveau millénaire*, Wien: Praesens, pp. 327-333.
- Brea, A. J. (2000), «Os prantos galego-portugueses», in M. Brea (coord.), *Literatura*, t. XXX: *Idade media*, A Coruña: Hércules de Ed., pp. 284-293.
- Brea, M. (1990), «Dona e senhor nas cantigas de amor», *Estudios Románicos 4 (Homenaje al profesor Luis Rubio)*, vol. I, pp. 149-170.

22 Cropp sinala este epíteto como característico da *descriptio* feminina na lírica occitana (1975: 153-154).

23 A 'bondade' é unha cualidade especialmente destacada da *senhor* en *Quer'eu em maneira de proença* de D. Denis, *O ouç'eu dizer hũu veru'aguysado* de E. Fernandiz d'Elvas, *Amia senhor, que me ten en poder* de J. Airas, *Muytos que mh-oen loar mba senhor* de J. Lobeira, *Sennor fremosa, pois que Deus non quer*, e *Tanto falam do vosso parecer* de P. Gomez Charinho. Sobre o campo sémico da 'louvanza da dama', vid. Tavani 1998: 110.

24 En futuros estudos abordaremos a análise pormenorizada deste *pranto* no marco da tipoloxía románica e en relación cos outros *planbs* femininos conservados.

- Colmenero López, D. (2010), «La boda entre Fernando III el Santo y Beatriz de Suabia: motivos y perspectivas de una alianza matrimonial entre la Corona de Castilla y los Stauffer», *Miscelánea Medieval Murciana* 34, pp. 9-22.
- Cropp, G. M. (1975), *Le vocabulaire courtois des troubadours de l'époque classique*, Genève: Droz.
- Falque, E. (2003) (cura et studio), *Lucae Tudensis Chronicon mundi*, Turnhout: Brepols.
- Fernández Fernández, L. (2012), «Muy noble, et mucho honrado. La construcción de la imagen de Fernando III», in C. de Ayala – M. Ríos (eds.), *Fernando III. Tiempo de Cruzada*, México-Madrid: UNAM – Silex, pp. 137-174.
- Filgueira Valverde, X. (1977), «El 'Planto' en la Historia y en la Literatura Gallega», in Id., *Sobre lírica medieval gallega y sus perduraciones*, Valencia: Bello, pp. 9-115.
- Fournès, Gh.(2000), «Alphonse X, auteur et acteur des *Cantigas de Santa María*», *Cahiers de linguistique hispanique médiévale* 23, 1, pp. 349-361.
- González Jiménez, M. (2002), «Fernando III el Santo y Alfonso X el Sabio: a propósito de su 750º aniversario», *Boletín de la Real Academia Sevillana de Buenas Letras* 30, pp. 73-86.
- González Jiménez, M. (2006), *Fernando III el Santo*, Sevilla: Ed. Fundación José Manuel Lara.
- Jensen, F. (1993), «Pranto», in G. Lanciani – G. Tavani (coord.), *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa*, Lisboa: Caminho.
- Mattoso, J. (1997), «O pranto fúnebre na poesia trovadoresca galego-portuguesa», in E. Finazzi Agrò (a cura di), *Per via. Miscellanea di studi in onore di G. Tavani*, Roma: Bulzoni, pp. 205-223.
- Mettmann, W. (1988) (ed.), *Cantigas de Santa María*, Madrid: Cl. Castalia, 3 vols.
- Michaëlis de Vasconcelos, C. (1990) (ed.), *Cancioneiro da Ajuda*, reimpr., Lisboa: Casa da Moeda – Imprensa Nacional, vol. I.
- Molina López, L. (2014), «El ajuar funerario de Beatriz de Suabia: elementos para una propuesta iconográfica del simulacro de la reina en la Capilla de los Reyes de la Catedral de Sevilla», *Anales de historia del arte* 24 (extra), pp. 373-388 (accesible en: http://dx.doi.org/10.5209/rev_ANHA.2014.48283, consulta 06/10/2015).
- Oliveira, A. Resende de (1994), *Depois do espectáculo trovadoresco: a estrutura dos cancioneiros peninsulares e as recolhas dos séculos XIII e XIV*, Lisboa: Colibri.
- Panunzio, S. (1992) (ed.), *Pero da Ponte, Poésias*, Vigo: Galaxia (trad. ital. 1967).
- Paredes, J. (2010) (ed.), *El cancionero profano de Alfonso X*, ed. crít. con trad., notas y glosario, *Verba*, Anexo 66.
- Pelosini, R. (1999), «Contrafazione e imitazione métrica nel genere del compianto fúnebre romanzo», in *Métriques du Moyen Age et de la Renaissance. Actes du Colloque Int. du Centre d'Etudes Métriques (1996)*, Paris-Montreal: L'Harmattan, 1999, pp. 207-232.
- Riquer, M. de (1975), *Los trovadores. Historia literaria y textos*, Barcelona: Planeta, 3 vols.
- Rubio Flores, A. R. (2002-2003), «El milagro de la curación de doña Beatriz y la conquista de Capilla (CSM 256)», *Alcanate* 3, pp. 297-308.

- Sánchez Ameijeiras, R. (2002), «La fortuna sevillana del Códice Florentino de las Cantigas: tumbas, textos e imágenes», *Quintana* 1, pp. 257-273.
- Tavani, G. (1998), *A poesía lírica galego-portuguesa*, Galaxia: Vigo.
- Thiry, Cl. (1978), *La plainte funèbre*, Typologie des sources du M. Age occidental, Turnhout: Brepols, 1978.
- Valdeón Baroque, J. (2004-2005), «Alfonso X y el Imperio», *IV Semana de Estudios Alfonsíes*, *Alcanate* 4, pp. 243-255.

O amigo melfitano (II)

JOSÉ LUÍS COUCEIRO PÉREZ

Universidade de Santiago de Compostela

O libro que o seu autor melfitano, Nicola Albani, non puido ver impreso en vida foi, sen embargo, o elixido e adoptado como obsequio institucional naquel ano de 1993 —dous séculos e medio despois— polo Consorcio de Santiago e publicado con todo o coidado por Edilán, empresa de recoñecido prestixio nestes labores. Sería o número I da Biblioteca Facsimilar Compostelana, dirixida por Darío Villanueva, o actual Director da Real Academia Española. A obra titúlase *Viaje de Nápoles a Santiago de Galicia*¹, que será obxecto de futura documentación e estudo.

As observacións e percepcións de conxunto que anota Albani, sobre todo as referidas ó medio físico e ós modos de vida do noroeste peninsular, fan aconsellable que se traten unitariamente aquelas, xa a partir de León e sen ter en conta as posibles marcas fronteirizas das que, por outra banda, el é ben consciente. Iguais consideracións faremos para o norte de Portugal, por onde pasará ata tres veces.

Se a calidade literaria non é unha das virtudes do diario, deixando de lado a experiencia vital e humana que significa tan longa peregrinación, qué é o que hoxe pode levar a un lector a dedicarlle tempo e un certo esforzo á lectura destas páxinas? Pensamos que, cando menos, podería haber un dobre motivo: o primeiro é a visión

1 O título breve que lle dera no seu momento N. Albani foi o seguinte: *Verídica Historia o' sia Viaggio da Napoli a S. Giacomo di Galizia*. Así, pois, hoxe temos N. Albani, *Viaje de Nápoles a Santiago de Galicia*, Madrid, Edilán para Consorcio de Santiago, 1993, 291 páxinas con 21 láminas.

directa e sen prexuízos que Albani dá das terras que pisa en Galicia, singularmente de Santiago. Non son moitos os testemuños cos que contamos para esta época, aínda que algún deles é ben interesante, como os relatos que deixa a peregrinación de Cosme de Médicis e o seu séquito no século XVII; ata que Albani non faga o seu diario non teremos nada semellante, polo menos en italiano. O segundo motivo, sería o de tratar de calibrar, dende un punto de vista léxico, a actualidade da lingua empregada.

Vexamos o primeiro aspecto. O capítulo XI iníciase coa saída de León o día 14 de novembro de 1943 e concluírase coa chegada a Compostela o día 25, é dicir, once días despois, facendo etapas relativamente cómodas en canto á distancia, a menos que aparecera mal tempo: son uns 300 kms que cobre en doce días reais. Situándose na capital, sabe da antigüidade e importancia política no seu tempo de León e da súa sona arquitectónica, pero chámalle moito a atención que unha urbe tan notable pase moitos meses coas rúas cubertas de auga, de tal xeito que as xentes gastan maiormente botas e zocos. No inverno a cidade queda baixo a neve durante meses, fenómeno meteorolóxico que prolonga ata a mesma Compostela. Albani anticipa, pois, algo que coñecerá no futuro e que, en datas posteriores e con tempo, en Compostela ou xa en Nápoles, consignará por escrito.

Ese primeiro día axuda a apagar un incendio en San Miguel del Camino, onde arden casas e albós, entre atagallidos de mulleres e nenos; os poucos vellos que quedan no lugar non son capaces de dominar as lapas. Bota en falta a presenza de mozos entregos e de adultos vigorosos. Anota que esa ausencia débese ás continuas levas promovidas polo rei, e así, cando os rapaces chegan ós 16 ou 18 anos, xa mozos, procuran poñerse fóra do alcance da autoridade real. A virulencia do suceso faille reparar no tipo de construción das casas: é case toda tipo palloza, con un muro de pedra que chega todo o máis á altura dunha persoa, muro cuberto co propio barro ou lama do mesmo camiño; eses muros cóbrense con colmo ben disposto, pero como se ve, é un material doadamente inflamable. Fíxase en que as mulleres e nenos van moi pobremente vestidos, cun aspecto mísero e case salvaxe, pero observa que son moi bos cristiáns. Esta situación de miseria non lle resulta novidosa, xa que a observara anteriormente noutras partes de España, singularmente no traxecto da meseta norte cara a León.

En días sucesivos pasa por Astorga, praza forte, ben situada e mellor construída, pois aproveita o terreo chan; no camiño que o leva a Ponferrada, pérdese por dúas veces. Ve xentes moi pobres, cubertas exteriormente co que hoxe podemos identificar coas corozas e apenas observa vestidos de tea; o calzado, sempre de zocas ou zocos. Anota que a xente case non usa de diñeiro: as dúas pesetas con que socorre a unha familia que o acolle por unha noite na palleira da casa parecíanlles un estimable tesouro.

Pasada Vilafranca e metido na noite, recíbeo na súa pobre casa un párroco onde, así e todo, conta con diverso persoal de servizo. No medio destas necesidades o señor abade dorme na sala común cos criados, sobre un mal leito individual, pero os seus serventes déitanse todos xuntos, uns contra ós outros, no chan, sobre palla e ó lado dun burro e dunha vaca; desta comunidade veciñal cos animais dá unha boa idea o feito de que a vaca, no medio da noite, estivo a punto de pisar a Albani mentres durmía. Por suposto, non hai luz nin de aceite nin de sebo —todo moi caro—, só ardía un algo de leña que non chega a identificar. O cura atende algunha outra aldea e ten permiso para dicir varias misas sempre —subliña con estrañeza— coas botas postas, para non perder tempo en calzarse e descalzarse. Chámanlle a atención os bois grandes, as mulas enormes como elefantes; en cambio, as vacas son pequenas e de capa vermella.

Consigna o seu paso pola Faba e tamén é consciente do paso dun reino a outro, de León a Galicia; acusa a fortísima subida ata O Cebreiro, desnivel tamén maldicado polos actuais peregrinos. Xa chegado ó Cebreiro, fíxase no convento, atendido segundo el, por dominicos, pero daquela cun só monxe de misa. No hospital, onde se ve obrigado a pernoctar, ten que asistir á agonía dun peregrino que, moi enfermo, morre esa mesma noite; ó lado do cadáver cea e dorme. Pouco. A aldea, dunhas vinte ou trinta casas, parécelles ós veciños grande e que de alí para diante xa os lugares serán todos máis pequenos. No inverno, O Cebreiro está baixo a neve.

Na baixada a Triacastela, pérdese todo o día; hai moitas corredeiras e non atopa unha estrada mestra que o poida guiar e unicamente coa axuda dun carreteiro logra chegar á unha vila, pobre e deserta, desprovista de víveres, de xeito que alí non se pode comprar nada; só atopa algo de derivados do leite, algún ovo, algo de legumes e, o máis habitual, nabos ou castañas cos que xa tiña entrado en contacto anteriormente. O pan non se fai con trigo, senón con maíno, «grano d'India». Tampouco hai viño, xa que é moi caro. Ata non hai augas boas, porque pensa que son de choiva. Nun camiño e nunha vila de peregrinación, como é Triacastela, non hai, pois, nin taberna nin pousada. O que viaxa por estas terras ten que levar consigo as provisións precisas. Por iso sorpréndese gratamente cando chega a Portomarín e pode comer peixe ata fartarse; péscase nun bo río, río que non chega a identificar: O Miño sairalle máis veces ó paso, pero aparentemente non se decata da identidade. Portomarín ten ademais un bo hospital que incluso dá esmola, pero en especie. De feito, todas as ceas que lle ofreceran ata o momento foran sopas de nabos; a esmola en metálico só reaparecerá ó chegar a Melide: no balance que vai facendo, entre esta vila galega e Astorga nunca lle deron cartos. Como se ve, o relato do peregrino avanza inconexo e delavazado.

Sen dar máis detalles, como podía ser o seu paso por Arzúa, lugar que figura ben anotado na táboa itineraria final, un par de días despois, xa se vai quedar na aldea de san Marcos, derriba de Compostela. Ese día é un 24, así que determina buscar pousada para pasar esa noite e así poder chegar á cidade apostólica en día 25 —día da festividade de Santiago, pero en xullo—. No medio destas cavilacións empeza a chover con moita forza e comproba que ninguén o recibe como peregrino, pese a que a noite se lle bota enriba. O home vese obrigado a ir polas rúas, malas, berrando e pedindo de viva voz pousada, visto que ninguén o acolle; ofrécella finalmente o veciño máis pobre do lugar, cargado de fillos, e a quen Albani, sempre sensible e compasivo, recompensa cunha peseta e coa esmola en especie recollida ese día ó longo do camiño. Tamén aquí rexistra que tódalas casas de san Marcos teñen o teito de palla.

A entrada en Santiago produciuse, pois, o 25 de novembro, con tan grande emoción que, recapitulando, despois de algo máis de 2000 millas, véñenlle á memoria os perigos, traballos e penitencias pasados. A continuación de visitar o sartego do santo apóstolo, busca pousada no que hoxe é hostel, pois sabe que lle corresponden tres días de estancia. Infórmanos que, coma el, fano outros 30 ou 40 peregrinos tódolos días, así que aínda que sexan malas as camas, aquí están aloxados 160 romeiros, cifra, como se ve, aproximativa. A comida faina no convento dos franciscanos, unha esmola, tamén en especie, que lle ofrecerán todos os días con xenerosidade. Mentres visita diariamente a catedral, pregúntalles ós curas e cóengos os detalles de todo o que observa no seu interior, de tal xeito que logo pode escribilo puntualmente na súa pousada.

Cando se lle acabaron os días no hospital, busca unha pensión para se quedar na cidade unha temporada. O de ofrecer, mediante o correspondente pago, pousada ós peregrinos é unha actividade habitual das mulleres compostelás. Quédase, pois, varios días a fin de poder cumprir con calma as devocións prescritas ós peregrinos. Destaca entre estas a confesión xeral, obriga que cumpre confesándose cun frade napolitano que o aguantou —así o manifesta— por case cinco horas e conclúe coa comunión. Ademais trata de poñer en práctica aquelas devocións que lle poden procurar moitas indulxencias, unha preocupación e valoración constante ó longo da súa viaxe; importantes en Compostela son as que remontan ó papa Calisto II.

Son días consagrados case todos eles a recorrer as igrexas da cidade, pero especialmente os recunchos da catedral onde dá conta cun certo detalle do sartego santo e do coro —ocupa daquela o centro da nave maior—, das capelas —moi importantes e luxosas as fundadas por reis—; detalles de santos, de devocións, de rituais, de usos —ás veces ridículos—, de xestos (prostracións, bicos, abrazos), da natureza das reliquias, das lendas e invocacións ou oracións deturpadas por unha piedade chea de

estereotipos. Para dar unha idea cabal do que está vendo ou describindo, procura facer comparacións con Nápoles, sobre todo cando se trata de elementos urbanos: rúas, prazas, igrexas ou pazos, se hai empedrado ou é paso perigoso, etc. Se se trata de devocións ou beneficios espirituais, as referencias e similitudes establécense con Xerusalén —onde nunca estivo, pero da que xa ten información, supoñemos que pormenorizada, malia que só nos mostra ó final do seu libro un itinerario, pero é capaz de facer comparacións. Máis firmes e inmediatas son as que establece con Roma, onde se detivo varios días ó principio da súa peregrinación.

Á descrición xeral de Santiago dedícalle un longo parágrafo: a pesar de que está mal situada e que non é «carozzabile», a cidade merece a súa aprobación pola poboación —50.000 habitantes—, pola abundancia de vituallas, de comerciantes, de peregrinos e pola existencia da universidade e de grandes conventos, sobre todo o de san Martiño Pinario (que el confunde co dun san Vento, quizás pola presenza dos frades beneditinos; na actual praza de Cervantes aínda está unha igrexa dedicada a san Bento). Chámalle a atención a abundancia de pescado e aproveita a ocasión para dar unha máis precisa ubicación de Compostela en relación co mar.

Hai un momento en que repara que está acabando o seu libro (92c) e antes de pechalo quere darnos a súa visión de España e dos españois. A terra está ben situada, é espazosa e ten bos ríos navegables, pero está menos poboada que Francia. A densidade é baixa e os españois «poltroni». «Le donne son tutte brutte e di bassa statura» apreciación que repetirá algunha vez máis —e que curiosamente destacaron anos antes os acompañantes de Cosme de Médicis— e os homes «suppalidi» —entendemos «moi pálidos», en contraste cos portugueses como vimos antes—; son moi cristiáns, sen herexías, circunspectos no trato, secos e bravísimos como soldados de infantaría, de grande enxeño. Aprecia que estas virtudes, as grandes mostras de cortesía en adultos, son ridículas nos estudantes, xente nova. Por todas partes hai grande miseria. Sigue unha pequena descrición administrativa «delle Spagne».

O día 6 de decembro celebra Albani o seu santo, san Nicolás, e tamén o seu «compleagnos», invitando os italianos que coñece en Santiago máis algúns veciños. Organiza a festa ó estilo de Nápoles, con músicas, foguetes e árbores de artificio, rodeado de nenos que na rúa lle dan vivas, algo que lle trouxo á memoria festas parecidas diante do palacio Farnese en Roma. Causou grande contento, xa que festas deste estilo non as había en Santiago. Todos os seus onvitados cearon ben, con abundancia de carne e viño, cun gasto de 86 *carlini*: non lle sobrou nada «che tutti volorno in scialata ed in vino»; ó día seguinte consigna as felicitacións recibidas polas rúas con «vivas ustè por mucos agnos».

Finaliza este seu primeiro tomo cunhas recomendacións para peregrinos e un prolixa mostra de etapas con expresión das millas e leguas andadas. E aquí, en Compostela, decide prolongar a viaxe ata Lisboa, en vez de ir a París como tiña pensado antes, para na capital francesa poder facerse cun pasaporte que lle permitira chegar a Xerusalén. Incluso tiña proxectado os posibles contactos unha vez chegado a París.

Así pois, abandonada a desviación gala, o día 12 de decembro emprende o camiño portugués saíndo para Padrón. Parécenlle estas terras da Maía máis ricas, máis feraces, que as andadas ó oriente de Compostela; nótase na esmola e nunha abundancia maior de vituallas, sobre todo de pescado. A hospedaxe en Pontevedra atópaa moi cativa, pero en cambio mellora a esmola en metálico e sorpréndeo a beleza e calidade material da cidade. De aquí pasa a Redondela onde, deixando de lado un incidente de carácter cómico-erótico con dúas peregrinas, vai apreciando como melloran as condicións materiais dos lugares, ata tal punto que pode prescindir da esmola en especie e se lla dan, repartila entre outros necesitados. Observa que a mariña é rica fronte a pobreza da montaña, pero as dúas rexións moi caritativas na súas posibilidades. De Redondela vai á vila de Lunghera², distante cinco légoas, lugar que á súa vez

2 Polo nome non podemos identificar actualmente a tal vila de *Lunghera*. Pola distancia podía ser Vigo, cidade que coñecerá en viaxe posterior e cuxa entidade, xa daquela, non lle podía pasar desapercibida. En Vigo pasará unha longa enfermidade e terá vivencias suficientes para ter na memoria unha forte e apreciable imaxe da cidade olívica. A posibilidade máis real é O Porriño xa que convén para unha distancia cómoda, cinco leguas, desde «Rotundinella», paso case obrigado para comunicarse con Portugal. Pero descoñecemos os chanzos precisos do desenvolvemento da vila louriná, cabeza dun territorio arqueoloxicamente ben rico e antigo. Pontearas, outra posibilidade, é un claro desvío, e foneticamente non hai correspondencia. O máis parecido desde este punto de vista é Lagares, pero sáltase Vigo. Hai que pensar nunha mala anotación e que tal etapa non existiu, pois a distancia Redondela-Tuí é asumible para calquera mediano andador, para canto máis para un bo andador como é Albani. Se as anotacións diarias son reais, debeu de estar tres días en Redondela e non só dous. Se a etapa existiu, a tal *Lunghera* acáelle ben ó Porriño, nada máis que polas leguas. A descrición de *Lunghera* é suficientemente xenérica para que se poida corresponder con dúcias de vilas, mentres que a de Tuí, que vén a seguir, sobre todo a da catedral, é bastante achegada ó que debeu de ser a sede episcopal no XVIII. A verba *longuera* aparece rexistrada no dicionario da RAE cun significado alleo ó noso ambiente. Os dicionarios galegos non rexistran un posible *longueira*. Recordo que J.A. de la Riera, coñecedor deste paso do noso peregrino e magnífico informador de tódolos camiños, pero especialmente deste, o portugués, a poucos quilómetro da súa casa, tampouco puido localizar o topónimo. Por outro lado, a percepción dos topónimos por parte de Albani, na súa entidade fónica, é moitas veces aproximada, sobre todo se non é unha vila dunha certa entidade física; cando se lle parece a algún topónimo italiano ou simplemente a unha verba deste idioma é fácil que se confunda. Na sección do seu relato que aquí nos marcamos destacan: Puente d'Vrbino/Orbino (83b) por Órbigo; Zebreos (84c) por Cebreiro; Legundi (86a) por Ligonde; Melid (86a) por Melide; Padrona (92c) por Padrón; Rutindella (103b) por Redondela; río Umilio (104c) por río Miño; Valenza del miglio (104c) por Valença do Míngo; Ponte di san Paolo (126a) por Ponte san Paio; río Omilia

está separada outras sete de Tui; nesta vila seguen mellorando as condicións da esmola, pero como praza de armas, comparada coa veciña Valença, deixa moito que desexar.

No mes de xaneiro do ano 1745, e visto que Lisboa non está moi lonxe de Santiago e movido pola piedade, volve Nicola Albani a Galicia para gañar as indulxencias do Ano Santo que se celebra nesa data. O día 24 chega outra vez a Tui e de aquí vai a Pontesampaio onde, agora si, repara na magnífica fábrica da ponte e na presenza das ostras, na súa explotación comercial e conseguinte expedición a Madrid. Fóra deste detalle, esta segunda peregrinación cóntase de xeito condensado.

Xa en Pontevedra faise pasar por cura para que o traten mellor á hora do hospedaxe, trato discriminatorio que observara no paso anterior. Sen máis consideracións descritivas, o día 28 chega de novo a Compostela. Observamos que no tramo portugués desta segunda peregrinación, despois do seu paso por Ponte de Lima e de camiño para fronteira española, é dicir, repasando polo mesmo itinerario onde sufrira o asalto do bandido portugués e que tan dramaticamente acabara, no relato non aparece para nada, nin a mínima alusión ós feitos. Un mal soño. Como, chegado a Compostela, non ten nada novo que dicir remítese ó expresado na primeira parte. Unicamente dá as noticias propias dese Ano Santo, da Porta Santa, do grande número de confesores (600) e do abarrote da catedral día e noite.

O día 11 de febreiro, aproveitando os servizos remunerados que lles pode prestar a uns cabaleiros italianos, con paga e sen hábitos de peregrino, regresa a Lisboa; cambia o ton e modo do relato, que se volve máis circunstanciado. É así dá conta como ó pasar por Vigo estes cabaleiros principais foran recoñecidos e tratados como persoas importantes, incluso Albani. Este recoñecemento e trato fan que o grupiño pase aquí algo máis de dous meses.

Nesta inesperada e prolongada estancia, un militar español recoñece o propio Albani como un criado que o atendera en Nápoles. O militar, comandante da praza vaguesa, trátao con moita deferencia e consideración, indicio este de que xa daquela, en Nápoles, Albani debía de ser algo máis que un paxe ou un simple marmitón. A cidade e o trato recibido foi, pois, moi do seu agrado. Aquí en Vigo padece unha longa enfermidade da que tarda semanas en curarse; non dá queixas dunha mala asistencia. No relato destaca para os seus futuros lectores a fortaleza militar da vila olívica.

(129c) por Miño; Villa del Camino (129c) por Caminha. Na parte da narración portuguesa xorde, de cando en vez, unha misteriosa e desubicada Ancona: o lector tarda en decatarse de que está por Angola.

Con certa prása e totalmente reposto, Albani e os seus amos saen da cidade o día 15 de abril. Ós tres días chegan á Guarda, lugar moi miserable e con pobres defensas, como que os soldados son case todos inválidos. Aquí os viaxeiros alugan cabalos a prezo alto xa que van pasar a outro reino, explica o narrador.

E ata aquí as vivencias e comentarios que conserva por escrito o peregrino referidos a Galicia. Como se pode observar neste resumo, o detalle, fóra dalgúns aspectos arquitectónicos e suntuarios de tipo urbano, é moi escaso; para quen se achegue con curiosidade, á hora de coñecer a través dos ollos e memoria de Albani a realidade dunha parte de Galicia, queda desilusionado, pois o relato constrúese ó redor dunha vivencia demasiado persoal e algo roma na súa manifestación. É de sinalar unha constante no modo de relacionarse con outros peregrinos ou simples viandantes: o trato soe ser mínimo; a non ser que teña algunha dificultade (pousada, perda do camiño, necesidade de pedir esmola) procura ir só. Nas vilas e grandes cidades onde permanece algún tempo, busca preferentemente o contacto con italianos e mellor con napolitanos.

Desde o punto de vista dun lingüista, a segunda das razóns para lermos a obra, chama moito a atención que pasados os Pirineos e andando pola Península non repare para nada nin no catalán, nin no castelán e tampouco no galego. Só en Portugal fai alusión a algunhas palabras ou expresións en portugués, pero deturpadas por trazos propios do castelán. Algo máis de fortuna temos á hora de avaliar as condicións económicas polas aldeas e vilas por onde pasa: condicións moi precarias, vilas desabastecidas, con pouca circulación de moeda, xente pobremente vestida e, nalgún caso, con aspecto famélico. Só cambian estas condicións, observa o napolitano, cando se vai de Santiago cara ó mediodía. Como se trata dun verdadeiro peregrino, que fai penitencia, que vive da caridade e que cumpre con todos os ritos recomendados pola Igrexa ou a piedade popular nos lugares de culto, a peregrinación para Albani, espiritualmente falando, foi un éxito, xa que colmou as súas expectativas. Incluso foi un éxito desde o punto de vista material como se verá cando, ó seu regreso a Nápoles, siga ascendendo no seu estado: acabará a súa vida laboral como *Lettirario maggiore* e finalmente, porteiro da *Somigliaria reale*, cargos que parecen satisfacelo, non tanto a nós, pois a súa significación e función real escápasenos.

Despois da longa aventura humana representada polas peregrinacións a Santiago de Compostela, hai, como dixemos, outro aspecto interesante para un estudio lingüístico: o especial italiano do século XVIII que natural e directamente emprega Albani, que nos obriga a nós, os lectores de hoxe, a unha consulta frecuente dos dicionarios, consulta que a moderna tecnoloxía alivia bastante, pois temos a posibilidade de traballar *on line*, evitando así caros recursos lexicográficos.

Sería tamén moi interesante un estudo morfolóxico deste italiano tan precisamente acoutado en espazo cronolóxico e topográfico; estilisticamente aprécianse uns usos constantes de alomorfos que desbotou a lingua literaria actual e que xa só recollen as gramáticas históricas. Menos interese ofrece a sintaxe polo apreciado anteriormente: un discurso que tende á rixidez, pouco moldeado falto dunha subordinación variada e matizada, discurso que transmite unha sensación de amaneiramento.

Ben máis viva e chea de interese pode resultar a lectura do relato para o lexicógrafo afeccionado, sobre todo para un lexicógrafo cispirenaico, pois estamos nunha época en que as relacións políticas e culturais entre as dúas penínsulas mediterráneas acadan o seu maior grao de proximidade, se ben resaltan máis as diferenzas. Como este estudio sería máis longo do que permiten as indicacións desta homenaxe, consíntaseme concluír cunha pequena anécdota propiciada, en cambio, por unha afinidade que chega ata os nosos días e que pode contrastar co italiano setentrional.

Cando Albani está resumindo a súa folla de servizos (p.158a), introduce unha frase que, lida por vez primeira non fun quen de interpretar: «...*e fatto anche lui m'avea un'Abito di Campagna, ne da me incignato ancora, ne me lo incignai*», pero que me levou á lectura demorada do diario do peregrino de Melfi.

No trato que algúns tivemos con cidadáns italianos que permanecían entre nós por cursos, incluso por anos santos, períodos, pois, máis longos, sempre lles chamou a atención a verba «estrear» empregada no sentido de ‘usar por primeira vez’ algo, sinaladamente estrear unha prenda de vestir; o concepto era para nós, ibéricos, claro e preciso, pero eles non atopaban na súa lingua un termo único para expresar esa mesma idea; eles servíanse para expresar ese mesmo contido dun circunloquio. Por iso moitos lectores e aprendices do italiano quedamos satisfeitos cando, servíndonos de Albani, puidemos responder ós nosos interlocutores con ese simple «incignare»; non lembro ningún falante desta lingua, do italiano, que coñecera a palabra, a pesar seren moitos deles doutores e profesores da disciplina. A verba, caera, pois, en desuso. De feito o bo e amplo dicionario³ bilingüe actual de Arqués-Padoan (2010) non a ten e no seu lugar coloca un «sfoggiare», que non se corresponde. O máis breve de Sañé-Schepisi (2005) tampouco coñece a voz, aínda que si estaba recollida no Ambruzzi (1973), se ben ó final dunha listiña de verbas de valores aproximativos, o cal quere dicir, ó noso entender, que tampouco a este lle resultaba clara a equivalencia. Outro dicionario bilingüe actual, o de Laura Tam (2004), si que o recolle, se ben o considera raro.

3 Usamos os dicionarios que temos máis a man, a modo de exemplos, todos *s.v. incignare*.

E sen embargo «incignare» está claro xa no Zingarelli (2003), sen ningunha restrición no seu uso, mentres que xa para Devoto-Oli (1998) mércelles a cualificación de rexional, o mesmo que Treccani. Para Gabrielli resulta así mesmo rara; tal como a trata debeu ter diante o lema do dicionario etimolóxico de Pianegiani que lle concede unha certa amplitude, con referencias a linguas e dialectos do mediodía italiano; así mesmo moi ben documentada no etimolóxico de Cortelazzo-Zolli (1999) que, como é sabido, usa o Zingarelli como base do seu lemario. Que esta palabra, descoñecida hoxe para xente culta, está hoxe recluída nos dicionarios, parece deducirse da breve nota de P. Stefanato en *Il Giornale.it*; na súa sección «Il rigattiere di parole», antes de desenvolver o que etimólogos só indicaban por riba, di: «E' una parola rara, ma è l'unica della lingua italiana a possedere un preciso significato, a indicare un'azione molto comune "indossare per la prima volta un abito" (Treccani) per lo più con l'idea di un piccolo evento festoso»⁴.

Dito doutra maneira, parece que a importancia do estreo de algo, fora roupa, calzado, coche, pucho, ten para nós un algo sinalado, unha marca de importancia desde o punto de vista psicolóxico, incluso social, mentres que para un italiano é algo do pasado. Neste sentido está máis preto Nicola Albani co seu *incignarsi* que os seus descendentes, aínda que dadas as circunstancias —a punto de ser despedido— lle falte ese punto de ledicia que aprecian os dicionarios. Esperamos retomar un día este fermento lexicográfico, pois son bastante as voces documentadas na súa narración e que non figuran nestas obras lexicográficas ou o fan con sentidos diferentes.

Bibliografía

- Albani, N. (1993), *Viaje de Nápoles a Santiago de Galicia*, Madrid: Edilán para Consorcio de Santiago.
- Ambruzzi, L. (1973), *Nuovo dizionario spagnolo-italiano e italiano-spagnolo*, Torino: Paravia.
- Arqués, R.- A. Padoan (2010), *Il grande dizionario spagnolo-italiano, italiano-spagnolo*, Bologna: Zanichelli.
- Cortelazzo, M. - M. A. Zolli (1999²), *Il Nuovo etimologico: DELI-dizionario etimologico della lingua italiana*, Bologna: Zanichelli.
- Devoto, G. - G. C. Oli (1998), *Compatto: dizionario fondamentale della lingua italiana*, Firenze: Le Monnier.

4 Dal Rigattiere di parole: «Incignare», 14 mag 2013.

- Gabrielli = http://www.grandidizionari.it/Dizionario_Italiano/parola/I/incignare.aspx?query=incignare/
- Pianegiani = <http://www.etimo.it/?term=incignare&find=Cerca>
- Sañé Colomer, S. – G. Schepisi (2005), *Il Dizionario spagnolo-italiano = El diccionario italiano-español*, Bologna: Zanichelli-Vox
- Tam, L. (2004), *Grande dizionario di spagnolo*, Milano: Ulrico Hoepli
- Treccani = <http://www.treccani.it/vocabolario/tag/incignare/>.
- Zingarelli, N. (2003 [1922]), *Lo Zingarelli: vocabolario della lingua italiana*, Bologna: Zanichelli.

Act sans paroles
Saggio d'un nuovo commento al *Decameron*:
la novella IV 5

ALFONSO D'AGOSTINO
Università degli Studi di Milano

M'è grato offrire alla cara amica e illustre romanista Mercedes Brea un *specimen* del nuovo commento al *Decameron*, cui sto attendendo insieme con la bravissima Ilaria Tufano. Si tratta, nella fattispecie, di uno dei capolavori del Boccaccio, la novella di Lisabetta da Messina¹ e dunque l'idea di commentare nuovamente un simile testo, che gode d'un'amplessissima, anche se a volte irriducibile bibliografia² (come c'è capitato del resto ad altre novelle, prima fra tutte quella di ser Cepparello)³, costituisce

1 Poiché a un'altra cara amica santiagohe, Isabel Fernández, ho offerto un analogo campione del commento (D'Agostino 2016: la novella di Bergamino, I 7), ripeterò in queste prime righe alcune informazioni generali sulla natura del mio lavoro. Ringrazio Matteo Milani per aver letto il *pro-manuscripto*.

2 Nel commento la bibliografia è limitata a pochi titoli per ovvie ragioni d'opportunità; per maggiori ragguagli mi permetto di rinviare a D'Agostino 2014. Com'è noto, una delle maggiori divergenze fra i critici riguarda la qualifica di testo «elegiaco» ovvero «drammatico» da attribuire alla novella. Nel saggio citato ho preso chiara posizione a favore dell'opzione drammatica, riconoscendo che «è difficile o inopportuno (come già notava Segre) parlare *tout court* di elegia. Forse potremmo inventarci una nuova categoria: quella di elegia *in factis* e non *in verbis*, imitando la differenza che oppone l'*allegoria in verbis* a quella *in factis* (la cosiddetta *figura*)» (D'Agostino 2014: 717-718).

3 Si veda D'Agostino 2010.

per me una vera e propria sfida⁴. Il commento è strutturato in due parti: da un lato un cappello iniziale che introduce alla lettura della novella, evidenziandone i temi, le caratteristiche salienti, le eventuali fonti e i macrorapporti con le altre novelle del *Decameron*; e dall'altro, in calce al testo criticamente rivisto rispetto alla fondamentale edizione Branca (1976), un corredo di note, tendenzialmente asciutte, ma impegnate a riconoscere, fra gli aspetti cruciali dell'arte compositiva di Boccaccio, le sequenze discorsivo-narrative del *capitulum* (Rubrica; Raccordo; Preambolo; Parti narrative; Epilogo), le eventuali ulteriori articolazioni interne, le isotopie tematiche, i rimandi lessicali (almeno quelli più significativi) ad altre novelle, i principali esiti della poetica dell'autore e i tratti stilistici più pregnanti. Si omettono, invece, gli elenchi scolastici di figure retoriche (che vengono valorizzate solo quando realmente innervano il testo)⁵ e il riconoscimento dei «versi» (in genere endecasillabi e settenari) nel tessuto ritmico ben noto della prosa boccacciana. Si evitano altresì, almeno di norma, quelle annotazioni linguistiche seriali che saranno convogliate in una specifica «Nota linguistica», la cui lettura dovrebbe facilitare la comprensione del testo. Anche le note erudite, di cui abbonda il classico commento di Branca, sono state ridotte alle poche ritenute indispensabili. Talora, invece, si dà notizia di qualche piccola novità testuale nei confronti dell'edizione di Vittore Branca. Nel commento B. sta ovviamente per Boccaccio e *D.* per *Decameron*. I capilettera in neretto nel testo indicano le iniziali rubricate nell'autografo (*B*, il ms. Hamilton 90 della Staatsbibliothek di Berlino), soluzione già adottata nell'edizione diplomatico-interpretativa curata da Singleton 1974, nella versione spagnola di María Hernández Esteban 1994 (2011⁹), nell'edizione di I 1 di D'Agostino 2010, in quella italiana integrale di Fiorilla 2011 e in quella di Quondam-Fiorilla-Alfano 2013. Seguo la commatizzazione di Branca 1976, anche se non sempre è soddisfacente, ma non i suoi «a capo»; come altri editori (per es. Singleton 1955 e Rossi 1977), infatti, vado a capo solo quando lo fa l'autore.

[IV 5]

La novella, uno dei capolavori del *D.*, è una storia «coloniale», svolgendosi a Messina, ma nell'ambiente dei commercianti toscani, e risale a un'epoca imprecisata, verosimilmente non troppo anteriore al racconto di Filomena. La vicenda prende

4 In particolare dopo il classico commento di Branca 1980 e quello, recentissimo, di Quondam-Fiorilla-Alfano 2013.

5 In questa novella è decisivo l'uso di sineddoche (in primo luogo), metonimia e metafora; altre figure importanti (come succede spesso nel *Decameron*), sono il poliplotto e il chiasmo: si veda il commento.

spunto da una canzone «popolare» siciliana che dà voce al lamento di una donna sconsolata per il furto d'un vaso di basilico: è una sorta di *chanson de femme* o lirica di *gender*, il cui *incipit* è citato alla fine (§ 24) e della quale esistono due manoscritti toscanizzati posteriori al *D.* e da esso influenzati. Forse suggestionato dalla paronomasia creata dall'identità di base etimologica fra *testo* 'vaso di coccio' e *testa* 'capo' (la seconda estratta per metafora dal primo), B. scrive un breve, asciutto e a volte addirittura spigoloso testo narrativo che funziona al contrario di una *razo* provenzale (per quest'ultimo caso si veda IV 9); infatti il racconto di Lisabetta trascende il banale contenuto della «siciliana», al più legata a valori folclorici della pianta (per esempio l'esposizione del vaso di basilico alla finestra è un gesto che in certe tradizioni implica la disponibilità della vergine al matrimonio), in una storia di straordinaria intensità drammatica, nella quale allo spunto popolareggiante si uniscono memorie classiche (le *Heroides* di Ovidio per la descrizione della donna che piange prima l'attesa e poi la perdita dell'amato, le *Metamorfosi* di Apuleio per l'apparizione in sogno di Lorenzo e le tragedie di Seneca per l'orrido gesto della decapitazione), bibliche (Giuditta e Oloferne, cf. § 16) e religiose d'altro tipo (il «miracolo» del cadavere intatto e il gesto dei martiri che indicano in visione il luogo dove giace il loro corpo, per consentirne la traslazione). La novella è all'insegna dell'incomunicabilità delle parti in causa (Lisabetta e i suoi indistinti fratelli) fondata su una mescolanza di fattori psicologici e sociologico-ambientali e sullo stato di soggezione della fanciulla, che si traduce nel mutismo. È un *act sans paroles*, scelta assai peculiare nel libro destinato proprio a esaltare la parola, che oppone la protagonista sia all'eloquenza straripante di Ghismonda (IV 1), sia al misurato eloquio della moglie di Guglielmo Rossiglione (IV 9): insomma, se tatticamente il racconto di Lisabetta sta al centro della giornata, da questo particolare punto di vista si colloca a una delle due estremità espressive (altrettanto priva di dialogo, ma per ragioni assai distinte, sarà la IV 7). La novella, una di quelle riprese dal film di Pasolini, pare strategicamente costruita su alcuni elementi di base, uno dei quali è l'intervallarsi di piccoli blocchi narrativi, nei quali si alternano i fratelli oppositori e l'innamorata Lisabetta, raramente descritti in contatto; l'altro è la deviazione, lo spostamento di elementi significanti, che giocano sincreticamente un doppio ruolo nell'asse della verosimiglianza e in quello della metafora: per es. Lisabetta spicca con le sue mani la testa dal cadavere di Lorenzo, ma l'affida poi alla sua fantesca che la rechi in grembo (§ 16); agli occhi di eventuali persone che le vedessero, è certo più naturale che a portare un peso sia la serva e non la padrona, e tuttavia quel gesto s'intrude di valenze necrofile in modo vicario: Lisabetta lascia che sia l'altra donna ad avere il contatto fisico e macabramente erotico con il suo amato. L'eroina muta si esprime solo cogli occhi, sia prima, nella breve sequenza della seduzione di Lorenzo (§ 5), sia dopo, nella riduzione per sineddoche di tutto il suo corpo all'organo della vista, paragonabile all'altra sineddoche basilare del racconto, quella della testa di Lorenzo, vagheggiata come preziosa reliquia dell'essere amato. I silenzi di Lisabetta, tuttavia, non solo svelano il suo stato di soggezione (Segre), tant'è che, in mancanza di discorsi diretti, l'unico *verbum dicendi* associato alla fanciulla è *domandare*, spesso ripetuto e deputato a indicare una volta di più il rapporto di

dependenza da chi comanda; essi esprimono anche e soprattutto la sua incapacità di vivere. Se in questa novella l'amore si «democratizza» (Baratto), l'esito tragico è pure indizio della difficile coabitazione sociale di valori cortesi e borghesi, uno dei motivi conduttori dell'intero *Decameron*. L'ispirato genio narrativo di Boccaccio non si lascia ridurre neppur qui a uno schema predeterminato: Lisabetta è a volte tanto fragile da non riuscire a reagire o da consumarsi nel pianto, e a volte invece è tanto forte da tagliar la testa dal busto dell'amato. Quest'alternanza, lungi dall'esser indice d'incertezza narrativa, è al contrario la manifestazione della simpatetica adesione dell'autore alla sua creatura, del suo programma di scrittura pronto a seguire il personaggio per quello che è: una fanciulla incapace di trovare una soluzione di vita che concili la sua passione totale con le avverse circostanze esterne (le ragioni mercantili) e che pertanto si perde, anima e corpo, in un'allucinata impossibilità di vivere e di comunicare. D'altra parte verso la fine del racconto l'insistenza del verbo *maravigliarsi* riferito ai fratelli (§§ 20, 21 e 22) palesa l'incapacità da parte loro di comprendere la passione e il dramma della sorella. Nella tesa linearità della novella, si noti l'uso abbondante di gerundi, capaci di accelerare la sequenza degli avvenimenti; parallelismi e contrasti risaltano poi con grande efficacia le linee dell'azione e i comportamenti dei personaggi con i loro sentimenti in filigrana; e il poliptoto spesso s'incarica di unire e divaricare al tempo stesso il destino delle *dramatis personae*.

Bibl.: Baratto 1982, Branca 1956, D'Agostino 2014, Getto 1958, Marchesi 1999, Momigliano 1924, Natali 2009, Picone 2001, Sanguineti 1993, Segre 1982, Terzoli 2001, Tufano 2007.

^[1] *I fratelli d'Ellisabetta uccidono l'amante di lei: egli l'apparisce in sogno e mostrale dove sia sotterato; ella occultamente disotterra la testa e mettila in un testo di basilico, e qui vi si piagnendo ogni dì per una grande ora, i fratelli gliela tolgono ed ella se ne muore di dolor poco appresso. Rubrica.*

1. RUBRICA. *Ellisabetta*: è il nome della santa il cui figlio, Giovanni Battista, muore decapitato (Picone). In più richiama Elissa, che, oltre a essere una delle narratrici, è anche l'altro nome di Didone, l'amante abbandonata. ~ *l'amante*: il significato oscilla tra 'innamorato' e 'amante'. Grazie alla tecnica della *breuiatio*, la parola *amante* consente di comprimere in quell'unico termine la parte della novella che narra l'innamoramento dei due giovani (§ 5), per concentrarsi sui fatti capitali del resto della storia: uccisione; visione; dissotterramento; sottrazione; morte della protagonista. ~ *in sogno*: il sogno rivelatore è frequente nella letteratura medievale e nello stesso B. (*Filocolo*, IV 74; *Comedia*, XXXV 84 ss.; *Filostrato*, VII 23 ss.; *Trattatello*, I 16 s.; 185 s., 208 ss.; *D.*, IV 6, IX 7, oltre l'*Amorosa Visione* e il *Corbaccio*); si veda Balestrero 2009. ~ *sia sotterato*: congiuntivo non casuale: suggerisce che Lisabetta non sapeva della morte dell'amato e quindi tanto meno della sua sepoltura. ~ *sotterato ... disotterra*: la *figura etymologica* sottolinea due dei momenti-chiave della novella. ~ *dissotterra la testa*: prima, però, dovrà spicarla dal busto, particolare omissso sia per brevità, sia (forse) per opportunità. ~ *testo*: vaso di terracotta, in evidente paronomasia con *testa*, nome d'identico etimo; come si capisce fin d'ora, il

[2] Finita la novella d'Elissa e alquanto dal re commendata, a Filomena fu imposto che ragionasse; la quale, tutta piena di compassione del misero Gerbino e della sua donna, dopo un pietoso sospiro incominciò:

[3] -La mia novella, graziose donne, non sarà di genti di sí alta condizione come costor furono de' quali Elissa ha raccontato, ma ella per avventura non sarà men pietosa; e a ricordarmi di quella mi tira Messina poco innanzi ricordata, dove l'accidente avvenne.

[4] Erano adunque in Messina tre giovani fratelli e mercatanti, e assai ricchi uomini rimasi dopo la morte del padre loro, il quale fu da San Gimignano; e avevano

giuoco di parole è ricco di significati nascosti (come la testa nel testo). ~ *quivi sí*: sopra il vaso. ~ *per una grande ora*: a lungo. ~ *gliete*: invariabile (qui per *glielo*). ~ *Rubrica*: parola omessa da Branca.

2. RACCORDO. Comma all'insegna della compassione e dei pietosi sospiri, elementi normali dell'elegia, che qui però ha piuttosto la cifra del patetismo. Con la parola *compassione* inizia un *fil rouge* di pietà, che lega questa alla precedente novella: in questo comma, appunto, *compassione*, poco dopo *pietoso sospiro*, nel comma seguente *men pietosa*; invece nel resto del racconto leggeremo solo una volta l'avverbio *pietosamente* (al § 11, dove significa 'in modo da destar pietà'). È come se Filomena accumulasse tutta la pietà prima di iniziare e poi narrasse in modo distaccato, lasciando trapelare il dolore e lo strazio dall'oggettività tragica del racconto. ~ *alquanto dal re commendata*: ricevute una serie di lodi da parte di Filostrato. ~ *pietoso sospiro*: cf. anche i *pietosi sospiri* di IV Introd. 32.

3. PREAMBOLO. *graziose*: cf. I Introd. 2. ~ *genti di sí alta condizione*: personaggi di così alto rango (i re di Sicilia e Tunisi). ~ *di quella*: della storia di Lisabetta; il pronome *quella* si riferisce alla parola *novella*, che indica qui la vicenda, non la forma letteraria in cui è calato il racconto. ~ *mi tira Messina*: mi spinge la citazione della città di Messina; la scelta della narrazione è dettata, come altre volte nel *D.*, da un'associazione di memoria. ~ *l'accidente*: il tragico evento.

4-5. PRIMA PARTE, divisibile in due momenti: presentazione delle *dramatis personae* (§ 4 e parte del 5) e innamoramento (il resto del § 5).

Hace algún tiempo, leía unos párrafos del libro *Et Dieu créa l'Internet* de Christian Huitema y buscando otros trabajos en esta línea descubrí que incluso el Papa, en un comunicado que presentó en el Día Mundial de las Comunicaciones, considera a Internet un «gift from God». Adentrándose en el tema y buscando más información sobre la sociedad digital, uno confronta inevitablemente con términos como «nativo digital» e «inmigrante digital», acuñados por Marc Prensky en su trabajo «On the Horizon» (2001), y con expresiones relativas al naufragio digital, siguiendo a Reig (2010). Estos me servirán como punto de partida para llevar a cabo un somero diagnóstico de tendencias sobre el uso de Internet, permitiéndome, a su vez, una aproximación al internauta de la sociedad digital.

* Los resultados de la investigación están en relación con el proyecto «Portal Lexicográfico: Diccionario online modular multilingüe y corpus informatizado anotado de la frase nominal» (PORTLEX), financiado por el MINECO (FFI2012-32456).

1. El giro digital

La diferencia entre nativo digital e inmigrante digital es relevante según Prensky (2001: 1) en el ámbito educacional:

Es asombroso para mí como en el debate actual acerca de la caída de la educación en EEUU ignoramos la más fundamental de sus causas. Nuestros estudiantes han cambiado radicalmente. Los estudiantes actuales ya no son las personas para las que nuestro sistema educativo estaba diseñado. [...] Los estudiantes universitarios de hoy representan la primera generación que creció con esta nueva tecnología. Han pasado su vida entera rodeados por y usando computadoras, video juegos, reproductores de música digital, cámaras digitales, teléfonos celulares y todos los juguetes y herramientas de la era digital. El promedio de los estudiantes universitarios de hoy pasa menos de 5.000 horas de sus vidas leyendo, pero más de 10.000 horas jugando video juegos (sin mencionar las 20.000 horas mirando tv). Los juegos de computadora, el email, internet, los teléfonos celulares y los mensajeros instantáneos son parte integral de sus vidas.

Así, los nativos digitales (también llamados generación N (por *net*, 'red' en inglés) o generación D (por Digital) son «todos “hablantes nativos” del lenguaje digital de las computadoras, los video juegos e Internet» (Prensky 2001: 1). Como nativos digitales también se entiende a la Generación Z¹, los *millennials* —grupo demográfico nacido entre 1994-2010 que representa el 25,9% de la población mundial (Verdú, 2015; vid. Gouws en prensa)—, de los cuales, según García Vega (2014), un 81% tiene perfil en Facebook y un 83% «duerme con el móvil al lado», acostumbrando a pasar unas 25 horas semanales en el espacio digital. Tienen como común denominador, según el *born digital book* (<<http://www.borndigitalbook.com/excerpt.php>>), que prefieren leer blogs a periódicos, que se citan en la red antes de encontrarse en persona, que probablemente nunca han usado una tarjeta de biblioteca, que prefieren mandar un mensaje a telefonar. En definitiva, son un grupo cuyas interacciones sociales y amistades están ligadas a las tecnologías digitales. Además, esta generación realiza su aprendizaje en gran parte fuera del aula, usa YouTube y recurre a los servicios online para las explicaciones que no entienden por parte del profesor (García Vega 2014). Prensky (2001) señala otras características propias de esta generación, como el hecho de que está acostumbrada a recibir información de modo rápido, a trabajar en

1 García Vega (2014) señala que se trata de unos 80 millones de personas en EE.UU. y algo más de ocho millones en España «y que en 2025 supondrá, vaticina la consultora Deloitte, el 75% de la fuerza laboral del mundo».

múltiples tareas simultáneamente, que prefiere el gráfico al texto, trabaja mejor en red y obtiene satisfacción en la gratificación instantánea y las recompensas frecuentes². Frente a estos, los inmigrantes digitales no somos de la generación N, somos aquellos que si bien nos dejamos fascinar por el mundo digital y usamos tecnologías, no hemos nacido en el mundo digital.

El conflicto surge pues, para Prensky, por el hecho de que «nuestros Inmigrantes Digitales, que hablan un lenguaje fuera de época (de la era pre-digital), están luchando para enseñar a una población que habla un lenguaje completamente nuevo» (2001: 2). Es necesario, por tanto, encontrar un camino formativo adecuado para esta nueva generación (vid. 3). No es de extrañar, por tanto, que el campo de enseñanza de lenguas extranjeras haya sido uno de los pioneros en la conjunción de didáctica de lenguas y tecnologías audiovisuales (Martins - Moreira 2012; Valcárcel 2015) y en el análisis y empleo de nuevos recursos tecnológicos junto con nuevos modelos de comunicación —como redes sociales, en especial Facebook y Twitter, chats y foros etc.— (Levy - Stockwell 2013, Razak, N.A. et al. (2013), Valcárcel 2015, VanDoorn - Eklund 2013, Wampfler 2013).


No sólo el ámbito del aprendizaje y lenguas extranjeras se han hecho eco de esta situación; otras ramas y disciplinas también vienen observando la necesidad de reorientarse y reinventarse debido a este giro social hacia las nuevas tecnologías (Horvath 2007, Gouws en prensa). Además, desde diferentes instituciones (véase, por ejemplo, la Agenda Digital para Galicia, para España y la Agenda Europea 2020 así como diversos estudios de la Unesco) se señala el imprescindible giro digital, con cuestiones centrales como el énfasis en la vida digital y la creación de una e-comunidad. Esta evolución, pues, hacia las humanidades digitales parece imparable. La pregunta que se plantea es qué podemos hacer desde el ámbito educativo y universitario y cómo debemos proceder. Desde mi punto de vista, en primer lugar, debemos saber quién es el ciudadano digital y qué hábitos tiene.

2. La sociedad digital en cifras

2.1. Hábitos de uso y equipamiento TIC


Según el Instituto Nacional de Estadística (INE) todos los parámetros consultados sobre el uso de TIC en España van en aumento:

2 Véase también <http://youthandmedia.org/wiki/Main_Page#What_is_the_Digital_Natives_project.3F> y <<http://www.zeit.de/2006/12/memedia/komplettansicht>>.




Gráfica 1. Evolución del uso de TIC entre las personas de 16 a 74 años. 2006-2015.

Un 78,7% de los hogares españoles tiene acceso a la Red. El principal tipo de conexión a Internet por banda ancha es, según el INE, a través de un dispositivo de mano (teléfono móvil de últimas generaciones —al menos de 3G—):




Gráfica 2. Evolución del equipamiento TIC en las viviendas. 2006-2015.

En cuanto al equipamiento tecnológico y los dispositivos de acceso, los estudios de IAB Spain (2014) destacan el notable aumento en la posesión de tabletas³ y de TV con Internet integrado. Según este Centro, el 64,3% de la población española entre 16 y 74 años utiliza Internet a diario en el 2015, siendo el reparto por edades el que sigue:



Gráfica 3. Uso de Internet en los últimos tres meses.

Si bien en la gráfica anterior se observa que el grupo mayoritario es el que abarca el período 35-44, en la gráfica 4 se observa que los internautas de la franja de edad 16-24 son los que usan diariamente o al menos 5 días por semana Internet, esto es, nuestros actuales o futuros estudiantes universitarios (vid. también Ceballos 2013):



Gráfica 4. Uso y frecuencia de Internet por edades.

3 Siguiendo a Meeker (2012), un 29% de los adultos estadounidenses tiene una tableta o un eReader propio, frente a un 2% tres años antes y ha crecido un 37% el número de suscriptores de móviles 3G. Además, las investigaciones de Meeker (2014) sobre la distribución diaria de tiempo delante de la pantalla indican que el medio más usado en muchos países es el *smartphone*.


Atendiendo a un análisis por edades, resulta imprescindible atender a los datos de manejo de TICs y dispositivos por parte de la población infantil (10-15 años): el uso de ordenador es del 95,1% y el 93,6% utiliza Internet. La posesión de teléfono móvil crece a partir de los 10 años, alcanzando el 90,9% en la población de 15 años⁴:

	Uso de ordenador	Uso de Internet	Disposición de móvil
Total	95,1	93,6	67,0
Sexo			
Hombres	95,3	93,0	64,4
Mujeres	94,9	94,2	69,8
Edad			
10	90,8	88,0	29,7
11	93,9	94,5	42,2
12	96,6	92,0	69,5
13	96,1	96,2	78,4
14	96,5	95,8	90,4
15	96,3	94,8	90,9

Gráfica 5. Porcentaje de menores usuarios de TIC por sexo y edad. 2015.

2.2. Finalidad de uso de las TIC y tipo de búsquedas

El aspecto resumido en el título de este apartado se nos antoja de especial interés, puesto que puede indicar pautas de comportamiento con repercusión en el ámbito educativo, económico y social. Conjugando diferentes datos del INE llegamos a una distribución de finalidades de uso tal y como la que sigue:




Desglose de abreviaturas: Servicios de comunicación (SC), Servicios relacionados con el acceso a la información (SI), Servicios relacionados con la vida profesional (SVP), Otros servicios (OS), Realización de actividades de aprendizaje a través de Internet con fines profesionales o privados (AA) y Servicios relacionados con la participación política y social (SPPS).

Gráfica 6. Servicios de Internet usados por motivos particulares en los últimos 3 meses según naturaleza del servicio.

4 Según datos publicados por el INE (<<http://www.ine.es/prensa/np933.pdf>>).


De interés para este artículo son los datos referentes a SI, SC y AA (gráfica 5):

i) *Actividades SI*: un análisis sobre las actividades SI permite concluir que, junto con la visualización de vídeos y películas, la búsqueda de información sobre educación y formación y la consulta de wikis o recursos electrónicos se encuentran bajo los parámetros de finalidad de búsqueda más recurrente para este propósito:




Gráfica 7. Servicios relacionados con el acceso a la información.

ii) En cuanto a las finalidades de uso de tipo SC, destacan el correo electrónico y la participación en redes de modo asiduo según el INE. El IAB Spain constata para el 2015 que un 82% de los internautas españoles entre 18-55 usan redes sociales, sirviendo, para más de 14 millones de usuarios en nuestro país, como principal dispositivo de acceso el PC (99%) –si bien tanto el uso del móvil y la penetración de *smartphones* sigue aumentando (tratándose en este último caso de un 75% de los internautas)–. Sobre el uso de redes sociales y las actividades realizadas el estudio de IAB Spain (2014) señala que un 39% de los encuestados publica contenidos y que un 29% se sirve de ellas para fines profesionales o estudio. Estos datos coinciden con los del INE, de donde se desprende, además, que los internautas cuelgan contenidos propios pero no crean webs o blogs:



Gráfica 8. Servicios de comunicación.

iii) *Actividades AA*: en relación a las actividades de aprendizaje a través de Internet con fines profesionales o privados destaca la consulta de material online que no sea en formato de curso completo:



Gráfica 9. Actividades de aprendizaje.

3. Algunas consideraciones para el ámbito formativo y educativo

La tendencia de uso de Internet parece irreversible, en especial, si se observan los datos de las gráficas 4 y 5 y las tendencias sobre el uso global de Internet que señala Meeker en diferentes estudios. En el ámbito educativo —y no sólo— deberíamos explotar el hecho de que los internautas se sirven actualmente de Internet para la búsqueda de información sobre educación y formación, consultan wikis y otros recursos electrónicos, participan habitualmente en redes sociales y utilizan material online para el aprendizaje comunicándose en portales o sitios web educativos (datos que concuerdan con la descripción inicial aportada sobre los nativos digitales). Una reflexión sobre medidas de carácter general de posible aplicación en nuestra actividad docente e investigadora se nos antoja urgente:

- a) *Sensibilización con criterios de inmediatez, participación, autoridad, calidad y credibilidad.* En el estudio de Prensky (2001) se indica que el usuario digital prima la inmediatez y la rapidez, datos que también permite concluir la encuesta UsoDeu (Domínguez - Valcárcel 2015) sobre manejo de diccionarios por parte de estudiantes universitarios. Así, en este estudio se concluye que uno de los recursos más habituales, tanto en el caso de una primera o posteriores consultas de tipo lexicográfico o traductológico, es *Google Translate*⁵, lo cual se puede deber a que 1) para las consultas de tipo bilingüe —a diferencia de las consultas monolingües—, los encuestados no tienen un concepto de autoridad claro (Domínguez-Valcárcel 2015: 184) y 2) a que los internautas prefieren una herramienta «que vale para todo» (Gouws en prensa), esto es, no quieren muchos instrumentos, sino uno único que les permita satisfacer sus diferentes necesidades de consulta. El peligro radica aquí en que los jóvenes internautas, los nativos digitales, conceden a Google una excesiva credibilidad, creyendo que los primeros datos que aporta son los más fiables (Hargittai et al. 2010, Reig 2010). Se requiere, pues, una actuación en esta línea.
- b) *La potenciación del aprendizaje activo frente al pasivo* mediante la transmisión de contenidos a través de proyectos, el diseño creativo y la propia investigación

5 Los datos de este estudio también permiten concluir que para un 97,10% de los encuestados el grado de satisfacción con la búsqueda digital está en estrecha relación con la rapidez y facilidad en la consulta —y no con la fiabilidad de los datos, con un 18,70%. Parametros que destacan en nuestro estudio son el acceso fácil (76,60%) y gratuito (66,70%).

por parte del alumnado se adecuaría al modo de comportamiento y aprendizaje de los nativos digitales (Horvath 2007, Prensky 2001). A su vez, tenemos que educar para pasar de un *Learning by lurking*⁶ a un *learning by doing* (Wampfler 2013: 18). En estrecha relación se encuentran, por tanto, mecanismos para la potenciación del aprendizaje: 1) el *diseño* de materiales digitales educativos y plataformas que permitan diferentes tipos de participación del usuario, como Portlex y Wikipedia⁷ así como de apps⁸, 2) la explotación del *concepto colaborativo y cooperativo* y el fomento del uso de las *redes sociales*, ya que los nativos digitales trabajan mejor en redes (véase Prensky 2001, Valcárcel 2015)⁹. En esta línea, estudios recientes constatan, por ejemplo, que el uso de las redes sociales en el ámbito educativo da lugar a una mejora de los resultados académicos de los estudiantes (Aydin 2012, VanDoorn-Eklund 2013), lo cual no es de extrañar, si tenemos en cuenta que los usuarios de la Web 2.0 —nuestros nativos digitales, en especial— interactúan habitualmente a través de las redes sociales —transformando con ello la comunicación social— y, por tanto, necesitan un modelo educativo que atienda a esta situación¹⁰. Asimismo, resulta imprescindible un cambio de rol en alumnos y docentes, pero también institucional y social-económico (Salinas 2004). En definitiva, tenemos que llevar a cabo un intercambio de información y aprendizaje colaborativo en entornos virtuales.

- c) *La investigación y la formación*: para potenciar el uso de las tecnologías digitales, se requiere, según la Unesco¹¹, la formación de docentes, pero

6 Se trata aquí del principio del 90-9-1: un 1% de los internautas crea contenidos, un 9% contribuye a ellos y un 90% son “sanguijuelas” (McConnell 2006, Nielsen 2006).

7 Portlex (<<https://diccionarioportlex.wordpress.com/>>), Wikipedia (<<https://es.wikipedia.org/wiki/Wikipedia:Portada>>), entre otros muchos.

8 Otra de las tendencias de carácter global que se observa es el aumento de descargas de aplicaciones app (Meeker 2014) y el acceso a Internet via *app* tanto mediante Tablet como móvil (IAB Spain 2014).

9 La propuesta sigue también la estela de los objetivos de la Agenda Digital Europea 2020, entre los que se encuentran el trabajo colaborativo de la comunidad en red y la participación activa de todos los implicados en la sociedad del conocimiento.

10 Meckel (2008: 17) señala:

Web 2.0. ermöglicht die selbst organisierte Interaktion und Kommunikation der Nutzerinnen und Nutzer durch Herstellung, Tausch und Weiterverarbeitung von nutzerbasierten Inhalten über Weblogs, Wikis und Social Networks. über kommunikative und soziale Vernetzung verändern die Nutzer die gesellschaftliche Kommunikation – weg von den Wenigen, die für Viele produzieren, hin zu den Vielen, aus denen Eins entsteht: das virtuelle Netzwerk der sozial und global Verbundenen.

11 <<http://www.unesco.org/new/es/unesco/themes/icts/teacher-education/portal-for-teachers/>>.

al mismo tiempo es preciso, desde mi punto de vista, un análisis de las tecnologías en sí – tanto de su manejo como de sus potencialidades. Un ejemplo: un análisis de la participación y compromiso (*engagement*) de los usuarios en diferentes portales y recursos permitirá extraer información sobre los procesos de aprendizaje en comunidades virtuales y permitirá, en definitiva, el diseño, optimización y uso de materiales adecuados. También se requieren datos más precisos sobre procedimientos de búsqueda de la e-información, lo que va ligado a la presentación y visualización de los contenidos digitales.

La cuestión no parece baladí, ya que desde diferentes contextos se viene subrayando la utilización inadecuada o ineficaz, cuando no el desconocimiento en diferentes aspectos y a diferentes niveles, de las herramientas online (Domínguez-Válcárcel 2015). Así, Reig (2010) considera en relación a los nativos digitales que «la idea de que de forma automática los jóvenes harán buen uso de las TIC porque les son naturales» no es adecuada, y afirma que «el cambio que proponemos no va a suceder de forma espontánea si dejamos que naveguen solos, que naufraguen [...], no de la forma rápida y permanente que muchos/as deseamos». ¡Manos a la obra, pues!

Y a mi amiga y compañera homenajeada: ¡Muchas gracias!

Bibliografía

- Aydin, S. (2012), «A review of research on Facebook as an educational environment», *Education Technology Research and Development* 60 (6), pp. 1093-1106.
- Ceballos, F. (2013), «Los jóvenes y el Internet», in <<http://www.cnnexpansion.com/opinion/2013/01/28/los-jovenes-y-el-internet>> [05/ 07/2015].
- Domínguez Vázquez, M^a J. - C. Valcárcel Riveiro (2015), «Hábitos de uso de los diccionarios entre los estudiantes universitarios europeos: ¿nuevas tendencias?», in M^a J. Domínguez Vázquez- X. Gómez Guinovart - C. Valcárcel Riveiro (eds.), *Lexicografía de las lenguas románicas II. Aproximaciones a la lexicografía contemporánea y contrastiva*, Berlin: de Gruyter, pp.165-189.
- García Vega, M. A. (2014), «El órdago de los ‘millennials’», in <http://sociedad.elpais.com/sociedad/2014/04/04/actualidad/1396638618_990658.html> [05/07/2015].
- Gouws, R. (en prensa), «La sociedad digital y los diccionarios», in M^a J. Domínguez Vázquez - M^a T. Sanmarco Bande (eds.), *Lexicografía y Didáctica*, Frankfurt: Peter Lang.

- Hargittai, E. *et alii* (2010), «Trust Online: Young Adults' Evaluation of Web Content», *International Journal of Communication* 4, pp. 468–494.
- Horvath, P. (2007), «Was tun mit den „digital natives“? Herausforderungen für Wirtschaft, Politik und Bildungssystem jenseits bloßer Bewahrpädagogik», in <http://www2.mediamanual.at/themen/kompetenz/60_Horvath-Was_tun_mit.pdf> [18/08/2015].
- IAB Spain (2014), «VI Estudio anual Mobile Marketing», in <http://www.iabspain.net/wp-content/uploads/downloads/2014/09/VI_Estudio_Anual_Mobile_Marketing_version_abierta1.pdf> [24/09/2015].
- IAB Spain (2015), «VI Estudio de redes sociales de IAB Spain», in <http://www.slideshare.net/IAB_Spain/estudio-anual-de-redes-sociales-2015> [8/09/2015].
- INE [Instituto Nacional de Estadística]: <<http://www.ine.es/>>.
- Levy, M. - G. Stockwell (2013), *CALL dimensions: Options and issues in computer-assisted language learning*, New York: Routledge.
- Martins, C.B. - H. Moreira (2012), «O campo CALL (Computer Assisted Language Learning): definições, escopo e abrangência», *Calidoscópico* 10 (3), pp. 247-255.
- McConnell, B. (2006): «The 1% Rule: Charting citizen Participation», *Church of the Customer Blog*, <www.churchofthecustomer.com/blog/2006/05/charting_wiki_p.html> [07/07/2015].
- Meckel, M. (2008), «Aus Vielen wird das Eins gefunden- wie Web 2.0 unsere Kommunikation verändert», *Politik und Zeitgeschichte* 38, pp. 17-23.
- Meeker, M (2012), *KPCB Internet Trends 2012*, in <<https://www.kpcb.com/file/kpcb-internet-trends-2012>> [21/09/2015].
- Meeker, M (2014), *KPCB Internet Trends 2014*, in <<https://www.kpcb.com/file/kpcb-internet-trends-2014>> [21/09/2015].
- Nielsen, J. (2006), «Participation Inequality: Encouraging More Users to Contribute», in *Nielsen Norman Group*. <<http://www.nngroup.com/articles/participation-inequality/>>
- Prezky, M. (2001), «Nativos Digitales, Inmigrantes Digital From On the Horizon». Traducción libre a cargo de M. Vanina Osés, con la colaboración de P. Morelli, in <<https://psiytecnologia.files.wordpress.com/2010/02/prezky-nativos-digitales-inmigrantes-digital-traducción.pdf>> [09/06/2015].
- Razak, N. A. *et alii* (2013), «Adopting social networking sites (SNSs) as interactive communities among english foreign language (EFL) learners in writing: Opportunities and challenges», *English Language Teaching* 6 (11), pp. 187-198.
- Reig, D. (2010), «¿Nativos o naufragos digitales? Actitudes y competencias», *El caparazón* in <<http://www.dreig.eu/caparazon/2010/07/29/nativos-naufragos-digitales-competencias/>> [05/07/2013].
- Salinas, J. (2004), «Innovación docente y uso de las TIC en la enseñanza universitaria», *Revista de Universidad y Sociedad del Conocimiento* 1/1, <<http://www.uoc.edu/rusc/dt/esp/salinas1104.pdf>>.

- Valcárcel, C. (2015), «A participação num grupo Facebook para a aprendizagem do francês como língua estrangeira em contexto de formação híbrida», in J.J. Escola *et alii* (eds.), *Investigação e inovação no domínio das TIC no ensino*, Ourense: Auria Editora, pp. 151-156.
- VanDoorn, G. - A. A. Eklund (2013), «Face to Facebook: Social media and the learning and teaching potential of symmetrical, synchronous communication», *Journal of University Teaching & Learning Practice* 10 (1),
<<http://ro.uow.edu.au/jutlp/vol10/iss1/6>> [24/09/2015].
- Verdú, D. (2015), «La generación Z cambiará el mundo», in <http://politica.elpais.com/politica/2015/05/02/actualidad/1430576024_684493.htm> [09/06/2015].
- Wampfler, Ph. (2013), *Facebook, Blogs und Wikis in der Schule: Ein Social-Media-Leitfaden*, Gotinga: Vandenhoeck & Ruprecht.

Contribución para os datos biográficos do trobador Pero d'Armea*

FRANCISCO FERNÁNDEZ CAMPO

Universidade de Santiago de Compostela

Ata o día de hoxe, poucos son os datos que coñecemos sobre a vida e vicisitudes de Pero d'Armea. As fontes nas que poderemos apoiar algunha hipótese para establecer a súa cronoloxía, orixe e ambiente no que se moveu o noso trobador son moi escasas.

1. O nome

Nos cancioneiros apenas podemos sinalar a aparición do seu nome nas rúbricas atributivas, pois hai unha soa alusión a el na cantiga *B 1603/ V 1135*, de Pero d' Ambroa, así como na *Tavola Colocciana*; nas rúbricas, en cambio, as alusións son máis numerosas, podendo rexistrar as seguintes:

- Rúbrica atributiva, de man do copista, en *B 1204* (f. 255vb): *Pero darmēa*¹.
- Rúbrica atributiva, da man de Colocci, en *B 1602* (f. 339ra): *pero darmea*.

* A presente colaboración deriva da miña tese de doutoramento, titulada *As cantigas de Pero D' Armea. Edición crítica e estudo*, vinculada ao Proxecto de Investigación *O Cancioneiro de xograis galegos (Edición crítica e estudo, en formato impreso e electrónico)*, subvencionado pola Dirección Xeral de I + D da Xunta de Galicia (PGIDIT03SIN20401PR), coordinado e dirixido pola Dra. D^a Mercedes Brea.

1 Transcribimos as rúbricas tal e como aparecen nos cancioneiros.

- Rúbrica atributiva indirecta, de man do copista, en *B* 1603 f. 339ra): *Estotra cātica fez pero dābrōa a pero darnea por estotra deçima que fāzera.*
- Rúbrica atributiva, de man de Colocci, en *V* 669 (f. 106vb): *Pero DARMĒa.*
- Rúbrica atributiva, de man de Colocci, en *V* 809 (f. 127rb): *Pedro darmēa.*
- Rúbrica atributiva indirecta, de man do copista, en *V* 1135 (f. 186vb): *estotra cātica fez pero dābrōa a pero darnea por estotra de çima que fezera.*
- A alusión que aparece no *incipit* da cantiga de Pero d' Ambroa, *Pero darnea quando composestes*. Nos primeiros versos das cobras II e III aparece citado xa só co nome propio en forma plena, co título de *Don* diante (*Don pedro*).
- Na *Tavola* recóllese o seu nome en dous números:
 - 1204 pero darmēa* (f. 304v)
 - 1602 pero darnea* (f. 307r)

Destes datos podemos deducir dúas modalidades de transcripción: o grupo de *Amor* e *Amigo* (representado neste caso só por *VC*), no que tanto os copistas coma Colocci escriben o apelido con til de nasalidade, e o grupo de *Escarnio* (*BVC*), no que o transmiten sen til. Por outro lado, o seu nome aparece na súa forma reducida (*Pero*), agás nas dúas ocasións en que aparece sen apelido, é dicir, nas alusións intratextuais dos primeiros versos das cobras II e III de *B* 1602/*V* 1135 (*Don pedro*). Como xa sinalara José L. Rodríguez (1988: 535)², o uso alternativo entre a forma reducida, reservada para acompañar o apelido, e a forma plena, só para usos «substantivos», parece ser moi común na antroponimia dos cancioneiros. Canto ao seu apelido, Tavani (1967: 486) decántase por *Arnea*, aínda que entre parénteses propón a alternativa *Armēa*; en cambio, fai todo o contrario no caso de Pero d' Ambroa, que indexa co nome de *Pero Garcia de Ambrōa* e, entre parénteses, sinala tamén a opción *Ambroa* (*ibid.*: 493).

O apelido xentilicio do noso trobador, que nos refire que era orixinario dunha localidade con ese nome, aparece nos cancioneiros baixo dúas formas: *arnea* e *armēa*, latinizado como *armena* ou *armenia*, das que a segunda quizais sexa a máis probable, sendo un erro de omisión, ben dos copistas ben de Colocci, a falla de signo de abreviatura. Na documentación medieval aparecen ambas as dúas denominacións.

Por outro lado, na toponimia galega actual recóllense os seguintes nomes de lugar:

2 Ademais do caso de *Pero/Pedro*, o prof. Rodríguez cita tamén os de *Bernal/Bernaldo*, *Fernan/Fernando*, *Martim/Martinbo*, e *Meem/Mendo*, entre outros exemplos.

- 1) O lugar de *Armeá* (ou *Castro de Armeá*), na freguesía de Augas Santas, do concello de Allariz, na Provincia de Ourense.
- 2) O lugar de *Vilarmea*, na freguesía de Fazouro, do concello de Foz, na provincia de Lugo.
- 3) O lugar de *Armea de Arriba*, na freguesía de *San Pedro de Armea*, do concello de Láncara, na provincia de Lugo.
- 4) O lugar de *Armea de Abaixo*, na freguesía de Santa María de Lama, do concello de Láncara, na provincia de Lugo.
- 5) A freguesía de *San Vincenzo de Armea*, do concello de Coirós, na provincia de A Coruña.

Para á freguesía de San Vincenzo de Armea, do concello de Coirós, a denominación *Armena* cítase nun documento de 12 de decembro de 1138 (*AHN, Clero, San Salvador de Cines, carp. 494, nº 12*), no que Alfonso VII concede carta de couto á igrexa de Santa María das Donas (Betanzos); entre as igrexas acoutadas cítase a de *Armena*:

...facio cartam cautacionis ecclesie sancte Marie de Dominabus, que est in territorio Nemitos, prope Iamrozo, iuxta rivulum Menete. Cauto siquidem predictam ecclesiam ex omni parte per circuitum per ipsos terminos quos in antea nominabimus, id est ecclesiam sancte Crucis, et ecclesiam de Porce Milios, quomodo hereditas ipsius ecclesie separatur ab hac hereditate et cauto Cyniensis monasterii, et a termino de Carrezeda, et ecclesiam de Curiolos, et ecclesiam de Colantes, quomodo sue hereditate dividitur ab hereditate monasterii de Spelunca. Deinde *ecclesiam de Armena* per rivulum Mandeo, et ecclesiam de Bravio per ipsum rivulum Mandeo... (Recuero Astray *et alii* 1998: 80-81, doc. 80).

Con anterioridade, nun documento de 1091, conservado no tombo de Samos, no que o abade Fromarico fai un inventario dos bens por el adquiridos para o mosteiro, lese: *Vicentium de Armena cum suis hereditatibus* (Lucas Álvarez 1986: 166, doc. 55).

Outra denominación que se pode atopar na documentación medieval é a de *Armenia*. No tombo de San Xulián de Samos rexístranse varias ocorrencias. Nun documento de 25 de febreiro de 978 no que un tal Ermenexildo e a súa muller Eldonza doan ao abade de Samos o mosteiro familiar de San Salvador de Barxa, por eles fundado, pódese ler: *Et in valle Nemitus ecclesia sancti Vicentii, villa vocabulo Armenia* (Lucas Álvarez 1986: 289, doc. 132).

Noutro documento do tomo de Samos, de 13 de maio de 1196, no que os irmáns Pedro e Poncio Vélez conveñen co mosteiro de Samos a metade da vila e igrexa de Fafián, dise:

Et ego Petrus dictus abbas cum universitate capituli samonensis pro memorato beneficio damus vobis sepedicto domino Petro Vele quicquid habemus vel habere debemus in terra de Nendos et de Prucios, videlicet, ecclesiam sancti Iuliani de Mar, *ecclesiam sancti Vicentii de Armenia*, ecclesiam sancti Salvatore de Colantes, ut teneatis eas in vita vestra (Lucas Álvarez 1986: 221, doc. 87).

De San Pedro de Armea, no concello de Láncara, hai tamén algunhas referencias documentais no tomo de Samos. Por exemplo, nun documento de 10 de abril de 1036, no que Velasco Arméniz e a súa muller Gontrode doan unhas vilas a San Antoniño e os seus monxes:

Et inde per terminum de *Armenia* usque in termino de sancto Petro usque in villa Agati usque in termino de villa Auzoni et inde per terminum de *Armenia* usque in sancta Martha (Lucas Álvarez 1986: 101, doc. 20).

Noutro documento de 7 de febreiro de 1111, no que Paio Citiz e a súa muller venden a Munio, vicario de Samos, unha herdade en Eiru Faligu, lese:

In Dei nomine. Ego Pelagius Citiz et uxor mea Maria...tibi Munio presbiter, qui es vicarius de Samanos ibi in sancto Antonino et *in Armenia*, in domino Deo eternam salutem amen (Lucas Álvarez 1986: 383, doc. 24).

A denominación *Armea* tamén aparece noutros dous documentos; nun deles, de 20 de decembro de 1133, no que Alfonso VII acouta a favor do mosteiro de San Salvador de Cis (Oza dos Ríos) algunhas igrexas, entre as que está a de San Vicenzo de Armea:

Ideoque ego Adefonsus Dei gratia Hispanie imperator, una cum coniuge mea regina domna Berengaria et vox nostra, ad honorem Dei per hunc nostre precessionis auxilium donamus, cautamus atque concedimus, cautum firmissimum et regia auctoritate ad monasterium quod nuncupat Sancti Salvatoris de Cinis, territorio Nemitus, pro remedio animarum nostrarum et parentum nostrorum, sive pro amore fidelissimo nostro comes Rodericus Petri, videlicet ecclesiam Sancti Martini de Bravio, et *ecclesia Sancti Vicencis de Armea*, et ecclesiam Sancti Salvatoris de Colantes et cum heremita Sancti Iuliani per suos terminos antiquos, videlicet: fontem de Cova, et inde ad fontem de Avelanares, et inde ad Boucam de Condessa, et inde ad

Rubeyra, et inde ad fontem de Mino, et inde ad Bovem Mortuum, et inde ad Portum de Quihiriz, et inde ad infesto per ipsum rivulum de Menede, et inde per terminos qui sunt inter Coyroos et Colantes, sicut vadit ad ipsum rogium qui discurrit inter Villare et Colantes, et inde per ipsum rogium usque ad ribulum Mandiu, et inde ad fontem ubi incepimus (Recuero Astray 1998: 48-49, doc. 50).

Outro documento, referido a Vilarmea de Fazouro, do concello de Foz, de 17 de outubro de 1258, no que o bispo Xoán II Sebastianes e mais o cabido da Catedral de Mondoñedo conceden ao chantre Rodrigo García todo o que lle correspondía da sucesión de Pedro Pérez, arcedián da catedral e do testamento do cóengo García Pérez:

...ex testamento Garsie Petri quondam ecclesie nostre canonici in uita ipsius cantoria scilicet in villa Aldriz, in Cinge, in villa Armea, in ecclesia de Burela, in ecclesia de Ceruo... (Cal Pardo 2005, doc. 78).

Do lugar do concello de Allariz non atopamos documentación, aínda que é coñecido actualmente como *Castro de Armeá*, con acentuación oxítona. Dada a lonxanía deste lugar do círculo xeográfico-ambiental no que se movería o noso trobador, cremos que podería quedar descartado como posible filiación.

Dos datos recadados, resulta aínda difícil conxecturar a acentuación do apelido, malia que parece máis clara a acentuación paroxítona:

- a) A partir de *Armenia*, ao igual que *ACENIA* > **ACENIJA* > **ACEIJA* > *ACEA*, a evolución podería ser: Ar´menia > [*ar´menja] > [*ar´meja] > [ar´mea]
- b) De [ar´mena] > [ar´mëa] > [ar´mea] (tras a desnasalización).

A orixe do topónimo é incerta. Héctor Iglesias (2007: 52-59) ponon en relación cos topónimos vascos *Armenia* e *Armentia* (Álava) ou o gascón *Armagnac*, concluíndo que quizais se trate dun antropónimo de orixe céltica ou ben caucásica, traído por individuos instalados na península ibérica e na «Wasconia» en época prerromana.

A terminación *-ea* está presente en numerosos topónimos galegos como *Acea*, *Area*, *Balea*, *Brea*, *Cea*, *Coea*, *Garea*, *Navea*, *Palavea*, *Pontevea*, *Romea*, etc., se ben esta terminación non ten unha orixe uniforme en todos os topónimos, como tampouco nos apelativos *cadea*, *candea*, *cea*, *lamprea*, *morea*, *pabea*, *rea*, *serea* ou *tea* (N. Ares, 2009: 269-270).

Bascuas (2006: 244-245) propón unha base *AR-MENA*, na que *ar* supón unha voz hidronímica que significaría «pasar», «fluir», máis un elemento *mena*, que tamén atopamos no latín *femina* («a que amamanta») ou *alumnus* («o que é amamantado»).

Á hora de facermos unha proposta de nome, cremos que tanto a orixe *Armena* ou *Armenia*, como as rúbricas coloccianas en *BV*, teñen un gran peso argumentativo a favor da denominación *Pero d' Armêa* como a orixinaria, o cal non é obstáculo para que tamén a denominación sen til, produto dunha desnasalización en galego medieval e dunha regularización gráfica moderna, sexa tamén válida.

2. A orixe

Os datos que nos fornece a documentación medieval non permiten máis que facer conxecturas sobre a orixe e filiación de Pero d' Armea. Os que puidemos recabar son os seguintes:

- En *ARG*, pergamiños, nº 327, con data de 1 de xuño de 1257, atopamos o documento se cadra máis coñecido, referido á compra-venda dunha herdade de Maria Pérez (¿a Balteira?) por parte do mosteiro de Sobrado «*fila de Dom pedro iohannis de gimaranes & de azenda pelaez cugia fuy esta herdades*»; na nómina de confirmantes figuran «*petro pelaez*» e un tal «*petro bofom*» (¿bufon?), como alcaides de Betanzos.
- Esta Maria Pérez tal vez sexa a mesma que o 7 de marzo de 1257, xunto co seu fillo Pedro Peláez (*Petrus Pelagii*), ambos os dous reseñados como *magistri*, venderon ao mosteiro de Sobrado unha herdade en Covelo, freguesía de Bravío, ao prezo de 20 floríns (*Tombo de Cascas*, f. 457).
- Algún destes «Petri» podería ser o mesmo que confirma outro documento, conservado C1 do *ACS*, fol. 153r, nº 13, de 15 de outubro de 1249, onde entre as testemuñas se cita a un tal «*p. iograr de betanciis*».
- De Sobrado é o documento 374, de 1220, sobre a resolución dunha demanda entre *Marina Froile de Balone*, a «*Riola*», e o seu fillo, *Oveco Iohannis*, a *Iohannis Verecundi, magister Brioni*, e os seus irmáns, por unhas posesións que van de *Balone usque ad grangiam de Brione*. Entre os testemuñantes cítase un tal *Petrus ioglar*.
- No tomo de Monfero, doc. 567 (4 de maio de 1297), refírese unha doazón de *Pedro Iogar* (sic) no lugar de San Xurxo das Torres.

A filiación luguesa tamén se pode conxecturar a partir da seguinte documentación dos *Tombo da Catedral de Mondoñedo*:

- Nos *calendarios*, doc. 203 (1276) pódese ler: «Fernandus Iohannis dictus Picancius assignou bens versus domum que fuit Iohannis Pelagii dicti de Lama, que est subtus domum *Petri Iocularis* et uxoris sue *Maior Pelagii*».
- Nos mesmos *calendarios*, no doc. 326 (1289), fálase de emprazamentos de bens: «in cortina de *Petro Ioglar* e vinea» do mesmo individuo.
- No doc. 333 (1290): «*Petrus Ioglar de Pomerio* et uxor sua *Maior Pelagii dicta Gaviana*» asignan para o seu aniversario a «*placiam*» que teñen en «*Pomerio*».
- A relación de identidades pode completarse mellor co doc. 58 (1254), onde se le: «*Martinus Pelagii dictus Leal*», pola súa alma deu á nai «*Maria Gavillana* domum et vinea de Pomerio». No doc. 62 (1255): «*Maria Pelagii filia Marie Gaviane* Pomerio Donego, cum viro suo *Pelagio Salido*» (de Maria Pelagii, do que se deduce que a súa irmá é *Maior Pelagii* (a que está casada co *Petrus Ioglar*)).
- No doc. 112 (1260 / 1360) refírese a morte de Maria Gaviana: «eodem die (xiiii kalendas nouembris obiit *Maria Martini Gaviana* Pomerio Donego».

En definitiva, estes datos documentais poderían apoiar tanto a hipótese da filiación mindoniense como a brigantina.

Do exposto ata o de agora e mais pola crítica e os estudos de literatura galega medieval, pouco máis podemos presentar que meras hipóteses, das que as máis aceptadas veñen sendo a súa condición de xograr, de probable orixe galega, que desenvolveu a súa actividade poética entre o segundo e o terceiro cuartos do s. XIII. Vexamos agora un breve resumo do estado da cuestión:

- C. Michaëlis (1904, I, «glossário»: 532), na súa glosa marxinal sobre a Balteira, apenas cita o seu nome pola súa relación literaria con Pero d' Ambroa (a cantiga *V* 1134).
- Nunes (1973: 241), remitíndose a Michaëlis, apenas nos di que se trata dun xograr galego contemporáneo de Pero d' Ambroa pola referencia da cantiga de escarnio coa que este contesta ao de Armea.
- Gumersindo Placer (1944-45: 396ss), seguindo a Murguía (1905: 47), sitúa o nacemento de Pero d' Armea na freguesía lucense de San Pedro de Armea, no concello de Láncara, relacionándoo co trobador Afonso Gómez

de Sarria. O único dato no que se apoia para esta afirmación é a alusión aos topónimos «San Segundo» e «San Felices», da cantiga de escarnio que Pero d' Ambroa lle dirixe a Pero d' Armea (*B* 1602, *V* 1134), que, segundo el, faría referencia a dúas ermidas situadas na val de Sarria, Santiago de Souto e San Fiz de Reimúndez. Non obstante, é un dato erróneo, xa que na cantiga lese «San Fagundo» e non «San Segundo». San Fagundo e San Felices fan clara referencia a dúas localidades leonesas do camiño de Santiago, Sahagún e San Felices (Alvar, 1986a: 93), o que parece constituír unha referencia irónica, que non real, na cantiga.

- Álvarez Blázquez (1955: 191-192) pon en relación a Pero d' Armea con Pero d' Ambroa, ademais de con Pedr' Amigo de Sevilha e María Pérez, a Balteira. Estes tres trobadores, xunto con Esquío, Guilhade e Mirapeixe, formarían parte da hoste de D. Rodrigo Gómez de Trastámara na campaña de Córdoba e Sevilla (1248). O estudoso non achega ningún dato ou documento en que basear esta afirmación. Por outra parte, tamén confunde a Fernand' Esquío co Fernand' Escalho da cantiga de escarnio antes citada de Ambroa. Álvarez sitúa o noso trobador na mesma localidade coruñesa onde tiña unha herdade a Balteira, é dicir, San Vicente de Armea.
- Reali (1964: 5) pon de manifesto que apenas hai datos de Pero d' Armea, agás o xa referido da cantiga alusiva de Pero d' Ambroa, sinalando que quizais Pero d' Armea era de clase social máis baixa.
- C. Alvar (1986: 91-92), no comentario da cantiga de escarnio de Pero d' Ambroa, despois de resumir o dito anteriormente, engade o dato da referencia a Fernand' Escalho, xogar ridiculizado en varias ocasión por outros trobadores, como Pero García Burgalês e Roi Paez de Ribela, dos que podería deducirse, xa que logo, unha certa relación con Pero d' Armea ou, alomenos, que formarían parte dun ambiente xograresco común.
- Resende de Oliveira (1994: 411; 1995:166-167), baseándose na súa colocación nos cancioneros e a súa relación con Pero d' Ambroa, trobador vencellado á corte de D. Rodrigo Gómez de Trastámara, sitúa a orixe de Pero d' Armea no concello de Coirós; por outra parte, opina que o uso da fórmula «branca e vermelha», utilizada tan só noutra ocasión na famosa cantiga *da guarvaya*, de Pai Soares de Taveirós, quen tamén frecuentou a dita corte, pon en ración a ambos os dous trobadores. Conclúe que pode tratarse dun xogar galego, activo no segundo e terceiro cuartos do s. XIII, e nativo da poboación onde D^a María Pérez posuía unha herdade que vendeu

ao mosteiro de Sobrado en 1257, citando o documento editado por Martínez Salazar (1911). Finalmente, sinala que tería percorrido terras leonesas, como pode deducirse das referencias a «San Fagundo» e «San Felices», antes mencionadas.

- Frateschi Vieira (1999: 140-43), seguindo os estudos anteriores, tamén considera a dupla asociación entre Pero d' Armea e Pero d' Ambroa, argumentada na súa orixe veciña e máis na cantiga coa que este último responde ao primeiro; o que pon en dúbida é que o ambiente desas composicións sexa a corte de Don Rodrigo Gómez; conclúe que, a falta de probas, sería máis prudente situar esas composicións e os seus autores no círculo rexio de Fernando III ou do seu fillo Afonso X. Por outra parte, sobre o feito de que Pero d' Armea e Pai Soares de Taveirós usen ámbolos dous case a mesma expresión (*branca e vermelha*), aínda que non exacta —xa que Pero d' Armea refírese a cosméticos, mentres que o primeiro úsao como descrición da dama—, non é proba suficiente para relacionalos directamente, posto que podería tratarse dun tópico da poesía trobadoresca en xeral.

De todo isto, podemos conxectar que Pero d' Armea foi un xograr galego que, polo seu apelido toponímico e a súa relación con Pero d' Ambroa, orixinario de San Tirso de Ambroa, no concello veciño de Irixoa, probablemente fose orixinario do concello de Coirós, na provincia da Coruña, onde se atopa unha localidade chamada San Vicenzo de Armea. A área de influencia na que se movería o noso trobador sería a dos mosteiros de Monfero, de Caaveiro e de Sobrado, dos que dependía toda a comarca brigantina, incluíndo, por tanto, Irixoa e Coirós. Non obstante, non podemos descartar a posibilidade dunha orixe mindoniense, puidendo terse desprazado logo á area brigantina.

3. Ambiente e relacións

Pola súa relación con Pero d'Ambroa, podería deducirse que desenvolveu a súa actividade poética entre o segundo e o terceiro cuartos do século XIII, posiblemente en contacto co círculo señorial de Rodrigo Gómez de Trastámara, e formando parte dun pequeno grupo de xograres galegos (Resende 1994: 411). A referencia textual a Fernad' Escalho na cantiga antes mencionada de Pero d'Ambroa permite tamén relacionalo indirectamente con Pero Garcia Burgalês e Roi Paez de Ribela. A través de

Pero d' Ambroa, tamén é posible que coñecera a Pedr' Amigo de Sevilha e mesmo a María Pérez «a Balteira»; de aí podería ter coñecemento, ben sexa persoal, ben sexa da súa obra, dalgúns dos trobadores que formaron parte do «ciclo da Balteira», como Johan Baveca, Pero da Ponte, Johan Garcia de Guilhade, Fernan Velho, Pero Mafaldo ou Johan Vasquiz de Talaveira.

Queda en mera conxectura a súa participación nas campañas de Córdoba e Sevilla, acompañando a hoste de Don Rodrigo Gómez, ou se se desprazou á corte rexia de Fernando III ou do seu fillo, Afonso X (sendo infante ou xa rei). Tamén queda en pura conxectura se o «Pedro Bofom», que aparece como alcaide de Betanzos, ou os «p. iograr de betanciis», «Petrus iograr» e «Pedro Iograr», poden relacionarse dalgún xeito con Pero d' Armea. Queda asemade nunha levisima sospeita de que o «magister» Pedro Peláez, fillo de Maria Perez, poida ser o noso xograr.

Bibliografía

- Alvar, C. (1986), «Maria Pérez, a Balteira», *Archivo de Filología Aragonesa* 36-37 (I), pp. 11-40.
- Álvarez Blázquez, J. M. (1955), «Pedro Amigo de Sevilla y Pero de Ambroa (interpretación de una amistad)», *Cuadernos de estudios gallegos* 10, fasc. 30, pp. 169-193.
- Ares Vázquez, N. (2009), «Toponimia do concello de Láncara», *Lucensia* 39, pp. 269-298.
- Arquivos da Catedral de Mondoñedo. Calendarios (= ACM).*
- Arquivo da Catedral de Santiago (= A.C.S. TOMBO C1-C2).*
- Archivo Histórico Nacional*, San Salvador de Cines, carp. 494, nº 12 (= *AHN*).
- Archivo Histórico Nacional CLERO*, Monfero, carp. 497, 498, 499, 500, 501, 502, 503.
- Archivo Histórico Nacional CÓDICES 259B*, Tombo Memorial de Monfero (= *TM*).
- Archivo Histórico Nacional CÓDICES L. 1439. Cartulario do Convento de agustinos e cóengos regulares de San Xoán de Caaveiro (A Coruña)*, séc. XI-XIII.
- Arquivo do Reino de Galicia*, pergamiños, nº 327 (= *ARG*).
- Bascuas López, E. (2006), *Hidronimia y léxico de origen paleoeuropeo en Galicia*, Sada: Edicións do Castro.
- Cal Pardo, E. (2005), *Tumbos del archivo de la catedral de Mondoñedo. Calendarios*, Lugo: Excma. Diputación Provincial.
- Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti). Cód. 10991* (1982), Lisboa: Biblioteca Nacional-Imprensa Nacional-Casa da Moeda.

- Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cód. 4803)* (1973), Lisboa: Centro de Estudos Filológicos-Instituto de Alta Cultura.
- Fernández de Viana y Vieites, J. I. (1985), «Don Rodrigo Gomez y la sede compostelana» in *Actas II Congreso Galaico-Minhoto*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, vol. I, pp. 107-122. (= Don Rodrigo)
- Fernández de Viana y Vieites, J. I. - M. T. González Balasch - J. C. Pablos Ramírez (1996), «El Tumbo de Caaveiro», *Cátedra* 3, pp. 267-437.
- Fernández de Viana y Vieites, J. I. - M. T. González Balasch - J. C. Pablos Ramírez (1997), «El Tumbo de Caaveiro», *Cátedra* 4, pp. 221-385.
- Iglesias, H. (2007), «Les trois toponymes galiciens Armeá, le basque Armenia et le gascon Armagnac ont-ils un rapport avec l'Arménie?», *Araxes. Anuario internacional armenio-vasco* 1 (12), pp. 52-59.
- López Sangil, J. L. (1997), «Índice de la documentación en pergamino que se conservaba en el archivo del monasterio de Santa María de Monfero en el año 1833», *Cátedra* 4, pp. 127-165 (= Índice Monfero).
- López Sangil, J. L. (2000), «Relación de la documentación del monasterio de Santa María de Monfero», *Estudios mindonienses* 18, pp. 279-740.
- Loscertales de G. de Valdeavellano, P. (1976), *Tumbos del Monasterio de Sobrado de los Monjes*, Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural / Archivo Histórico Nacional, Madrid, vol. I.
- Loscertales de G. de Valdeavellano, P. (2000), «Relación de la documentación del monasterio de Santa María de Monfero», *Estudios Mindonienses* 18, pp. 279-740.
- Lucas Álvarez, L. (1986), *El tumbo de San Julián de Samos (siglos VIII-XII). Estudio introductorio. Edición diplomática. Apéndices e índices*, Santiago de Compostela.
- Lucas Álvarez, L. (2004), «El monasterio de San Salvador y San Nicolás de Cis», *Estudios Mindonienses* 20, pp. 603-728.
- Michaëlis de Vasconcelos, C. (1990), *Cancioneiro da Ajuda*, Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda. 2 vols. [Halle: Max Niemeyer, 1904].
- Nunes, J. J. (1973), *Cantigas d'Amigo dos trovadores galego-portugueses. Edição crítica acompanhada de introdução, comentário, variantes e glossário*, Lisboa: Centro do Livro Brasileiro, 3 vols. [1ª ed., 1926-28].
- Oliveira, A. Resende de (1994), *Depois do espectáculo trovadoresco. A estrutura dos cancioneiros peninsulares e as recolhas dos séculos XIII e XIV*, Lisboa: Colibri.
- Placer, Fray G. (1944-45), «Pero d' Armea, poeta gallego del siglo XIII», *Boletín da R.A.G.* 24, pp. 396-412.
- Reali, E. (1964), *Le «cantigas» di Juyão Bolseyro*, Napoli: Istituto Universitario Orientale.
- Recuero Astray, M. - M. González Vázquez - P. Romero Portilla (1998), *Documentos Medievales del Reino de Galicia: Alfonso VII (1116-1157)*, A Coruña: Xunta de Galicia.

- Rodríguez Fernández, J. L. (1988), «Os nomes dos trovadores. Algunhas anotacións para umha fixación posíbel», *Actas del I Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval, Santiago de Compostela, 2 al 6 de Diciembre de 1985*, V. Beltrán (ed.), Barcelona: P.P.U, pp. 523-538.
- Souto Cabo, J. A. (2006), «Pedro Garcia de Ambroa e Pedro de Ambroa», *Revista de Literatura Medieval* 18, pp. 225-248.
- Tavani, G. (1967), *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese*, Roma: Edizioni dell'Ateneo.
- Vieira, Y. Frateschi (1999), *En cas dona Maior. Os trovadores e a corte senhorial galega no século XIII*, Santiago de Compostela: Ed. Laivento.

Dúas notas sobre a transmisión manuscrita da lírica profana galego-portuguesa

ANTONIO FERNÁNDEZ GUIADANES

Universidade de Santiago de Compostela

Á nai filolóxica

As propostas que se desenvolven nestas poucas páxinas son extractos de investigacións inacabadas sobre aspectos da lírica galego-portuguesa que consideramos problemáticos e que forman parte dunha tese de doutoramento (aínda non rematada) que o que escribe realiza, desde non hai poucos anos, baixo a dirección de Mercedes Brea, a persoa homenaxeada neste libro. A mestra leu versións aínda non definitivas destas ideas ou oíu falar delas en conversas persoais; malia terme animado a publicalas, sempre me pareceu que lles faltaban datos que as puidesen dar como concluíntes. Para honra-la figura da mestra preséntanse aquí de forma moi reducida e provisoria —e, se cadra, arriscada (ó non poder desenvolver polo miúdo partes importantes das investigacións¹)— algunhas hipóteses de traballo ou meras conxecturas sobre esas cuestións do fenómeno trobadoresco.

1 Que se darán, non obstante, na Tese de doutoramento que estou preparando, xa que nesta ocasión, por cuestións editoriais, véxome limitado en tempo en espazo.

1. Un reclamo colocciano en B: rerre-formación e rerre-estrutura dun caderno?

de las afasias con las descripciones de corte neuropsicológico, y con objeto de hallar aspectos de concurrencia y de complementación entre los resultados (Fernández Pérez 2014). Prueba inapelable de esa orientación confluyente es la faceta pluridisciplinar de trabajo en equipo de Jakobson con el neurólogo Alexander Luria y con el psicólogo Lev Vygostky en años cruciales (desde 1924). Luria (1983) subraya la contribución de Jakobson para proporcionar evidencias lingüísticas en la consideración integral de las afasias, que han de contemplarse en su dinámica procesual y en sus repercusiones simbólicas. Las pruebas funcionales (escucha dicótica, actividad electromagnética cerebral, sobre todo con pacientes epilépticos comisurotomizados) operadas sobre los hemisferios —y como comprobantes de su papel en el procesamiento del lenguaje— se tomaron asimismo en cuenta como evidencia convergente de la teoría lingüística sobre las afasias en los trabajos postrimeros de Jakobson. Dice el autor que

Although at first glance these linguistic distinctions seemed to be “clinically insignificant” and although originally they found “no firm support in neurological characteristics”, precisely the same linguistic distinctions have finally appeared to Luria as fundamental for the study of aphasia and at last “firmly supported by contemporary ideas of the functional organization of the human brain” (...). Thus the basic binary concepts viewed in the linguistic quest as the key to understanding the obvious dichotomy of aphasic disturbances, namely dyads such as Encoding/Decoding, Syntagmatic/Paradigmatic, and Continuity/Similarity (...), gradually found access to the advanced neuropsychological treatment of aphasic enigmas (Jakobson 1980: 39)

En definitiva, las líneas programáticas jakobsonianas sobre la concepción del lenguaje y respecto de los cometidos de la Lingüística casan con los derroteros de la Lingüística más reciente en, al menos, lo concerniente al enfoque integral sobre la actividad verbal contemplada en su dinámica procesual (cognitivo-comunicativa), así como en cuanto a nuevas rutas metodológicas (sobre producciones verbales en marcos discursivos) que dan cabida a la pluridisciplinariedad y permiten la emergencia de problemas nunca antes considerados ni abordados. La actualidad de los planteamientos de Jakobson deriva de su participación en el programa de investigación que defiende la concepción global de los hechos lingüísticos, sin atribuir primacía a unos

cometidos que atribuye a la Lingüística hacen patente con rotundidad de dónde han de provenir las evidencias:

La linguistique s'intéresse au langage sous tous aspects –au langage en acte, au langage en évolution, au langage à l'état naissant, au langage en dissolution (Jakobson 1956 :43).

aspectos (sean formales, sociales, psicológicos, etc.) sobre otros (Fernández Pérez 2013). La Lingüística que se nutre de fuentes distintas y convergentes es germinal en nuestro autor.

Bibliografía

- Kemmer, S. – M. Barlow (1999), «Introduction: A Usage-Based Conception of Language», in M. Barlow – S. Kemmer (eds.) (1999), *Usage based models of language*, Stanford: Center for the Study of Language and Information, pp. vii-xxviii.
- Battaner, E. (2014), *Las ideas lingüísticas de John R. Firth*, Münster: Nodus.
- Bybee, J. L. – P. Hopper (2001), «Introduction to frequency and the emergence of linguistic structure», in J. Bybee – P. Hopper (eds.), *Frequency and the emergence of linguistic structure*, Amsterdam: J. Benjamins, pp. 1-26.
- Bybee, J. L. (2013), «Usage-based theory and exemplar representations of constructions», in Th. Hoffman – G. Trousdale (eds.), *The Oxford Handbook of Construction Grammar*, Oxford: Blackwell, chap 4.
- CLP (Círculo Lingüístico de Praga) (1929), *Travaux du Cercle Linguistique de Prague*, Prague, 1929. Traducción al español de M. Inés Chamorro, *Círculo Lingüístico de Praga. Tesis de 1929*, Madrid: Alberto Corazón, 1970.
- Coseriu, E. (1957), «Sincronía, diacronía e historia», *Revista de la Facultad de Humanidades y Ciencias* (Montevideo) 15, pp. 201-355, in *Sincronía, diacronía e historia. El problema del cambio lingüístico*, Madrid: Gredos, 1978.
- Fernández Casas, M^a J. (2004), *Edward Sapir en la lingüística actual: líneas de continuidad en la historia de la lingüística*, Santiago de Compostela: Publicaciones de la Universidade de Santiago (Anexo 54 de Verba).
- Fernández Pérez, M. (2013), «Algunas líneas maestras de la lingüística actual», in A. Pamies (ed.), *De lingüística, traducción y léxico-fraseología. Homenaje a J. de Dios Luque*, Granada: Comares, pp. 321-333
- Fernández Pérez, M. (2014), «Roman Jakobson y su contribución al estudio del lenguaje peculiar», in M. L. Calero Vaquera et alii (eds), *Métodos y resultados actuales en Historiografía de la Lingüística*, Münster: Nodus, pp. 193-203.
- Givon, Th. (1989), *Mind, Code and Context: Essays in Pragmatics*, Hillsdale: Erlbaum.
- Givon, Th. (1997) (ed.), *Conversation: Cultural, Cognitive, and Communicative Perspectives*, Amsterdam: J. Benjamins.
- Givon, Th. (2005), *Context as Other Minds: On the Pragmatics of Sociality, Cognition and Communication*, Amsterdam: J. Benjamins.
- Goldberg, A. (1995), *Constructions: A Construction Grammar Approach to Argument Structure*, Chicago: Chicago University Press.

- Gries, S. (2013), «Data in Construction Grammar», in Th. Hoffman – G. Trousdale (eds.), *The Oxford Handbook of Construction Grammar*, Oxford: Blackwell, chap. 6.
- Gilquin, G. – S. Th. Gries (2009), «Corpora and experimental methods: a state-of-the-art review», *Corpus Linguistics and Linguistic Theory* 5/1, pp. 1-26.
- Hoffman, Th. – G. Trousdale (2013), «Construction Grammar. Introduction», in Th. Hoffman – G. Trousdale (eds.), *The Oxford Handbook of Construction Grammar*, Oxford: Blackwell, chap. 1.
- Jakobson, R. (1941), *Kindersprache, Aphasie und Allgemeine Lautgesetze*. Uppsala: Universitets Arsskrift. Traducción al español de E. Benítez sobre la versión francesa, *Lenguaje infantil y afasia*, Madrid: Ayuso, 1974.
- Jakobson, R. (1956), «Deux aspects du langage et deux types d'aphasies», *Essais de Linguistique Générale* (traduit par N. Ruwet, *Fundamentals of Language*, The Hague), Paris: éditions de Minuit, 1963, pp. 43-67.
- Jakobson, R. (1962), «El concepto lingüístico de rasgos distintivos. Reminiscencia y meditaciones», *Nuevos ensayos de Lingüística General* (versión española del trabajo original publicado en *Selected Writings*, vol. I), México: Siglo XXI, 1976, pp. 140-176.
- Jakobson, R. (1968), «El papel de los elementos fónicos en la percepción de la palabra», *Nuevos ensayos de Lingüística General* (versión española del trabajo original publicado en *Selected Writings*, vol. I, 705-718), México: Siglo XXI, 1976, pp. 177-192.
- Jakobson, R. (1970), «Relaciones entre la ciencia del lenguaje y las otras ciencias», *Nuevos ensayos de Lingüística General* (versión española del trabajo original publicado en *Tendances principales de la recherche dans les sciences sociales et humaines*, Paris: Mouton/Unesco), México: Siglo XXI, 1976, pp. 11-82.
- Jakobson, R. (1973), *Main Trends in the Science of Language*, London: G. Allen – Unwin.
- Jakobson, R. (1980a), *The framework of language*, Michigan: The University of Michigan Press.
- Jakobson, R. (1980b), *Brain and language. Cerebral Hemispheres and Linguistic Structure in Mutual Light*, Columbus, Ohio: Slavica Publis.
- Luria, A. (1977), «The Contribution of Linguistics to the Theory of Aphasia», in *Roman Jakobson. Echoes of his scholarship*, D. Armstrong – C.H. van Schooneveld (eds.), Lisse: The Peter de Rider Press, pp. 237-252.
- Mel'čuk, I. (1985), «Three Main Features, Seven Basic Principles, and Eleven Most Important Results of Roman Jakobson's Morphological Research», in *Roman Jakobson. Verbal Art, Verbal Sign, Verbal Time*, K. Pomorska – S. Rudy (eds.), Oxford: Blackwell, pp. 178-200.
- Pike, K. (1982), *Linguistic concepts. An Introduction to Tagmemics*, Lincoln: University of Nebraska Press.
- Revière, Á. – M. Núñez (2001), *La mirada mental: desarrollo de las capacidades cognitivas interpersonales*, Buenos Aires: Aique.

- Rūķe-Draviņa, V. (1977), «Child Language Studies», in *Roman Jakobson. Echoes of his scholarship*, D. Armstrong – C.H. van Schooneveld (eds.), Lisse: The Peter de Rider Press, pp. 403-409.
- Schönefeld, D. (2011) (ed.), *Converging Evidence. Methodological and theoretical issues for linguistic research*, Amsterdam: John Benjamins.
- Svoboda, A. (1981), *Diatheme*, Brno: Opera Universitatis Purkynianae, Facultas Philosophica.
- Vachek, J. (ed.) (1983), *Praguiana. Some Basic and Less Known Aspects of the Prague Linguistic School*, Amsterdam: John Benjamins.
- Vachek, J. (1983a), «Remarks on the dynamism of the system of language», Appendix II to Vachek (ed.) (1983).
- Vachek, J. (1983b), «The Heritage of the Prague School to Modern Linguistic Research», Appendix III to Vachek (ed.) (1983).
- Zipf, G. (1935), *The Psychobiology of Language: An Introduction to Dynamic Philology*, Boston: Houghton Mifflin Co.

A botadura do Instituto da Lingua Galega

FRANCISCO FERNÁNDEZ REI

Universidade de Santiago de Compostela

O Instituto da Lingua Galega (ILG) creouse no 1971 ó abeiro da Lei de Educación vixente que contemplaba o estudo das denominadas linguas vernáculas, a que tamén se refería o artigo 2º dos Estatutos Provisionais da Universidade de Santiago de Compostela (USC), que no artigo 8º prevían a creación de institutos de investigación supradepartamentais. A idea dese Instituto débese a Constantino García, que no 1966 chegara desde Alemaña para ocuparse da cátedra de Filoloxía Románica da USC, desde a que comezou a promover traballos sobre o galego, particularmente a recolleita *in situ* de material léxico, cando a lingua propia de Galicia practicamente carecía de estudos.

1. A creación do «Instituto de la Lengua Gallega»

O 26 de xullo do 1971 aprobouse o «Proyecto de creación del Instituto de la Lengua Gallega» nunha reunión no Salón Reitoral da USC, que presidiu o reitor compostelán Manuel García Garrido e á que asistiron tres catedráticos da USC (Ramón Otero Tüñez, Catedrático de Historia da Arte e Decano da Facultade de Filosofía e Letras; Constantino García González, Catedrático de Filoloxía Románica; e Manuel Díaz y Díaz, Catedrático de Filoloxía Latina) e cinco representantes de institucións e outros organismos (Xosé Filgueira Valverde polo Instituto Padre Sarmiento do CSIC, Marino Dónega Rozas pola Real Academia Galega, Xoaquín

Arias Díaz de Rábago pola Fundación «Pedro Barrié, Conde de Fenosa», Ricardo Carballo Calero polo Centro de Estudos Fingoi e Xerardo Fernández Albor pola Fundación Penzol).

No devandito proxecto considerábanse oito fins inmediatos do ILG: 1º estudo, promoción e cultivo da lingua galega; 2º investigación sincrónica da realidade lingüística do galego actual; 3º continuación do rexistro lexicográfico galego do Departamento de Filoloxía Románica; 4º realización de traballos sobre dialectoloxía galaico-portuguesa; 5º promoción de teses de doutoramento sobre temas de filoloxía e lingüística galega e portuguesa; 6º promoción dos traballos elaborados nas seguintes series: a) colección de manuais normativos do galego, b) teses de doutoramento, c) memorias de licenciatura, d) publicacións periódicas; 7º formación do persoal investigador interesado no campo da lingüística galega; 8º relación entre profesores españois e estranxeiros interesados neste campo de traballo.

Nesa primeira sesión do Padroado do ILG, propúxose como director a Constantino García González, subdirector Manuel Díaz y Díaz e secretario Ricardo Carballo Calero, representante de Fingoy e profesor interino de Lingüística e Literatura Galega da USC. Cando Carballo foi nomeado Catedrático de Lingüística e Literatura Galega, na sesión de 26 de xuño do 1972 o Padroado propúxoos como vicedirector e Díaz pasou a ser secretario, aínda que na súa ausencia Carballo facía de secretario.

Segundo Alonso Montero (1996: 71-72), parecía «cantado» que Carballo Calero idease e iniciase o ILG, por ser o primeiro e único profesor de galego da USC, autor do único manual lexible sobre o idioma e dunha monumental e rigorosa *Historia da literatura galega contemporánea*, ademais de escritor en varios xéneros e estupendo orador; porén, antes da Guerra do 36 Carballo era un intelectual moi serio e moi comprometido co Partido Galeguista, e un dos vencidos nesa Guerra, polo que non parecía aconsellable para xestionar a creación dun Instituto do galego.

Constantino García aínda non publicara traballos relevantes sobre galego nin era escritor nesta lingua nin era un orador como Carballo. Era asturiano (e non galego), era novo (e non loitara na Guerra do 36) e carecía de ficha policial; e como Catedrático de Filoloxía Románica «tiña, forzosamente, un perfil profesional aséptico, que, unido ó seu talante persoal anodino, facían del o home idóneo para que as autoridades académicas e gubernativas se confiasen. E confiáronse».

Profesores da USC que comezaron a singradura do ILG con Constantino García, comentáronme a habilidade coa que este se moveu para crear a institución (Fernández Rei 2008: 989-990). Segundo Ramón Lorenzo, o reitor García Garrido, «con todo o franquista que era, deixouse convencer por Constantino e grazas a el

foi adiante o Instituto». Opinión semellante ten Guillermo Rojo para quen o reitor García Garrido «non podía estar a favor dun movemento favorable ao galego, pero Constantino, con grande habilidade, buscando tamén a protección externa (Fundación Barrié, por exemplo), conseguiu convencelo e forzou a creación do ILG», o que a Rojo lle parecía simplemente imposible.

Antón Santamarina consideraba que para crear o ILG, Constantino García tivo que vencer suspicacias e darlle un aspecto estritamente académico («de la lengua gallega») e abeirarse con persoas nada sospeitosas para o franquismo, o que explica que no Padroado estean Filgueira Valverde ou Gerardo Fernández Albor, pero non galeguistas como Ramón Piñeiro ou Francisco Fernández del Riego.

2. Xénese do método *Gallego 1*

O 14 de maio do 1971, día da presentación do método *Gallego 1*, pode considerarse o día da botadura oficial do ILG. A portada do libro tiña unha representación do labirinto do petróglifo de Mogor (Marín), debaixo os nomes «Universidad de Santiago de Compostela» e «Instituto de la Lengua Gallega», e no interior debuxos de Julio Maside ilustraban cada lectura do manual.

A finais da década de 1960 existían gramáticas do galego, as anticuadas de Saco Arce e de LUGRÍS Freire e as recentes de Carballo Calero e de Carré Alvarellos; porén, non había un método práctico para aprender ou perfeccionar o idioma, que era o obxectivo do equipo que formou Constantino García para redactar un manual que servise de modelo lingüístico para o ensino e tamén para a redacción dos traballos de investigación do Departamento de Filoloxía Románica que dirixía.

En xaneiro de 1971 os profesores Xosé Luís Couceiro, Guillermo Rojo e Antón Santamarina, coa colaboración de M^a do Carme Ríos Panisse, Inés Leis e Luísa F. Pensado, comezaron a redactar un borrador. Logo, coa colaboración de Ramón Lorenzo, que daquela non era profesor do Departamento de Filoloxía Románica, o equipo unificou a lingua das lecturas e dos textos literarios e revisou conxuntamente a teoría gramatical. A comezos de marzo enviouse o borrador a xente da cultura galega, de dentro e de fóra de Galicia, cunha carta na que se lle pedía a opinión particular sobre o método en xeral, cun inquérito con cuestións ortográficas e cunha convocatoria para unha xuntanza o 20 de marzo na USC (García 1971: 131).

Ese día celebrouse a reunión para tratar problemas da norma no futuro método e evitar discrepancias entre o ILG e a Real Academia Galega, que editara o folle-

to *Ortografía galega* (1970). Ademais dos redactores, acudiron 25 persoas, entre elas académicos numerarios (Piñeiro, Carballo, Filgueira, Ferro Couselo e X. M. Álvarez Blázquez), escritores (Franco Grande, Manuel María, García-Bodaño), economistas (X. M. Beiras, X. López Facal), galeguistas (Marino Dónega, Manuel Caamaño, Camiño Noya, Valentín Arias, Veiga Arias) e o latinista Díaz e Díaz (García 1971: 132).

Nunha carta a Basilio Losada o 22 de marzo, Piñeiro (2006: 66) informábalos desa xuntanza á que asistiron arredor de 30 persoas da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Santiago e Monforte, e que durou das 11 da mañá ás 7 da tarde cun descanso para un xantar colectivo; e a seguir contáballes os (des)acordos e a súa impresión da xuntanza:

Como che tiña dito, no ámbito do Departamento fórase desenvolvendo unha tendencia autarquizante e unha certa tensión —non moi disimulada— coa Academia. Tratouse de presentar como un fronte de «novos lingüistas» e outro de «vellos académicos», o primeiro baseado na ciencia e o segundo na literatura (pronunciando esta palabra co desdén con que un positivista pronuncia a palabra «metafísica»), e, en realidade na lista dos convidados percibíase a intención de asegurar o predominio do Departamento fronte aos «vellos académicos». Con todo, ocorreu unha cousa excelente: que nas respostas que foron recibindo, tanto de novos como de vellos, parecía moi crara a adhesión á autoridade da Academia. Non en todas, pero si en moitas.

En palabras de Piñeiro, Constantino García «decatouse moi ben do panorama e actuou con moito tino», xa que declarou que se facía un método en tres graos que editaría a Universidade, por ser a responsable idiomática dos textos escolares para o ensino do galego, que cumpría unificar a lingua dos textos e que «o Departamento leva a cabo esta iniciativa unificadora “sin máis pretensións que esas do uso escolar e sin pretender entrar na esfera propia da Academia”. Esta declaración previa, feita con certo instinto diplomático, dissipou os receos e facilitou o desenvolvemento do Coloquio, que foi aberto e cordial, ás veces abondo vivo e movido»¹.

A comezos do 1971 tres dos responsables do método *Gallego 1* preparaban cadansúa tese de doutoramento en lingüística galega moderna. Guillermo Rojo defendeu en marzo do 1972 unha tese sobre as perífrases verbais e en febreiro do 1973 fixérono Antón Santamarina e Xosé Luís Couceiro, con estudos da lingua das parroquias de S. Martín de Suarna (A Fonsagrada) e de Feás (Aranga), respectivamente.

1 A xénese do método *Gallego 1* desde o punto de vista de Ramón Piñeiro e dos membros do equipo redactor pode verse con máis detalle en Fernández Rei (2008: 900-998), que sigo neste apartado.

Ramón Lorenzo doutorárase no 1966 na Complutense de Madrid cunha tese sobre galego medieval, pero nos anos 60 publicara traballos léxicos e etnolingüísticos da bisbarra da Amaía.

Os redactores do borrador do método tiñan que se enfrontar a moi diversos problemas que superaron grazas á súa formación lingüística, polo que para o equipo do *Galego 1* ben pouca autoridade lingüística posuía unha Academia que na citada *Ortografía galega* puxera unha norma supletoria que dicía que «nos casos non previstos nestas normas, serven de supletorias as usuáis na ortografía castelá», como me lembraba Santamarina. Cousa ben diferente era a innegable autoridade moral dalgúns académicos, particularmente a dos represaliados por seren coherentes co ideario galeguista e por manteren aceso o facho galeguista nos escuros anos da posguerra.

Segundo Santamarina, formado á calor da mesa-braseiro de Piñeiro na década de 1960 e participante moi activo no seo da compostelá Asociación Cultural «O Galo», da que fora presidente, a filosofía da normativa académica de 1970 «era a da *Gramática* de 1966 de Carballo, supoño que consensuada con Piñeiro, que de todos os ‘galaxios’ era o que tiña máis coñecementos gramaticais, incluído Carballo, e xa non digamos Filgueira; e desde logo tiña máis sentido idiomático e común ca ningún dos outros». Para Santamarina aquela Academia non tiña autoridade normativa ningunha:

O caso é que aquelas pílulas de doutrina lingüística elaboradas pola Academia pareceunos (falo por min) o parto dos montes; con aquilo non se ía a sitio ningún. Fose como fose era unha cousa tan cativa que a autoridade da Academia non nos anonadou, entre outras cousas porque sabiamos máis galego nós daquela (eu tería 25 anos, Lorenzo 30 e tantos) que todos os académicos xuntos. Iso era tan evidente que mesmo unha persoa modesta coma min, a pesar da miña idade (e os novos adoitan ser arrogantes), podía velo de maneira meridiana. Con todo, cando fixemos o *Galego 1* vimos que non era bo que houberse varias normas; aínda que daquela non tiña moita importancia, porque o galego non estaba institucionalizado (Fernández Rei 2008: 994).

Guillermo Rojo, vinculado daquela ó colectivo de canción social «Voces Ceibes», consideraba que a Academia era unha institución pouco operativa, sen interese polo ensino do galego; e verbo da reunión cos galeguistas do 20 de marzo para discutiren os criterios do método e sobre «a prudencia, a habilidade e o tino» de Constantino García de que fala Piñeiro na crónica dese día, lembraba:

Efectivamente, esa era a liña estratéxica de Constantino e, polo tanto, o choque podía producirse case exclusivamente no referente á normativa morfolóxica e ortográfica adoptada. Nesa reunión debeu de producirse a anécdota de Filgueira á que fago

alusión antes², pero non recordo tensión excesiva salvo nos aspectos mencionados, que pasaban sempre polo choque entre unha visión excesivamente innovadora e outra excesivamente conservadora. O choque real viña das diferenzas entre un grupo de persoas que pretendían que o galego estivese nos centros de ensino e outro grupo bastante distante dese obxectivo que, polo tanto, non vían moito problema nun galego «literaturizado» (Fernández Rei 2008: 995).

Ramón Lorenzo, cofundador do Grupo Literario «Brais Pinto» cando estudaba filoloxía na Complutense madrileña e que sempre tivera boa relación persoal con Ramón Piñeiro, lembra que do Departamento de Filoloxía Románica lle achegaron un borrador coa proposta dun método de galego e que lle pareceu unha idea excelente, polo que se integrou no equipo redactor:

O mesmo borrador chegoulle a Carballo, pero este era incapaz de colaborar con ninguén nun proxecto, porque el era dos que ordenaba e mandaba e non se puña a discutir solucións con ninguén. Cando rematámo-lo método, coas propostas que nos parecían máis axeitadas para o galego, enviamos unhas cen copias ós intelectuais que andaban polo país para que o lesen e viñesen a unha reunión a Santiago para discutir sobre o método. Celebrouse esta reunión na Facultade e a ela asistiu moita xente, entre eles Álvarez Blázquez, Carballo, Piñeiro, Filgueira e moitos máis. A discusión foi feroz, pois todos traían propostas: non querían o plural en *ós* (*razós*), a forma *ca coa* e outras moitas que propoñiamos (Fernández Rei 2008: 995-956).

A reunión do 20 de marzo para debater os criterios normativos foi «feroz», segundo Lorenzo, porque os «supostos» sabios tiñan moito que criticar:

Despois de varias horas houbo unha pausa e nesa pausa parece que actuou con intelixencia Filgueira Valverde. Debeulles dicir que aquel método era algo moi importante para o galego e que debían apoialo. O feito foi que na segunda parte da reunión todo foi unha balsa de aceite e aprobouse o método con moitas modificacións, pois entre o borrador entregado e o publicado no *Galego 1* había moitas diferenzas. Naquela reunión Carballo estaba presente e non vía con bos ollos que nós non fôsemos fieis ás normas ortográficas de 1970 que el propuxera na Academia e que non consultara con ninguén de nós (Fernández Rei 2008: 996).

Para Xosé Luís Couceiro, na reunión do 20 de marzo os académicos Filgueira, Dónega e Ogando [estes dous aínda non eran numerarios] «quizás “convencidos” ou

2 Filgueira tomoulles o pelo ós redactores do método por proporen escribir «o día que millo-lo pasamos».

“forzados” pola autoridade moral de Piñeiro e polo voluntarismo de Constantino» apoiaron a iniciativa, que vían con bos ollos outros académicos e escritores:

Non sei se nesa reunión estivo Fernández del Riego, pero este con García-Sabell, era claramente favorable, o que explica que nos recibiran con tódolos parabéns posibles os vigueses ós que fomos ver Antón Santamarina e eu para falarlles un pouco do que estabamos facendo. Se non lembro mal falamos con Cunqueiro, Isla Couto, Franco Grande... Non sei se se falou co resto dos vigueses, especialmente cos Álvarez Blázquez (Fernández Rei 2008: 996).

Á vista dalgunhas actitudes, Couceiro cre que se optou por un «desapego normativo suave» en detalles ortográficos, sen buscar a confrontación, «e si unha aceptación social do galego, primeiro como unha lingua románica máis, e logo como unha lingua máis da comunidade». O desencontro coa Real Academia Galega nace seguramente no «complexo técnico» que quizais sentiu Carballo:

Era evidente que non remaba na mesma dirección que o resto do grupo, pero a maioría dos novos foramos alumnos seus e había un respecto, digamos intelectual, polo que significara Carballo Calero para o galego nos tempos de pedra. Ramón Lorenzo estaba libre; pero como estratexia o xefe [Constantino García], quería dentro do bote, mellor que fóra, aínda que ciara de vez en cando (Fernández Rei 2008: 997).

3. Recepción do método *Gallego 1*

Os xornais galegos informaron da aparición do manual do ILG e intelectuais como Ramón Piñeiro ou Manuel Rodrigues Lapa louvaron este método de galego (Fernández Rei 2008: 998-1000).

O xornal compostelán *El Correo Gallego* (15/05/1971, p. 8) a catro columnas daba ampla información da rolda de prensa do reitor García Garrido para dar a coñecer seis obras do Secretariado de Publicacións da USC que dirixía o Catedrático de Latín Díaz y Díaz. A publicación «estelar» era o manual de galego do ILG.

O xornal coruñés *El Ideal Gallego* (15/05/1971, p. 15) informaba a dúas columnas, baixo o titular «El rector de la Universidad presentó ayer el *Método de Gallego*», co subtítulo «Es la primera obra de una serie de gran interés para Galicia».

El Progreso de Lugo (15/05/1971, p. 7) informaba a dúas columnas da rolda de prensa, con breve mención do método («el primer tomo de los tres que publicará

la Universidad a través del Secretariado de Publicaciones Universitarias referidas al idioma gallego»).

Moi escasa foi a información en *La Voz de Galicia* da Coruña (15-05-1971, p. 13), cun titular «Presentación de publicaciones de la Universidad», unha fotografía dos presentadores e seis liñas de texto; na liña 5ª dicíase «Asimismo se presentó el libro *Gallego I*, que constará de tres volúmenes».

En *La Región* (26/05/1971, p. 3), Taboada Chivite celebraba a aparición do *Gallego 1*, cunha metodoloxía estrita, obra do Seminario de Filoloxía da USC que dirixe Constantino García; e sinalaba que «dentro del Seminario funciona el Instituto de la Lengua Gallega que acaba de publicar el libro que incita este comentario. Acrecienta el mérito del señor García González su condición no gallega, que no obsta su entrega ejemplar al estudio de nuestro idioma».

En *La Voz de Galicia* (30/05/1971), González Garcés consideraba que posiblemente en ningún idioma actual se investigase filoloxicamente «de modo tan serio y profundo, meditado y vivo, como en el gallego. Paso decisivo y loable y exultante logro ha sido la creación del «Instituto de la Lengua Gallega». Que asegura la continuidad del estudio por especialistas en Lingüística»; por outra parte, vía «injustificado e injusto el silencio en que queda la labor inexplicablemente anónima del Doctor Constantino García González y sus más directos colaboradores»³.

Manuel Rodrigues Lapa, despois de participar con Joseph M. Piel, Luis F. Lindley Cintra e José Luis Pensado nun ciclo de conferencias de Filoloxía Galega e Portuguesa, organizado polo Departamento de Filoloxía Románica días antes da presentación do *Gallego 1*, informaba desas conferencias e da creación do ILG e o seu método no xornal portugués *República* (25/05/1971) no artigo «Lembrança da Galiza».

4. O ILG inicial, servizo do Departamento de Filoloxía Románica

Comezaba co *Gallego 1* a singradura oficial, que xa dura 45 anos, do ILG que ideara Constantino García como servizo paralelo do Departamento de Filoloxía Románica para poder captar e xestionar recursos para proxectos que o departamento non podía conseguir. Eran pequenas axudas das fundacións Barrié de la Maza, Penzol ou Fingoy, que se destinaban, sobre todo, á recolleita léxica con enquisas no dominio lin-

3 A autoría do director e redactores do método aparecerían no 1974 nas páxinas finais do *Gallego 3*.

güístico galego a cargo de estudantes das materias Filoloxía Románica 1 e 2, que impartía C. García nos cursos 4º e 5º da sección de Filoloxía Románica da licenciatura de Filosofía e Letras. Con ese material un bo quiñón do seu alumnado redactou a súa memoria de licenciatura, que nalgún caso foi o xermolo dunha tese de doutoramento.

Fun un dos estudantes que se beneficiou desas modestas axudas, que me permitiron no verán do 1973, xunto con Manuel González, recoller en xullo léxico da vida mariñeira de Cariño, no Ortegal, e en setembro léxico da cultura rural da Ferrería do Incio, nos somontes do Courel. Cando no curso 1973-74 acudía á sala do Departamento de Filoloxía Románica da antiga Facultade de Filosofía e Letras da USC (hoxe Facultade de Xeografía e Historia) para consultar bibliografía para a miña tesina sobre Cariño, naquela ampla sala tiñan cadansúa mesa de traballo os profesores Santamarina, Rojo, Couceiro e Ríos Panisse (coautores do método de galego). Lorenzo xa non a tiña, había pouco que marchara de Catedrático para Valladolid.

Tamén vía eu nesa sala a profesora Mercedes Brea, coa que compartín a década final do antigo Departamento de Filoloxía Románica e unha longa singradura, desde mediados da década de 1980, na área de Filoloxía Románica no novo Departamento de Filoloxía Galega. Con Mercedes e con Manuel González acudín a Granada en marzo do 1985 para presentarmos relatorios sobre a lingua galega nos Encontros de Filólogos Romanistas celebrados baixo o lema *Las lenguas románicas españolas tras la Constitución de 1978*. Mercedes tratou a formación e características do galego, M. González a recuperación do idioma e eu as variedades dialectais.

Cando os responsables do *Lexikon der Romanistischen Linguistik (LRL)* lle encargaron a Constantino García a coordinación das entradas sobre o galego, que se publicarían anos despois no vol. VI,2 (1994), fomos membros do consello científico do ILG os encargados de redactalas (C. García a formación do léxico, R. Lorenzo a «koiné», A. Santamarina a estandarización, M. González a situación social, F. Fernández Rei as áreas lingüísticas, R. Álvarez Blanco e H. Monteagudo a gramática), pero tamén participou M. Brea, que tratou a formación do idioma. Nesa moderna «biblia» da romanística a lingua galega foi a única minorizada empregada na redacción das entradas, agás na de onomástica galega na que o alemán D. Kremer usou a súa lingua.

A comezos da década de 1970 C. García e A. Santamarina proxectaron o *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)* para poder describir a riqueza da variación xeográfica do galego moderno. Entre 1974 e 1977 tres investigadores do ILG (R. Álvarez Blanco, F. Fernández Rei e M. González) realizaron *in situ* as enquisas en 167 puntos de todo dominio lingüístico. O *ALGa* comezou a editarse no 1990, pero antes diversos inves-

tigadores usaron parte do material léxico inédito, como ocorreu coas denominacións da folla do piñeiro e as do cadabullo coas que M. Brea redactou traballos onomasio-lóxicos; o relativo ó arume publicouno no 1980 no nº 7 de *Verba. Anuario galego de filoloxía*, que daquela dirixía C. García con A. Santamarina como secretario. No 1981 M. Brea e Isabel González foron nomeadas coordinadoras desa revista.

Na década de 1980 profesorado de Filoloxía Románica dirixiu memorias de licenciatura nas que se estudaban as denominacións románicas dun concepto, con abundantes notas etimolóxicas, e nas que o material inédito do *ALGa* dese concepto se analizaba á par das outras linguas neolatinas. C. García dirixiu a tesina de Elvira Fidalgo sobre as denominacións románicas de *chuvia / chover* (1986), codirixida por Mercedes Brea, que se ocupou da dirección das tesinas de M^a C. Maril Sánchez sobre a *bolboreta* (1982), da de Esther Corral sobre a *curuxa* (1985) e da de Fe Besteiro sobre o *arco da vella* (1986). As denominacións galegas da *bolboreta*, da *curuxa* e do *arco da vella* destas memorias publicáronse en *Verba* 11 (1984), 12 (1985) e 14 (1987), respectivamente, mentres que as da *chuvia / chover* se editaron no 1994 no vol. 6 das actas do congreso de romanística celebrado na USC do que R. Lorenzo fora secretario.

Cando se xubilou a persoa que soñou un instituto para o estudo da lingua galega e que buscou os medios materiais e humanos para facer realidade ese soño, Mercedes Brea e eu mesmo coordinamos a *Homenaxe ó Profesor Constantino García* (1991); e anos despois coordinaríamos, coa colaboración de X. L. Regueira, o volume *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina* (2008), para honrar a persoa que fora director do Departamento de Filoloxía Románica na súa xeira derradeira e que en novembro do 1990 ocupou a dirección do ILG. Santamarina participara moi activamente na redacción do *Gallego 1* co que comezara a singradura oficial do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela.

Bibliografía

- Alonso Montero, X. (1996), «Instituto da lingua galega. 25 anos a contragolpe», *Galicia Internacional* (xuño 96), pp. 70-74.
- Fernández Rei, F. (1991), «O Instituto da Lingua Galega (1971-1990). Contribución á investigación e á normalización do galego», in M. Brea – F. Fernández Rei (coords.), *Homenaxe ó Profesor Constantino García, I*, Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da Universidade, pp. 15-46.

- Fernández Rei, F. (2008), «A creación do Instituto da Lingua Galega en 1971 e o desencontro normativo coa Academia», in X. L. Axeitos – E. Grandío – R. Villares (eds.), *A patria enteira. Estudos en homenaxe a Xosé Ramón Barreiro*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Real Academia Galega, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 985-1009.
- García, C. (1971), «Orixen e problemas do método de galego», *Grial* 32, pp. 129-141.
- Instituto de la Lengua Gallega (1971), *Gallego 1*, Santiago de Compostela: Secretariado de Publicaciones de la Universidad de Santiago.
- Piñeiro, R. (2006), «Cartas de Ramón Piñeiro a Basilio Losada, 1970-71. Sobre a normativa da lingua, a creación do ILG e a Academia», *Grial* 171, pp. 57-69.

A difusión das *Cantigas de Santa María*: algunhas hipóteses*

ELVIRA FIDALGO

Universidade de Santiago de Compostela

*Ca en ela sempre acharán
mercee mui grand' e bon talan*

Afortunadamente, cada vez son máis os estudosos que se interesan polo vasto corpus das *Cantigas de Santa María* (*CSM*), en calquera dos seus aspectos (literario, iconográfico e musical)¹, pero, malia todos os esforzos, o marial continúa sendo unha obra enigmática, fonte de constantes desafíos que esperan ser resoltos. Dúas das preguntas máis recorrentes son aquelas que interrogan acerca dos motivos que impulsarian ó Sabio a levar a cabo o magno proxecto, e sobre cal puido ser a súa repercusión posterior. Á primeira cuestión xa intentei darlle resposta hai algún tempo (Fidalgo 2013), pero a difusión que puido ter unha das empresas literarias máis estimadas polo rei é asunto aínda sen pechar, xa que, pese a seren as *CSM* un repertorio que bebeu de moitas fontes (Parkinson 2011), non se lle coñecen imitadores. Con todo, parece case

* Esta contribución está encadrada no Proxecto de Investigación «Las *Cantigas de Santa María*: de la edición a la interpretación» (Referencia FFI2014-52710-P), financiado polo Ministerio de Economía y Competitividad.

1 Abonda con botarlle unha ollada ó amplísimo repertorio bibliográfico recentemente compilado por Joseph Snow (Snow 2012), forzosamente incompleto, pois dende entón, moitas outras contribucións viron a luz.

imposible que unha obra tan coidada desde o punto de vista persoal como material, desaparecese co rei sen deixar rastro nas letras hispánicas, polo que hoxe teño a intención de seguir as poucas pistas que deixaron os textos para intentar ofrecer posibles saídas a esta cuestión tan debatida. Para iso, voume internar por dous camiños que parten de dous puntos diferentes e distantes: os dos datos que podemos extraer dos propios versos da colección mariana e a vontade do monarca expresada no seu testamento.

Alguns versos das *Cantigas* permiten imaxinar cal debeu ser o proceso que rematou na confección do cancionero. Cotexando os indicios que conteñen co que a día de hoxe se sabe acerca dos colaboradores do rei² e co que podemos claramente deducir ó admirar o resultado final, estaremos de acordo en que o traballo levado a cabo no obradoiro real non debeu ser moi diferente do que reflicte a cobra que sigue:

E daquest'un miragre mui fremoso direi
que fez Santa Maria, per com'escrit'achei
en un livr', e d'ontr'outros traladar-o mandei
e un cantar eu fige segund'esta razon³.

(CSM 284, vv. 5-8)⁴

Aínda que sexa lexítimo dubidar da exactitude do último verso transcrito (polo que se refire ó uso da primeira persoa), parece que, en liñas xerais, os demais poderían ser bastante fiables para comprender como se levaron a termo as *CSM*. Sendo así, se cadra poderíanse tomar como igualmente indicativos da intención con que o rei compuxo (ou mandou compoñer) as súas composicións, aqueles outros que aluden á difusión dos cantares, como o explícito verso 33 da *CSM* 172: *E desto cantar fezemos que cantassen os jograres*. Este último verso da cantiga (descontado o refrán conclusivo), cobra capital importancia porque son escasas as composicións nas que o narrador

2 Alguns dos colaboradores son ben coñecidos (Gil de Zamora, Bernardo Brihuega, por exemplo) e as súas figuras están ben estudadas, polo que non imos deternos agora nesta cuestión.

3 Non son poucos os versos que poñen en evidencia que as *Cantigas* son unha labor de equipo (por exemplo, as *CSM* 64, 84, 188, 293, 347...), pero, como unha imaxe vale máis que mil palabras, permítaseme sinalar unha das miniaturas máis coñecidas, a que abre o Códice *T* na que, a ancho de páxina, se pode ver o rei no medio da composición pictórica en actitude de ditar e, ós seus pes, cregos que len e/ou copian e músicos que poñen a punto os seus instrumentos.

4 Os fragmentos dos textos reproducidos, así coma as referencias ós mesmos, pertencen á edición de Metmann 1989-1992.

se dirixe ó público para pechar o relato⁵, e moito menos aquelas nas que o autor fala da súa obra e do horizonte que ansía para ela. O verso transcrito actúa como a bisagra que vencella as dúas fases interdependentes do «periplo vital» dunha cantiga: a composición, no primitivo senso literario que adquiriu o verbo latino *TROPARE, e a difusión da peza xa concluída; unha vez rematado o cantar, o autor despréndese del para situalo de fronte ó seu propio camiño, que será máis ou menos longo dependendo dos xograres que o inclúan no seu repertorio⁶ e do público que sexa capaz de rememoralo. Fórmulas coma estas sinalan a vontade de que a cantiga saia fóra das páxinas do pergameo onde foi copiada, e ese desexo parece vir confirmado por unha petición de similar contido que atopamos nun coñecido documento de carácter legal.

Non cabe dúbida de que é realmente a vontade do rei Afonso o que se escoita no seu testamento, onde deixa establecido que o seu corpo sexa sepultado en compañía dos libros das CSM e que as cantigas fosen cantadas nesa mesma igrexa os días das festas da Virxe:

Otrossi mandamos que todos los libros de los Cantares de Milagros e de Loor de Sancta Maria sean todos en aquella eglisea ó el nuestro cuerpo fuere enterrado, e que los fagan cantar en las fiestas de Sancta Maria e de Nuestro Sennor. (González Jiménez 1991: 560).

Todo parece indicar que a tal fin se confeccionou o «Códice dos músicos» (*E*), mentres que os Códices Ricos (*T* e *F*), por esta mesma condición, pasaron a integrar o tesouro librario da coroa (Fernández Fernández 2008-2009 e 2012-2013)⁷.

-
- 5 O xeito máis común de rematar a cantiga coincide co remate dos feitos e, facendo parte deles, a divulgación do milagre por boca do protagonista ou dos que escoitaron atentos o relato por boca daquel, en versos similares ó da CSM 122, 58: «e este miragre por muitas terras contou», ou da CSM 93, 42-43: «Tanto que foi guarido, começou-ss' a ir / dizendo pela terra...». O autor poucas veces se dirixe ó hipotético auditorio unha vez rematada a narración dos feitos; sen embargo, hai algunhas cantigas nas que podemos atopar versos conclusivos como «Aquí vo-lo acabei» (CSM 88, 102), «Como vos dissemos acá» (CSM 92, 52) ou «E assi foi acabado» (CSM 136, 158), que, retomando a primeira persoa, pechan a cantiga cando a narración dos feitos xa está concluída (Vid. Fidalgo 1992: 93-98).
- 6 Neste sentido, poderíanse engadir tamén as diferentes interpelacións ó público que se inclúen nos primeiros versos das composicións, formando parte das coñecidas fórmulas proemiales para a *captatio benevolentia* previstas pola normativa retórica pero que, indirectamente, indican a transmisión de carácter oral do texto que se está a ler. Refírome a expresións como: «Com'agora oyredes», «Se quisedes escoitar», «Oyde-o de grado», «porque sabemos que será ascuitado» etc. (Vid. Fidalgo 1992: 51-65).
- 7 Prescindimos aquí do Códice de Toledo porque, como se sabe, reflicte o primeiro intento de compilación dun gran marial por parte do Sabio que logo se viu superado ca confección dos outros códices, de maior contido e calidade material.

Aparentemente, as enfermidades e os desgustos acabaron ca vida do rei antes do que el pensaba, e a fase final do proxecto sentiuse da présa que dominou estes anos finais. Sen embargo, o certo é que a notación musical quedou copiada practicamente toda en *E*⁸ porque «o autor» das *CSM* desexaba legar o repertorio completado para que as cantigas que compuxera en honra da Virxe puidesen ser cantadas, o cal confirma a súa pretensión de que os seus cantares fosen difundidos entre un amplo auditorio. Este desexo non se contradí ca rica elaboración dos códices historiados que, polo esforzo tanto artístico coma pecuniario invertidos na súa confección, indicarían a vontade rexia de que eses libros fosen coidados coma preciosas xoias que non deberían de estar sometidas a un uso continuado e fóra dun entorno protexido que podería deteriorar a magnificencia dos volumes. Ademais, o acompañamento do texto icónico parece apuntar cara a un goce máis visual que auditivo da obra, así que os textos aquí copiados terían un horizonte máis ben reducido, cinguíndose a súa difusión ó espazo da corte, mentres que os do *Códice E*, libres do seu espello iconográfico, semellan seren máis aptos para ser usados (quizais como modelos de copia?) e escoitados por cantos asistisen ás repetidas celebracións litúrxicas na catedral hispalense.

Ó encerrar os códices ricos na biblioteca palatina para salvagardalos dos estragos, en certo modo, as cantigas foron asfixiadas: os libros pasaron de biblioteca en biblioteca, só sometidos ó escrutinio de quen se puidese achegar a eles para admirar un traballo tan fino. As intervencións que aínda hoxe podemos observar nos dous códices poderían ser a proba de que os textos terían perdido voz co paso dos anos. Por un lado están as prosificacións que se copiaron no fondo dos primeiros folios do *Códice T*, coma se alguén pretendese contar en castelán aquilo que xa non se entendía nos versos galegos, porque a prestixiosa lingua vehicular da lírica do século XIII xa quedara desprazada por un castelán que se empadroara definitivamente da literatura na centuria seguinte (Fidalgo 2001). Tamén na corte de Afonso XI, alguén que carecía da pericia dos iluminadores afonsinos atreveuse a acabar as imaxes do *Códice F* (Sánchez Ameijeiras 2002) e debuxou, con trazos moi gordos, figuras bastas que moito terían encolerizado ó bisavó do oncenno se aínda estivese en vida. Estes dous apuntes condúcennos ata un mesmo canellón sen saída: as *CSM* non gozaron do vigor que lle podería infundir o ter sido modelo de imitación, e non deberon de chamar a atención

8 A diferenza do coidado en acabar a obra queda patente se observamos o *Códice de Florencia*, este si claramente inacabado, no só no aspecto iconográfico, o cal podería ser comprensible xa que, a priori, semella un texto de maior complexidade, senón tamén no campo textual e musical. Vid. García Cuadrado 1993.

pasados os tempos do bisneto, por moita admiración que este rei sentise pola poesía da escola trobadoresca galegoportuguesa en xeral⁹, e por moito deleite que lle produciran as cantigas do Sabio en particular. Como se sabe, este gusto quedou evidenciado nunha composición atribuída a Afonso XI, a cantiga *En huum tiempo cogi flores* (ca. 1329), na que o autor parece que pretendeu recoller o testemuño dun dos máis famosos cantares *de loor* afonsinos, pois o autor non só engasta os seus versos nunha forma métrica estraña ó contexto lírico castelán do s. XIV, pero semellante á que predominaba nas CSM, senón que nela rememora o incipit *Rosa das rosas e Fror das frores* da CSM 10 en versos como «¡Ay, senhora, nobre rossa!» (v. 29) ou «Yo soy la flor d[e l] as flores» (v. 37). O eco que resoa nesta composición demostraría a pervivencia do cancionero mariano na corte de Afonso XI (Beltrán 1985)¹⁰ e, incluso, a súa penetración na lírica amorosa catrocentista, xa que a fórmula *flos florum* resultou ser un dos recursos predilectos na *descriptio puellae*¹¹ para enxalzar a beleza da dama propia por riba da das demais¹², sobre todo nos primeiros poetas do *Cancioneiro de Baena*, para desaparecer despois da poesía cancioneril castelá (Beltrán 1985: 271-272). Semella, pois, que, polo menos a CSM 10 afonsina, aínda a día de hoxe unha das máis recoñecibles e máis facilmente identificables incluso por non especialistas, debeu escapar á cadea dos manuscritos e acadar un éxito notable na boca de músicos e cantores que a sacaron fóra do estreito círculo da corte do Sabio. Pero o exemplo dun rei trobador de Santa María non debeu ser inspirador para os poetas posteriores¹³, pois non quedan mostras de cancións de temática mariana no ámbito trobadoresco da súa corte nin nas inmediatamente posteriores, por moito que desde a CSM 260 Afonso X animase ós demais trobadores do seu círculo literario a continuar por esta senda.

-
- 9 Lembremos que é a el a quen lle lega o *Livro das cantigas* o Conde de Barcelos no seu testamento.
- 10 Tamén a composición *Senhor genta*, co rechamante retrouso, *Leonereta / fin roseta*, que inclúe o símil da flor, recalca o gusto desta comparación no entorno da corte afonsina (Beltrán 1991).
- 11 Como fixera Afonso X cando nos seus versos describía a Virxe coma «A dos santos fror» (CSM 34) ou como «mais bela ca nulla flor» (CSM 121), por citar só uns exemplos. Non obstante, non se pode esquecer que a comparación é usada incluso con anterioridade ás mesmas CSM, como o demostraría o seu emprego en Berceo ou en Gautier de Coinci, e xa que afondaría as súas raíces no mesmo *Cantar dos Cantares* para agromar no nome do instrumento favorito para a oración a María, o rosario.
- 12 Empregado tamén por Afonso X que o usa para enxalzar a beleza física de mulleres extremadamente prudentes, como a Emperatriz de Roma: «Mas a dona tant' era fremosa, que foi das belas flor» (CSM 5, v. 15).
- 13 Estou falando en liñas xerais e non quero determe en influencias puntuais como as inmediatamente mencionadas e outras similares (estruturas estróficas en Don Denis; léxico e mostras de intertextualidade puntual en algúns trobadores etc.) xa sinaladas en varios estudos, senón que me quero referir a cuestións de temática en sentido amplo.

Teremos que esperar á compilación de Alfonso de Baena para volver atopar algunha «cantiga de Santa María». De feito, neste primeiro cancionero castelán podemos identificar pouco máis de media ducia de «cantigas» ou «loores» dedicadas á Virxe, copiadas nun castelán con forte pegada galega, que invitan a pensar na prolongación daquel rexistro privilexiado polo Sabio. Non obstante, a falta dun estudo pormenorizado do léxico e imaxes empregadas, creo máis ben que tanto Villasandino¹⁴, Manuel Lando, García Fernández de Gerena e os outros autores, poderían estar seguindo unha moda derivada dos concursos poéticos convocados polo *Consistòri del Gai Saber* en Toulouse (a partir de 1323 e durante máis dun século; Lafont 1970: 221-263), ou polo *Consistori de la Gaya Sciencia* en Barcelona, despois (Badía 2013: 269-296), que impuxeran unha temática moral e relixiosa ás composicións que optaban ó premio. Creo máis probable que fose o contacto con poetas que puideren ter concorrido ou coñecido estes certames literarios¹⁵ e o propio ambiente social da época, máis proclive á reflexión moral e espiritual, o que animase á composición seguindo estoutra liña, en vez do desexo de darlle curso a un antigo modelo, por moito que aquel viñese dignificado pola sinatura dun rei sabio.

Parece evidente que o amor que puxo Afonso X nas *CSM* non foi suficiente para que o xénero relixioso prendera nos ambientes palacianos e fose cultivado despois da morte do monarca cun interese que recordara o empeño do Décimo; se algunha mostra sobrevive, semella deberse á admiración pola obra magnífica —tamén no sentido estritamente material— dun antepasado reverenciado máis que á rendición poética diante dun rexistro inspirador. Esgotada esta vía, quedanos, pois, explorar o ámbito relixioso, por ver se neste ambiente as *CSM* tiveron maior fortuna.

Appresso di questa soprascritta visione, avendo già dette le parole che Amore m'avea imposte a dire, mi cominciaro *molti e diversi pensamenti a combattere ed a tentare, ciascuno quasi indefensibilmente*, tra li quali pensamenti *quattro* mi pareva che ingombrassero più lo riposo de la vita. *L'uno* de li quali era questo: buona è la signoria d'Amore, però che trae lo intendimento del suo fedele da tutte le vili cose. *L'altro* era questo: non buona è la signoria d'Amore, però che quanto lo suo fedele più fede li porta, tanto più gravi e dolorosi punti li conviene passare. *L'altro* era questo: lo nome d'Amore è sì dolce a udire, che impossibile mi pare che la sua propria operazione sia ne le più cose altro che dolce, con ciò sia cosa che li nomi sèguitino le nominate cose, sì come è scritto: *Nomina sunt consequentia rerum*. *Lo quarto* era questo: la donna per cui Amore ti stringe così, non è come l'altre donne, che leggermente si muova dal suo cuore. *E ciascuno mi combattea tanto, che mi faceva stare quasi come colui che non sa per qual via pigli lo suo cammino, e che vuole andare e non sa onde se ne vada*; e se io pensava di volere cercare una comune via di costoro, cioè là ove tutti s'accordassero, questa era via molto inimica verso me, cioè di chiamare e di mettermi ne le braccia de la Pietà (XIII, 1-7).

Analizziamo in modo più dettagliato i diversi sentimenti che Dante manifesta lungo la prosa della *Vita Nuova*.

Fra i SENTIMENTI NEGATIVI, il più frequente è il dolore (la morte è sempre dolorosa per familiari e amici), in questo caso si tratta della morte del padre di Beatrice: «Onde con ciò si acosa che cotale partire sia *doloroso* [...] manifesto è che questa donna fue amarissimamente piena di *dolore*» (XXII, 2-3), con reminiscenze cavalcantiane:

Poi che li miei occhi ebbero per alquanto tempo lagrimato, e tanto affaticati erano che non poteano disfogare la mia trestizia, pensai di volere disfogarla con alquante parole *dolorose*; e però propuosi di fare una canzone, ne la quale piangendo ragionassi di lei, per cui tanto *dolore* era fatto distruggitore de l'anima mia; (XXXI, 1). Appresso ciò non molti di passati, sì come piacque al glorioso sire lo quale non negò la morte a sé, colui che era stato genitore di tanta meraviglia quanta si vedea ch'era questa nobilissima Beatrice, di questa vita uscendo, a la gloria eternale se ne gio veracemente. Onde, con ciò sia cosa che cotale partire sia *doloroso* a coloro che rimangono e sono stati amici di colui che se ne va; e nulla sia sì intima amistade come da buon padre a buon figliuolo e da buon figliuolo a buon padre; e questa donna fosse in altissimo grado di bontade, e lo suo padre, sì come da molti si crede e vero è, fosse bono in alto grado; manifesto è che questa donna fue amarissimamente piena di *dolore* (XXII, 1-2).

La *Vita Nuova* è puro dolore per la morte della *Gentilissima*, evento dopo il quale nulla sarà uguale per il poeta, e i suoi pensieri sono così dolorosi che, parecchie volte, lo conducono alla più terribile angoscia e all'afflizione. Il dolore e la sofferenza sono così intensi che i termini usati da Dante per esprimere dolore, sofferenza fisica e psicologica sono molti e diversi fra di loro: *angoscia*, *sbigottimento*, *disconforto*, ecc:

E tutto che io fosse a la mia compagnia di molti quanto a la vista, l'andare mi dispiacea sì, che quasi li sospiri non poteano disfogare l'*angoscia* che lo cuore sentia (IX, 2) [...] apparve come peregrino leggermente vestito e di vili drappi. Elli mi pareva *disbigottito* (IX, 4). perché io, quasi *sbigottito* de la bella difesa, che m'era venuta meno, assai me ne *disconfortai* (VII, 1).

Anche i lamenti sono particolarmente abbondanti. Un amico di Beatrice gli chiede di fargli un sonetto, Dante lo ascolta, ma non è soddisfatto perché lo trova troppo semplice, e allora, prima di darglielo, scrive due stanze per canzone, una per l'amico di Beatrice e l'altra per se stesso:

La canzone comincia: Quantunque volte, e ha due parti: ne l'una, cioè ne la prima stanza, si *lamenta* questo mio caro e distretto a lei; ne la seconda mi *lamento* io, cioè

ne l'altra stanza, che comincia *E' si raccoglie ne li miei*. E così appare che in questa canzone si *lamentano* due persone, l'una de le quali si *lamenta* come frate, l'altra come servo (XXXIII, 4).

Quando il poeta, dopo la partenza della donna amata dalla città, desidera comporre una *lamentanza*, affinché la gente non pensi che si lamenta poco, scrive allora il sonetto *O voi che per la via d'Amor passate*, con la spiegazione precedente:

E pensando che se la sua partita io non parlasse alquanto dolorosamente, le persone sarebbero accorte più tosto de lo mio nascondere, propuosi di farne alcuna *lamentanza* in un sonetto (VII, 2).

Un altro sentimento negativo è la tristezza e i suoi derivati (*trista, triste, tristizia*), molto presenti nella *Vita Nuova* —non è necessario spiegare il motivo—: il poeta non può nemmeno immaginare che, dopo la morte della sua amata, vi sia qualcuno che non senta dolore e tristezza, come lui la prova:

E con ciò sia cosa che, secondo l'usanza de la sopradetta cittade, donne con donne e uomini con uomini s'adunino a cotale *tristizia*, molte donne s'adunaro colà dove questa Beatrice piangea pietosamente: onde io veggendo ritornare alquante donne da lei, udio dicere loro parole di questa Gentilissima, com'ella si lamentava; tra le quali parole udio che diceano: «Certo ella piange sì, che quale la mirasse dovrebbe morire di pietade». Allora trapassarò queste donne; ed io rimasi in tanta *tristizia*, che alcuna lagrima talora bagnava la mia faccia (XXII, 3-4).

Per forza si deve includere qui il sentimento del *gabbo*, tipico del linguaggio poetico, che passa alla prosa come *gabbare* 'schernire':

Io dico che molte di queste donne, accorgendosi della mia trasfigurazione [all'avista di Beatrice], si cominciaro a maravigliare, e ragionando *si gabbavano* di me con questa gentilissima (XIV, 7).

Subito dopo il poeta scrive il sonetto che comincia *Con l'altre donne mia vista gabbate*'.

Per quanto riguarda gli ELEMENTI POSITIVI, i più produttivi sono l'allegria, la letizia, la leggiadria e la dolcezza:

Questa Gentilissima donna, di cui ragionato è ne le precedenti parole, venne in tanta grazia de le genti, che quando passava per via le persone correano a vedere lei; onde mirabile *letizia* me ne giungea (XXVI, 1).

Queste parole io ripuosi ne la mente con grande *letizia*, pensanso di prenderle per mio cominciamento; (XIX, 3).

La donna che m'avea chiamato era donna di molto *leggiadro* parlare (XVIII, 2).

L'ora che lo suo *dolcissimo* salutare mi giunse, era fermamente nona di quello giorno; e però che quella fu la prima volta che le sue parole si mossero per venire a li miei occhi, presi tanta *dolcezza*, che come inebriato mi partio da la gente (III, 2).

Come ci si doveva aspettare, l'opera è particolarmente ricca di elementi retorici. Sia nella prosa poetica, sia nella poesia si trovano molti *signa* e *argumenta Amoris* (*piangere, sospirare, lagrimare* e via dicendo, numerosissimi): si tratta, del resto, di una presenza scontata, perché stiamo parlando del lessico emotivo amoroso e quindi, gli effetti che produce l'amore sono molto evidenti o si sentono anche se non lo sono. Nell'ambito dei *signa* chiarissimi, uno dei più evidenti è la traccia che lascia l'Amore, l'insegna, l'impronta, il segno, la testimonianza che Dante portava sul viso e quindi non si poteva nascondere:

L'anima era tutta data nel pensare di questa Gentilissima, onde io divenni in picciolo tempo poi di sì fraile e debole condizione, che a molti amici *pesava de la mia vista*; e molti pieni d'invidia già si procacciavano di sapere di me quello che io voleva del tutto celare ad altrui [...] Dicea d'Amore, però che io *portava nel viso tante de le sue insegne*, che questo non si potea ricovrire (IV, 2).

Avvenne poi che là ovunque questa donna mi vedea, si si faceva d'una vista pietosa e d'un *colore palido quasi come d'amore* (XXXVI, 1).

Allora, ricordandomi che già l'avea veduta fare compagnia a quella Gentilissima, non poteo sostenere alquante *lagrime*; anzi *piangendo* mi propuosi di dicere alquante parole de la sua morte (VIII, 2).

Per questo recchimento de' *sospiri* si raccese lo sollenato *lagrimare* in guisa che li miei occhi pareano due cose che disiderassero pur *piangere*; e spesso avvenia che per lo lungo continuare del *pianto*, dintorno loro si faceva uno colore purpureo, lo quale suole apparire per alcuno martirio che altri riceva (XXXIX, 4-5).

E partitome da lui, mi ritornai ne la camera de le *lagrime*; ne la quale *piangendo* e vergognandomi fra me stesso dicea... (XIV, 9).

Allora [dopo la visione della morte di Beatrice] cominciai a *piangere* molto pietosamente; e non solamente *piangea ne la imaginazione, ma piangea con li occhi, bagnandoli di vere lagrime* (XXIII, 6-7),

Si può anche piangere con la immaginazione o spargere vere e proprie lacrime: «Ne alcuno era lo quale potesse mirare lei, che nel principio nol convenisse sospirare» (XXVI, 3-4).

Oltre ai pianti, ai sospiri e alle lacrime, sono molto fecondi altri *signa* particolarmente visibili: il tremore, il saluto e il cambiamento di aspetto o di colore

(González 2000: 74-79). Il tremore è molto cavalcantiano, specificamente il tremore del cuore, e poi in tutto il corpo, che è quanto sente Dante quando intuisce la presenza di Beatrice:

En el fine del mio proponimento mi pare sentiré uno mirabile *tremore* incominciare nel mio petto dalla sinistra parte e distendersi di súbito per tute le parti del mio corpo. Allora dico che io poggiai la mia persona simulatamente ad una pintura la quale circondava questa magione (XIV, 4).

In quello punto dico veracemente che lo spirito de la vita, lo quale dimora ne la secretissima camera de lo cuore, cominciò a *tremare* così fortemente, che apparìa ne li menimi polsi orribilmente; e *tremando* disse queste parole (II, 4).

Quando la *Gentilissima* saluta Dante, gli pare di vedere la beatitudine in tutta la sua ampiezza, in tutta l'estasi, in «tutti li termini della beatitudine»:

E passando per una via, volse li occhi verso quella parte ov'io era molto pauroso, e per la sua ineffabile cortesia,...*mi saluto e* molto virtuosamente, tanto che mi parve allora vedere tutti i termini de la beatitudine (III, 1).

In caso contrario, quando Beatrice gli nega il saluto, «ne lo quale stava tutta la mia beatitudine» (X, 2) la sofferenza è tale che il poeta decide non pensare mai in nessun'altra donna che non fosse Beatrice:

Quella Gentilissima, la quale fue distruggitrice di tutti li vizi e regina de le virtudi-ni, passando per alcuna parte, mi negò lo suo dolcissimo *salutare*, ne lo quale stava tutta la mia beatitudine (X, 2).

I sintomi e gli effetti del saluto di Beatrice sono miracolosi non solo per Dante, ma anche per i *Fedeli'Amore* e perfino per qualsiasi uomo: «E quando ella fosse presso d'alcuno, tanta onestade giungea nel cuore di quello, che non ardia di levare li occhi, né di rispondere a lo suo *saluto*» (XXVI, 1).

Un altro *signum* impossibile da nascondere, è il cambiamento di colore (del viso), oppure l'alterazione dell'aspetto, come quella trasfigurazione di Dante dinnanzi alla beffa di Beatrice:

E in questo pianto stando, propuosi di dire parole, ne le quali, parlando a lei significasse la cagione del mio *trasfiguramento* (XIV, 10).

Altre [donne] dipoi diceano di me: «Vedi questi che non pare esso, tal'è *divenuto!*» (XXII, 6-7).

Parlando di *argumenta*, ce ne sono parecchi, perché il poeta sente molto profondamente dentro il cuore; la vergogna non si vede, ma i sospiri che ne nascono, sono chiaramente visibili: «E dico che d'allora innanzi cominciai a pensare di lei sì con tutto lo *vergognoso cuore*, che li sospiri manifestavano ciò molte volte;» (XXXIX, 3).

Conclusioni

La prosa della *Vita Nuova* serve a Dante per ragionare d'Amore perché al poeta fiorentino aggrada pensare, riflettere: «E quando ei *pensato* alquanto di lei, ed io ritornai *pensando* alla mia debilitata vita» (XXIII, 3); in un certo senso, la prosa completa la poesia e, a volte, come nel caso seguente, dopo aver pianto molto, non trova altro modo di sfogarsi che spiegare i suoi sentimenti attraverso la prosa poetica: «Poi che li miei occhi ebbero per alquanto tempo *lagrimato*, e tanto *affaticati* erano che non poteano *disfogare* la mia *tristizia*, pensai di volere *disfogarla* con alquante parole *dolorose*» (XXXI, 1). E poi una canzone, *Li occhi dolenti per pietà del core*, naturalmente di argomento doloroso.

Dante è anzitutto poeta e fa scaturire anche poesia dalla prosa, perciò parliamo di prosa poetica, con il compito di aprire la ragione che è sottesa alla poesia (Manni 2013: 31); ragiona in sogno con Amore, che gli consiglia di scrivere versi; in questo caso Dante decide di comporre la ballata *Ballata, i' voi che tu ritrovi Amore*, intermediaria fra il poeta e Beatrice:

E però cominciai allora con lui a *ragionare* de la salute la quale mi fue negata, e domandailo de la cagione; onde in questa guisa da lui mi fue risposto: «Quella nostra Beatrice udio da certe persone di te *ragionando* [...] non degnò salutare la tua persona, temendo non fosse noiosa (XII, 6-7).

Non è prosa poetica quella che Dante, dopo avere parlato del potere beatificante del saluto de Beatrice, aggiunge? «dico che poi che la mia *beatitudine* mi fue negata, mi giunse tanto *dolore*, che, partito me da le genti, in solinga parte andai a *bagnare la terra d'amarissime lagrime*» (XII, 1-2). Certamente lo è.

Con questa premessa, c'era da supporre che il lessico emotivo della prosa fosse simile a quello della poesia, con gli stessi campi semantici: *tristitia* (dolore, angoscia...), *laetitia*, meno fertile (*letizia, leggiadria, dolcezza, allegrezza...*), fra l'altro perché stiamo parlando di un'opera «fervida e passionata» *Convivio* (1 I 16) e quindi,

piena di emozioni e sentimenti³. Non mancano neppure i *signa* (*il tremore*, di chiare reminiscenze cavalcantiane, *il pianto*, *il sospiro*, *il cambiamento di colore...*), né tantomeno gli *argumenta* (*la vergogna*, *il vergognoso cuore*), alle volte, uno dopo l'altro: (*piangere con la vergogna...*).

La prosa è colma di emozioni che Dante esprime con un abbondante lessico emotivo. Forse l'esempio migliore si riscontra nel capitolo XXIII: nella canzone *Donna pietosa e di novella etade*, si trovano circa una cinquantina di voci 'emotive' e, nella prosa, una trentina di termini legati all'emotività, caratterizzati da un'ampia gamma di sfumature. Non c'è dubbio, la *Vita Nuova* è una grande emozione, dal primo all'ultimo capitolo, dal primo componimento all'ultima prosa.

Bibliografia

- Antonelli, R. et alii (2011), *Il lessico delle emozioni nella lirica europea medievale e un nuovo database*, Roma: Grafica Editrice Romana.
- Bàrberi Squarotti, G (1983), *Dante Alighieri. Vita Nuova*, Torino: UTET.
- Camps, V. (2011), *El gobierno de las emociones*, Barcelona: Herder.
- Colombo, M. (1996) (a cura di), *Dante Alighieri. Vita Nuova*, Premessa di Maria Corti, Milano: Feltrinelli.
- Díaz Marroquín, L. (2008), *La retórica de los afectos*, Kassel: Reichenberger.
- Galati, D. – B. Sini (1998), «Les mots pour dire les émotions: recherche sur la structure du lexique émotionnel italien», *Revue de sémantique et pragmatique* 4, pp. 13-30.
- González, I. (2000), *Dante Alighieri. Vita Nuova (nueva lectura)*, Madrid: Palas Atenea.
- González, I. (2015), «La expresión de las emociones en la(s) poesía(s) de la *Vita Nuova*», in M. Brea (ed.), *A expresión das emocións na lírica románica medieval*, Alessandria: Ed. dell'Orso, pp. 143-160.
- Gorni, G. (1996), *Dante Alighieri. Vita Nuova*, Torino: Einaudi.
- Manni, P. (2013), *La lingua di Dante*, Bologna: Il Mulino, 2013.
- Vallone, A. (1996), «La prosa poetica della «Vita Nuova»», in *Analisi stilistica*, Milano: Feltrinelli, pp. 207-49.

3 Sarebbe molto interessante lo studio delle diverse famiglie lessicali e dei loro valori in funzione del contesto e dei motivi per i quali Dante privilegia l'una o l'altra.

Algúns problemas verbo do uso de *etc.* en galego

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Universidade de Santiago de Compostela

Hoxe cando enumeramos unha serie de cousas que é moi longa ou proliza adoitamos rematala con *etcétera*, que escribimos abreviadamente *etc.*, e que ten o significado de ‘e outras cousas’, ‘e outros’ ou ‘e así sucesivamente’. Aínda que se trata dun elemento lingüístico que presenta unha altísima frecuencia na maioría das linguas occidentais, o seu uso (tanto o da forma plena coma o da abreviada) non está totalmente exento de dificultades de diverso tipo: dificultades ortográficas, dificultades fónicas, dificultades semánticas e dificultades tipográficas. Trataremos de ver algún dos problemas que adoita presentar o uso de *etcétera* e *etc.*

1. A expresión latina

Etc. é unha abreviatura da expresión latina *ET CETERA*, formada pola preposición *ET* e o pronome *CETERUS*, na súa forma de acusativo neutro plural *CETERA*. Significaba «e as demais cousas», «e o demais», e en latín era un calco da expresión grega *kai tà ἕτερα*. A forma habitual en latín do pronome era *CETERUS*, aínda que tamén se utilizaba a grafía *CAETERUS*. Documentábase tamén outra variante, *COETERUS*, que é moi tardía e debe ser evitada por ser froito da confusión de ligaduras entre *æ* en itálica e *œ* pola similitude de ambas.

2. A adaptación fonética e gráfica

Aínda que a expresión latina ET CETERA OU ET CAETERA se pronunciaba /et'ketera/, as distintas linguas fórona adaptando progresivamente á súa fonética: inglés *et cetera* (abreviado *etc.* ou *&c.*) /et'setərə/; francés *et caetera*, *et cetera* ou *et cétéra* (abreviado *etc.*) /ɛtsete'ka/ ou /ɛtsete'ka/; italiano *et cetera* ou *eccetera* (abreviado *ecc.*, máis usual *ca etc.*) /e'tʃɛtɛra/; español *etcétera* (abreviado *etc.*) /et'θetɛra/; catalán, portugués *et cetera* (abreviado *etc.*) /et'setɛra/.

A adaptación fonética e gráfica do galego estándar actual é *etcétera* (abreviado *etc.*) /et'θetɛra/. Pero ao longo da historia do galego moderno houbo moi diversas adaptacións gráficas que respondían á representación de realizacións populares, nuns casos, e de hiperenxebrismos noutros casos. Documentamos, á parte da forma estándar *etcétera*, as seguintes representacións gráficas:

- *esetra*, forma con seseo e con síncopa da vogal postónica. Esta variante documéntase por primeira vez en 1836, na Segunda Tertulia de Picaños (Mariño 2008: 361).
- *etcétera*, variante da forma culta *etcétera*, con epéntese de *e* entre os dous elementos do grupo consonántico *tc*, aparece documentada por primeira vez en Vidal Rodríguez (1920: 56).
- *edcétera*, forma con epéntese de *e* e sonorización do *t* da conxunción *et*. Documentada por primeira vez en J. M. Pintos (1858: 217), e posteriormente en Portela Pérez (1882: 12), cinco veces en *O Galiciano* no 1886, e en Lois Estévez (1894: 60).
- *edecetra*, a mesma forma anterior, pero con síncopa do *e* postónico, utilizada como substantivo en xénero feminino por Pintos (1858: 217). Unha lixeira variante gráfica, *edecétra*, encontrámola en *A Tía Catuxa* (1889: nº 2, 7).
- *eccétera*, variante con asimilación do *t* de *et* ao *c* inicial de *cétera*, documentada por primeira vez en Fernández Morales (1861: 308).
- *ecétera*, a mesma variante anterior con simplificación do grupo *cc* en *c*, documentada por primeira vez en *O Tío Marcos da Portela* (1877: 216), e acreditada tamén por Vaamonde (1897: 911).
- *etcetra*, realización moi próxima á forma culta *et cétera*, con síncopa da vogal postónica, documentada por primeira vez en *O Tío Pepe* (1913: nº 1, p. 6).

- *ecetra*, a mesma forma anterior con simplificación do grupo *tc* en *c*, documentada en Marcial Valladares (1880: 403) e poucos anos despois en *O Galiciano* (parola 68, 1-1-1886, p. 4).
- *acétera*, deformación de *ecétera* co cambio frecuente na lingua vulgar e *e-* en *a-* (cfr., por ex., *Hanrique* por *Henrique* ou *Alisa* por *Elisa*), documentada en *A Tía Catuxa* (1891: nº 13, p. 2).
- *adecétera*, alteración de *edecétera*, co cambio xa visto de *e-* en *a-*, documentada por primeira vez en J. Valcarce Ocampo (1901: 39).
- *eicétera*, variante curiosa con vocalización do primeiro elemento do grupo consonántico *tc* en *ic*. Este tipo de vocalizacións é típico dos hipergaleguismos da lingua de finais do XIX e primeiras décadas do XX. Documentada en Rivero – T. Sestelo (1919: 6).
- *eicetra*, a mesma forma anterior con síncope da vogal postónica. A forma *eicetra* aparece documentada por primeira vez en *A Tía Catuxa* (1891: nº 17, 3100) e, xa no séc. XX encontrámola en *A Nosa Terra* (1917: nº 18, 6) e en Johan Vilanova (1934: 32).

3. As abreviaturas

En todas as linguas é máis frecuente a utilización da abreviatura *ca* a da forma plena. A maioría das linguas utilizan a abreviatura *etc.*, tal ocorre no francés, no catalán, no castelán, no portugués ou no galego. O inglés utiliza *etc.*, ao lado de *&c.* O italiano, aínda que tamén coñece a forma *etc.*, prefire *ecc.*, máis acorde coa forma plena usual *eccetera*. Pero antigamente a maioría das linguas, mesmo aquelas das que este uso desapareceu totalmente na actualidade, tamén coñecían a representación da abreviatura co *et* ou «*e* comercial» *&c*; logograma resultado da ligadura dos dous grafemas que integran a forma latina *et*: *&cetera* ou *&c.*, onde o signo *&* equivalía a *et* e o *c* substituíu o *cetera*¹.

No galego moderno a abreviatura usual foi sempre *etc.*, aínda que houbo algunha outra alternativa popularizante que non chegou a callar, como o *etr. etr.*, que atopamos en *O Tío Pepe* (1913: nº 4, p. 5).

1 Na edición de 1869 do DRAE (s.v. *etcétera*) inda se podía ler: «Escríbese comunmente con esta cifra: *&c.*, que también se llama así, ó con esta abreviatura: *etc.*».

4. A abreviatura debe escribirse sempre seguida de punto

As abreviaturas, a diferenza das siglas ou dos símbolos das unidades do sistema internacional de medidas, finalizan sempre cun punto, que é precisamente un indicador de que se trata dunha forma abreviada. Polo tanto, *etc.* debe levar sempre un punto ao final, e non é correcto escribir **Etc é a abreviatura de etcétera*, uso que se documenta con certa frecuencia. Debe utilizarse o punto mesmo cando se trata dun lema que encabeza un artigo dun dicionario, tal como pode verse, por ex., no *Collins English Dictionary*:

etc.

abbreviation

1. et cetera²

Só hai un caso particular en que non se segue esta regra. Cando vai ao final dun parágrafo e seguido dun punto (ben sexa punto seguido ou punto e á parte) abonda coa utilización dun único punto. Polo tanto debemos evitar: **estudamos as plantas froiteiras: ameixeiras, cerdeiras, maceiras etc.*

5. Debe ir ou non precedida de coma?

Aínda que a maioría dos usuarios utiliza a coma diante desta abreviatura, e ese vén sendo o uso máis habitual non só na lingua galega, senón tamén na maioría das linguas da nosa contorna³, non por iso debemos de deixar de considerar este hábito como abusivo e carente de lóxica lingüística. *Etc.*, que significa ‘e outras cousas’, é sempre o elemento final dunha serie. Do mesmo xeito que non debemos poñer coma

2 *Collins English* 2012 (accesible en <http://dictionary.reference.com/browse/etc>, consulta realizada o 12/10/2015).

3 O *Diccionario panhispánico de dudas* (s.v. *etcétera*) recomenda explicitamente o uso da coma, e dinos: «*etcétera*. Procedente de la expresión latina ET CETERA (literalmente ‘y el resto, y las demás cosas’), se usa en español para cerrar enumeraciones incompletas. En la escritura va siempre precedida de una coma y se emplea frecuentemente en su forma abreviada *etc.* (y no *ect.*): «Pero antes quiero decir quién soy yo, de qué me ocupo, etcétera» (Sábado Héroes [Arg. 1961]); «Exposición a medicamentos: clorpromazina, quinidina, antibióticos, etc.» (Conte Manifestaciones [Chile 1994]). Como sustantivo masculino, admite calificativos y tiene forma de plural: «Las efigies atormentadas de Paganini, Dante, Virgilio, Chopin, Don Juan e infinitos etcéteras» (Mujica Escarabajo [Arg. 1982]).»

antes da conxunción *e* cando esta liga o último termo dunha enumeración, tampouco o debemos facer cando este último elemento é *etcétera* ou *etc.* Así como escribimos *fun ao supermercado e merquei grelos, pexegos, auga e leite*, onde o último elemento da serie «e leite» non vai precedido de coma, do mesmo xeito debemos escribir *fun ao supermercado e merquei grelos, pexegos, auga e demais cousas* e, xa que logo, tamén *fun ao supermercado e merquei grelos, pexegos, auga etcétera* (ou a súa forma abreviada *etc.*), porque o "etcétera" ou "etc" é exactamente o mesmo ca *e demais cousas*, só que dito en latín.

6. Usos abusivos en canto ao significado

Etcétera é unha voz coa que se substitúe a parte final dunha enumeración ou exposición, ou que se usa para interromper o discurso indicando que nel se omite o que queda por dicir. As enumeracións ou exposicións poden referirse a elementos de moi distinto tipo: minerais, vexetais, animais non humanos, animais humanos, obxectos e, en xeral, calquera ente físico ou mental.

Hai lingüistas que consideran que *etcétera* e a súa abreviatura *etc.* non deben ser empregadas cando se trata de series que fan referencia a persoas, porque o seu significado propio é «e demais cousas», e as persoas non son cousas. Por iso aconsellan evitar o seu uso en casos coma: *na comida estiveron os doce irmáns: Estrela, Manuel, Antonio, Carme etc.* Nestes exemplos *etc.* débese substituír por «e os outros» ou «e os demais», polos puntos suspensivos, ou pola expresión latina *et alii*, que se pode abreviar en *et al.*

A pesar de que este emprego poida ser considerado semanticamente abusivo, a realidade é que está presente en toda a tradición do galego moderno, xa desde os seus inicios, como pode verse nos exemplos seguintes:

- chegaban frades, cregos, señoras, nenos, etc. (Fernández y Neira 1810: 10).
- e outros chorando polos pais, hermanos, etc. (Fernández y Neira 1810: 33).
- tamén Xil Taboada que menos non era Guerreiro e Torrado Rodríguez ecetra (De la Iglesia 1867: 232).
- Tío Andrés, Xan, un rapaz, labregas, soldados, etc. (Armada Teixeira 1886: 16).
- ó xastre, ó zapateiro, ó panadeiro, ó cortador, etcétera (*O Galiciano* 1886, parola 101: 3).

7. Debe evitarse seguida ou precedida de puntos suspensivos

Os puntos suspensivos poden aparecer utilizados con moitos valores: existencia no discurso dunha pausa transitoria que expresa dúbida, temor ou suspenso; interrupción dun discurso cun final que se dá por coñecido polo interlocutor; evitar repetir a cita completa do título dunha obra; evitar por pudor a expresión dunha palabra malsoante (*era un fillo de p...*); deixar un enunciado incompleto e en suspenso (*mallaron nel canto puideron, o sangue cubríalle a cara... Quero borrar canto máis antes esas imaxes*); indicar a supresión dunha palabra ou dun fragmento nunha cita, ás veces entre corchetes ou entre parénteses...

Pero con moita frecuencia os puntos suspensivos aparecen ao final de enumeracións abertas ou incompletas: *visitou todos os museos da cidade: o de Arte contemporánea, o Museo do Pobo Galego, o das Peregrinacións...* Neste caso os puntos suspensivos teñen exactamente o mesmo valor que ten *etcétera*, e isto explica que ás veces na escritura atopemos a utilización conxunta de «etc.» e dos puntos suspensivos: *Foi un ano de moitos gastos, porque tivemos que amañar os baños, o chan da cociña, as portas, as ventás etc....* Estes casos de uso dos puntos suspensivos acompañando *etcétera* ou a súa abreviatura *etc.* aparecen documentados xa desde antigo dentro do galego moderno, con distinta orde na presentación dos dous elementos.

Unha veces os puntos suspensivos van a continuación de *etcétera*: *Nos catro lados tiña esculpidos varios animais, aves, cadrúpedos, etc ..., en fin, parecía unha hestoria natural* (López Ferreiro 1905: 79).

Outras veces os puntos suspensivos van en primeiro lugar: *Os exipcios tiñan moitos distes contr'os leós, contr'as serpes ... etc. (Nós 1927: nº 40, 17).*

E non faltan casos de utilización dos puntos suspensivos antecedendo e seguindo un *etcétera*: *Qué novidades tan vellas!... «Xigantes e pelengríns... edecétera... edecétera...»* (Lois Estevez 1894: 60).

Precisamente por tratarse de dous recursos para expresar practicamente o mesmo significado debe evitarse, por redundante, a aparición conxunta de *etc.* e os puntos suspensivos. Debe escollerse entre un ou outro.

8. Debe ir precedido de polo menos dous elementos

A utilización de *etcétera* necesita de polo menos dous elementos precedentes, aínda que non falta documentación de casos en que isto non se cumpre, como este

exemplo de Fernández y Morales (1861: 308): *solamentes qu'os qu'á entrada ofrecían liño, eccétera, os cuartos deixaban á salida.*

Este uso é correcto cando se utiliza para indicar a parte que se omite dun retrouso dun poema ou dunha canción que xa se coñece ou que xa foi expresada anteriormente, tal como acontece, por exemplo, neste texto de Cernadas y Castro (1780: 181):

- 1 . Diz , que xa vén por camiño, o noso Rei, Dios
o traia, porque, según nos din todos, é lindo, como unha prata .
Talalala, talalele, talalila, talalala
Talalala, talalele, talalila, talalala.
- 2 . Cando era aínda mociño, contan que xa non paraba sinón co os
seus españoles, ben haia súa Nai, ben haia.
Talalala, etc.
- 3 . Cando se foi para Naples, no coración nos levaba , que como
acó se criou, ; tíñanos lei: miña alma!
Talalala, etc.
- 4 . Diz que alá de dous Gallegos fixo grande confianza: ¡e din,
que na nosa terra no hai home que valla nada!
Talalala, etc.

9. O uso repetido de *etc.*

Debe ser tamén evitado o uso repetido de «etc». Non é nada estraño escoitar frases como *vendía patacas, ovos, carne, peixe etc. etc.* (repetido dúas ou mesmo tres veces) para poñer énfase en que se omiten moitos elementos adicionais. Atribúese este uso abusivo ao tsar de Rusia Nicolao II, que tiña moitos títulos nobiliarios, e enumeralos todos levaríalle moito tempo, pero quería que quedase claro que eran moitos, e por iso dicía: «Eu, Nicolao II, pola graza de Deus, Emperador de todas as Rusias, Rei de Polonia, Gran Duque de Finlandia etc. etc. etc.», é dicir, «e outras cousas» «e outras cousas» «e outras cousas», pero facendo fincapé en que «pero mirade que son moitas!». Este uso non é correcto como non o sería dicir: *vendía potas, vasos, tarteiras, coitelos, culleres e outras cousas, e outras cousas, e outras cousas*, pero é frecuentísimo xa desde os primeiros textos do galego moderno:

- A inquisición non a quitaron, e os que o digan menten e son uns burros; o que quitaron foi todas as xudiadas que vos dixeran que fasía, coma os preitos a escondidas, os tormentos, as queimas, os potros, a infamia ou deshonra ós seus parentes etc. etc. etc (Anónimo 1813).

- Deus parécelle a palabra latina Dios (non se atreveu ao afirmar), etc., etc., etc. (Vaamonde 1897: 900).
- sombreireiros, cumerciantes etc., etc. (*O Tío Pepe* 1913, núm. 19).
- moitos deles fonon tamén ministros como Alvarado, Cobián, Sánchez Guerra, etc. etc. (*A Nosa Terra* 15/12/1916, núm 4, p. 7).

10. *Etc.* precedido da conxunción *e*

É incorrecto o uso da conxunción copulativa «e» precedendo «etc». Ás veces encontramos expresións como *alí había casas, barcos, avións, carros e etc.* O «e» debe ser evitado porque xa está incluído no «etc», xa que o primeiro elemento da expresión «et» significa exactamente «e», e estaríamos dicindo «*alí había casas, barcos, avións, carros e e outras cousas».

11. Incompatibilidade con expresións do tipo *como, por exemplo* ou *poñamos por caso*

Non se debe usar unha frase introdutoria para unha lista, do tipo *como, por exemplo* ou *poñamos por caso*, xuntamente con *etc.* Non é correcto dicir *Pola fiesta observaba os elementos daquela natureza silvestre e agresiva, como as árbores sen follas, a neve cubrindo os picoutos, o monte esgrevio etc.*, porque ao utilizar «como» xa estamos indicando que non se trata dunha enumeración completa de todos os elementos, senón de só unha parte. Neste caso habería dúas alternativas: utilizar *como* e prescindir de *etc.* (*Pola fiesta observaba os elementos daquela natureza silvestre e agresiva, como as árbores sen follas, a neve cubrindo os picoutos, ou o monte esgrevio*) ou usar *etc.* e prescindir de *como* (*Pola fiesta observaba os elementos daquela natureza silvestre e agresiva: as árbores sen follas, a neve cubrindo os picoutos, o monte esgrevio etc.*).

12. Problemas de ortotipografía

Existen tamén certas recomendacións ortotipográficas que afectan *etcétera* ou a súa abreviatura *etc.*, que moitas veces están asociadas a determinados estilos editoriais, e que non son comunmente aceptadas.

Dentro destas recomendacións a máis estendida é probablemente a de procurar que esta locución latina ou a súa abreviatura non aparezan nunca en inicio de liña, para non producir o efecto de quedar desvinculada do conxunto de elementos que pecha.

Segundo esta recomendación ortotipográfica sería aconsellable escribir:

Por alí desfilaron políticos, artistas, catedráticos etc.;
todos lle renderon homenaxe.

ou

Por alí desfilaron políticos, artistas, catedráticos etcétera.;
todos lle renderon homenaxe.

pero debería evitarse:

*Por alí desfilaron políticos, artistas, catedráticos
etc.; todos lle renderon homenaxe.

e

*Por alí desfilaron políticos, artistas, catedráticos
etcétera; todos lle renderon homenaxe.

Para garantir que isto non se produza recoméndase a inserción dun espazo de non separación ou espazo duro, que impide que a palabra seguinte empece liña.

Tamén se recomenda non partir a palabra *etcétera* cando vai en final de liña, e evitar usos coma:

*Por alí desfilaron políticos, artistas, catedráticos etcé-
tera; todos lle renderon homenaxe.

13. Conclusión

Pretendemos nestas liñas chamar a atención sobre algunhas incorreccións no uso da locución latina *etcétera* e da súa abreviatura *etc.* Respecto a *etc.* non se pode esquecer que é unha abreviatura e que, como tal, debe finalizar sempre cun punto. Algúns usos incorrectos refírense á súa incompatibilidade no mesmo enunciado con outros elementos que achegan un contido semántico moi semellante ao desta

locución. Esta é a razón pola que non debe aparecer en concorrencia con puntos suspensivos nin con expresións do tipo *como*, *por exemplo* ou *poñamos por caso*. Tamén o contido semántico e a conxunción latina *et* que constitúe o primeiro elemento desta locución desaconsellan que vaia precedida tanto de coma como da conxunción *e*, e que se utilice cando vai precedida dun único elemento dunha serie. Do exame literal do seu significado derivan as orientacións tendentes a evitar o uso repetido (*etc. etc.*) e o emprego referido a persoas, en cuxo caso o máis aconsellable sería a utilización de *et alii* ou *et al.*

Como se ve, non son poucos os usos incorrectos ou pouco recomendables que os falantes e escritores facemos de *etcétera* e da súa abreviatura *etc.*, aos que cómpre engadir aínda certas convencións ortotipográficas frecuentemente infrinxidas polos escritores e polos editores. Todos utilizamos con gran profusión esta locución tanto na lingua oral coma na escrita, pero son poucos os que teñen conciencia da cantidade de perigos que encerra o seu uso, e aínda menos os que non caen nalgunha das súas trampas.

Bibliografía

- A Nosa Terra* (1916-1932), A Coruña.
- A Tía Catuxa*, Somanario gallego de intereses rexionales e literatura (1889-1891), Pontevedra.
- Anónimo (1813), «Conversacion entre los compadres Bértolo y Mingote», *Gazeta Marcial y Política de Santiago*, 9/2/1813, núm. 12, pp. 138-142 (ed. moderna a cargo de Mariño Paz 2008, pp. 135-140).
- Armada Teixeira, R. (1886) (= Amador Marán, Chumín de Céltegos), *¡Non mais emigración! Apropósito lírico-dramático en dous autos e sete cuadros*, Música do compoñedor gallego D. Felisindo Rego (2ª ed.) A Habana: Imp. d'A Correspondenza de Cuba.
- Cernadas y Castro, D. A. (1780), *Obras en prosa y verso del cura de Fruime*, vol. V, Madrid: Joachin Ibarra.
- Collins English Dictionary* (2012), Complete – Unabridged 10th Edition. HarperCollins Publishers.
- De la Iglesia, A. M^a (1867), *Poesías*, Edición de M^a R. Saurín de la Iglesia, A Coruña: RAG, 2005.
- Fernández Morales, A. (1861), *Ensaíos poéticos en dialecto berciano*, León: Estab. Tip. de la Viuda e Hijos de Miñón.
- Fernández y Neira, J. (1810), *Proezas de Galicia* (reprod. facsimilar da 1ª ed.). Pontevedra: Bibliófilos Gallegos, 1984.

- Lois Estevez, R. (1894), *Fabas e Castañas*, Libro de versos en gallego y castellano, Pontevedra: Tip. de José Eiras.
- López Ferreiro, A. (1905), *O niño de pombas*, Santiago: Tip. Galicia.
- Mariño Paz, R. (2008), *Papés d'emprenta condenada (I) : a escrita galega entre 1797 e 1846*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Nós. *Boletín mensual da Cultura Galega* 40 (15 de abril de 1927), Ourense.
- O Galiciano* (1884-1888), Pontevedra.
- O Tío Marcos da Portela. Parrafeos c'o pobo gallego* (1876-1880), Ourense.
- O Tío Pepe* (1913), A Fonsagrada.
- Pintos, J. M. (1858), «Contos da aldea que parecen historias da vila ou historias da vila que parecen contos da aldea», *El Album del Miño*, Vigo, t. I.
- Portela Pérez, F. (1882), *Coleución de poeas gallegas d'algúns autores*, Pontevedra: Luis Carragal.
- Real Academia Española (2005), *Diccionario panhispánico de dudas*, Madrid: Santillana.
- Rivero, R. – Sestelo, T. (1919), *N'a casa d'o ciruxano. Xoguete cómico*, A Coruña: Terra A Nosa.
- Santamarina, A. (coord.): *Tesouro informatizado da lingua galega*, Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega (accesible en <http://ilg.usc.es/TILG/>, data de consulta: 10/12/2015).
- Segunda Tertulia de Picaños* (1836), Núm. 2º. *Sigue la Tertulia de Picaños. Asistentes a ella, los Consabidos Farruco, Pepe, Andruco, Catuxã y un Abad recién llegado*, Santiago: Imprenta de D. José Fermín Campaña y Aguayo, (15/12/1836), Edición moderna a cargo de R. Mariño Paz 2008, pp. 357-367.
- Vaamonde, Fl. (1897), *Prosas varias*, Edición de I. Seoane. Tese de doutoramento, Santiago de Compostela: USC, 2010.
- Valcarce Ocampo, J. (1901), *Paliques. Coleución*, Pontevedra: Imp. y Comercio de R. Quintans.
- Valladares, M. (1880), *Majina ou a filla espúrea*, La Ilustración Gallega y Asturiana, t. II, n.º 21, Madrid.
- Vidal Rodríguez, M. (1920), *Contos galegos d'antano e d'hogano*, Santiago: Tip. de El Eco Franciscano.
- Vilanova, J. (1934), *Pombas e gaviláns. Sinxelo poema galego*, Vigo: Imp. do xornal Faro de Vigo.

Sirventés joglarescs ou simples tensons?

GÉRARD GOUIRAN

Université Paul-Valéry- Montpellier III

Je voudrais revenir sur la question du genre que j'ai abordée naguère à propos des *sirventés joglarescs* à l'université de Santiago. Mes réflexions m'amenaient alors à écrire:

Beaucoup de ces textes entretiennent une relation que je suis tenté de qualifier de dialectique avec les genres du débat, *tenson* et *joc partit*, parce que l'auteur recourt à des procédés parfois semblables et parfois diamétralement opposés. Comme dans la *tenson*, dans la grande majorité de ces pièces, un locuteur s'adresse à un personnage qu'il interpelle le plus souvent par un vocatif, mais, à l'opposé de la *tenson* qui, si j'ose dire, commence par le commencement, nos pièces ne commencent pas *ab ovo*: leur strophe d'ouverture représente la réponse que fait le troubadour à une question, ou plus exactement à une demande, du jongleur dont nous ne connaissons la teneur que par ce que le troubadour nous en dit et sous la forme qu'il a choisi de nous présenter (Gouiran 2013: 94).

En fait, l'attitude du troubadour qui compose la pièce est encore plus déloyale: par sa connaissance du jongleur qui s'est adressé à lui pour quémander un texte sur lequel celui-ci compte pour assurer sa pitance, il sait déjà que l'objet de ses moqueries sera bien incapable de composer une réplique. S'il en était autrement, quel besoin aurait-il d'aller mendier une composition d'un niveau suffisant pour lui attirer les faveurs du public?

Parmi les vingt-deux pièces que Silvère Ménégaldo (2011) accueille dans son anthologie, on en trouve deux qui montrent ce qu'il arrive lorsqu'un troubadour trop sûr de lui-même a mal évalué les capacités de rétorsion de sa victime: je n'insisterai pas sur la composition anonyme *Gioglaret* (PC 461.142), la seule à faire entendre deux voix qui alternent et où, même s'il est bien question de la pauvreté du 'Petit jongleur' (à moins que l'hypocoristique n'ait le sens de 'Jongleur de peu'), on ne voit pas que celui-ci ait demandé quoi que ce soit au troubadour qui lui jette un défi littéraire dans la première strophe. Mais au lieu du silence confus auquel le prétentieux s'attendait, l'agressé répond par la seconde *cobla*: il fait même mieux que relever le défi puisqu'il utilise une rime encore plus riche que celle qu'on lui imposait. Je ne peux que me ranger à l'avis d'Antonio Petrossi (2009) qui considère comme une «breve tensone» ces deux *coblas* d'interprétation plus que délicate sans qu'on puisse décider si leur hermétisme fait partie intégrante du défi littéraire ou s'il est simplement dû aux avatars de la transmission et même peut-être au recours à une langue mixte.

L'autre texte, auquel je m'attacherai plus longuement¹, pose des problèmes différents, même si, là encore, les difficultés d'édition sont considérables et le rôle du copiste important. En effet, on trouve au folio 57 du manuscrit H une pièce (PC 282.13) dont l'incipit est *Lantelm, qui·us onra ni·us acuoill*; son auteur, Lanfranc Cigala, l'un des troubadours italiens les plus fertiles², bien attesté comme juge à Gênes, y éreinte sans pitié aucune un dénommé Lantelm qui ne nous est pas connu par ailleurs, sauf à l'identifier à Lantelmet³. Cette pièce n'est séparée de la réponse qui lui a été donnée que par la formule: *Lantelm li respondet aisi*, si bien qu'on a pu se demander si ce qui apparaît matériellement comme une suite ne serait pas l'œuvre d'un même troubadour. En fait, ce système d'alternance de pièces séparées par une formule annonçant la réponse est tout-à-fait fréquent dans ce manuscrit.

De plus, si Lantelm n'était qu'une marionnette mise en scène par Lanfranc, son attaque est bien trop virulente pour que le juge génois ait pu penser avoir quoi que ce soit à gagner en brossant de lui-même pareil portrait: passe encore de s'attirer des reproches pour un manque de goût, toujours contestable, parce qu'il trouve plus de charme à raconter les fables (ce que je traduirais volontiers par «fariboles») sur Estout

1 Branciforti 1954: 181-191: Gebrüder Reineke. Je présente toutes mes excuses à Maria-Grazia Capusso dont j'ignorais, au moment où j'ai écrit cet article, la publication Capusso 2006 (vid. bibliographie).

2 Le ms. F nous a par ailleurs transmis un fragment de neuf vers également consacrés aux jongleurs (PC 282.26).

3 Harvey – Paterson – Radaelli 2010: 919: «Wether Lantelm is to be identified with the Lantelmet de l'Aguillo of whom a single *sirventes* [...] can hardly be decided».

de Vertfolh que le lai du Chèvrefeuille: *e faullas d'Estort de Vertfoill / comtaz per sabensa / plus qe-l lais del Cebrefoill* (vv. 41-44); ce ne serait qu'une faute vénielle, mais la critique que porte Lantelm sur la façon dont le juge Lanfranco Cigala exerce sa charge est, nous le verrons, d'une tout autre gravité et je n'imagine pas que le troubadour ait pu se l'adresser lui-même.

Le poème de Lanfranc se compose de deux très longues strophes de 32 vers chacune, construites, qui plus est, sur 6 rimes dont plusieurs très difficiles: trouver 16 mots différents s'achevant par *-òlh*, 10 par *-èc* et 8 par *-anh* relève du tour de force, quand bien même ce ne serait pas à un Génois que nous aurions affaire. De plus, la variété des mètres est éblouissante et on assiste à un véritable tourbillon de vers de 8, 5, 4, 2 et 6 syllabes. On peut constater, dans le *Répertoire métrique*⁴, que, sur les quatre compositions réunies sous le numéro 233, la chanson de Raimon Bistortz d'Arles (PC 416.2) et la pastourelle de Joios de Toulouse (270.1) comportent une strophe supplémentaire, mais il s'agit dans les deux cas de *coblas singulars* et non de *coblas unisonans*, ce qui facilite considérablement la tâche.

Après avoir fait preuve d'une maestria pareille, on comprend que Lanfranc ait pu penser qu'il ne recevrait pas de réplique et considérer la question comme réglée; il donne d'ailleurs à son texte une véritable conclusion d'après laquelle il n'y a plus rien à ajouter: *De Carlelmaing / o de Galvaing / no saps comtar, / siblar, / sautar, / dansar, / mas vos sabetz desfar / tota convinenza* (vv. 57-64). La phrase est d'une perfidie achevée, à plusieurs degrés en quelque sorte: —Lantelm n'aurait aucune culture puisqu'il ignorerait tout à la fois la geste de Charlemagne et les romans arthuriens— il appartiendrait à l'une des plus basses catégories des jongleurs puisqu'on attend de lui qu'il siffle, saute et danse, —et enfin, même ces tours traditionnels qui n'impliquent rien d'intellectuel, il est incapable de les effectuer. Après avoir dénié à sa victime toute capacité de jongleur, il ne reste plus à Lanfranc qu'à ramasser dans les deux derniers vers tout le négatif dont il peut l'accuser— et qui se place d'ailleurs sur un plan différent: «Mais vous savez mettre à mal tout ce qui est convenable».

Le problème, c'est que, comme l'a bien montré Jörn Gruber (1983), il n'est jamais assuré qu'un point soit réellement final dans l'univers des troubadours et, pendant la longue période où ils ont composé, on a vu bien souvent des textes se répondre, même lorsqu'ils étaient séparés par de très longue période. Il s'agissait parfois d'un jeu organisé, mais il pouvait également advenir qu'un partenaire non prévu à l'origine

4 Frank 1966, I.

vînt ajouter son grain de sel sans y avoir été invité. Un des principes de ce système était que la validité du raisonnement n'était pas le seul argument pris en compte: les audaces formelles l'étaient également et sans doute encore davantage. Or, dans le cas présent, le juge génois, dans sa suffisance, avait mal estimé son adversaire dont on va voir que, dans le domaine de la composition, il n'était pas l'incapable que Lanfranc se plaisait à décrire.

En opposition à ce qu'on peut considérer comme une règle, on l'a dit, du *sirventés joglaresc*, Lanfranc ne fait aucune allusion à quelque sollicitation que ce soit de la part de Lantelm. Celui-ci n'est pas un quémandeur et la situation est vraiment originale dans la mesure où, malgré qu'en ait Lanfranc, il nous révèle très clairement qu'il existe un public qui ne partage pas ses opinions esthétiques et considère bel et bien comme *chan de Proenza* (v. 16), c'est-à-dire des chansons de troubadour, les compositions de sa cible et rémunère grassement celle-ci. L'attaque porte sur un autre point: le mauvais goût des mécènes qui l'entretiennent. On se demande, bien sûr, si ces gens de Brescia, ces Lombards assez éloignés quand même de Gênes et proches de Bergame, à l'égard desquels le troubadour se comporte-en maître d'école très paternaliste, étaient vraiment considérés comme des *entendens*, ou si plutôt nous ne nous trouvons pas ici devant une plaisanterie fondée sur un ethnotype. Il n'en reste pas moins que les auditeurs de Lantelm lui donnent beaucoup d'argent (v. 23: *donon tan de grec*), et cela pour le plus grand dépit du troubadour qui insiste lourdement sur ce point qui lui tient vraiment à cœur: *E ges no taing / Dir aur d'estaing / Ni taing donar / Ni far / Cuidar / Joglar / Uei que lo tegnon car, / Car es [breu] tenenza* (vv. 25-32: «et il ne convient pas de dire que l'étain est de l'or non plus que de donner ni de faire croire aujourd'hui au jongleur qu'ils le chérissent, car cela ne dure guère»). En outre, lorsque Lanfranc refuse de voir dans le succès du jongleur autre chose qu'un effet de mode dont il assure qu'il passera rapidement, cela ressemble fort à une opinion très personnelle pour ne pas parler d'une jalousie dont l'expression n'est d'ailleurs peut-être pas très habile.

À ce point, on est tenté de se demander pourquoi l'estime et la réussite dont Lantelm jouit auprès des *Breissan*, *part Oill* (v. 13: «gens de Brescia, au-delà de l'Oglio»), c'est-à-dire à une distance qu'on pourrait estimer suffisante de Gênes pour qu'il ne risque guère de porter ombrage à Lanfranc, l'irritent à tel point. Si Lantelm exerce son art ailleurs, qu'il soit d'or ou d'étain, qu'importe et à quel public le *sirventés* de Lanfranc peut-il s'adresser? Celui de Brescia à qui notre juge vient faire la leçon? Celui de Gênes où Lantelm serait connu, et pas à son avantage? Un jongleur qui, faute d'avoir réussi à Gênes, serait allé chercher fortune en Lombardie où on l'aurait mieux accueilli? On songerait à une rencontre poétique, telle que nous en présentent

certaines *tensons* où un Lantelm, peut-être d'origine génoise, mais qui aurait connu le succès à Brescia, serait revenu à Gênes à l'occasion d'une fête où on l'aurait opposé au juge et troubadour de la cité.

Ce n'est pas là l'explication que nous donne Lantelm de son choix pour la Lombardie: à la fin de sa seconde strophe, il nous indique peut-être (ce n'est pas le seul endroit du texte qui présente de grandes difficultés d'interprétation) la raison pour laquelle sa carrière se déroule à Brescia: *q'estar / encar, / so'm par, / non poc nec sojornar / sai on torz bistensa* (vv. 60-64: «car, à ce qu'il me semble, je n'ai pas encore pu rester muet, me plaire ici où demeure la fausseté»). Ce serait donc la présence de Lanfranc à Gênes qui l'aurait éloigné de la ville ligure.

Por último, para a expresión de futuro a lingua bota man de verbos e estruturas que pola súa significación proxectan a acción cara a un futuro inmediato. Son verbos como: *'agardar'+infinitivo*, *'aspirar a'*, *'augurar'*, *'supoñer'*/*'supor'* e *'vir'*. Nos exemplos que veñen a continuación pódese constatar esa indicación de futuro. En tres dos exemplos, ademais da significación do verbo, está explícita a referencia temporal:

- 39 «Aínda son xuvenil e *para o ano agardo disputar* a División de Honra», aclara este defensa das Pontes que nin tan sequera pensa no Fabril (DLV2007-05-15/108).

40. O Consello Regulador do Mexillón de Galicia *aspira a introducir neste Nadal* no mercado as primeiras partidas de mexillón galego con Denominación de Orixe (D. O.) (CG 2001-10-12/3).
41. Para os custos laborais unitarios na UE, *augúrase* unha aceleración no seu ritmo de crecemento *no 96* (CG 1996-02-09/96).

Nos outros casos só é a significación do verbo a que nos indica esa referencia de posterioridade:

42. Anunciou que no transcurso do presente exercicio se elaborará o decreto que regule o sistema eléctrico independente, de forma que para finais de século polo menos o 25 por cento da demanda final de consumo poida ser abastecida por este sistema, o que *supón*, de facto, a ruptura do monopolio no sector (CG 1996-02-24/102).
43. Descríbolle só algúns compoñentes do diluvio que *vén*: Internet, a TV numérica, o ciberespacio, o teletraballo, a realidade virtual... (GI 1996-06/30).

3. Conclusións

A linguaxe xornalística ten como características fundamentais a claridade, precisión, brevidade, información en positivo e que sexa comprensible para o público lector. A finalidade da prensa é a de informar da maneira máis obxectiva posible. Isto fai que os tempos verbais que predominan sexan aqueles que serven para narrar a actualidade: presente e pretérito. Pero, como puidemos ver, o presente, ademais de empregalo para se referir á actualidade, tamén se usa para indicar acontecementos futuros.

Cando se refire a unha acción futura, o presente, na maior parte dos casos, leva explícita unha indicación temporal. Indicación que está relacionada maioritariamente coa data do xornal, aínda que tamén atopamos exemplos con referencia externa. Malia ser máis frecuentes os exemplos con referencia temporal, hai tamén casos nos que é o contexto o que nos indica a posterioridade do evento.

Ao meu entender, a intención comunicativa de quen redacta a noticia é fundamental no emprego do presente para accións vindeiras. O redactor emprega o presente para transmitirles un maior grao de certeza aos eventos que describe, en definitiva, para que perdan ese grao de potencialidade que terían se se usara o futuro morfolóxico.

Bibliografía

- Álvarez, R. – H. Monteagudo – X. L. Regueira (1986), *Gramática galega*, Vigo: Galaxia.
- Álvarez, R. – X. Xove (2002), *Gramática da lingua galega*, Vigo: Galaxia.
- Freixeiro Mato, X. R. (2002), *Gramática da lingua galega II. Morfosintaxe*, Vigo: A Nosa Terra.
- López Martínez, M. S. (2012), «As expresións de futuro e de ir + infinitivo na prensa escrita», in T. Jiménez Juliá et alii (eds.) *Cum corde et in nova grammatica. Estudos ofrecidos a Guillermo Rojo*, Santiago: USC, pp. 487-500.
- Meier, H. (1965), «Futuro y futuridad», *RFE XLVIII*, pp. 61-77.
- Meier, H. (1974), «Problemas de gramática gallega (I) », *Verba 1*, pp. 7-15.
- Mira Mateus et alii (2003), *Gramática da Língua Portuguesa*, Lisboa: Caminho, 5ª ed.
- Novo, R. (1991), «O uso do tempo futuro nos servicios informativos dos medios de comunicación galega», *Cadernos de lingua 3*, pp. 85-89.
- RAE (2009), *Nueva gramática de la lengua española*, Madrid: Espasa, pp. 1709-1721.
- Rojo, G. – A. Veiga (1999), «El tiempo verbal. Los tiempos simples», in I. Bosque – V. Demonte, *Gramática descriptiva de la lengua española*, Madrid: Espasa, pp. 2867-2934.
- Rojo, G. et alii (2010), *CORGAetq: Corpus de Referencia do Galego Actual etiquetado* [en liña], versión 2.4, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (Xunta de Galicia). En <<http://corpus.cirp.es/corgaetq>> [consultado: 12/01/2012].
- Vilela, M. (1999), *Gramática da Língua Portuguesa*, 2ª ed., Coimbra: Almedina.

Breve nota sobre las relaciones familiares y políticas de Pedro I de Castilla (hasta 1358)*

SANTIAGO LÓPEZ-MARTÍNEZ MORÁS

Universidade de Santiago de Compostela

Sin duda alguna, la figura del Pedro I el Cruel, rey de Castilla entre 1350 y 1369, es una de las más controvertidas del siglo XIV castellano¹. Los crímenes que proliferaron durante su reinado son conocidos, esencial pero no únicamente, por la historiografía favorable a la dinastía Trastámara, rama bastarda de la familia real que le disputa la corona desde 1366². De hecho, el principal retrato del soberano que ha

* El presente trabajo se integra en el proyecto *Santiago Apóstol en la crisis bajomedieval de la Corona de Castilla* (FFI2012-37953), financiado por el Ministerio de Economía y Competitividad y dirigido por Santiago López Martínez-Morás. Las limitaciones establecidas para la extensión de los trabajos constitutivos del volumen reducen nuestra contribución a una somera exposición de los hechos.

1 Sobre este rey, vid. esencialmente J. Gimeno Casalduero (1972) y L. V. Díaz Martín (2007²).

2 Leonor de Guzmán mantuvo con Alfonso XI, padre de Pedro I, una prolongada relación. Fruto de este vínculo nacieron varios hijos, pero solo una parte de ellos sobrevivió a su padre: los gemelos Enrique —el futuro Enrique II— y Fadrique, nacidos en 1333; Tello, Juan, Sancho, Juana y Pedro Alfonso, nacidos todos ellos entre 1337 y 1345; otros tres hijos mueren en edad temprana. Como es de esperar, la amante del rey aprovechará su influyente posición política para aumentar el patrimonio de su familia y su propio poder (Díaz Martín 2007²: 28). De hecho, aunque la dama obtiene para Fadrique el maestrazgo de la Orden de Santiago es ella quien controla en la práctica dicha orden, conservando incluso en su poder los sellos hasta 1350 (vid. Díaz Martín 2007²: 43). Como veremos, Leonor de Guzmán murió ejecutada en 1351, pero los Trastámara reinarán en Castilla a partir de 1369 y acabarán gobernando también en los territorios de la

llegado a nuestros días procede de esta corriente ideológica, cuyo principal representante es Pero López de Ayala.

Este posicionamiento se justifica, en gran medida, por la necesidad de legitimar la sustitución de un rey por otro que procede de una rama carente *per se* de derechos legítimos de sucesión, y que solo consigue llegar al trono tras la victoria en una guerra que alcanza dimensiones europeas. Por este motivo, la crónica de Ayala³ contiene, por un lado, un alto valor propagandístico en beneficio de la nueva dinastía y, por otro, una profunda labor de deslegitimación de Pedro (Valdaliso Casanova 2010: 155-179). La obra aúna estructuralmente los reinados de este soberano y de su hermanastro Enrique en un proceso de construcción literaria concebido deliberadamente para que la monarquía castellana aparezca como un *continuum*, el mejor modo de mostrar la estabilidad que el nuevo rey proporcionaba al reino y a la corona⁴. Con todo, Ayala no ataca la posición de Pedro a través del cuestionamiento del orden legal para la sucesión de Alfonso XI, cosa que sí se hace en documentos debidos a otras manos⁵. Sabedor de la dificultad que entraña la contestación de un poder político establecido claramente conforme a derecho, Ayala estructurará la ilegitimidad del rey muerto en 1369 en las enormes y múltiples atrocidades de orden moral que lo desautorizan para la labor de gobierno.

Corona de Aragón desde el Compromiso de Caspe de 1412. Para un listado de las posesiones y títulos de los bastardos, vid. Valdeón Baroque (1996: 15-17).

- 3 Designamos la obra con las siglas *CrPI*, mencionadas junto al año, capítulo y página(s) correspondientes en cada cita. Puede verse un análisis general de la labor de Ayala en Orduna (1998) y en Valdaliso Casanova (2010) y (2011), entre otros.
- 4 En efecto, las crónicas de los reyes en pugna, Pedro y Enrique, constituyen en realidad una única crónica doble. Sobre la unidad textual y discursiva de esta obra, vid. *CrPI*: lv-lxi y Orduna (1998: 175-185). El discurso protrastámara incidirá posteriormente sobre la legitimidad de la sucesión directa de Alfonso XI a Enrique II, despreciando el reinado de Pedro (vid. Valdaliso Casanova 2015: 133, 136, n. 31 y 137). La crónica doble cuenta, además, con dos redacciones, las llamadas *Primitiva* y *Vulgar*, cuyas fechas oscilan entre *ca.* 1383 para la primera y *ca.* 1388 para la segunda (*CrPI*: I), aunque Valdaliso Casanova (2010: 185) retrasa todavía más la última datación para situarla en pleno reinado de Enrique III, manejando una horquilla entre 1390 y 1405. Estepa Díez (2004: 45) abunda en esta visión de las cosas al afirmar que la versión *Vulgar* de la crónica ayalina «es un producto elaborado cuando tras el matrimonio de Catalina de Lancaster [nieta de Pedro I y de su amante María de Padilla] y el príncipe Enrique [futuro Enrique III], acordado en 1388 y celebrado en 1393 se superaban las consecuencias del conflicto dinástico».
- 5 Vid. Valdaliso Casanova (2015: 130 y ss). En efecto, al principio la propaganda enriquesta trató de deslegitimar a Pedro I haciendo correr el rumor de que era hijo de un judío llamado Pero Gil que fue adoptado secretamente por la reina doña María de Portugal para dar un varón a Alfonso XI (Valdaliso Casanova 2010: 167-168).

La evolución, sin embargo, es larga y llena de matices, como corresponde a un proceso de degradación tan generalizado, y por ello el relato contiene cuestiones de orden político muy diversas. Así, Alfonso de Alburquerque, privado del rey y posteriormente destituido⁶, es sucesivamente adversario y aliado de los Trastámara —a partir de 1354— en las pugnas de estos últimos con Pedro el Cruel. A pesar de ser el instigador de los primeros movimientos de Pedro, su suerte política está echada tras el fracaso del matrimonio que concertó con los franceses para casar a Blanca de Borbón con el soberano (Valdaliso Casanova 2007: 302) —cuya boda se celebra el 3 de junio de 1353—, que fue seguido del ascenso de los allegados de María de Padilla, amante de Pedro desde el año anterior. De hecho, en el entorno del rey cruel esta última dama será dueña de un espacio político muy superior al que ocupará jamás la reina doña Blanca de Borbón, casi inmediatamente repudiada tras su boda.

A tales cuestiones, que marcan la evolución de estos años, viene a subordinarse la acción de los bastardos. Totalmente condicionados por la situación general en que se halla sumido el reino, al principio no albergan la voluntad de hacerse con el trono, pero mantienen una enorme operatividad a pesar de que no siempre guardan absoluta coherencia entre ellos en su relación con el rey hasta el repudio de doña Blanca. En este contexto sobresaldrán esencialmente las acciones militares y los movimientos políticos de Fadrique y Enrique, los dos hermanos gemelos. La muerte del primero de ellos a manos del rey aparecerá como el crimen más grave de todos cuantos acontecen hasta 1358 —junto con la muerte de Alburquerque—, será el punto de partida de una serie casi inconcebible de asesinatos y, en cierto modo, la justificación ideológica de la guerra civil entre Pedro y Enrique.

La voluntad de sustituir al rey en el trono solo empezará a perfilarse de forma efectiva en 1360. Sin embargo, el enfrentamiento del soberano con la rama bastarda comienza en las maniobras de Pedro y su madre, la reina María, para liquidar el *statu quo* establecido por Leonor de Guzmán, amante de Alfonso XI y madre de los bastardos (vid. *supra* n. 3). De hecho, el entierro del difunto rey Alfonso, en el que se perciben ya tanto la inmediata pérdida de poder de la concubina regia como los enfrentamientos entre hermanos⁷, da paso a la detención de la mujer y a la dispersión

6 La privanza de Alburquerque fue uno de los principales apoyos de la reina Doña María, madre del rey, en los primeros momentos de la persecución de la familia bastarda de Pedro. Vid. Fonda (2006: 90) y sobre su papel, en términos más generales, Devia (2011).

7 Los problemas vinculados con el entierro de Alfonso XI en los primeros capítulos de la crónica de Ayala ya evidencian el enfrentamiento entre las dos ramas de la familia. De hecho, el autor ralentiza deliberadamente el relato del traslado del cadáver del difunto rey a Sevilla para introducir detalles que anuncian los enfrentamientos que vendrán (Orduna 1998: 178).

de los hijos. La prisión inmediata de Leonor de Guzmán, recluida inicialmente en Sevilla, no impide sin embargo que esta maniobre de forma desesperada para afianzar los restos de su influencia; así, favorece la consumación del matrimonio entre Enrique y Juana Manuel, casados poco tiempo atrás, para dotar a su hijo de mayor linaje y posición (Díaz Martín 2007²: 52). Tras esto, es trasladada a Talavera y ejecutada casi inmediatamente, sin duda por instigación de la reina María (*CrPI*: 1351, III, 34; Díaz Martín 2007²: 55).

Los comentarios de Ayala sobre los enormes conflictos desencadenados por culpa de esta muerte inesperada (*ibidem*) no parecen ir más allá de una mera cuestión retórica, porque todos los hermanos, salvo Enrique, siguen en mayor o menor medida en la obediencia del rey poco después de la desaparición de su madre. Incluso el propio Tello declarará a Pedro I no tener más madre que la autoridad del soberano (*CrPI*: 1351, III, 35). Pero es cierto que la acción marca el inicio de los crímenes contra la rama Trastámara y, aunque no da lugar a una rebelión abierta por parte de los bastardos ni de la nobleza a nivel general, esa muerte decide, sin embargo, la primera huida de Enrique, sus acciones contra el rey en Asturias y el comportamiento relativamente errático de los demás hermanos. Con todo, tras las cortes de Valladolid, en 1352, Pedro conjura el peligro de una rebelión de la nobleza, se diluye la sublevación de Enrique y se disponen las ya referidas bodas con Blanca de Borbón.

Los hechos que desencadenan realmente el conflicto general tienen que ver más bien con las acciones de Pedro contra su familia política. La relación del rey con María de Padilla, previa al matrimonio con Blanca, y el desinterés regio por la convivencia con esta última marcan los cambios más inmediatos y radicales al provocar de modo definitivo la rebelión nobiliaria. Si la razón del abandono de Blanca, con gran consternación de las reinas María y Leonor⁸, parece estar en la imposibilidad de los franceses de pagar la dote prometida (Valdeón Baruque 1996: 21; Díaz Martín 2007²: 93), es evidente que también debió pesar sobremanera la pasión del rey por María de Padilla. En cualquier caso, como se trata del punto de inflexión de la política regia y de las relaciones con los nobles, Ayala, muy probablemente, acorta de forma decidida

8 Naturalmente, aquí nos referimos a Leonor de Castilla, esposa de Alfonso IV de Aragón, madre de los infantes de Aragón Fernando y Juan. Esta reina es hermana de Alfonso XI y tía, por tanto, de Pedro I. En la vida de este último rey hay, en consecuencia, dos mujeres con el nombre de Leonor: la hermana de su padre (Leonor de Castilla) y la amante de su padre (Leonor de Guzmán); y dos mujeres con el nombre de María: su madre (María de Portugal) y su propia amante (María de Padilla). Vid. el árbol genealógico que acompaña a este trabajo para una mayor claridad en la profusión de nombres.

el periodo de convivencia de los reyes (*CrPI*: 1353, XII, 98-99). Esta operación se efectúa con el fin de deslegitimar a Pedro I y presentar el repudio como la consecuencia de un mero capricho personal, aunque ciertos rumores favorables a Pedro aludían a una supuesta relación ilegítima entre Fadrique y la reina que habría sido la causa fundamental del abandono (Díaz Martín 2007²: 94-96; Mirrer-Singer 1986: 43)⁹.

Como se ha indicado, el repudio de Blanca de Borbón fuerza la caída en desgracia de Alburquerque, principal valedor del matrimonio, que huye a Portugal. Esto propicia un efímero acercamiento del rey a los bastardos, inicialmente enfrentados con el antiguo valido, que se desbarata en cuanto el soberano aumenta los privilegios de los parientes de María de Padilla. La defensa sobrevenida de la dignidad de la reina —en realidad, la común oposición al poder de los allegados de Padilla— genera la alianza entre todos los miembros disidentes de la nobleza hasta desembocar en una rebelión de gran importancia a la que se unen más tarde los infantes de Aragón, hijos de Leonor.

Paralelamente, en 1354 el rey decide el traslado de Blanca a Toledo, pero la localidad se subleva, conmovida por la situación de la reina legítima. Sus habitantes reclaman la reconciliación de la pareja real y llaman a don Fadrique en auxilio de Blanca (*CrPI*: 1354, XXII, 158), mientras otras villas y ciudades se suman a la causa antipetrista o son tomadas, como Medina del Campo, donde Alburquerque muere envenenado ese mismo año. Supuestamente instigado por el rey, este primer gran asesinato estaría destinado, en apariencia, a descabezar la rebelión, pero lo cierto es que la muerte del privado parece deberse a desacuerdos internos y pugnas en el seno de la nobleza sublevada, cuyo liderazgo recaerá ahora en Fernando de Aragón¹⁰. En cualquier caso, Ayala se adhiere a la tesis trastámara de la responsabilidad regia (*CrPI*: 1354, XXVII, 168), y la muerte del valido, de enormes consecuencias políticas, se convierte en un punto crucial en el relato del reinado de Pedro y también en la moral

9 Este argumento está desarrollado en el Romancero, en particular en el romance *Entre las gentes se dize*, en cierto grado favorable al rey (Entwistle 1930: 319 y Gómez Redondo 1999: 1778, n. 17), que incluye el nacimiento de un hijo ilegítimo de los supuestos amantes. A la existencia de tal relación alude posiblemente el *Romance del maestro de Santiago* (que se infiere de la mención de un bastardo, vv. 16-18 y n.), pero el *Romance de la muerte de doña Blanca*, que destaca la virgindad de la reina, niega precisamente tales vínculos (textos en Gómez Redondo, ed. 1996: 654-660). Sobre el valor de los romances como instrumento de propaganda, vid. Valdaliso Casanova (2015: 133).

10 El responsable de este crimen sería el médico del infante don Fernando, pero la lejanía del rey convierte en improbable la hipótesis de que hubiese actuado por orden directa de Pedro. Díaz Martín (2007²: 116, n. 56) apunta la posibilidad de que fuera el propio infante, rival de Alburquerque a la cabeza del movimiento nobiliario, el que maquinara dicha muerte.

de los sublevados, que durante un cierto tiempo transportarán el cadáver, convertido en símbolo, allí donde vayan.

Refugiado en Toro, el rey mantiene conversaciones de paz con la nobleza en Tejadillo, abandona la ciudad para acudir a Ureña junto a María de Padilla y la madre del rey abre las puertas de Toro a los nobles. Ayala no da las razones de tal decisión, aunque parece claro que pesa de modo terminante la nociva y constante presencia de María de Padilla y, con ella, la deslegitimación moral del soberano. Desde allí se llama a Leonor de Castilla, a la viuda de Alburquerque, Isabel Téllez de Meneses, y a Juana Manuel, esposa de Enrique (Díaz Martín 2007²: 120).

Atraído de nuevo a la ciudad, el rey es retenido en ella y los nobles —que pugnan por someter su poder, al que formalmente obedecen— llegan a exigirle la entrega de los sellos reales. La huida posterior de Pedro, sin duda propiciada por Tello, doña Leonor y los infantes de Aragón (Foronda 2006: 93), provoca un giro en el curso de los enfrentamientos y desencadena una venganza generalizada, en la que se enmarca el asesinato de don Fadrique y la orgía de sangre posterior de la que esta muerte es epicentro (Foronda 2006: 94). Renovada su lucha contra la nobleza, Pedro conquista Toledo en 1355, de donde se retiran Enrique y Fadrique tras unos combates adversos contra los partidarios del rey, y traslada a doña Blanca a Sigüenza. Enrique huye a Galicia para reunir fuerzas, de donde marchará después a Francia (Díaz Martín 2007²: 132-135).

Los sucesos de Toro causarán múltiples cambios de lealtad, la obsesiva captación de adeptos y el castigo cruel de los traidores. La ciudad, además, será la última plaza fuerte de la nobleza y tendrá en Fadrique, maestre de Santiago, a su único defensor eficaz y de peso; por ello la caída final del bastión en manos del rey es objeto de cierto pormenor en la crónica ayalina. El autor refiere largamente una charla en la que Fadrique, a las puertas de Toro, acepta el perdón real recibido de Juan Fernández de Hinestrosa, antiguo vasallo suyo, con intervención personal del propio Pedro antes de rendir la plaza ante el escándalo de sus principales moradores (*CrPI*: 1356, I, 227-230). Es posible que la conversación entre todos ellos tuviese lugar con posterioridad y en otras condiciones¹¹, pero el hecho de situarla aquí sirve para inaugurar en el relato

11 «Sin que lo narrado por el cronista falte a la verdad en lo que se refiere al papel de Hinestrosa y a la intervención del propio rey, sí que [la sumisión formal de Fadrique] puede haber sucedido posteriormente y al margen de lo que estaba sucediendo en Toro, como una consecuencia posterior del fracaso de la causa nobiliaria y la definitiva claudicación del maestre» (Díaz Martín (2007²: 133, n. 68).

la serie de represalias del rey y, desde luego, para iniciar la construcción narrativa del asesinato del propio Fadrique en Sevilla. Además, el incidente degrada absolutamente al soberano, que falta a su palabra de paz¹² y acentúa la disgregación familiar: la reina María, madre del rey, principal valedora de la plaza, pedirá permiso para volver a Portugal —donde morirá en enero de 1357— y no retornará jamás a Castilla, horrorizada ante el asesinato masivo de los caballeros defensores de Toro tras su ocupación (*CrPI*: 1356, II, 231-234). Todo esto sucede en los primeros días de 1356.

De todos modos, el paso decisivo para acabar con los bastardos, ampliamente reflejado en el seno de la crónica de Ayala, solo se percibe en 1358. En el curso de la guerra de los Dos Pedros, mientras Enrique combate junto al Ceremonioso, Fadrique, leal todavía a Pedro I, consigue conquistar la estratégica plaza de Jumilla para la causa castellana. A pesar de ello, es la primera e inesperada víctima de la serie de asesinatos brutales y sin causa aparente que caracterizan estas fechas y las siguientes (Koper 2006-2007: 160). La extrema precisión y los detalles del asesinato del maestre en la crónica se deben, sin duda, a las necesidades de la propaganda trastámara en el proceso de demonización de Pedro, pero también dejan en evidencia la ingenuidad que el noble ya demostró en la pasada claudicación de Toro. El rey ordena el asesinato a unos vasallos que no saben al principio a quién han de ejecutar ni por qué, y acaba comiendo sin inmutarse en una sala del alcázar de Sevilla en presencia del cadáver de don Fadrique, muerto a golpes de maza (*CrPI*: 1358, III, 268-272; Koper 2006-2007: 159).

No será la última sangre derramada ese año: este crimen precede a una larga lista de asesinatos que, aunque incluye el del infante Juan de Aragón, son en su mayoría de menor relevancia que la del maestre, pero sirven para perfilar todavía más el carácter homicida de Pedro el Cruel (Foronda 2006: 94 y n. 79). Ni tampoco serán las últimas muertes de familiares antes de la guerra civil: en 1359 Pedro matará a otros dos bastardos, Juan y Pedro, y a Leonor de Castilla, madre de los infantes de Aragón. Por fin, en 1361, presumiblemente también manda asesinar a doña Blanca de Borbón, cuya suerte, como ya hemos visto (vid. n. 10), se une en el *Romancero* con la de don Fadrique. Pero el *Romancero*, erigido en arma de propaganda como modo de legitimar las distintas posiciones —esos años generaron una «guerra civil romancística», según

12 Porque enseguida manifiesta su intención de matar a Fadrique tras la celebración de un torneo en Tordesillas (*CrPI*: 1356, III, 237). Como probable trasunto de los torneos de la ciudad vallisoletana, el romance de la muerte del maestre de Santiago menciona precisamente unos inexistentes torneos en Sevilla, donde es mandado llamar don Fadrique para ser asesinado. Vid. González (1996: 49-50).

la expresión de Diego Catalán (1969: 81)— ofrece en ocasiones un discurso político alternativo al de la crónica ayalina. En el *Romance del maestre de Santiago*, por ejemplo, que narra la muerte por decapitación de Fadrique, María de Padilla aparece como la principal instigadora de los hechos¹³ y prácticamente por capricho, siendo finalmente encarcelada por el propio Pedro (vv. 57-59). Es quizás posible que esta contradicción determine la extensión y el detalle del mismo episodio en Ayala, muy claro a la hora de exculpar del asesinato a la amante regia por razones dinásticas muy posteriores a los hechos. Al margen de toda posible influencia entre ambas fuentes, el antagonismo de las respectivas posiciones ideológicas demuestra que pervivió la condena moral de la amante en la tradición oral, pero los intereses políticos de los años siguientes tras los acuerdos matrimoniales entre ambas ramas familiares priorizaron de forma absoluta la existencia en la historiografía de un único culpable, monstruoso y criminal, de todas las atrocidades de este periodo.

Bibliografía

- CrPI = Pero López de Ayala (1994), *Crónica del Rey Don Pedro y del Rey Don Enrique, su hermano, hijos del Rey Don Alfonso Onceno*, ed. de C. Orduna, Buenos Aires: SECRIT, t. I.
- Catalán, D. (1969), *Siete siglos de Romancero*, Madrid: Cátedra.
- Chicote, G. B. (2005-2006), «Historiografía y Romancero: tensiones discursivas en las representaciones textuales de Pedro I de Castilla», *Incipit XXV-XXVI*, pp. 123-145.
- Díaz Martín, L. V. (2007²), *Pedro I el Cruel (1350-1369)*, Gijón: Trea.
- Devia, C. (2011), «De instrumento a víctima: miedo al rey y privanza en la Crónica de Pedro I del canciller Ayala», *Signum* 11, 2, pp. 228-240.
- Entwistle, W. J. (1930), «The *Romancero del Rey don Pedro* in Ayala and the *Cuarta Crónica General*», *Modern Language Review* XXV, pp. 302-326.
- Estepa Díez, C. (2004), «Rebelión y rey legítimo en las luchas entre Pedro I y Enrique II», in I. Alfonso *et alii* (coords.), *Lucha política. Condena y legitimación en la España medieval*, Lyon: ENS Éditions, pp. 43-62.

13 Vid. Valdaliso Casanovas (2010: 173). Entwistle (1930: 318-19) cree que la versión más antigua del romance sobre el asesinato de don Fadrique dataría de la propia guerra civil, aunque una segunda versión se habría creado en la época de las guerras de Galicia en 1386-1388; Chicote (2005-2006: 135), sin embargo, lo cree compuesto inmediatamente después de los hechos. A mediados del siglo XV, la *Cuarta Crónica General* integrará en su seno el romance (Chicote 2005-2006: 136, n. 10). Por otra parte, María de Padilla también parece tener cierta responsabilidad criminal en el *Romance de la muerte de doña Blanca*.

- Foronda, F. (2006), «La privanza, entre monarquía y nobleza», in J. M. Nieto Soria (dir.), *La monarquía como conflicto en la corona castellano-leonesa (c. 1230-1504)*, Madrid: Sílex, pp. 73-132.
- Gimeno Casalduero, J. (1972), *La imagen del monarca en la Castilla del siglo XIV: Pedro el Cruel, Enrique II y Juan I*, Madrid: Revista de Occidente.
- Gómez Redondo, F. (1999), *Historia de la prosa medieval castellana*, Madrid: Cátedra, t. II.
- Gómez Redondo, F. (ed.) (1996), *Poesía española, 1. Edad Media: juglaría, clerecía y romancero*, Barcelona: Crítica.
- González, A. (1996), «La complejidad del romance de la muerte del Maestre de Santiago», in L. von der Walde Moheno – C. Company – A. González, *Caballeros, monjas y maestros en la Edad Media*. Actas de las V Jornadas Medievales, México: UNAM, pp. 47-55.
- Koper, A. J. (2006-2007), «Crónica del Canciller Pero López de Ayala. El reinado de don Pedro: configuración de la figura del rey», *Fundación* 8, pp. 157-166.
- Mirrer-Singer, L. (1986), *The Language of evaluation: a sociolinguistic approach to the story of Pedro el Cruel in ballad and chronicle*, Amsterdam: John Benjamins.
- Orduna, G. (1998), *El arte narrativo y poético del canciller Ayala*, Madrid: CSIC.
- Valdaliso Casanova, C. (2007), «Privanza y privados en el reinado de Pedro I de Castilla», *Historia. Instituciones. Documentos* 34, pp. 293-305.
- Valdaliso Casanova, C. (2010), *Historiografía y legitimación dinástica. Análisis de la Crónica de Pedro I de Castilla*, Valladolid: Universidad de Valladolid.
- Valdaliso Casanova, C. (2011), «La obra cronística de Pedro López de Ayala y la sucesión monárquica en la Corona de Castilla», *Edad Media* 12, pp. 193-211.
- Valdaliso Casanova, C. (2015), «Discursos de legitimación de la dinastía Trastámara (1366-1388)», in F. Sabaté i Curull – M. Pedrol (coords.), *Ruptura i legitimació dinàstica a l'Edat Mitjana*, Lleida: Pagès editors, pp. 127-142.
- Valdeón Baroque, J. (1996), *Enrique II: la guerra civil y la consolidación del régimen, 1366-1371*, Valladolid: Universidad de Valladolid.

O encabalgamento léxico na lírica galego-portuguesa*

PILAR LORENZO GRADÍN

Universidade de Santiago de Compostela

Na lírica galego-portuguesa, como acontece nas restantes tradicións literarias romances, a rima —o elemento máis significativo e marcado do verso dende o punto de vista fónico, sintáctico e semántico (Di Girolamo 1979: 132; Beltrami 2011: 50-51; Domínguez Caparrós 1993: 129-133; Paraíso 2000: 57-58)— ten como marco de referencia a palabra. Precisamente, son os vocábulos escollidos polos trobadores para ocupar a rima final os que permiten apprehender gran parte do entramado estético da cantiga e os que, ao mesmo tempo, funcionan como un dos eixos principais para potenciar o significado do texto no público¹.

Un número restrinxido de trobadores xogaron na privilexiada posición de rima cun particular tipo de discordancia entre pausa versal e pausa morfosintáctica a través do procedemento coñecido como encabalgamento léxico ou tmese versal (Quilis 1964: 88-95; Paraíso 2000: 102-103)². Como se sabe, este fenómeno estilístico

* Esta achega forma parte das actividades levadas a cabo no Proxecto de investigación *Paleografía, Lingüística y Filología. Laboratorio on-line de la lírica gallego-portuguesa* (FFI2015-68451-P), subvencionado polo Ministerio de Economía e Competitividad.

1 O establecemento da dependencia recíproca entre sons e significados na versificación —e, de maneira particular, na rima— foi un dos maiores logros acadados polos formalistas rusos. Para esta cuestión véxase o clásico ensaio de Erlich (1974: 303-311), así como a bibliografía recollida e comentada por Domínguez Caparrós (2010: 13-20).

2 Os poucos estudosos que aluden aos precedentes deste singular *enjambement* sinalan que penetrou na lírica romance por imitación da poesía clásica latina (Quilis 1964: 89-90; Paraíso 2000: 102). A

—codificado tipograficamente cun guión— consiste en segmentar unha palabra en dous a final de verso, de maneira que a parte inicial da unidade léxica actúa como entidade independente no proceso de produción de esquemas métrico-rítmicos, mentres que a segunda se despraza ao verso encabalgado. A peculiaridade deste encabalgamento orixina que se constata na estrutura paradigmática do texto un contraste inesperado entre as habituais rimas ligadas na pausa a palabras con aquelas outras que, por mor da *tmese*, non obedecen ás normas de cohesión gramatical. Precisamente, a singularidade deste recurso poético explica que apareza recollido no coñecido tratado occitano das *Leys d'Amors*³, no que recibe a expresiva etiqueta de *rims trencatz*⁴.

Así pois, a *tmese* versal é un xogo erudito que se basea na desviación respecto dos principios establecidos na norma lingüística para adaptalos á función literaria da métrica e aos seus propios fins. O recurso implica que se modifique a duración da pausa de final de verso a través dunha peculiar tensión entre sons e significado, tensión que captaría a atención dun público afeito a parámetros convencionais que non contemplaban a escisión de «rimantes». De todas maneiras, cómpre subliñar que a palabra encabalgada só aparece illada a nivel gramatical, polo que a ruptura dos seus constituíntes nunca afecta ás equivalencias fónicas da rima e á súa relación co metro (é dicir, a función rítmica da rima).

Na lírica galego-portuguesa, o fenómeno non mereceu ata o momento un estudo particular, probablemente porque —como acontece en todos os períodos cronolóxicos doutras tradicións poéticas— tivo un cultivo moi illado. En calquera caso, non deixa de chamar a atención que, ao longo do movemento trobadoresco, o emprego dos *rims trencatz* se concentre nunhas coordenadas espazo-temporais concretas. Así,

cuestión require un estudo polo miúdo que neste momento non podemos afrontar, pero, se o encabalgamento léxico depende da «cultura» latina, estaríamos ante un procedemento de carácter escolar que os poetas máis avantaxados intentarían adaptar ás convencións da métrica romance.

3 Como se sabe, entre 1328 e 1355, a célebre gramática tolosana contou con catro fases de redacción (unha delas en verso). Empregamos aquí o texto da primeira redacción en prosa, escrita entre 1328 e 1337 (Gatién-Arnoult [1841-1843] 1977).

4 O tratadista remite na pasaxe correspondente a este tipo de rima (Id. *ibid.*, I: 196) aos chamados *motz trencatz*, que define e exemplifica así: «*Motz trencatz apelam can la una partz del mot roman en fi de verset per rima. E per l'autra part comensa le comensamens del seguen verset. segon que podetz ayssi vezer (...)*»

Filha de Dieu verges e *may-*
Re. *gardatz* me del Sathan *lay-*
Ro. *desleyal* si que *dece-*
Bre *marma*. no *puesca* de re.»

Id. *ibid.*, I: 52. As cursivas e os guións son nosos.

como se verá de seguido, os escasos exemplos do recurso⁵ localízanse en cantigas de autores pertencentes ao círculo literario que se formou en torno á figura de Alfonso X. De feito, o propio rei é un dos que introduce a licenza nun dos seus textos profanos, en concreto no íncipit da seguinte *cantiga d'escarnio e maldizer* —ben coñecida pola crítica por parodiar de maneira irreverente a Paixón de Cristo e asimilala á desatada concupiscencia do trobador⁶—:

Fui eu poer a mão noutro *di-*
a a ùa soldadeira no conon,
 e disse-m'ela: -Tolhede-la, don
 [..... -i]
 ca non é esta de Nostro Senhor
 paixon, mais é-xe de min, pecador,
 por muito mal que me lh'eu mereci.
 (Paredes 2010, xxx, vv. 1-7: 213)

Malia que o texto non achega ningunha referencia que faga posible asignar-lle unha datación aproximada, o lugar que o mesmo ocupa no manuscrito *B* —no interior da serie textual precedida pola rúbrica atributiva *Don Affonso de Castela e de Leon*— foi un dos elementos empregados por A. Resende de Oliveira⁷ para situar a súa composición (e a das cantigas que se copian na mesma secuencia) despois de que Alfonso X accedese á coroa o 1 de xuño de 1252 (González Jiménez 2004: 44). De feito, as reflexións que se exporán de seguido non só parecen reafirmar a hipótese do historiador portugués, senón que tamén permiten suxerir que o rei castelán compuxo o seu impío cantar entre ca. 1260-1275.

Fronte á escaseza de datos cronolóxicos da cantiga afonsina, o *maldizer* de Afonso Mendez de Besteiros *Don Foão que eu sei que á preço de livão* contén indicios históricos máis útiles sobre o seu momento de produción. Neste caso o trobador

5 Nos textos copiados no *Cancioneiro da Ajuda* nunca se documenta este peculiar tipo de encabalgamento (Michaëlis de Vasconcelos 1904 [1990]).

6 Cfr. os comentarios e a bibliografía que figuran en Paredes 2010: 214-215.

7 Partindo das dúas rúbricas presentes no códice *B* (*el rei Don Affonso de Leon, B, f. 101r, col. a, e a xa citada Don Affonso de Castela e de Leon, B, f. 103r, col. b*), o historiador portugués postulou que o «cancioneiro» profano do rei Sabio chegaría ás antoloxías a través de dúas compilacións elaboradas en cronoloxías e medios diversos. Así, o primeiro florilexio recollería a produción do autor dende que era infante ata os primeiros anos do seu reinado, mentres que o segundo —que é o que aquí nos interesa— só albergaría aqueles textos escritos despois de 1252. Oliveira 2010.

portugués colocou a tmese no *refran* cun alto grao de humorismo, xa que a ruptura da palabra en rima evoca de maneira expresiva (e plástica) a fuxida do campo de batalla dun nobre aterrado ante a visión das tropas inimigas:

Don Foão que eu sei que á preço de livão,
vedes que fez ena guerra?, daquesto são certão:
sol que viu os genetes, come boi que fer tavão,
sacudius'e revolveuse, al-
çou rab'e foi sa via a Portugal.

Don Foão que eu sei que á preço de ligeiro,
vedes que fez ena guerra?, daquesto son verdadeiro:
sol que viu os genetes, come bezerro tenreiro,
sacudius'e revolveuse, [al-
çou rab'e foi sa via a Portugal].

Don Foão que eu sei que á prez de lividade,
vedes que fez ena guerra?, sabedeo por verdade:
sol que viu os genetes, come can que sal de grade,
sacu[dius'e revolveuse, al-
çou rab'e foi sa via a Portugal].
(Marcenaro 2013, XI: 102-103)

C. Michaëlis (1901 [2004]: 192-193; 1904: 563) baseouse na *similitudo* presente na segunda cobra do texto (*come bezerro tenreiro*, v. 8) para propor que o autor censuraría nos seus versos mediante a onomástica alusiva a cobardía do portugués João Pires de Vasconcelos, coñecido, precisamente, co alcume «o Tenreiro». De feito, este nobre participou na conquista de Sevilla de 1248 (Pizarro 1999, II: 234), onde podería ter coincidido con Afonso de Besteiros⁸. Pero, como xa apuntou S. Marcenaro (2013: 15-20), a presenza dos *genetes* na cantiga non se axusta á cronoloxía da campaña sevillana, pois, segundo informan as fontes históricas, os temidos guerreiros berberiscos participaron por primeira vez nos combates de Andalucía⁹ durante a guerra de Granada

8 Para unha análise pomenorizada da traxectoria biográfica do trobador, que foi un dos moitos portugueses que se exilou en Castela tras rematar a guerra civil entre Sancho II e Afonso III, véxase a información recollida por Marcenaro 2013: 7-22.

9 A este propósito, é particularmente útil a seguinte pasaxe da *Crónica de Afonso X*: «El rey de Granada, veyendo el gran afincamiento de la guerra en que estaba, envió rogar a Aben Yusaf que le enviase

de 1264-1267 (González Jiménez 2004: 175)¹⁰. De feito, a voz *genete* só comparece en todo o corpus galego-portugués¹¹ noutros dous textos que están relacionados coa ofensiva granadina. Trátase das seguintes cantigas de Alfonso X: a célebre *O genete / pois remete* (Paredes 2010, xxxvii: 253-254)¹² e o texto mariano *A que en nossos cantares / nos chamamos Fror das flores* (Mettmann 1989, III, 366: 241-243). Xustamente, este último contén nas súas estrofas iniciais noticias clave que permiten situar a súa redacción despois da campaña que o rei efectuou na veiga de Granada a comezos do mes de xuño de 1265:

E de tal razón com'esta hũa maravilla fera
avẽo ja en Sevilla eno tempo que y era
el Rey, e que de Grãada de fazer guerra vẽera
aos mouros des [s]a terra, que y eran moradores,
A que en nossos cantares nos chamamos Fror das flores ...

E outros muios *genetes* que d'Affrica y passaran;
ca todos fillaron dano dele, qual nunca fillaran,
en pães, ortas e vinnas e en quanto lles acharan.
(Mettmann 1989, III, nº 366, vv. 5-12: 241)

-
- alguna gente en su ayuda, e envíole mil caballeros (...). E segund lo que se falló en escripto, dicen que éstos fueron *los primeros caballeros jinetes* que pasaron aquen la mar después que el Miramamolín fue vencido». González Jiménez (ed) 1999, cap. XIII: 37 (cursivas nosas).
- 10 En maio de 1264, Alfonso X viuse sorprendido por unha revolta xeneralizada no sur da Península. Os mudéxares de Murcia iniciaron unha sublevación unánime e o sultán de Granada Muhammad I, tras establecer unha alianza co rei de Tunes, rompeu o pacto de vasalaxe —vixente dende 1246— co monarca castelán e emprendeu un ataque sen piedade ás súas terras. Unha vez que Alfonso X conseguiu estabilizar a zona de Xérez e Cádiz —e estando xa controlada a insurrección murciana por parte de Xaime I—, decidiu abordar a loita contra Granada. Nos primeiros días de xuño de 1265, o monarca castelán efectuou a famosa entrada na veiga de Granada. Os efectos de tal expedición non se fixeron esperar: o sultán Muhammad I, ante a demostración de forza do seu adversario, solicitou treguas e asinou o tratado de Alcalá de Abenzaide, que o obrigou tanto a pagar altos tributos como a facer moitas concesións á coroa de Castela. Sen embargo, cara a febreiro de 1266, Muhammad incumpriu o pacto ao que chegara con Alfonso X, polo que este convocou de novo aos seus exércitos para afrontar o emir. Esta campaña finalizou na primavera de 1267, data na que as partes asinaron un novo acordo de paz que pechou temporalmente o conflito. Cfr. García Fitz 2002: 218-224; González Jiménez 2004: 286-303.
- 11 Procedemos a consultar as ocorrencias do substantivo na base de datos TMILG (Varela Barreiro, dir., <http://ilg.usc.es/tmilg> [30/X/2015]).
- 12 A crítica situou a composición do texto no ano 1264, no que tivo lugar a cruenta batalla de Alcalá de Benzaida, na que, como se sabe, as tropas cristiás —capitaneadas polo propio rei— sufriron unha soada derrota. Cfr., fundamentalmente, os seguintes estudos: Scholberg 1971; Lapa 1981: 200-202; Paredes 1991; Lanciani-Tavani 1995: 109-111; Oliveira 2014.

Unha parte dos especialistas¹³ tamén asociou a seguinte cantiga do portugués Gil Perez Conde aos conflitos que sacudiron o sur de Andalucía despois de 1264:

Mentr'esta guerra foi, assi
m'avêo que sempre guarí
per pé de cavalo, mais *oi-*
mais non sei que seja de mi
senon guarir per pé de boi.
(LPGP 56,7, vv. 1-5)

Estamos ante un texto moi elaborado, no que a tmese versal, ademais de favorecer unha *rime ligature* (Le Gentil 1953: 241) co retroso, entra en contacto co artificio da palabra-rima. Así mesmo, o encabalgamento léxico facilita unha consonancia coa rima difícil *-oi*, que tan só aparece noutros dous textos do corpus lírico¹⁴: na cantiga mariana *Todo logar mui ben pode seer defendudo* (Mettmann 1988, I, nº 28, vv. 115-116) —na que a palabra encabalgada é tamén o propio adverbio *oimais*— e no escarnio de Pero Garcia Burgalés *Fernan Diaz, este que and'aqui* (Marcenaro 2012, XLII: 356). Dende a nosa perspectiva, a coincidencia dista de ser casual e é unha proba máis das relacións literarias que mantiveron os tres autores citados na corte de Castela (Marcenaro 2012: 5-23; Lorenzo Gradín 2015: 867-877).

Malia que o portugués Gil Perez non deixou pegadas da súa presenza nas fontes documentais a disposición dos estudosos, a mención que fai ao *Rei* e a *Don Fernando* no refrán do texto *Quen nunca sal da pousada* (LPGP 56,14) fai posible que se sitúe parte da súa actividade literaria na corte do propio Alfonso X. De feito, a citada referencia a *Don Fernando* marca un termo *ante quem* para a composición da cantiga, pois o antropónimo alude ao infante Don Fernando de la Cerda, que, como se sabe, finou na localidade de Vila Real en agosto de 1275 (González Jiménez 2004: 289-290). Tendo en conta que o primoxénito do rei Sabio naceu en 1255, é moi pouco probable que participase na revolta granadina de 1265-1267. Atendendo a esta circunstancia, parece máis lóxico pensar que o trobador escribise o seu *maldizer* co gallo da guerra que emprendeu o emir Muhammad II na primavera de 1275¹⁵. É certo que, se ben

13 Scholberg 1971: 115-116; Lapa 1981: 202-203.

14 Montero Santalha 2000, III: 1309.

15 A comezos dese ano, Muhammad II aliouse coas tropas magrebíes para facerlle fronte a Alfonso X e vingarse, así, das pesadas condicións que este lle impuxera a seu pai en 1267. A situación era ideal, xa que o rei castelán estaba en Francia, concretamente en Beaucaire, a onde acudira a entrevistarse co Papa Gregorio IX por mor da cuestión do “fecho del Imperio”. O nazarí non dubidou en aproveitar a

estas coordenadas son válidas para *Quen nunca sal da pousada*, os restantes cantares de guerra do trovador (LPGP 56,10; 56,12; 56,16; 56,17) —entre os que se atopa o aquí comentado— non achegan ningunha indicación que faga posible asocialos a unha campaña determinada, polo que a súa composición podería situarse no contexto de calquera das dúas guerras de Granada; en calquera caso, a cronoloxía na que nos movemos oscila entre os anos 1265 e 1275.

Respecto do texto que nos ocupa, cómpre subliñar que, ao peneirar as edicións, dicionarios e glosarios medievais¹⁶, a forma *oimais* aparece recollida nos mesmos ben como unha unidade léxica, ben como unha estrutura binaria (e, polo tanto, como unha locución adverbial). Aínda que *a priori* as dúas opcións poden ser válidas (Álvarez de la Granja 2005: 19), cremos que a forma xa se presenta no corpus lírico como un adverbio lexicalizado¹⁷. Esta caracterización funcional encontra un punto de apoio na propia procedencia da expresión, que, ao ser unha adaptación do occitano antigo *oimais* (Lorenzo 1977: 926^a), o lóxico é que se incorporase ao galego e portugués medievais xa soldada.

Por oposición á lírica profana, o emprego da tmese versal é un pouco máis frecuente nas *Cantigas de Santa Maria*¹⁸. Se ben por razóns de espazo non nos podemos

ocasión que se lle presentaba, pois a fronteira castelá atopábase nunha situación de extrema febleza: o rei estaba fóra e o infante rexente iniciara unha campaña na Rioxa. Coa axuda das tropas marroquís, o emir granadino procedeu a saquear diversas vilas e aldeas cristiás, á vez que inflixiu duras (e significativas) derrotas aos seus inimigos (lémbrese que nesta campaña morreron asasinados Don Nuño de Lara e o infante Sancho de Aragón, bispo de Toledo). Finalmente, as hostilidades cesaron a comezos de 1276, data en que Castela procedeu a asinar novas treguas co líder magrebí Abu Yúfuf Yacub e co propio rei granadino. Cfr. González Jiménez 2004: 286-303.

16 Cfr. os datos presentes en Varela Barreiro, dir., TMILG <http://ilg.usc.es/tmilg> [30/X/2015].

17 Cómpre destacar que a voz *oimais* ten un uso estritamente literario e só se documenta na produción lírica. Id., TMILG <http://ilg.usc.es/tmilg> [30/X/2015].

18 Cfr. Mettmann 1988, I, nº 28, v. 115-116 (*oi / mais*): 132; nº 59, vv. 91-92 (*fera / mente*): 203-204; nº 66, vv. 40-41 (*san / t'ome*): 224; nº 71, vv. 47-48 (*assesegada / mente*) e vv. 61-62 (*omildosa / mente*): 237; nº 72, vv. 20-21 (*descomunal / mente*): 238-239; II, nº 107, vv. 47-48 (*ligeira / mente*): 29; nº 121, vv. 21-22 (*ni / hũa*): 65; nº 135, vv. 132-133 (*disser / ron*): 105; nº 139, vv. 17-18 (*veja / mo-la*): 113; nº 196, vv. 21-22 (*asconduda / mente*): 235; nº 255, vv. 68-69 (*a / quela*): 362; III, nº 292, vv. 77-78 (*San / ta*): 80; nº 355, vv. 62-63 (*primeyra / mente*): 222, e nº 383, vv. 42-43: 280; nº 409, vv. 30-31 (*aficada / mente*): 323... Como se observa, varios dos exemplos recollidos afectan a adverbios en *-mente* que están lexicalizados (Karlsson 1981: 57-59; García Sánchez 2007). A este respecto, apuntamos que, agás nos casos de encabalgamento léxico, os copistas sempre escriben xuntos os devanditos adverbios. A variedade das bases adxectivais que caracteriza a estas formas, unida ao seu carácter ditónico, parecen ser as que explican que teñan un maior rendemento na práctica do recurso, pero esas mesmas características determinan que os adverbios en *-mente* sexan máis «previsibles» para o auditorio. Por outra parte, subliñamos que só o texto nº 66 presenta a disposición en *coblas unissonans*, polo que,

deter de maneira pausada na cuestión, a diversidade de vocábulos que interveñen no encabalgamento léxico na produción relixiosa de Alfonso X está estreitamente ligada ao carácter prevalentemente narrativo da colectánea, á extensión das cantigas que a integran (pois a media dos textos é superior ás oito cobras) e ás esixencias rítmicas das formas zexelescas que caracterizan a meirande parte dos textos (Parkinson 1999 e 2000). É certo que en moitas ocasións o artificio permite incrementar o número de «rimantes» que encaixen en rimas difíciles (cfr. os timbres *-oi* ou *-era*) ou inusuais (por exemplo, as terminacións *-ada*, *-osa*, *-eja*, *-uda*), pero non faltan exemplos (cfr. as habituais rimas en *-al*, *-er* ou *-an*) que dan conta de que a licenza poética formaba parte dun consciente xogo erudito¹⁹.

Na compilación mariana —ao igual que acontece nos textos satíricos de Afonso de Besteiros e Gil Perez Conde—, a dislocación léxica orixina ás veces modificacións nos principios prosódicos que obedecen ao carácter convencional da propia «norma» métrica. Nestes casos, a tmese versal crea acentos «imprevistos» que non só se axustan á estrutura rítmica do verso senón tamén á súa pauta musical. Así se pode observar na seguinte estrofa —procedente do miragre adicado ao monxe que cantaba os cinco salmos cuxas letras iniciais formaban a palabra María— na que o xerundio do salmo *In convertendo Dominus captivitatem Sion* (Ps. 125 [126]) presenta unha evidente traslación acentual para encaixar no esquema métrico-rítmico do texto:

Quen catar e revolver
estes salmos, achará
“Magnificat” y jazer,
e “Ad Dominum” y á,
e cabo del “In *conver-*
tendo e “Ad te” está,
e pois “Retribue ser-
vo tuo” muit’omildoso.

Gran dereit’ é de seer ...

(Mettmann 1988, I, nº 56, vv. 35-43: 194)

No seu estado actual, a folla impresa que contén este romance carece de data e de pé de imprenta, mais, do noso punto de vista, non debeu de ser esa a súa situación orixinal. En efecto, tanto o feito de que o adorno vertical que separa as súas dúas columnas remate abruptamente como o evidente desprazamento da caixa de composición cara a abaixo invitan a pensar que alguén, talvez para evitar posibles represalias durante a francesada, cortou o extremo inferior do exemplar da folla hoxe depositada na biblioteca universitaria compostelá. Probablemente, o lugar de impresión e o nome da imprenta, e se cadra tamén a data de publicación, achábanse nese extremo presuntamente recortado, como se observa noutros impresos da época. Polo contrario, parécenos improbable que figurase alí o nome do autor, xa que o que se observa en impresos coetáneos é que o que adoita aparecer no colofón é o lugar de impresión, a imprenta (normalmente o impresor) e ás veces tamén o ano, mais non o autor. Pénlese ademais que, dado que o romance se presenta como unha composición supostamente escrita por «un labrador que foy sarxento», esta ficción resultaría desbaratada polo editor se no colofón se revelase a identidade do autor real.

Como ben se aprecia na reprodución fotográfica que ofrecemos máis abaixo, este papel mostra unha marcada dobrez en sentido vertical e outra en horizontal, o que quere dicir que alguén o encartou, sen dúbida para levalo nun peto, nunha faldriqueira, nun macuto, nunha carteira. Este debía de ser, precisamente, o destino procurado para un panfleto destas características por parte do seu autor e do seu impresor. Como ademais se dá a circunstancia de que a dobrez horizontal deixa unha parte superior e unha parte inferior coas mesmas medidas, podemos afirmar que á

2 Por poñermos só uns algúns exemplos, citaremos o *Diario de Santiago*, en que é constante a súa mención xa desde o número 1, do 1 de xuño de 1808; ou o impreso *Manifiesto sobre la reconquista de Galicia*, de 1809, que vai encabezado polo lema «Á Patria, Religión, y Rey / todo debe ceder». Pódese lembrar tamén o clarificador título de *Los Guerrilleros por la Religión, la Patria y el Rey*, publicación por entregas aparecida na Coruña en 1813.

3 Sobre as características dos pensamentos reaccionario e liberal en Galicia nos seus primeiros anos véxase Barreiro Fernández (1982: 99-161).

folla se lle recortou o pé antes de que fose encartada e, se cadra, antes mesmo de que fose distribuída logo de saír do prelo.

Presupoñendo unha factura galega para a folla de «Un labrador», resulta útil cotexala con outros impresos galegos daqueles anos para tratar así de identificar o responsable material da publicación da peza, atendendo as posibles similitudes ou diferenzas tipográficas e de composición detectadas entre eles⁴. Deste modo, pódese comprobar que os caracteres tipográficos empregados en «Un labrador»⁵ coinciden cos que se manexaban nos obradoiros composteláns de Juan Francisco Montero e de Manuel María de Vila, pero son diferentes dos empregados polos coruñeses Francisco Cándido Pérez Prieto, Juan Chacón e Viuda e Hijas de Riesgo ou polo santiagués Ignacio Aguayo. Ademais, significativamente, entre os impresos analizados só figuran tres obras cos mesmos adornos que en «Un labrador» ocupan o corondel ou espazo vertical entre as dúas columnas de texto; referímonos ao *Diario de Santiago*⁶, impreso alternativamente por Vila e mais por Montero, e a dous folletos saídos do prelo de Montero⁷. Sabemos que Juan Francisco Montero y Frayz, herdeiro dunha importante saga de impresores composteláns, recibiu a titularidade da empresa familiar precisamente no ano 1808 e que a súa oficina foi preferida polos autores absolutistas, entre eles o célebre Freire Castrillón (Odriozola – Barreiro 1992: 217-218). Pola súa parte, de Manuel María de Vila é coñecido que iniciou a súa actividade impresora en Santiago en 1803, e que se estableceu na Coruña nos períodos 1808-1812 e 1820-1823, aproveitando a demanda de traballo ocasionada pola liberdade de imprenta. En 1834 trasladouse definitivamente a Pontevedra, onde se converteu no primeiro impresor da cidade (203-211 e 330-331).

4 Revisamos preto de 30 obras publicadas en Galicia entre 1806 e 1810, dispoñibles no repositorio dixital *Galiciana* <<http://www.galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es/>> e na *Biblioteca Virtual del Patrimonio Bibliográfico* <<http://bvpb.mcu.es/>> (Consulta: agosto de 2015). Para o establecemento do corpus de impresos só tivemos en conta aqueles textos en que figuran claramente a data, o lugar e o responsable da impresión.

5 Fixámonos fundamentalmente no deseño do <y> e do <g> minúsculos e no do <R> maiúsculo, así como no do <N> maiúsculo con ornamentación que encabeza o primeiro verso.

6 Na portada dos números 4 e 6 a 155, de xuño a novembro de 1808.

7 Trátase do *Manifiesto sobre la reconquista de Galicia, y la conducta, operaciones, y planes para ella, del Excelentísimo Señor Conde de Maceda, perfeccionados y aprobados por el Excelentísimo Señor Capitan General Marques de la Romana*, de D. J. P. B. (1809), p. 3, e da *Carta segunda á los fieles, presentada á un prelado con motivo de la publicación de la Bula de la Santa Cruzada*, de Manuel Freyre de Castrillón (1810), p. 22. Con posterioridade a 1810 detectamos eses mesmos adornos na cabeceira dos sete primeiros números da *Estafeta de Santiago* (abril a maio de 1813), saídos da Oficina de Los Dos Amigos, fundada en 1812 por Ventura Rey Romero e Freire Castrillón (Odriozola – Barreiro 1992: 214-215).

O volume facticio en que se integra o exemplar de «Un labrador» formou parte, como se desprende da súa actual signatura na Biblioteca Xeral (RSE), dos fondos bibliográficos da Real Sociedad Económica de Amigos del País da cidade de Santiago, transferidos en depósito á universidade compostelá en 1917⁸. Probablemente se trate dun dos numerosos volumes da colección de impresos reunida polo bibliógrafo e avogado santiagués Manuel Vázquez Acebo, membro destacado daquela corporación (Segade Campoamor 1880: 273). Non advertirmos nel ningún *ex libris* que puidese confirmar esta nosa suposición.

A conxunción das distintas variantes diatópicas presentes no texto apunta a que o seu autor debeu de ser unha persoa familiarizada coas variedades centrais do galego occidental⁹. A selección de *gando* (l. 10) en lugar de *gado* sitúanos nun territorio que se corresponde coa actual provincia da Coruña, quitando os seus extremos setentrional e oriental, con case toda a de Pontevedra, exceptuando o seu recanto suroccidental, e coa faixa occidental da de Ourense. Con esta primeira aproximación casa ben o uso de *cartos* (l. 10), de *catro* (l. 24) e de *gardar* (l. 41), xa que *cuartos*, *cuatro* e *guardar* son variantes propias do galego oriental, do dunha boa parte da provincia de Ourense e do do Baixo Miño. Tamén é congruente co anterior o rexistro do demostrativo invariable *esto* (l. 15), posto que as solucións con /i/ (*isto*, *iso*, *aquilo*) son propias de territorios que o uso das anteriores variantes xa nos fixo descartar: o nordeste da provincia da Coruña, o centro e o sur da de Pontevedra e o extremo suroccidental da Limia Baixa ourensá. Tendo en conta estas restricións, a utilización do meridional *alá* (l. 19) no canto do setentrional *aló* suxire que o autor do romance estaba basicamente instalado nunha variedade falada entre o norte da actual provincia de Pontevedra e o sur da da Coruña, nunha zona, por tanto, que tería Compostela como principal referencia urbana. Con esta localización cadraría tanto o uso de *moytos* (ls. 37, 46) en vez de *muytos* como a preferencia polo SNP *-des* para a P5 verbal (*poñédes*, l. 26; *bolbades*, l. 31; *verédes*, l. 35), mais con espazo para a alternancia con *-is* (*deixareis*, l. 25), como vemos tamén na obra dos composteláns Diego Cernadas e María Francisca de Isla, escritores en galego do século XVIII (cf. Mariño Paz 2014: 267-268). Finalmente, o emprego de *bón* (l. 42) e non de *bo* podería apuntar cara ao extremo oriental desta banda centro-occidental. É obvio que todos estes datos non se deben interpretar de

8 De 1955 a 1963 eses fondos trasladáronse á Biblioteca Pública de Santiago, para regresaren novamente á Biblioteca Universitaria en 1964 (Pardo Gómez 1998: 139).

9 Para a extensión diatópica das variantes de todas estas variables cf. ALGa 1, ALGa 2, ALGa 3 e Fernández Rei (1990).

forma maximalista, pero cremos que tamén é certo que non erramos se dicimos que a súa conxunción invita a pensar, como dixemos, que o autor deste romance estaba familiarizado coas variedades de galego faladas na banda central da Galicia occidental.

Canto á posible identidade deste autor, non contamos a día de hoxe con datos obxectivos que permitan unha atribución certa. Xosé M.^a Álvarez Blázquez anotou nun exemplar da súa edición de «Un labrador» que talvez se tratase de Francisco Piñeiro y Solveira, crego de San Xiao de Arnois (A Estrada), xa que «según Manuel Castro López —*Efemérides galaicas*— publica en Santiago una proclama el 8 de Abril de 1810, para 'levantar la Cruzada'» (Pena 2013: 396, en nota). En efecto, nestas «Efemérides galaicas» de Castro López (1888: 280) indícase que o 4 de abril de 1810 «al presbítero D. Francisco Piñeiro y Solveira encarga la *Junta de Armamento* de Galicia forme, con el nombre de *Cruzada*, una partida de guerrilleros», así como que, catro días despois, «publica en Santiago D. Francisco Piñeiro y Solveira, cura de S. Julian de Arnois, una proclama para levantar la *Cruzada*» (1888: 281). O feito de que a peza de Piñeiro y Solveira se presentase aquí como «proclama» debeu de inducir Álvarez Blázquez a identificala con «Un labrador», xa que, como decontado veremos, así se presentou tamén o romance aos lectores de *Galicia. Revista Universal de este Reino* en 1861. Non obstante, o certo é que se trata de dúas obras diferentes, como se pode comprobar coa lectura dun traballo de Bernardo Barreiro (1881: 53), probable fonte de Castro López, en que se recollen algúns parágrafos da «Proclama de un eclesiástico á todos los que quieran unírsele», título real do impreso de 1810 de Piñeiro y Solveira, que aparece redactado en castelán.

2. As versións de 1861 e 1886

2.1. A versión de *Galicia. Revista Universal de este Reino* (1861)

Animada polo desexo de demostrar a riqueza natural, cultural e artística de Galicia e de meditar sobre as causas do seu atraso no momento en que o novo estado español se estaba empezando a construír desde os principios da homoxeneización administrativa, cultural e lingüística, entre 1860 e 1865 publicouse na Coruña *Galicia. Revista Universal de este Reino* (cf. Saurín de la Iglesia 2000). Unha das liñas máis tenazmente cultivadas por esta publicación foi a da recuperación da historia de Galicia por medio da exhumación de todas aquelas fontes que transmitisen informacións de primeira man sobre ela, de modo que a recompilación e a presentación de textos en galego ou en castelán, producidos desde a Idade Media ata o século XIX,

se revelaron para os seus responsables como tarefas de suma importancia. Nesta liña de traballo, no número 16 da revista (15/05/1861, p. 254) inseriuse unha versión de «Un labrador» que, como se presentaba aos lectores sen sinatura, é de supoñer que era da responsabilidade dos editores da publicación, os irmáns Antonio e Francisco de la Iglesia. Non podemos sinalar con toda a certeza cal deles os dous foi o que se ocupou de dar o romance ao prelo, mais o coñecemento do labor de recolección de poesías en galego que Antonio iniciara na década dos 50 (cf. Saurin de la Iglesia 2003: 105-113) inclínanos a pensar que debeu de ser el o responsable. Con todo, este asunto reclama algunha explicación.

Excluídas as que teñen que ver coa puntuación, co uso de maiúsculas e minúsculas e coa acentuación, que aquí omitimos para non tornar enfadosa a lectura desta pequena contribución, as variantes que esta versión de 1861 presenta respecto do orixinal son as seguintes¹⁰:

Ls. 1-2: *PROCARAMA / NA GUERRA DA INDEPENDENCIA, / POR / UN LABRADOR QUE FOY SARXENTO / ÓS / Soldados do novo alistamento*. L. 3: *No' hay*. L. 7: *vos*. L. 8: *Vagamundo*. L. 13: *Cristianos*. L. 15: *diz' o meu*. L. 17: *Pol a Patria e pol o Rey*. L. 19: *S' eu*. L. 20: *vol o*. L. 23: *vello*. L. 24: *catro aturuxos*. L. 25: *deixarés*. L. 26: *Se*. L. 27: *Ide*. L. 28: *vos*. L. 31: *Salirán... volvades*. L. 32: *traervos*. L. 33: *gaitas*. L. 34: *Todal as*. L. 36: *Todal as Vellas*. L. 37: *darvos moitos bicos*. L. 40: *val*. L. 41: *gardal a*. L. 42: *coma*. L. 43: *no'haberá*. L. 46: *moitos*. L. 47: *vantaxes*. L. 48: *proveito... escuso*.

Obsérvese que, ademais de inserir o rótulo presentatorio «PROCARAMA / NA GUERRA DA INDEPENDENCIA, / POR», o editor practicou nesta versión correccións que non se circunscribiron ao plano gráfico, senón que atinxiron tamén outros ámbitos¹¹ e mesmo chegaron a unha intervención tan pesada como a de substituír *estornudos* por *aturuxos* (l. 24). No entanto, non se observa nela un tipo de actuación gráfica que, como é ben sabido, Antonio de la Iglesia exerceu adoito como editor polo menos xa no *Album de la Caridad* (1862): o cambio da representación fonoloxicista do fonema /j/ (só con <x>) pola representación etimoloxicista e historicista que reclamaba o emprego de <g>, <j> e <x> e que esixiría pasar *SARXENTO* (l. 1) para

10 Os números de liña correspóndense cos da versión orixinal que transcribimos na epígrafe 1.

11 Dadas as limitacións de espazo que debemos respectar, só faremos aquí mención explícita das relacionadas coa morfoloxía verbal: *deixareis* por *deixarés* (l. 25), *Salderán* por *Salirán* (l. 31), *vale* por *val* (l. 40) e *habrá* por *haberá* (l. 43). Dá a sensación de que o responsable tratou de evitar aquelas variantes que, acertadamente ou non, considerou castelanzantes.

SARGENTO, *xugo* (l. 6) para *jugo*, *xunto* (l. 10) para *junto*, *xuro* (l. 20) para *juro*, *xá* (ls. 23, 43) para *já*, *axude* (l. 28) para *ajude*, *sexa* (l. 45) para *seja* e *ventaxas* (l. 47) para *ventajas* ou *vantages*. Ora ben, o certo é que, se don Antonio acabaría por converterse non moito despois nun dos máis enérxicos valedores do criterio etimoloxicista para a representación de /j/¹², no número 14 (15/04/1861, pp. 211-216) de *Galicia. Revista Universal de este Reino*, só un mes antes de que se dese ao prelo «Un labrador», aínda asinou como *Antón da Igrexa* un longo poema titulado «O Mayo» en que facía uso exclusivo de <x> coa devandita función. Por tanto, é obvio que esta particularidade non permite en absoluto negarlle ao colector de *El idioma gallego* a responsabilidade desta versión do romance da francesada.

Así e todo, recoñecemos que, como no fondo Irmáns de la Iglesia depositado na Real Academia Galega parece non conservarse nin impreso nin manuscrito de «Un labrador», non estamos en condicións de resolver definitivamente este problema. Obviamente, de habelo poderíamos comprobar se a letra que nel se observase se correspondería en efecto coa de Antonio. Tampouco nos parece definitivo que na versión de 1886, debida a el con certeza, se volvese á lección orixinal nos casos de *estornudos* (l. 24), *Salirán* (l. 31), *val* (l. 40) e *ventaxas* (l. 47, aquí co cambio gráfico de *ventajas*), pois isto podería obedecer a unha simple mudanza de criterio persoal madurada co paso dos anos. De todas as formas, insistimos en que tanto o feito de que desde a década de 1850 se viñera dedicando a recompilar textos poéticos en galego coma o de que só un mes antes de aparecer «Un labrador» aplicase o criterio fonoloxicista para a representación de /j/ no poema «O Mayo» inclínannos a pensar que é moi probable que fose Antonio de la Iglesia o responsable da versión do romance da francesada de 1861.

2.2. A versión de *El idioma gallego. Su antigüedad y vida* (1886)

A recolleita de textos galegos en que don Antonio se embarcara desde os anos cincuenta, a biblioteca galega que desde entón empezara a proxectar, culminou en 1886 nesta magna colección destinada a demostrar a antigüidade e a nobreza da lingua galega (cf. Saurin de la Iglesia 2003: 105-113). No seu primeiro volume incluíu o seu autor a arenga ao alistamento contra os franceses como un texto anónimo que el

12 Con idade xa avanzada, aos 68 anos, don Antonio publicou unha humorística profesión de fe etimoloxicista en forma de romance e baixo o título de «Ortografía gallega» (*Galicia Humorística*, I, 10 (30/05/1888), pp. 305-307; I, 11 (15/06/1888), pp. 337-339; II, 1 (15/07/1888), pp. 13-15).

databa en 1808, mais sen dicir nada nin sobre a imprenta que o producira nin sobre a cidade onde vira a luz (A. de la Iglesia 1886: I, 205-207).

Excluídas as que gardan relación coa puntuación, co uso de maiúsculas e minúsculas e coa acentuación, as variantes que esta versión presenta respecto do orixinal son as seguintes:

L. 1: *FOI SARGENTO*. L. 2: *NOVO*. L. 3: *No' hai*. L. 6: *jugo*. L. 7: *vos*. L. 10: *junto*.
L. 17: *Pol-a... Rei*. L. 20: *vol-o juro*. L. 22: *moi*. L. 23: *ja... vello*. L. 25: *deixarès*. L.
27: *Ide*. L. 28: *vos ajude*. L. 30: *moi*. L. 31: *volvades*. L. 32: *traervos*. L. 33: *gaitas*. L.
34: *Todal-as*. L. 36: *Todal-as Véllas*. L. 37: *darvos moitos bicos*. L. 43: *Ja no haberá*. L.
45: *seja*. L. 46: *moitos*. L. 47: *ventajas*. L. 48: *proveito*.

Xunto a intervencións compartidas total ou parcialmente coas visibles na versión de 1861 (representación de /i/ e de /b/, uso do apóstrofo, as correccións de *deixareis* por *deixarès*, l. 25, e de *habrá* por *haberá*, l. 43, etc.), aprécianse nesta de 1886 algunhas decisións que tendían a retrotraer a peza á súa versión orixinal (recuperación do dígrafo culto de *Christianos*, l. 13, e do <x> etimolóxico de *excuso*, l. 48; restitución do artigo histórico *el* ante *Rei*, l. 17; mantemento de *estornudos*, l. 24, de *Salderán*, l. 31, de *vale*, l. 40 e de *ventajas*, l. 47, con <j>; etc.) e tamén, finalmente, dúas intervencións gráficas que non se acometeran na publicación de *Galicia. Revista Universal de este Reino*: a substitución de <y> posnuclear final de palabra por <i> (*FOI*, l. 1; *hai*, l. 3; *Rei*, l. 17; *moi*, ls. 22, 30) e a de <x> por <g> ou por <j> para a representación gráfica de /ʃ/, salvo no caso de *deixarès* (l. 25), etimolóxica e historicamente xustificado (*SARGENTO*, l. 1; *jugo*, l. 6; *junto*, l. 10; *juro*, l. 20; *ja*, ls. 23, 43; *ajude*, l. 28; *seja*, l. 45; *ventajas*, l. 47). Sen dúbida, foi o convencemento etimoloxicista o que inspirou non só as correccións relacionadas coa escritura de /ʃ/, senón tamén o respecto do *Christianos* e do *excuso* do orixinal. O coñecemento do galego medieval e do moderno que tras moitos anos de investigación alcanzara don Antonio foi con certeza o que o moveu a conservar o artigo *el* ante *Rei* e cremos que deberon de ser certos escrúpulos ante un excesivo intervencionismo os que o moverían a conservar *estornudos*, *ventajas*, *Salderán* e *vale*. Finalmente, cómpre recoñecer que o uso de <-i> en posición posnuclear final de palabra (*FOI*, *Rei*...) foi unha práctica que nos seus escritos competiu durante moito tempo co emprego de <-y>.

En conxunto, pois, cremos que a versión de *El idioma gallego* se encontra máis próxima á orixinal ca a de 1861 en aspectos gráficos, morfolóxicos e léxicos importantes. Hai nela, con todo, non poucas intervencións, e entre elas unha, a inspirada polo celo «antiequista», que deixou nela o inequívoco selo persoal de Antonio de la Iglesia.

Bibliografía

- ALGa 1: Instituto da Lingua Galega (1990), *Atlas lingüístico galego*. Vol. 1: *Morfoloxía verbal*, 2 vols., A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ALGa 2: Instituto da Lingua Galega (1995), *Atlas lingüístico galego*. Vol. 2: *Morfoloxía non verbal*, 2 vols., A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ALGa 3: Instituto da Lingua Galega (1999), *Atlas lingüístico galego*. Vol. 3: *Fonética*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Barreiro, B. (1881), «Archivo de la Inquisición de Galicia. Apuntes sobre bibliografía y lectura prohibida desde 1800 á 1819», *La Ilustración Gallega y Asturiana. Revista Decenal Ilustrada*, tomo III, 1, p. 8; 3, pp. 26-27; 4, pp. 39-40; 5, p. 53; 21, pp. 242-243; 22, pp. 254-255.
- Barreiro Fernández, X. R. (1982), *Liberales y Absolutistas en Galicia (1808-1833)*, Vigo: Xerais.
- Carballo Calero, R. (1975), *Historia da literatura galega contemporánea*, 2ª ed., Vigo: Galaxia.
- Castro López, M. (1888), «Efemérides galaicas», *Galicia. Revista Regional* 6, ano II, pp. 279-282.
- Fernández Rei, F. (1990), *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo: Xerais.
- Iglesia, A. de la (1886), *El idioma gallego. Su antigüedad y vida*, 3 vols., A Coruña: Latorre y Martínez.
- Mariño Paz, R. (2014), «Traxectoria histórica dos resultados galegos do sufixo número-personal latino *-tis*», in L. Eirín García – X. López Viñas (eds.), *Lingua, texto, diacronía. Estudos de lingüística histórica*. Monografía 9 da *Revista Galega de Filoloxía*, A Coruña: Universidade da Coruña, pp. 257-290.
- Mariño Paz, R. – D. Suárez Vázquez (2012), «Novos textos e primeiras edicións de textos do Prerrexurdimento ata o de agora esquecidos ou ignorados», in R. Mariño Paz (ed.), *Papés d'emprenta condenada (II). Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade Contemporánea*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega – Instituto da Lingua Galega, pp. 429-512.
- Odriozola, A. – X. R. Barreiro (1992), *Historia de la imprenta en Galicia*, A Coruña: Biblioteca Gallega.
- Pardo Gómez, M.^a V. (1998), *Catálogo de manuscritos da Biblioteca Xeral*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Pena, X. R. (2013), *Historia da Literatura Galega I. Das orixes a 1853*, Vigo: Xerais.
- Saurín de la Iglesia, M. R. (2000), «Una epifanía de la patria: “Galicia. Revista Universal de este Reino” (1860-65)», *Cuadernos de Estudios Gallegos* 47, 113, pp. 139-176.
- Saurín de la Iglesia, M. R. (2003), *Antonio, Francisco y Benigno de la Iglesia. Una biografía intelectual*, Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Gallegos «Padre Sarmiento».
- Segade Campoamor, R. (1880), «La Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago», *Revista de Galicia* 17, pp. 271-274.

UN LABRADOR QUE FOY SARXENTO

Á OS SOLDADOS DO NOBO ALISTAMENTO

No hay mozos, que relembrarse,
Para sacudir en duro,
Das Mulleres, nin dos fillos,
Nin menos, dos Bois do xugo.

Librenos Dios, que bos pille
Ó Demo do Bagamundo,
Que rapa vidas, facendas,
Gando, é Cartos, todo xunto.

Ó piór do conto, mociños,
É, que de Francea, ó Verdugo,
En vez de Christianos, quere
Facérnos á todos, Turcos.

Por esto diz, ó meu Cura,
Todos apreten, ós puños,
Pola Patria, é por el Rey,
É morrer por Dios, con gusto.

Si eu fóra alá, meus queridos,
Por esta Cruz ✕ bo lo xuro,
Con mil cabezas francesas,
Había de vir, moy rufo.

Esto con ser xá, tan bello;
Mais vos, con catro estornudos,
Non deixareis, un Gabacho,
Si poñedes ben, os puntos.

25
Yde á Guerra, meus Garridos,
Dios bos axude, meus rulos,
É aquel Patron das Españas,
Que ten, ó pelo moy rubio.

Salderán, cando bolbades,
Para traerbos, en trunfo,
Con gaytas, é con Ferreñas,
Todas ás mozas de rumbo.

Verédes, como se botan,
Todas ás Bellas de bruzos,
Para darbos moytos vicos,
Por pés, por pernas, é muslos.

Cada Escarapela, vosa.
Dirán que vale un Escudo,
É para gardar á Casa,
Tanto como un bón trabuco.

Xá nó habrá Casamento,
Nás Aldeas de este Mundo,
Que non sexa para ó Mozo,
Que gastou moytos cartuchos.

Estas, con outras ventaxas,
De honra, é proveyto, que excuso
Nomealas, vos trahe, Amigos
Sacar á Patria de apuros.

El «intermezzo» en las lenguas

ROSA M^a MEDINA GRANDA
Universidad de Oviedo – Università d'Uviéu

A Mercedes Brea, por TODO

Introducción

El objeto de esta breve reflexión es doble y *entrelazado*. En primer lugar, apoyándonos en el concepto del *intermezzo instrumental* como material de conexión musical, reflexionaremos brevemente sobre las relaciones entre la música y el lenguaje, destacando las ventajas de este tipo de reflexión interdisciplinar. En segundo lugar, tomaremos en consideración la transversalidad, el *entre*, y lo que nos descubre este modo *rizomático* de investigar las lenguas y otras realidades, y cuyo fundamento se encuentra en la teoría del *rizoma* (G. Deleuze – F. Guattari 1977).

1. Relaciones entre música y lenguaje

La última vez que impartimos la asignatura «La “intercomprensión” en el ámbito románico»¹, terminamos recordando muy brevemente a los alumnos la relación entre la música y el lenguaje. Llegamos a ello tras analizar los marcadores discursivos

1 Esta asignatura se oferta habitualmente, como optativa, en el *Máster Universitario internacional en Lengua española y Lingüística* de la Universidad de Oviedo.

en el ámbito románico, en el chino mandarín y en la lengua de los signos; los marcadores del discurso y el uso de la prosodia; y las partículas modales y la función emotiva.

Así el discurso, la prosodia —muy particularmente la prosodia basada en el uso, que también fue abordada desde el Proyecto PRESSEA por otra profesora invitada al Máster²— y la emoción resultaron ser tres potentes activadores de una inevitable, nos atrevemos a decir, reflexión sobre la música y el lenguaje. Para facilitar esta reflexión les ofrecimos a los estudiantes, como lectura, algunos fragmentos del libro *Viva Voce* de M. Banniard (1992: 521-523), que trata, como es sabido, de la comunicación escrita y oral del siglo IV al IX en el Occidente latino. En esta obra el autor propone un esquema de tipología contrastiva latín / romance, partiendo del nombre y el grupo nominal, del verbo y sus formas, y de la sintaxis. El propio Banniard, estudioso de la comunicación, del cambio lingüístico y de la intercomprensión en el Occidente latino en el periodo de emergencia de las lenguas romances, considera este esquema muy selectivo, y señala que habría que elaborar ampliamente, y como suplemento, un análisis del ritmo del enunciado, o lo que es lo mismo, del *fraseo*. Este término, tomado prestado de la crítica musical, designaría precisamente una serie de cuestiones que escapan en parte a las categorías lingüísticas puras, pero que constituyen el alma / la esencia de una lengua: la entonación, la elección de palabras, el orden de la enunciación de estas palabras, el empleo de signos acústicos no gramaticales, etc. Para Banniard, todo estudio de lingüística diacrónica debería partir de una tipología de este tipo. Sin duda, es ésta una brillante idea, pero que aún está, que nosotros sepamos, por desarrollar.

La segunda lectura propuesta a nuestros alumnos fue, esta vez, un capítulo del libro: *Los Neardentales cantaban rap. Orígenes de la música y el lenguaje*, cuyo autor, S. Mithen (2007), Catedrático de Arqueología de la Universidad de Reading (U.K.) y estudioso de la evolución humana y de la arqueología cognitiva y computacional, se suma a la estela de estudiosos como J-J. Rousseau, O. Jespersen y J. Blacking, y señala que la música es una característica inherente al ser humano y universal. Para Mithen, la música y el lenguaje son universales pero culturalmente diversos. Aunque el concepto de *música* puede variar (Mithen 2007: 25), todas las culturas poseen cantos y danzas, y emplean alguna clase de repetición y variaciones internas en sus expresiones musicales; todas utilizan estructuras rítmicas basadas en distinciones entre la extensión de las notas y los acentos dinámicos. Otra forma de universalidad es la que se encuentra entre las personas: con la excepción de aquellos que padecen deficiencias

2 Se trata de un proyecto para el estudio sociolingüístico del español de España y de América. Su web, con fecha 02/05/2016, puede consultarse en la bibliografía de este trabajo.

cognitivas, todo el mundo posee la capacidad de adquirir el lenguaje y nace con un reconocimiento innato de la música. La universalidad de la música resulta más polémica que la del lenguaje, tal vez, porque solemos hacer más hincapié en la producción que en la escucha, y porque son muchas más las personas individuales que afirman ser *amusicales*. Pero la música está a nuestro alrededor: la oímos mientras comemos e intentamos charlar en los restaurantes y salas de espera de los aeropuertos; suena durante todo el día en miles de emisoras de radio; de hecho, son pocas las ocasiones en las que no hay alguien que intente llenar los momentos de posible silencio mediante la música.

Aunque tanto el lenguaje como la música se hallan en todas las sociedades y comparten algunas características comunes que enseguida veremos, la historia de su estudio ha estado dominada en gran medida por los intentos de documentar y explicar sus diferencias, no sus semejanzas. Hoy en día se hablan en el mundo más de seis mil lenguas. Sin embargo, es probable que el número de músicas del mundo sea todavía mayor y exhiba una diversidad aún más considerable.

Paralelamente a la existencia de lenguas como el inglés, el chino o el árabe, se encuentran el *jazz*, los cantos de los indios pies negros o los cantos tibetanos. Al igual que las lenguas, las músicas poseen límites estilísticos, geográficos y sociales. Pueden agruparse en familias; podemos trazar su ascendencia, estudiar sus fusiones y contemplar su desarrollo. Tanto la diversidad como la existencia de modelos en las lenguas y las músicas surgen durante los procesos de transmisión cultural, de una generación a la siguiente, de una sociedad a otra.

Hay, sin embargo, un contraste entre las músicas y las lenguas, con respecto al grado en el que pueden traducirse de una forma cultural a otra. Si escuchamos a alguien que habla una lengua de una familia lingüística diferente a la nuestra y que desconocemos, apenas podremos comprender qué dice o qué habla. A partir del gesto, la expresión facial o la entonación, sin embargo, quizá nos hagamos una idea sobre el estado de ánimo del hablante; pero no tendremos claves para comprender el sentido de las frases. No obstante, si podemos disponer de un traductor, este podrá darnos en nuestra lengua el significado de esas expresiones misteriosas, a pesar del riesgo de que se pierdan ciertas sutilezas de lo dicho durante el acto de la traducción.

El caso de la música es diferente. Carece además de sentido intentar traducir la música empleada por una cultura a la música de otra, y no hay razón para intentarlo. La música puede trascender el tiempo y la cultura (Mithen 2007: 28). La música que emocionaba a los coetáneos de Mozart o de Beethoven sigue siendo emocionante para muchos que ya no compartimos su cultura. Las primeras canciones de los Beatles

siguen siendo emocionantes, a pesar de que el grupo ya no exista desde hace tiempo. No se puede afirmar que nuestra recepción de la música sea igual que la que ocurre entre sus intérpretes. De hecho ni siquiera los miembros de una sola comunidad reciben su propia música de un modo único y compartido por todos ellos. Sin embargo, parece que existen algunas posibilidades de *comunicación intercultural*. Probablemente la explicación de este fenómeno estribe en que, en el nivel de las estructuras profundas de la música, existen elementos que son comunes a la *psique* humana en general, por mucho que no siempre aparezcan en las estructuras superficiales.

La transmisión cultural de una lengua específica de una generación a otra ocurre *al parecer* por mediación de una adquisición pasiva en la infancia: los niños escuchan y así aprenden (Mithen 2007: 30). Matizamos *al parecer*, porque no es menos cierto que los niños necesitan practicar: precisan de las *interacciones verbales* para desarrollar adecuadamente su competencia lingüística. Aunque los niños adquieren el conocimiento de las tradiciones musicales de una forma parecida, podría pensarse que la experiencia musical es mucho más difícil de adquirir, como sabrán seguramente todos aquellos que han / hemos recibido en los Conservatorios durante años lecciones de piano, violín o canto. Sin embargo, por nuestra parte, debemos proceder con cautela, pues nuestra percepción está dominada por la Cultura Occidental moderna.

En las sociedades y culturas tradicionales, las canciones se hallan presentes en la vida diaria de un modo mucho más generalizado, y, por tanto, la adquisición infantil del conocimiento musical puede resultar mucho más sencilla de lo que es en la sociedad occidental. De hecho, si centráramos nuestra atención en la escucha y en los cantos y bailes informales, en tal caso el desarrollo de la musicalidad podría parecer tan natural como el del lenguaje.

Llegados a este punto, nos permitimos ya recordar, siguiendo una vez más a Mithen (2007: 31-35), las propiedades comunes de la música y el lenguaje. Éstas son: estructura jerárquica, recursividad y ritmo. Veamos esto.

Tanto el lenguaje como la música poseen una *estructura jerárquica*, integrada por elementos acústicos (palabras o sonidos), que se combinan para formar expresiones (oraciones o melodías) que, a su vez, podemos combinar para dar origen a enunciados lingüísticos o musicales. Los dos sistemas, por tanto, pueden describirse como sistemas combinatorios. La forma en que se realizan estas combinaciones nos conduce con frecuencia a la *recursividad*: se integra una frase lingüística o musical dentro de una frase de tipo similar (por ejemplo, una cláusula dentro de otra). Esto permite que, a partir de un conjunto finito de elementos, seamos capaces de crear una diversidad potencialmente infinita de expresiones. En su momento, M. Hauser, N. Chomsky y

T. Fitch, concluían en *Science*, que la recursividad era el único atributo del lenguaje que carece por completo de paralelismos con los sistemas de comunicación animal. Pero estos autores no tuvieron en cuenta que la recursividad era también característica esencial de la música.

A la inversa, suele decirse del ritmo que es una característica esencial de la música; pero apenas se le concede significación a la naturaleza rítmica del uso lingüístico. Sin embargo, tanto la música como el lenguaje poseen la cualidad del *fraseo expresivo* (Mithen 2007: 42). Tomar esto en consideración supone tener en cuenta el modo en que las propiedades acústicas, tanto de las oraciones como de las frases musicales, pueden modelarse para transmitir emociones o para hacer hincapié en determinados momentos. Se puede aplicar tanto a un conjunto de frases y expresiones como a partes selectas. El término *prosodia* alude a la naturaleza rítmica y melódica de las expresiones habladas. Cuando la prosodia es intensa, el habla suena muy musical. Así, la prosodia desempeña una función clave en el lenguaje que dirigimos a los niños; de hecho, las frases que dedicamos a los bebés parecen estar más próximas a la música que al lenguaje.

En los últimos tiempos, el estudio de la prosodia se ha vuelto imprescindible para el estudio de las lenguas. Algunos investigadores, por ejemplo E. Santamaría Busto (2007: 1239), entre otros, señalan que si queremos mejorar la competencia lingüística de un estudiante extranjero con el fin de acercarla a la de un nativo, es decir, si intentamos mejorar su *interlengua*, lo lógico sería incidir en su *interprosodia* para lograr el mismo objetivo. La prosodia, como es sabido, es uno de los campos más difíciles, importantes y comprometedores para la transmisión del mensaje y, por lo tanto, uno de los que tiene mayores posibilidades de incidir en el éxito de la comunicación del estudiante. A éste no le servirá de mucho tener un buen conocimiento de gramática, una perfecta preparación sociocultural o un amplio dominio del vocabulario, si después no sabe hacerse entender o no comprende lo que un nativo le dice.

A veces los estudiantes se quejan de que los nativos hablamos demasiado rápido. Si les pedimos que nos describan esto, nos dirán que el castellano es parecido a un *continuum* de sonidos o a una cadena de palabras. Sin saberlo, están así describiendo *el fenómeno del enlace*, típico del castellano y de las lenguas romances, muy frecuente además en registros informales. Desde el punto de vista de la realización, el enlace responde a una tendencia del idioma que evita la separación fonética de vocales sucesivas (por ejemplo, ‘coche azul’, ‘leche entera’) o de vocales seguidas de consonantes entre palabras diferentes, por medio de la unión de unas con otras. Este fenómeno es especialmente difícil para los estudiantes, bien porque en sus lenguas no es frecuente (casos

del inglés y demás lenguas germánicas, donde hay más consonantes contiguas que vocales y realizaciones diferentes a través de golpes de glotis), bien porque, aunque exista en sus lenguas, no son conscientes de ello y por *ende* no han reflexionado al respecto.

Para solucionar los problemas que presenta la falta de competencia prosódica, y muy particularmente los relacionados con el enlace y el ritmo, se apuesta en los últimos tiempos por: 1) memorizar un poema o parte del mismo. La entonación versal suele presentar un ritmo dotado de un tono más enérgico que la prosa. 2) Hacer división de palabras y grupos fónicos en poemas o letras de canciones que se presentan en prosa y sin signos ortográficos. Compararlas después con el modelo y señalar los enlaces que se realicen, etc. En definitiva, cada vez son más los investigadores que se decantan por ir de lo suprasegmental a lo segmental, ya que con frecuencia el acento extranjero está frecuentemente marcado por los patrones prosódicos de la lengua de partida del estudiante. Se apuesta así por ir de la percepción a la producción, de manera que el estudiante tenga tiempo de advertir el funcionamiento fónico de una nueva lengua. Este tipo de movimientos resultan de especial relevancia para la *intercomprensión románica*, método de aprendizaje simultáneo de lenguas emparentadas, en el que el esfuerzo se concentra en las habilidades receptivas (leer y comprender), mientras que las productivas (hablar y escribir) permanecen inicialmente en un plano secundario (Medina Granda 2015: 545). Los trabajos realizados desde la tradición geolingüística (proyecto AMPER: Atlas Multimedia de la Prosodia en el Espacio Románico; el Atlas Interactivo de la Entonación del Español [ATLES]; el grupo VA.LES.CO: valencia-español coloquial; el Corpus Oral del Español de México [COEM], a los que se ha unido el proyecto aquí ya referido: Prosodia Basada en el Uso [PRESEEA])³, se están haciendo ya imprescindibles para abordar la práctica de la *intercomprensión* romance.

Tanto el ritmo como los enlaces y la melodía son propiedades asimismo de la música, de ahí que no sea de extrañar que, conscientes ya del papel esencial de la prosodia, se estudien asimismo la musicalidad y el lenguaje, y su relación e implicaciones en la adquisición de una segunda lengua⁴. Al fin y al cabo, la música y el lenguaje se configuran como medios de comunicación, de expresión, de aprehensión y de ser.

3 A fecha de 05/02/2016, las webs que recogen los contenidos de estas investigaciones geolingüísticas son: Proyecto AMPER http://stel.ub.edu/labfon/ampere/cast/amperespana_presentacion.html; proyecto ATLES <http://prosodia.upf.edu/atlasentonacion/>; grupo VA.LES.CO <http://www.valesco.es/>; COEM <http://lef.colmex.mx/index.php/investigaciones/corpus-oral-del-espanol-de-mexico>.

4 Sirva de muestra el TFM de S. M. Abello Camacho - R. A. Ramos de la Hoz, realizado en la Facultad de Comunicación y Lenguaje, de la Universidad Javeriana de Bogotá, en 2009.

Lo musical deviene un puente para conocer algo más sobre el lenguaje. Experimentar la música y el lenguaje nos permite conectarnos con el mundo, evocar emociones y hasta encontrar en eso que escuchamos y expresamos un reflejo de lo que somos o vivimos. La relación entre música y lenguaje es observable desde la dimensión cognitivo-afectiva. Esta aproximación cognitiva coincide de nuevo con la que se emplea en la *intercomprensión* románica, de ahí que finalmente nosotros propongamos para la práctica de este método de aprendizaje simultáneo de lenguas de la misma familia el empleo asimismo de la música. Música y cognición serían así, en nuestra opinión, dos eslabones necesarios dentro de una cadena *transdisciplinaria* que nos ayudaría a entender cada vez más el lenguaje humano, mediante el descubrimiento de estos mundos aparentemente *intermedios*, que de ser abordados desde el principio, facilitarían la comprensión y la lectura en una lengua extranjera.

Los argumentos en favor del estudio de la musicalidad y el lenguaje son asimismo *transdisciplinarios*:

- **NEUROLÓGICO**: la musicalidad y el lenguaje comparten algunas regiones cerebrales. Parfraseo: hay una coincidencia entre las partes del cerebro que procesan aspectos como ritmo y timbre.
- **Neurofisiológico**: existe una similitud en el funcionamiento y procesamiento de la información musical y lingüística en el cerebro. Parfraseo: hay mecanismos compartidos por la música y el lenguaje en cuanto al procesamiento. Hay un mecanismo de aprendizaje de patrones. De igual manera se han hallado similitudes en el procesamiento neural, lingüístico y musical, puesto que ambos hacen uso del área de Broca.
- **Neurolingüístico**: la musicalidad y el lenguaje presentan una sintaxis y una gramática y, también, una forma similar de procesarlas. Parfraseo: se reconocen las 'equivocaciones' en la sintaxis musical y en la sintaxis lingüística de una misma forma.
- **EVOLUTIVO Y DEL APRENDIZAJE**: el lenguaje y la musicalidad comparten una misma ruta evolutiva basada en un principio de comunicación. El lenguaje y la musicalidad comparten capacidades de aprendizaje. Durante el desarrollo evolutivo del ser humano, la musicalidad y el lenguaje coinciden en ciertos patrones como ritmo, entonación, acentuación y fraseo.
- **PSICOLÓGICO-AFECTIVO**: la música evoca ciertas emociones gracias a los reflejos que genera en el cerebro y en la memoria episódica. La musi-

calidad en los padres hacia los niños estimula el aprendizaje de palabras. Los niños aprenden las palabras repetidas que escuchan en las canciones y melodías que sus padres emiten.

- *FONOLÓGICO*: la musicalidad y el lenguaje tienen un área común que es el sonido, dentro de ésta se dan las notas en la música, y los fonemas en el caso del lenguaje. Una de las semejanzas entre la música y el lenguaje (en su forma oral), es que ambos son generados a partir de una serie de sonidos según su caso. En el lenguaje lo conocemos como fonemas, y en la música como notas (Abello Camacho y Ramos de la Hoz, 2009: 137-143).

2. El rizoma, el *intermezzo* y las lenguas

Ha llegado el momento de poner fin a esta reflexión y de explicar por qué hemos hablado de *intermezzo* en las lenguas. El término *intermezzo*, perteneciente al campo semántico de la música, es, en el sentido más general, una composición que encaja *entre* otras entidades musicales o dramáticas, como los actos de una obra o movimientos de una obra musical más grande. En la historia de la música, el término ha tenido varios usos diferentes, que se pueden dividir en dos: la ópera *intermezzo* y el *intermezzo* instrumental. Nos interesa este último, que en el siglo XIX adquirió otro significado, a saber, el de una pieza instrumental que era o bien un movimiento *entre* los otros dos de una obra Mayor, o una pieza de carácter que podría valerse por sí misma. Estos *intermezzi* muestran una amplia variación de estilo y función. Entre sus funciones nos interesa, como ya hemos señalado en la introducción de este trabajo, la de servir de material de conexión musical.

En nuestra opinión, la prosodia y la musicalidad podrían tener un valor equivalente a los *intermezzi* instrumentales: en primera instancia, lo tendrían como piezas que se desarrollarían entre obras mayores, como la gramática en general, y en segunda instancia, como piezas que, habida cuenta del alto valor comunicativo que aportarían, se convertirían, en ocasiones, en piezas de carácter, que podrían valerse por sí mismas. Prosodia y Musicalidad dejarían así de tener un papel secundario en la investigación sobre el lenguaje, y pasarían a la categoría de piezas también de gran relevancia en el gran engranaje que constituye la arquitectura de las lenguas, tanto en el plano material como en el cognitivo-emocional. Así las cosas, quizás sería ya el momento de, siguiendo a Deleuze y Guattari (1977: 29), «derribar la ontología, destituir el fundamento, anular fin y comienzo» en el estudio del lenguaje humano tan unido a

la emoción y a la musicalidad, para poner de manifiesto la necesidad de estudiarlo en «sentido rizomático», es decir, moviéndose entre las cosas e instaurando una lógica del Y. «Un rizoma no empieza ni acaba, siempre está en el medio, entre las cosas, inter-ser, *intermezzo*». El asumir un sentido rizomático supondría analizar el lenguaje descentrándolo sobre otras dimensiones y otros registros, de ahí que un método tipo rizoma no cese de conectar heterogeneidades, por ejemplo eslabones semióticos. La lengua sería así, «según la fórmula de Weinrich, “una realidad esencialmente heterogénea”» (Deleuze – Guattari 1977: 13), de ahí la necesidad de abordar su estudio de una forma más natural, menos rígida y jerárquica, menos dicotómica y menos arbórea. La música no ha cesado de ser rizoma «aunque para ello haya tenido que trastocar sus propios códigos que la estructuran o la arborifican» (Deleuze – Guattari 1977: 17). Quizás sea ya el momento de abrir los puntos muertos sobre el *mapa*, desde el que observaríamos al lenguaje, y abrirlos así a posibles *líneas de fuga*, «que permitan fragmentar los estratos, romper las raíces y efectuar nuevas conexiones». En definitiva, probablemente sea necesario ser rizomorfo ya en la lingüística, es decir:

producir tallos y filamentos que parecen raíces, o, todavía mejor, que se conectan entre ellas al penetrar en el tronco, sin perjuicio de hacer que sirvan para nuevos usos extraños. Estamos cansados del árbol. No debemos seguir creyendo en los árboles, en las raíces o en las raicillas, nos han hecho sufrir demasiado. Toda la cultura arborescente está basada en ellos, desde la biología hasta la lingüística. No hay nada más bello, más amoroso«, más político que los tallos subterráneos y las raíces aéreas, la adventicia y el rizoma.» (Deleuze – Guattari 1977: 20).

Bibliografía

- Abello Camacho, S. M. – R. A. Ramos de la Hoz (2009), *Lenguaje y Musicalidad: su relación y sus implicaciones en la adquisición de una segunda lengua. Una mirada a los procesos cognitivos y psico-afectivos*, TFM dirigido por N. González Romero y realizado en la Pontificia Universidad Javeriana, Facultad de Comunicación y Lenguas Modernas, Bogotá (acceso en línea: <http://www.javeriana.edu.co/biblos/tesis/comunicacion/tesis254.pdf>). (fecha de consulta 12/12/2015)
- Banniard, M. (1992), *Viva Voce. Communication écrite et communication orale du IV^e au IX^e siècle en Occident latin*, Paris: Institut des Études Augustiniennes.
- Deleuze, G. – F. Guattari (1977), *Rizoma: introducción*, Valencia: Pre-Textos.

- Medina Granda, R. M. (2015), «La “intercomprensión románica”: una aproximación comunicativa y cognitiva», in *Studium grammaticae: homenaje al profesor José A. Martínez*, Oviedo: Universidad de Oviedo, pp. 545-559.
- Mithen, S. (2007), *Los Neardentales cantaban rap. Los orígenes de la música y el lenguaje*, Barcelona: Crítica.
- Santamaría Busto, E. (2007), «Enseñar prosodia en el aula: reflexiones y propuestas», in *Las destrezas orales en la enseñanza del español L2-LE: XVII Congreso Internacional de la Asociación del Español como lengua extranjera (ASELE) (Logroño 27-30 de septiembre de 2006)* (coord. por E. Balmaseda Maestu), Logroño: Universidad de la Rioja, vol. 2, pp. 1237-1250 (acceso en línea: http://cvc.cervantes.es/ensenanza/biblioteca_ele/asele/pdf/17/17_1237.pdf) (fecha de consulta 12/12/2015).

WEBS DE PROYECTOS DE GEOLINGÜÍSTICA (fecha de consulta 02/01/2016):

AMPER: http://stel.ub.edu/labfon/amper/cast/index_internacional.html

ATLES: <http://prosodia.upf.edu/atlasentonacion/>

COEM: <http://lef.colmex.mx/index.php/investigaciones/corpus-oral-del-espanol-de-mexico>

PRESSEA: <http://presea.linguas.net/Portals/0/An%C3%A1lisis%20de%20la%20prosodia.%20Propuesta%20y%20convocatoria.pdf>

VA.LES.CO: <http://www.valesco.es/>

Marcabru, Onorio *Augustodunensis* e le sculture di Moissac (per le fonti e la datazione di BEdT 293,040)

MARIA LUISA MENEGHETTI

Università di Milano

Com'è noto a tutti gli specialisti, la poesia dei trovatori è molto spesso di difficile datazione, per la scarsa presenza di allusioni a personaggi o avvenimenti alla cui cronologia i diversi componimenti risultino ancorabili. In qualche caso, però, considerazioni di altro ordine (metrico, tematico-formale, contenutistico) possono essere chiamate in campo per arrivare a conclusioni soddisfacenti, e utili ad illuminare non solo il singolo testo, ma —talora almeno— una fase, spesso importante, dell'esperienza poetica del suo autore. Il caso che vorrei proporre qui all'attenzione degli studiosi di lirica medievale romanza, e, prima fra tutti, all'attenzione dell'amica e collega che stiamo festeggiando, riguarda *Pos mos coratges esclarzis*, componimento marcabruniano a forte caratura satirico-moralistica, testimoniato da cinque manoscritti (due dei quali recano peraltro un'attribuzione, manifestamente erranea, a Bernart de Ventadorn) e all'apparenza privo, appunto, di qualsiasi elemento oggettivo che ne renda agevole una localizzazione e una collocazione cronologica.

- Deutschmann, O. (1971), *Lateinisch und Romanisch*, München: Hueber.
- Fernández Ordóñez, I. (2006), «Contribuciones de Ramón Menéndez Pidal al estudio del catalán: Del I Congrès Internacional de la Llengua Catalana al Atlas Lingüístico de la Península Ibérica», in M. P. Perea - G. Colón Domènech (eds.), *El Primer Congrès Internacional de la Llengua Catalana. Reflexos i projeccions*, Barcelona: PPU, pp. 173-202. (http://www.uam.es/personal_pdi/filoyletras/ifo/publicaciones/14_cl.pdf)
- García de Diego, V. (1950), «El catalán, habla hispánica pirenaica», in A. Carré Alvarellos (ed.), *Miscelânea de filologia, literatura e história cultural: à memória de Francisco Adolfo Coelho*, Lisboa: Centro de Estudos Filológicos, vol. II, pp. 55-60.
- Givón, T. (1971), «Historical syntax and synchronic morphology: an archaeologist's field trip», in *Papers from the Seventh Regional Meeting, Chicago Linguistic Society, April 16-18, 1971*, Chicago, Ill.: Chicago Linguistic Society, pp. 394-415.
- Hoinkes, U. (2003), «Prinzipien der genealogischen Klassifikation der romanischen Sprachen», in G. Ernst - M.-D. Gleßgen - C. Schmitt - W. Schweickard (eds.), *Romanische Sprachgeschichte / Histoire linguistique de la Rumania. Ein internationales Handbuch zur Geschichte der romanischen Sprachen / Manuel international d'histoire linguistique de la Rumania*. Handbücher zur Sprach- und Kommunikationswissenschaft, 23.1, Berlin/New York: De Gruyter, pp. 124-137.
- Jacob, D. (2003), «Prinzipien der Typologie und der sprachinternen Klassifikation der romanischen Sprachen», in G. Ernst - M.-D. Gleßgen - C. Schmitt - W. Schweickard (eds.), *Romanische Sprachgeschichte / Histoire linguistique de la Rumania. Ein internationales Handbuch zur Geschichte der romanischen Sprachen / Manuel international d'histoire linguistique de la Rumania*. Handbücher zur Sprach- und Kommunikationswissenschaft, 23.1, Berlin/New York: De Gruyter, pp. 137-155.
- Koppelberg, S. (1998), *Untersuchungen zum lateinischen Erbwortschatz des Katalanischen. Aspekte der Klassifizierung und Differenzierung im Verhältnis zu Gallo- und Hispanoromania*, Münster: Nodus.

- Malkiel, Y. (1972), «Comparative Romance linguistics», in T. A. Sebeok (ed.), *Current trends in linguistics, 9: Linguistics in Western Europe*, The Hague: Mouton, pp. 835-925.
- Malkiel, Y. (1978), «The classification of Romance languages», *Romance Philology* 31, pp. 467-500.
- Menéndez Pidal, R. (1926), *Orígenes del español: estado lingüístico de la Península Ibérica hasta el siglo XI*, Madrid: Hernando.
- Menéndez Pidal, R. (2005), *Historia de la lengua española*, Madrid: Fundación Ramón Menéndez Pidal - Real Academia Española de la Lengua, 2 vols.
- Metzeltin, M. (2007), «Tipología. Partición de la Romania y tipos romances», in J. E. Gargallo Gil & M. R. Bastardas (eds.), *Manual de lingüística románica*, Barcelona: Ariel, pp. 397-426.
- Meyer-Lübke, W. (1925), *Das Katalanische. Seine Stellung zum Spanischen und Provenzalischen sprachwissenschaftlich und historisch dargestellt*, Heidelberg: Carl Winter's Universitätsbuchhandlung.
- Müller, B. (1983), «Das Katalanische in der Entwicklung des Sprachenkatalogs der romanischen Sprachwissenschaft», in R. Aramon i Serra - M. Jorba (eds.), *Estudis de llengua i literatura catalanes oferts a R. Aramon i Serra en el seu setantè aniversari*, Estudis Universitaris Catalans, 25, Barcelona: Curial, vol. 3, pp. 397-411.
- Munteanu Colán, D. (2002-2004), «Sobre la posición del catalán en el conjunto de la Romania», *Archivo de Filología Aragonesa* 59-60/1, pp. 641-654.
- Munteanu Colán, D. (2008), *La posición del catalán en la Romania según su léxico latino patrimonial*, Stuttgart: Ibidem: Verlag.
- Radatz, H.-I. (2012), «Per què els elements gal·loromànics fan 'heavy' en català. Arran del clàssic debat sobre la subagrupació del català», *eHumanista / IVITRA* 2, pp. 202-218.
- Rafanell, A. & J. Solà (2003), «Historia de la reflexió sobre las lenguas románicas: catalán», in G. Ernst & M.-D. Gleßgen & C. Schmitt & W. Schweickard, eds., *Romanische Sprachgeschichte / Histoire linguistique de la Romania. Ein internationales Handbuch zur Geschichte der romanischen Sprachen / Manuel international d'histoire linguistique de la Romania*, Handbücher zur Sprach- und Kommunikationswissenschaft, 23.1. Berlin/New York: De Gruyter, pp. 254-265.
- Rohlf, G. (1954), *Die lexikalische Differenzierung der romanischen Sprachen. Versuch einer romanischen Wortgeographie*, München: Sitzungsberichte der Bayerischen Akademie der Wissenschaft.
- Rohlf, G. (1977³), *Le gascon. Études de philologie pyrénéenne*, Tübingen: Niemeyer.
- Rohlf, G. (1979) [1954], *Estudios sobre el léxico románico*, Madrid: Gredos.
- Rohlf, G. (1980), «Catalan 'lengua puente' entre France et Espagne», in A. M. Badia i Margarit - M. Cahner - J. Carbonell - G. Colon - A. Comas - J. Massot - J. Molas - A. M. Mundo (eds.), *Miscel·lània Aramon i Serra. Estudis de llengua i literatura catalanes oferts a R. Aramon i Serra en el seu setantè aniversari*, Estudis-Univ.-Catalans; 23, Barcelona: Curial, pp. 543-548.

- Rubio García, L. (1967), *Caracterización del catalán*, Murcia: Universidad de Murcia.
- Sala, M. (ed.) (1988), *Vocabularul reprezentativ al limbilor romanice*, București: Editura Științifică și Enciclopedică.
- Sanchis Guarnier, M. (1992²), *Aproximació a la història de la llengua catalana. Creixença i esplendor*, Barcelona: Salvat.
- Schmitt, C. (1974), *Die Sprachlandschaften der Galloromania. Eine lexikalische Studie zum Problem der Entstehung und Charakterisierung*, Bern/Frankfurt a. M: Lang.
- Schuchardt, H. (1900), *Über die Klassifikation der romanischen Mundarten (Probe-Vorlesung gehalten zu Leipzig am 30. April 1870)*, Graz: Universitäts-Buchdruckerei Styria
- Schuchardt, H. (1917), «Sprachverwandtschaft», *Sitzungsberichte der Königlich Preussischen Akademie der Wissenschaften. Philosophisch-historische Klasse* 37, pp. 518-529.
- Wartburg, W. v. (1928). «[Besprechung von] R. Menéndez Pidal, *Orígenes del Español. Estado lingüístico de la península ibérica hasta el siglo XI*. Revista de Filología Española, Anejo I, Madrid 1926. XII, 579 S.», *Zeitschrift für romanische Philologie* 48, pp. 457-461.

As equivalencias na moderna lexicografía bilingüe castelán-galego (o dicionario da RAG)*

MARÍA DOLORES SÁNCHEZ-PALOMINO

Universidade da Coruña

O tema das equivalencias nos dicionarios bilingües ten sido xa obxecto dunha considerable disquisición teórica, partindo da discusión do concepto mesmo de “equivalente”¹. Parece claro que, de igual maneira que rara vez existen sinónimos completos nunha lingua, con pouca frecuencia tamén existen os equivalentes totais, é dicir, voces que sexan intercambiáveis en distintas linguas sen que difiran en ningún trazo semántico, estilístico, comunicativo ou combinatorio². Como apunta Szende (1996: 126):

* Este traballo enmárcase nas actividades da Rede de Lexicografía RELEX, financiada pola Xunta de Galicia (R2014/042) e coordinada por María Dolores Sánchez Palomino, así como nas do Proxecto PORTLEX, subvencionado polo Ministerio de Economía y Competitividad (FFI2012-32456), do que é IP María José Domínguez Vázquez.

1 Véxanse, por citar só algunhas contribucións moi concretas: Duval (1991), Fernández Fernández (2008), Kromann (1991), Sanmarco Bande (2006), Šarčević (1989), Schnorr (1986), Szende (1996), Werner / Chuchuy (1992), Zgusta (1987)..., pero, naturalmente, a cuestión dos equivalentes tense tratado en moitos manuais e traballos de alcance máis xeral (Haensch 1997, Marello 1989, Piotrowski 1994, Svensén 1993, Zgusta 1971...).

2 Haensch (1997: 79-80) distingue entre equivalencia plena, parcial e cero. O primeiro tipo é frecuente na linguaxe técnica. O segundo é o que se dá a miúdo na lingua común: os equivalentes son aproximados ao presentaren normalmente a mesma denotación pero distinta connotación. O terceiro tipo correspondería ao “vocabulario de civilización” (palabras culturais, culturemas).

Il n'existe pas deux langues dont les vocabulaires se recouvrent exactement, mot pour mot, toutes les acceptions d'un mot de la langue de départ correspondant à toutes les acceptions d'un mot de la langue d'arrivée. Il y a dans toutes les langues des éléments qui sont comme le dénominateur commun de notre humaine condition —en cela, toutes les langues sont traduisibles— mais chacune porte également l'empreinte lexicale d'une vision du monde particulière —et en cela, elles sont intraduisibles. Le rédacteur du dictionnaire, étant le plus souvent incapable de proposer une équivalence absolue, se dote donc d'un ensemble de moyens lui permettant de fournir des équivalences relatives, notamment à l'aide d'exemples authentiques.

Non é o noso propósito aquí abundar neste debate teórico. Dado o breve espazo de que dispoñemos, limitarémonos a algunhas cuestións que afectan á praxe do dicionario bilingüe castelán-galego, ilustradas mediante o tratamento que reciben no *Dicionario castelán-galego* da Real Academia Galega (en adiante, DRAGBIL). É este un dicionario do que poden tirar utilidade tanto os falantes de castelán que precisen coñecer os equivalentes das voces da súa lingua materna en galego coma os galegofalantes que queiran interpretar textos (orais ou escritos) en castelán; dito doutra maneira, o dicionario pode ter un uso activo ou pasivo, propiciar empregos codificadores ou decodificadores. Publicado no 2004, ofrece 25000 artigos lexicográficos aproximadamente, o que cómpre ter en conta, posto que na súa elaboración non só se operou unha selección no número de entradas, senón tamén no das acepcións. No lemario aparecen así mesmo algunhas expresións latinas (*a priori, curriculum vitae, ex profeso...*)³.

Nesta aproximación á lexicografía bilingüe castelán-galego existen algúns elementos diferenciais con respecto a outras, que veñen dados pola evolución histórica das linguas que se poñen en relación, pola súa convivencia e situación sociolingüística, así como polo devir secular dos pobos que as falan. Por unha banda, atopámonos ante linguas estruturalmente moi próximas, que coexisten nunha situación aínda diglósica, malia o proceso de normalización que se iniciou hai décadas; por outra, os marcos culturais que rodean os seus respectivos pobos presentan importantes trazos de intersección, como consecuencia de séculos de convivencia entre outros factores, o que loxicamente non quere dicir que cada un deles non teña referentes culturais diferen-

3 Nestes momentos, o DRAGBIL está sendo revisado, actualizado e incrementado baixo a dirección da autora deste traballo. Nunha primeira fase, levarase a cabo unha revisión dos artigos existentes, con engadidos ocasionais de entradas e acepcións; nunha segunda fase ampliarase o lemario e as acepcións ata cubrir o espectro léxico-semántico do dicionario xeral (www.realacademiagalega.org e www.portaldaspalabras.org), que consta dunhas 55000 entradas, e completárase coa dirección galego-castelán.

ciados. Non existe correspondencia total entre linguas porque non existe tampouco correspondencia total entre os modos de concibir o mundo que nos rodea, que son, de por si, diversos. Por último, é preciso ter en conta que o concepto de “lingua estranxeira” que a miúdo se utiliza na lexicografía bilingüe para referirse a un dos sistemas que se cotexan, non se corresponde aquí realmente nin co castelán nin co galego, no sentido de que nin o galego funciona como lingua estranxeira para os castelanfalantes, pois normalmente estes posúen cando menos un coñecemento pasivo del, nin o castelán actúa como lingua estranxeira para os galegofalantes, que o coñecen como lingua do Estado con maior ou menor profundidade.

Á hora de indicar os equivalentes dun lema castelán (nunha determinada acepción) en galego, diversas son as posibilidades que se nos presentan. O máis habitual é que existan unha ou varias voces que poidan ofrecerse como tales. Ao contrario do que sucede en moitos dicionarios bilingües, no DRAGBIL proporciónase bastante información sobre os equivalentes que corresponden a cada acepción. Así por exemplo, tal e como se di no prólogo (DRAGBIL 2004: 11):

cando unha palabra posúe varias acepcións, estas aparecen separadas por números e diferenciadas mediante uns delimitadores semánticos, que aparecen como pequenas explicacións entre parénteses que preceden a(s) posible(s) tradución(s):

TACHAR *v.t.* 1. (algo escrito) *riscar, borrar*. Tachó el título y ahora no se entiende. *Riscou o título e agora non se entende*. 2. (a alguen, atribuyéndole un defecto) *tachar*. Lo tacharon de ambicioso. *Tachárono de ambicioso*⁴.

Sen ánimo de entrar no grao de equivalencia entre as voces dadas, o que se prestaría a unha longa discusión (xa vimos que con frecuencia non é completo, cf. n. 2), en ocasións existe unha clara diferenza diafásica ou diastrática entre as palabras propostas como equivalentes, o que impide a substitución sen máis dunha por outra. Esta circunstancia adoita marcarse no DRAGBIL entre parénteses detrás da forma correspondente:

FACHENDA *s.f. fachenda* (coloquial), *vaidade*. Siempre habla con fachenda de sus hijos. *Sempre fala con fachenda dos seus fillos*.

4 Os exemplos non reproducen exactamente a diversidade tipográfica do texto orixinal: no proceso de edición foi preciso eliminar a letra grosa, substituída por versais cando se trata dos lemas ou sublemas en castelán; a cursiva grosa dos equivalentes en galego márcase como cursiva e as letras que indican os cambios de categoría gramatical van en redonda.

VULGAR *adj.* 1. (sin elegancia o distinción) *vulgar, prosaico -a* (culto). Tuvo un comportamento muy vulgar. *Tivo un comportamento moi vulgar.*

Tamén pode ocorrer que os equivalentes na lingua de chegada das voces da lingua de partida diverxan destas nalgúns aspectos gramaticais, como poden ser o réxime verbal, o xénero ou a existencia ou non de flexión de xénero. Todas estas características van convenientemente marcadas entre parénteses, ao entendermos que, precisamente pola proximidade entre as dúas linguas e pola situación sociolingüística, a dimensión contrastiva do dicionario debe cobrar unha importancia fundamental. Vexamos algúns exemplos:

PUDRIR (b) *v.p.* 1. (una materia orgánica) *podreecer (i)*. La fruta se pudrió y tuvimos que tirarla. *A froita podreceu e tivemos que tirala.*

LABOR *s.f.* 1. (actividad que se realiza) *labor (m.), tarefa, traballo (m)*. Realizó una labor desinteresada a favor de los necesitados. *Realizou un labor desinteresado a favor dos necesitados.*

CUNA *s.f.* 1. (cama) *berce (m)*. El niño estaba durmiendo en la cuna. *O neno estaba durmindo no berce.*

FÁCIL (a) *adj.* 1. (sin esfuerzo) *fácil, doado -a*. Esa pregunta es fácil de contestar. *Esa pregunta é fácil de contestar.*

PARADÓJICO -A *adj. paradoxal [ks] (invar)*. Resulta paradójico que quien menos tiempo tiene sea quien más tiempo pasa con él. *Resulta paradoxal que quen menos tempo ten sexa quen máis tempo pasa con el.*

O mesmo sucede con respecto a certas dificultades que hai eventualmente na formación do feminino ou do plural dos equivalentes galegos, ou en relación á irregularidade verbal:

LADRÓN -A *s.* (que roba) *ladrón (f. ladroa, ladra)*. Los ladrones abrieron la caja fuerte y se llevaron el dinero. *Os ladróns abriron a caixa forte e levaron o diñeiro. [...]*

CONFORMAR (a) *v.t.* [...] 2. (un conjunto) *compoñer (irreg.), compor (irreg.), formar, integrar, constituír*. Diez personas conformaban el equipo. *Dez persoas compoñían o equipo.*

En ocasións, este tipo de diferenzas, como a que poida existir respecto á presenza ou non de flexión de número, indícanse no apartado de observacións:

CIRROSIS *s.f. Med. cirrose.* La cirrosis es una enfermedad hepática grave. *A cirrose é unha enfermidade hepática grave.*

OBS. Esta palabra en gallego tiene variación de número.

Cando o galego dispón de equivalente, este non sempre é unha unidade léxica monoverbal; tamén pode tratarse dunha unidade pluriverbal:

JETA (a) *adj. (fam., que es desvergonzado) cara lavada.* No seas jeta y reparte con tus hermanos. *Non sexas cara lavada e reparte cos teus irmáns. [...]*

Existe aínda outro caso en que un dicionario coma o que estamos a analizar presenta certas particularidades. Dado que a lingua de chegada se atopa en proceso de normalización e normativización (este último, moi avanzado, non se pode dar por rematado), resulta de interese para o usuario indicar o grao de corrección ou de recomendación dalgunhas formas. De aí que se marquen con < > os equivalentes que corresponden a unha forma menos recomendada, aínda que non incorrecta:

CHICHARRÓN (a) *s.m. (residuo de la manteca) roxón, <rexón>, <rixón>.* Puso la grasa del cerdo en una olla para preparar los chicharrones. *Puxo a graxa do porco nunha pota para preparar os roxóns.*

Pero non sempre é posible ofrecer equivalentes propios en galego. As situacións neste caso poden ser diferentes. Ás veces, a voz castelá non ten correspondencia en galego porque fai referencia a unha realidade sociocultural igualmente inexistente no ámbito galego⁵. A solución adoptable é daquela diversa: polo xeral, ou ben se recorre a unha paráfrase que explique en maior ou menor medida o referente ao que alude a voz de orixe, o que non deixa de ser unha definición máis ou menos breve; ou ben se toma a palabra da lingua de partida ou da lingua da que procede, con ou sen adaptación⁶. Esta última solución, a adopción do préstamo lingüístico, xunto coa realidade que designa, ten ao seu favor a economía lingüística na tradución, e xustifícase sobre todo cando se trata de voces coñecidas (do mesmo xeito que o feito cultural ao que se refiren) ou de certo uso na lingua de chegada. Velaquí algúns exemplos desta casuística:

5 Este tipo de voces, chamadas “palabras culturais” ou “culturemas” (concepto este que recobre unha realidade moito máis ampla, ao incluír fraseoloxismos, proverbios etc.), constitúe un importante escollo no labor do tradutor. A modo de exemplo, como traballo no que se discute este concepto e se achega unha interesante bibliografía, v. Luque Nadal 2009.

6 Tamén cabe a creación dun neoloxismo *ex novo*. Para as posibles vías de tradución das palabras culturais nos dicionarios bilingües, v. Marelló (1989: 53).

GAZPACHO *s.m.* *sopa fría de pan, aceite, vinagre e outros ingredientes.*

RUMBA *s.f.* *rumba.* Cantamos y bailamos una rumba. *Cantamos e bailamos unha rumba.*

SAMBA *s.f.* (composición musical) *samba.* La samba es de origen brasileño. *A samba é de orixe brasileira.* 2. (baile) *samba.* [...]

SERRANILLA *s.f.* *Lit. composición lírica medieval.*

TABLAO *s.m.* 1. *escenario para espectáculos de cante e baile flamencos.* 2. *local para eses espectáculos.*

JOTA² *s.f.* 1. (baile) *xota.* Aprendieron a bailar la jota y el fandango. Aprendieron a bailar a xota e o fandango. [...]

FANDANGO *s.m.* 1. (composición musical) *fandango.* Cantaron un fandango acompañados de castañuelas. *Cantaron un fandango acompañados de castañolas.* [...]

BONGÓ *s.m.* *tambor típico do Caribe.*

No DRAGBIL só se recomiendan como equivalentes as voces que figuran no DRAG2012. Non obstante, está en marcha un procedemento de actualización de ambos os dous repertorios, de tal maneira que, se se observa neles algunha disfunción ou a necesidade de introducir algunha modificación (incluídos novos lemas e acepcións), pásanse as propostas polo Seminario de Lexicografía da Real Academia Galega para que, unha vez aprobadas, sexan incorporadas aos dicionarios. Deste xeito, se nun momento dado se acordase, por exemplo, a aceptación dos préstamos *gazpacho* ou *bongó* como lemas no DRAG2012, estes pasarían a ser utilizados tamén como equivalentes no DRAGBIL. A paráfrase pode resultar útil cando se trata unicamente de decodificar ou interpretar textos, pero é evidente que cando se precisa codificar ou facer un traballo de tradución entre ambas as dúas linguas, dificilmente o profesional pode substraerse nestes casos ao emprego do vocábulo da lingua de partida ou dunha adaptación.

Mesmo cando existe un equivalente para unha palabra cultural, a equivalencia non sempre é total, pois é posible que ambas voces compartan os trazos denotativos,

7 En realidade, a equivalencia consígnase aquí mediante un hiperónimo, xa que non se precisan as características diferenciais desa composición.

pero non os connotativos. Así, o substantivo *orella* pode utilizarse para designar o doce denominado en castelán *oreja de fraile*, pero cabe a posibilidade de diverxencias en canto a certos ingredientes, modos de preparación, usos sociais etc.

Polo demais, a cuestión dos cultuemas non só afecta ás unidades léxicas individuais, senón tamén ás pluriverbais ou fraseolóxicas, con idéntica problemática:

MARIMORENA || ARMAR O ARMARSE LA MARIMORENA: *haber as do demo, haber un desencravo*. Cuando acabó la fiesta se armó la marimorena por culpa de unos borrachos. *Cando acabou a festa houbo as do demo por culpa duns borrachos*.

Outra circunstancia probable no confrontamento léxico entre linguas próximas, neste caso castelán e galego, é que ambas as dúas linguas compartan determinadas voces (idénticas ou similares desde o punto de vista formal), pero sen que estas presenten as mesmas acepcións, isto é, sen que se recubran por completo semanticamente. Esta situación xera ás veces confusión entre os usuarios, que poden ter a tentación de converter as dúas palabras en equivalentes absolutos:

CAMELLO -A (a) *s.* (rumiante) *camelo*. Los camellos se adaptan muy bien al clima árido. *Os camelos adaptanse moi ben ao clima árido*.
(b) *s.m.* *traficante de droga*.

PULPO *s.m.* 1. (molusco) *polbo*. Al pulpo, una vez cocido, se le echa aceite y pimentón. *Ao polbo, unha vez cocido, bótaselle aceite e pemento*. 2. *persoa que adoita tocarlle moito a outra resultando molesto*. 3. *corda elástica para suxeitar a carga na baca dun automóbil*.

ESTUDIO (a) *s.m.* 1. (de algo, para aprenderlo) *estudo*. Su actividad principal es el estudio. *A súa actividade principal é o estudo*. 2. (de un asunto) *estudo, exame*. Someteremos el tema a estudio y votación. *Someteremos o tema a estudo e votación*. 3. (obra de investigación) *estudo*. El estudio aborda la situación económica actual. *O estudo aborda a situación económica actual*. 4. (lugar de trabajo) *estudio*. Trabaja como delineante en un estudio de arquitectura. *Traballa como delineante nun estudio de arquitectura*. 5. *apartamento de pequenas dimensións*. 6. (ensayo de una obra definitiva) *estudo*. Hizo un estudio a lápiz del modelo natural y luego lo acabó a acuarela. *Fixo un estudo a lapis do modelo natural e logo acabouno a acuarela*. 7. *composición musical didáctica*.

(b) *s.m.pl.* 1. (actividad de estudiar) *estudios*. Ampliará sus estudios en otra universidad. *Ampliará os seus estudos noutra universidade*. 2. (de televisión, radio, etc.) *estudios*. Visitaron los nuevos estudios de grabación. *Visitaron os novos estudos de gravación*.

//PLAN DE ESTUDIOS: V. plan.

No caso de *estudio* obsérvase como unha voz castelá pode presentar dous equivalentes moi próximos en galego (un deles idéntico ao lema na lingua de partida), e incluso nalgũa acepción (v. 5 e 7), pode carecer deles, o que sen dúbida é un elemento de dificultade na aprendizaxe lingüística.

Como acabamos de ver, non sempre que o galego non dispón de equivalente para unha palabra castelá isto débese á inexistencia do concepto ou do feito correspondente naquela lingua. Simplemente, os falantes non sentiron a necesidade de outorgarlle unha denominación específica a ese feito ou concepto. Está claro que tamén hai galegos ‘aguafiestas’, ‘hacendosos’ e mesmo ‘horteras’, pero a lingua non ofrece un adxectivo absolutamente equivalente ao correlato castelán:

AGUAFIESTAS *s. persoa que estraga ou interrompe unha diversión.*

HACENDOSO -A *adj. que é mañoso nas tarefas domésticas.*

HORTERA *adj. que é de mal gusto ou vulgar. Tamén s. persoa que é de mal gusto ou vulgar.*

É posible que o galego posúa no seu sistema determinada palabra primitiva, existente tamén en castelán, pero non os equivalentes a certos derivados ou compostos formados nestoutra lingua a partir dela; pode incluso dispoñer de todos os elementos que integran a palabra castelá, pero non a voz resultante. Nestes casos, cabe realizar a paráfrase a partir da palabra base:

CANCIONERIL *adj. dos cancioneros do século XV.*

BARRIOBAJERO -A *adj. y s. dos barrios baixos.*

A situación que acabamos de analizar reproducécese nas súas liñas xerais cando nos atopamos fronte a unidades fraseolóxicas, para as que non sempre existe unha unidade pluriverbal similar. Nestes casos, ou ben se sinala unha voz que poida ter o mesmo significado e uso, ou ben se recorre a unha paráfrase, como se facía coas unidades léxicas individuais. Obsérvense as distintas opcións nos seguintes exemplos:

DEMONIO *s.m. [...] // DEL DEMONIO O DE MIL DEMONIOS: do demo. Hace un frío del demonio. Vai un frío do demo. / PONERSE HECHO UN DEMONIO: poñerse feito un raio, poñerse coma unha brasa, poñerse feito un can. Cuando le dije que no quería venir, se puso hecho un demonio. Cando lle dixen que non quería vir, púxose feito un raio. / SER EL DEMONIO: ser o demo, ser un diabo. Este*

perro es el demonio, no se está quieto ni un minuto. *Este can é o demo, non está quieto nin un minuto.* / TENER EL DEMONIO EN EL CUERPO: *ter o demo no corpo, ter o verme no corpo, ter o formigo no corpo, ter o azougue no corpo, ter a area de sal.* Hoy tiene el demonio en el cuerpo, en toda la mañana no ha parado ni un minuto. *Hoxe ten o demo no corpo, en toda a mañá non parou nin un minuto.*

INGENIAR *v.t.* [...] / INGENIÁRSELAS: *enxeñarse, amañarse, apañarse, arranxarse.* Ingéníatelas como puedas, pero tienes que reparar esa avería. *Enxeñate como poidas, pero tes que reparar esa avaría.*

LARGO -A (a) *adj.* [...] / DAR LARGAS: *atrasar algo intencionadamente.*

Outro elemento que ten un interese particular cando se poñen en relación dúas linguas, nomeadamente cando se traballa en lexicografía bilingüe, xa que afecta dun modo especial ás unidades léxicas (monoverbais ou pluriverbais), é o dos falsos amigos. Non podemos máis que esbozar esta cuestión, que cremos debería ser obxecto dun tratamento máis detallado nos dicionarios, polas repercusións que ten tanto no ensino e na aprendizaxe das linguas, coma na tradución. Por outra banda, a problemática que rodea os falsos amigos é maior no caso de linguas próximas, como son castelán e galego. Algúns exemplos serían:

ROJO -A *adj.* 1. (color) *vermello, encarnado, rubio, roibo.* Lleva un clavel rojo. *Leva un caravel vermello.* Tamén *s.m.* El rojo puede indicar peligro. *O vermello pode indicar perigo.* 2. (ideología) *vermello.* Fue militar del ejército rojo. *Foi militar do exército vermello.* También *s.* [...]

RUBIO -A *adj.* (que se acerca al amarillo) *louro, <loiro>, roxo.* Su pelo era rubio como el oro. *O seu pelo era louro coma o ouro.* También *s.* [...]

TRINEO *s.m.* *zorra (f).* Los perros tiraban del trineo por los montes nevados. *Os cans tiraban da zorra polos montes nevados.*

ZORRA *s.f.* *paxara, pécora, pendanga.* La insultó llamándole zorra. *Insultouna chamándolle paxara.*

ZORRO -A *s.* (animal) *raposo, golpe.* El zorro entró en el gallinero y se comió una gallina. *O raposo entrou no galiñeiro e comeu unha galiña.* [...]

DESPERTAR¹ (b) *v.i.* (alguien dormido) *espertar, <despertar>, acordar, recordar*⁸.

8 No DRAE *acordar* como ‘despertar’ leva a marca “desus.” e a información “U. en Sal.”; *despertar*, “p. us.”.

Despertó durante la noche. *Espertou durante a noite.* [...]

(c) *v.p.* (alguien dormido) *espertar* (i.), <*despertar*> (i.), *acordar* (i.), *recordar* (i.). Se despertó de buen humor. *Espertou de bo humor.*

LARGO -A (a) *adj.* 1. (con mucha longitud) *longo*. Tiene el pelo largo. *Ten o pelo longo.* 2. (que dura mucho) *longo*. El tiempo de espera se me hizo muy largo. *O tempo de espera fíxoseme moi longo.* [...]

ANCHO-A *adj.* 1. (con anchura) *ancho, largo*. La puerta principal es más ancha que las demás. *A porta principal é máis ancha ca as demais.* [...]

Ao que se poderían engadir os diferentes significados de unidades fraseolóxicas como *e logo?* en galego, ben distintos do uso que a secuencia correspondente poida ter en castelán, ou mesmo expresións coma cast. *miel sobre hojuelas* (sentido positivo) / gal. *encima de mel, filloas* (sentido negativo).

Ao longo deste traballo mostramos algúns dos problemas que comporta a indicación de equivalentes na lexicografía bilingüe castelán-galego mediante o dicionario que se elaborou na RAG no 2004 e que se atopa en vías de revisión. Queremos chamar a atención sobre varios aspectos positivos que presenta esta obra, como son a inclusión dunha abundante fraseoloxía, a marcación diafásica e diastrática dos equivalentes e a introdución de “delimitadores semánticos” que serven para diferenciar as distintas acepcións do lema, para as cales se proporcionan os equivalentes correspondentes, pero tamén para “orientar o lector sobre as construcións en que entra cada palabra” (DRAGBIL 2004: 11), isto é, sobre que tipo de nomes adoitan ser o complemento directo ou o suxeito, por exemplo. Entendemos que a información sobre as colocacións das que son parte integrante estas voces sería tamén enormemente interesante para o usuario, sobre todo cando se están poñendo en relación dúas linguas próximas entre si. É este un ámbito que aínda temos que abordar na lexicografía galega e que ten importantes repercusións tanto para a aprendizaxe da lingua como para o labor de tradución. Ensinar a palabra *berro*, por citar un exemplo ao azar, non é só proporcionar o seu significado ou, no caso dun dicionario bilingüe, o equivalente en castelán (ou viceversa), senón dotar o usuario das claves necesarias para o seu emprego práctico, dicíndolle que se adoita utilizar con verbos como *botar, dar, lanzar e soltar* (ou *oír, percibir, sentir*).

Ao noso modo de ver, a dimensión contrastiva é fundamental nun dicionario bilingüe, principalmente, insistimos, cando as linguas postas en relación están próximas entre si: dito doutro modo, hai que incidir máis naquilo no que diverxen, e non

tanto no que concordan. Nesta liña, outro elemento primordial, que tamén proporciona o DRAGBIL, é a exemplificación sistemática, que axuda de maneira decisiva a coñecer mellor tanto o contido semántico do lema, coma os seus aspectos comunicativos ou estilísticos, e mesmo certos trazos sintácticos do seu uso. Malia que o parentesco estreito entre linguas e culturas poida facer que en ocasións se reduzan os delimitadores semánticos ou outro tipo de informacións en detrimento do rigor lexicográfico, consideramos que, polo contrario, nese caso é preciso prestarmos máis atención aos aspectos contrastivos e ás necesidades didácticas especiais que comportan⁹.

Bibliografía

- DRAGBIL: C. García - M. González González (dirs.) (2004), *Diccionario castelán-galego da Real Academia Galega*, A Coruña: Fundación Barrié / Real Academia Galega.
- DRAG2012: M. González González - A. Santamarina Fernández (dirs.) (2012), *Diccionario da Real Academia Galega*. URL: <http://academia.gal/diccionario#inicio.do>
- Durão, A. B. de Amorim Barbieri - M. A. Sastre Ruano - R. Werner (2012), «Lexicografía didáctica, diccionario bilingüe y lenguas afines: información semántica en el *Diccionario Contrastivo Portugués-Español (DiCoPoEs)*», in A. Nomdedeu Rull - E. Forgas Berdet - M. Bargalló Escrivá (coords.), *Avances en lexicografía hispánica*, Tarragona: Universitat Rovira i Virgili, vol. II, pp. 69-78.
- Duval, A. (1991), «L'équivalence dans le dictionnaire bilingüe», in F. J. Hausmann - O. Reichmann - H. E. Wiegand - L. Zgusta (Hgrs.), *Wörterbücher: ein internationales Handbuch zur Lexikographie / Dictionaries: an international encyclopedia of lexicography / Dictionnaires: encyclopédie internationale de lexicographie*, Berlin / New York: Walter de Gruyter, vol. III, pp. 2817-2824.
- Fernández Fernández, J. (2008), «La equivalencia en los diccionarios bilingües: un enfoque semántico», in E. Bernal - J. DeCesaris (eds.), *Proceedings of the XIII EURALEX International Congress*, Barcelona: IULA, pp. 843-854.
- Haensch, G. (1997), *Los diccionarios del español en el umbral del siglo XXI*, Salamanca: Ediciones Universidad de Salamanca.
- Kroman, H. P. - T. Riiber - P. Rosbach (1991), «Principles of bilingual lexicography», in F. J. Hausmann - O. Reichmann - H. E. Wiegand - L. Zgusta (Hgrs.), *Wörterbücher: ein internationales Handbuch zur Lexikographie / Dictionaries: an international encyclopedia of lexicography / Dictionnaires: encyclopédie internationale de lexicographie*, Berlin / New York: Walter de Gruyter, vol. III, pp. 2711-2728.

9 Ver Durão *et al.* (2012), Molina García (2006) e Neves (2012).

- Luque Nadal, L. (2009), «Los culturemas: ¿unidades lingüísticas, ideológicas o culturales?», *Language Design* 11, 93-120.
- Marello, C. (1989), *Dizionari bilingui con schede sui dizionari italiani per francese, inglese, spagnolo, tedesco*, Bologna: Zanichelli.
- Molina García, D. (2006), *Fraseología bilingüe: un enfoque lexicográfico pedagógico*, Granada: Comares.
- Neves, L. H. Santana (2012), «Diccionario combinatorio bilingüe español-portugués / portugués-español: una propuesta para la enseñanza de las unidades fraseológicas del español para aprendientes lusohablantes», in A. Nomdedeu Rull - E. Forgas Berdet - M. Bargalló Escrivá (coords.), *Avances en lexicografía hispánica*, Tarragona: Universitat Rovira i Virgili, vol. II, pp. 125-134.
- Piotrowski, T. (1994), *Problems in bilingual lexicography*, Wrocław: Wydawnictwo Uniwersytetu Wrocławskiego.
- Sanmarco Bande, M. T. (2006), «Las palabras culturales en el diccionario bilingüe», in E. Corino - C. Marello - Cr. Onesti (eds.), *Atti del XII Congresso Internazionale di Lessicografia (Torino, 6-9 settembre 2006)*, Alessandria: Edizioni dell'Orso, vol. I, pp. 617-622.
- Šarčević, S. (1989), «Lexicography and translation across cultures», in M. Snell-Hornby - E. Pöhl (eds.), *Translation and lexicography. Papers read at the EURALEX Colloquium held at Innsbruck 2-5 July 1987*, Amsterdam: John Benjamins.
- Schnorr, V. (1986), «Translational equivalent and / or explanation? The perennial problem of equivalence», *Lexicographica* 2, pp. 275-280.
- Svensén, B. (1993), *Practical lexicography. Principles and methods of dictionary making*, Oxford / New York: Oxford University Press (1ª ed. 1987).
- Szende, T. (1996), «Problèmes d'équivalence dans les dictionnaires bilingues», in H. Béjoint et P. Thoiron (éds.), *Les dictionnaires bilingues*, Louvain-la-Neuve: Aupelf-Uref-Éditions Duculot, pp. 111-126.
- Werner, R. - Chuchuy, Cl. (1992), «¿Qué son los equivalentes en el diccionario bilingüe?», in G. Wotjak (ed.), *Estudios de lexicografía y metalexigrafía del español actual*, Tübingen: Max Niemeyer, pp. 99-107.
- Zgusta, L. (1971), *Manual of lexicography*, The Hague-Paris: Mouton.
- Zgusta, L. (1987), «Translational Equivalence in a bilingual dictionary: Bahukosyam», *Dictionaries* 9, pp. 1-47.

Traducir: análisis del concepto*

ELENA SÁNCHEZ TRIGO

Universidade de Vigo

La traducción es una actividad de mediación que se caracteriza por su naturaleza aplicada y su presencia constante más allá de cualquier frontera geográfica o período temporal. Como producto social con una dilatada historia¹, el concepto de traducción ha ido evolucionando con el paso del tiempo, del mismo modo que, paralelamente, se han ido desarrollando nuevas modalidades y ampliando los campos de actuación.

Si bien, como acabamos de apuntar, la traducción ha existido desde tiempos inmemoriales, el análisis sistemático de la misma es muy reciente, ya que no se inicia hasta la segunda mitad del siglo XX². Esto ha llevado, con frecuencia, a cuestionar la pertinencia e interés de dicha conceptualización teórica. Nuestra opinión no coincide

* Este trabajo se inscribe parcialmente en el marco del proyecto FFI2014-51978-C2-1-R financiado por el Ministerio de Economía y Competitividad.

1 Se suelen citar como primeros vestigios escritos de traducción los vocabularios sumerioacadios del siglo XVIII a. de C. (García Yebra 1985: 24). En relación con la interpretación, Delisle y Woodsworth (2012: 246) documentan la existencia de un jeroglífico egipcio del año 3000 a. de C. para hacer referencia al intérprete.

2 Es necesario precisar, sin embargo, que ya desde Cicerón (año 46 a. de C.), existen reflexiones sobre los problemas que los traductores encontraban y posibles soluciones. Ahora bien, este corpus teórico —en el que se incluyen las aportaciones existentes hasta mediados del siglo XX y que reúne algunas obras de especial relevancia (como, por ejemplo, las de San Jerónimo, Vives, Dolet, Chapman, Lutero, Tytler o Scliermacher)— forma parte de lo que se considera una fase previa al inicio de los propiamente estudios teóricos sistemáticos sobre traducción a los que nos estamos refiriendo.

con estas posturas escépticas que cuestionan la necesidad de establecer unas bases teóricas específicas para el ámbito de la traducción. Por el contrario, consideramos que los estudios de corte teórico son fundamentales para comprender la actividad traductora y, por tanto, para mejorarla. Desde nuestro punto de vista, teoría y práctica deben ser en traducción, al igual que sucede en otras áreas, aspectos complementarios e interrelacionados.

El objetivo de este trabajo es presentar el concepto contemporáneo de traducción. Un concepto que se ha ido conformando gracias a las aportaciones realizadas por los estudios teóricos fundamentalmente a partir de los años 80-90 del siglo pasado. Estas aportaciones han sido decisivas tanto para comprender en qué consiste traducir, como para poner de manifiesto la complejidad de una actividad de tan larga historia como máxima actualidad.

1. ¿Qué es realmente traducir?

Condensar en las breves líneas con las que se acostumbra a elaborar una definición todos los elementos que conforman el proceso traductor no es una tarea sencilla. En consecuencia, no es fácil tampoco adoptar sin reservas alguna de las numerosas definiciones ya existentes³ o elaborar una nueva propuesta que no suscite justificadas objeciones o merecidas críticas. Por este motivo, para responder a la pregunta que da título a este apartado vamos a hacer un recorrido por aquellos aspectos que los estudios teóricos han destacado como esenciales para caracterizar la actividad traductora. Consideramos que esta es la forma más adecuada para delimitarla y describirla.

De acuerdo con este planteamiento, podemos indicar que:

a) Traducir es comunicar: el hecho de que la traducción es fundamentalmente un proceso comunicativo (Hatim y Mason 1995: 13) constituye sin duda la primera idea que hay que transmitir y comprender para entender qué es traducir. Si bien, como hemos apuntado, el concepto de traducción ha ido cambiando a lo largo del tiempo, su objetivo final ha permanecido inalterable: restablecer la comunicación interrumpida por las barreras lingüísticas y culturales. Por este motivo la traducción se ha comparado con un puente que permite establecer el contacto entre zonas antes aisladas entre sí. Tanto los primeros estudios teóricos (por ejemplo: Nida 1964 o Nida y Taber

3 En Baker y Saldanha (2009) o Sánchez Trigo (2002: 24-25) pueden consultarse, por ejemplo, algunas de ellas.

1969), como las propuestas realizadas posteriormente por otras corrientes, como es el caso de la *Skopostheorie*⁴, se han encargado de destacar que traducir es comunicar. La responsabilidad de asegurar la comunicación recae en el traductor, si esta no funciona su trabajo de mediación no se está realizando de la manera adecuada.

Tras haber establecido esta indisoluble vinculación entre traducción y comunicación, hay que destacar, asimismo, que el acto de comunicación que tiene lugar en el proceso traductor difiere del habitualmente descrito en la comunicación monolingüe. Indicamos los motivos en el epígrafe que sigue.

b) Traducir es un acto de comunicación complejo y especial: el proceso de comunicación en traducción fue descrito por primera vez Otto Kade (1968). Toma para ello como punto de partida el denominado modelo matemático de la comunicación creado por Shannon y Weaver (Shannon 1948) y lo adapta para describir qué sucede al traducir. De acuerdo con este autor, en traducción se producen dos actos de comunicación consecutivos. El primero tiene lugar entre un emisor (E) y un receptor (ficticio) inicial (R), que es el traductor (TR). Posteriormente, una vez realizada la traducción, se produce un segundo acto de comunicación vinculado con el anterior. En este momento el traductor pasa a convertirse en emisor (E') y se dirige a un nuevo receptor (R'), que es el verdadero receptor final, al que remite el texto ya traducido. Vemos que el traductor, que se sitúa en el centro de este proceso, asume, por tanto, un doble papel en los dos momentos sucesivos que caracterizan al proceso de comunicación en traducción: primero como receptor del texto original (R) y después como emisor (E') del texto traducido. Traducir conlleva, por lo tanto, un doble acto de comunicación. Por este motivo, se afirma que se trata de un acto de comunicación complejo.

Por otra parte, hay que tener presente asimismo que en el proceso traductor intervienen varias lenguas o, por ejemplo, que el texto resultante se dirige a unos receptores nuevos y se inserta en un contexto para el que no estaba previsto inicialmente. Todos estos elementos establecen diferencias con la comunicación monolingüe y muestran con claridad que, como indicamos, estamos ante un acto de comunicación de naturaleza especial.

c) Traducir es una actividad intertextual: frente a los enfoques que presentan la traducción como un simple trasvase de lenguas, los estudios teóricos han mostrado

4 Se trata de una teoría funcional que considera que el principio básico de una traducción es la finalidad (en griego, *skopos*) del acto de traducción de acuerdo con una situación dada. Los trabajos de Katharina Reiss y Hans Vermeer (1996) o Christiane Nord (1994, 1997), que son algunos de los principales representantes de la *Skopostherorie* (Teoría del Escopo, en castellano), abordan estas cuestiones.

que se trata de un proceso entre textos. Si bien las primeras aproximaciones circunscribían sus análisis a la frase o a la palabra, a partir de los años 70, y como consecuencia de la influencia ejercida por otras áreas como la lingüística del texto, el análisis del discurso o la pragmática, los estudios reivindican la traducción como hecho textual. Obras como *Translation as Text* (Neubert y Shreve 1991) son representativas de este cambio. La traducción deja de ser considerada únicamente una actividad de naturaleza interlingüística para pasar a ser caracterizada por su naturaleza intertextual. Esta nueva perspectiva tiene diversas consecuencias. Por ejemplo, la tan buscada unidad de traducción se amplía, puesto que pasa a ser el texto en su conjunto. Asimismo, los estudios dejan de proponer una serie de posibles reglas de naturaleza prescriptiva para tratar de dar respuesta a los problemas de traducción y empiezan a centrarse en describir los factores que determinan una traducción (Nergaard 1995: 11). En la actualidad, nadie duda de que lo que se traduce son textos, ya sean estos escritos u orales, y no lenguas. Este nuevo enfoque ha reforzado la naturaleza comunicativa de la actividad traductora a la que nos hemos referido más arriba:

El texto para el traductor no es un simple fenómeno lingüístico, sino que es necesario tener en cuenta la función comunicativa, dependiente de su inserción en una situación determinada y la pertenencia a un contexto sociocultural más amplio. (Snell-Hornby 1999: 96)

d) Traducir es una actividad intercultural: la traducción permite ir de una cultura a otra (Bassnett 1991: 19) y, por lo tanto, pone en contacto visiones del mundo diferentes. El fundamental papel desempeñado por las traducciones en el desarrollo de las lenguas y la configuración de los sistemas literarios de llegada ha sido analizado en el ámbito de los estudios de traducción especialmente por la Teoría del Polisistema o Nuevo Paradigma⁵. Esta corriente es la responsable del *cultural turn* (Snell-Hornby 1995), un elemento esencial que se incorpora a los estudios teóricos sobre traducción a partir de los años noventa del siglo pasado y que va a ser decisivo en la configuración del concepto actual sobre esta actividad⁶. Si bien los traductores siempre han sido

5 Ofrece un enfoque de la traducción desde los estudios literarios, en concreto de la literatura comparada. Su origen se sitúa en Israel en la Universidad de Tel Aviv, a finales de los años setenta, con Itamar Even-Zohar y, después, con Gideon Toury. Los elementos fundamentales de sus planteamientos aparecen recogidos en algunos volúmenes de la revista *Poetics Today* editados por estos autores (Even-Zohar y Toury 1981 y Even-Zohar 1990).

6 Los estudios centrados en la historia de la traducción (por ejemplo: Van Hoof 1999, Delisle y Woodsworth 1995) han sido también decisivos para que se reconozca la importancia de este giro cultural.

agentes de exportación e importación, la Teoría del Polisistema lleva a cabo la reivindicación explícita de su tarea como mediadores culturales:

Los traductores median entre culturas (lo cual incluye las ideologías, los sistemas morales y las estructuras sociopolíticas) con el objetivo de vencer las dificultades que atraviesan el camino que lleva a la transferencia de significado. Lo que tiene valor como signo en una comunidad cultural puede estar desprovisto de significación en otra, y el traductor se encuentra inmejorablemente situado para identificar la disparidad y tratar de resolverla. (Hatim y Mason 1995: 282)

En consecuencia, para poder llevar a cabo su trabajo de manera adecuada, el traductor debe de ser capaz de identificar los elementos característicos de las culturas entre las que realizan su actividad. Dado que en la actualidad se asume que «translation and culture are inextricably joined together» (Salmeri 2004:163), la biculturalidad se convierte en una de las competencias fundamentales para traducir (Basnett-McGuire y Lefevere 1990, Snell-Hornby 1995)⁷.

Estos planteamientos han llevado a afirmar que se traducen culturas. Si bien más arriba hemos indicado que se traducen textos, entendemos, que ambos enfoques no excluyentes sino complementarios, ya que todo texto se inscribe en un contexto sociocultural determinado al que el traductor debe prestar atención.

e) Traducir es un proceso de reescritura: las aportaciones teóricas han permitido comprender que la traducción no es una actividad mecánica, ni tampoco un producto secundario. Esta ha dejado de ser observada como la simple sustitución de un mensaje enunciado en una lengua, por un mensaje equivalente en otra lengua. En la actualidad se presenta como una operación de naturaleza creativa. Traducir consiste en «crear un nuevo acto de comunicación a partir de otro preexistente» (Hatim y Mason 1995: 11). Conlleva, por lo tanto, la creación de un nuevo texto (ya sea este, insistimos, escrito u oral) a partir de otro previamente existente. Si bien, como matiza Jean Delisle (1993: 151), en traducción no se puede entender el término ‘creación’ de manera estricta, puesto que no se trata de una creación *ex novo*, sí debe entenderse como un proceso de (*re*)creación en el que se elabora un nuevo producto (texto) a partir de otro previo. Una buena prueba de esta naturaleza creativa se pone de manifiesto al comprobar cómo, aun partiendo de un mismo texto inicial y con el mismo encargo,

7 Es necesario precisar que en el ámbito de los estudios teóricos sobre traducción el concepto de cultura se utiliza desde un punto de vista antropológico, para hacer referencia al conjunto de convenciones de una sociedad. No se limita, por tanto, solo al resultado de desarrollos intelectuales como el arte o la literatura.

no existen dos traducciones exactamente iguales⁸. En consonancia con este enfoque que considera la traducción como un proceso de reescritura, el traductor se convierte en *co-creador* (Vidal 1998: 29) y asume un nuevo papel, el de autor. Con este nuevo enfoque se recoge su auténtica función respecto al texto de llegada.

f) Traducir es un proceso de interpretación y manipulación: las formulaciones actuales del concepto de traducción la presentan como el resultado de la lectura e interpretación —un diálogo hermenéutico, para Delisle (1984: 70)— del texto original realizado por un intermediario (traductor) que se convierte, de este modo, en un lector privilegiado del mismo. La lectura que este lleva a cabo es, sin embargo, especial y diferente de la que puede realizar un lector normal, puesto que la finalidad de la misma es producir otro texto para otros receptores:

La elaboración interpretativa, en consecuencia, será probablemente más profunda, menos espontánea que la del lector ordinario; y la comprensión de un fragmento del texto se beneficiará de las conclusiones que se deriven de la lectura de las posteriores partes de aquél. (Hatim y Mason 1995: 282)

De acuerdo con este planteamiento, la traducción conlleva siempre, en mayor o menor medida, un cierto grado de manipulación, incluso de manera no voluntaria. No estamos, por lo tanto, ante una actividad de carácter neutro y objetivo, si no todo lo contrario. Esta perspectiva, derivada principalmente de las aportaciones realizadas por la *Manipulation School*, va a permitir el desarrollo, a partir de los años noventa del siglo XX, de nuevos enfoques que vinculan la traducción con aspectos como ideología, poder y ética y que destacan la gran influencia que los factores económicos, políticos y sociales tienen en la misma.

En consonancia con estas posturas, la ocultación y la consiguiente autodestrucción que tradicionalmente caracterizaba a la figura del traductor es sustituida por una

8 En traducción se suele citar como prueba de esta imposibilidad que el único caso de existencia de traducciones exactamente coincidentes es de origen legendario: *La versión de los Setenta*, también denominada *El milagro de los LXX*. Se trata de la traducción al griego de los textos sagrados judíos, en hebreo y arameo, que constituye la base del Antiguo Testamento de la biblia cristiana. Fue realizada por 72 traductores reunidos por Ptolomeo II. La leyenda indica que si bien trabajaron de manera aislada las traducciones que elaboraron fueron totalmente coincidentes.

9 Esta corriente, que toma como base la Teoría del Polisistema, se desarrolla fundamentalmente en los Países Bajos y Gran Bretaña, por investigadores que trabajan en literatura comparada y se centran en la traducción literaria (Lefevere, Lambert, Van der Broeck, Hermans o Susan Bassnett). Se dieron a conocer especialmente con la publicación de la obra de carácter recopilatorio *The Manipulation of Literature. Studies in Literary Translation* (1985), editada por Theo Hermans, título del que procede la denominación con la que se conocen las propuestas realizadas de grupo.

reivindicación de su visibilidad. Esta desaparición del anonimato se materializa, por un lado, mediante la exigencia de inclusión de su nombre en los textos que traduce. Por otro, a través de su propia visibilidad las soluciones traductorales por las que opta para producir bien un texto domesticado (es decir, sin indicios aparentes de ser una traducción) o bien no domesticado (es decir, con elementos que muestran explícitamente que se trata de una traducción) (Venutti 1995). El hecho de que el traductor deje de ser transparente y salga a la luz conlleva, asimismo, un mayor grado de responsabilidad en relación con su trabajo.

g) Traducir es buscar una equivalencia: la finalidad de la mayor parte de las traducciones es elaborar un texto que funcione como si hubiese sido producido originalmente en el nuevo contexto en el que va a insertarse¹⁰. El concepto de equivalencia, aunque muy controvertido, está presente desde las primeras aproximaciones teóricas, si bien, a partir de los años ochenta, evoluciona hacia un enfoque cada vez menos prescriptivo (Pym 1995). La noción de equivalencia se transforma en una herramienta de análisis empírico que sirve para caracterizar la especial relación que une un texto de partida y traducción y que es la que la define a esta última como tal. Se trata de:

(...) a functional-relational concept; namely, that set of relationships which will have been found to distinguish appropriate from inappropriate modes of translation performance for the culture in question. (Toury 1995: 86)

Esta nueva concepción de la equivalencia permite justificar la existencia de diferentes traducciones, pero todas ellas válidas, para un mismo texto. Las diferencias se vinculan con variabilidad diacrónica y cultural derivada del concepto de norma. Este nuevo concepto, introducido por Toury en el ámbito de los estudios de traducción (Toury, 1999: 10), hace referencia al conjunto de leyes no escritas, fruto de los valores de un determinado sistema sociocultural, que guían el trabajo de los traductores en cada momento histórico. Su naturaleza dinámica, no estática, es la que permite explicar los cambios que se aprecian en las traducciones de diferentes épocas. De este modo, dichos cambios están justificados y no son fruto de la arbitrariedad del traductor. Se derivan, tanto del sistema de normas imperante, como de la actuación del traductor en una situación comunicativa específica, que es la que determina en conjunto el proceso de comunicación bilingüe equivalente.

10 El caso de la traducción de textos literarios puede ser diferente, pero hay que tener en cuenta que este tipo de traducción constituye tan solo un 3% del volumen total de traducciones.

2. Conclusiones

Los estudios teóricos sobre traducción son fundamentalmente el resultado de la evolución de dos paradigmas de aparición sucesiva que, si bien inicialmente estaban claramente diferenciados, fueron aproximando parcialmente sus posturas. El primero de ellos toma como base los postulados lingüísticos, pero incorpora con el paso del tiempo consideraciones textuales, comunicativas y culturales relevantes para el estudio de la actividad traductora. Frente a este, el segundo, los *Translation Studies*, es de base literaria. Surge como reacción a los estudios de corte lingüístico y da lugar a desarrollos ligados a aspectos socioculturales y a la filosofía del lenguaje. Si bien, como decíamos, se trata de concepciones opuestas, se fueron creando entre ambas ciertas áreas de contacto que en gran parte se explican por la progresiva incorporación de consideraciones culturales.

Efectivamente, el giro cultural que caracteriza a los estudios de traducción de las últimas décadas del siglo XX fue determinante. Permitió ampliar los enfoques y abordar cuestiones que no habían sido objeto de estudio en este ámbito. El traductor toma conciencia de la verdadera dimensión de su trabajo, de su influencia en el mismo, de sus condicionantes y limitaciones. Empiezan a abordarse, además, aspectos relacionados con cuestiones sobre poder e ideología. El desarrollo de estas propuestas derivadas del *cultural turn* fue muy importante en el ámbito de la traducción, y dio lugar al denominado giro ideológico. En la actualidad, parece que se está gestando un nuevo un nuevo paradigma derivado de un nuevo giro, en esta ocasión se habla del giro sociológico (Snell Honrby 2006: 172).

En las páginas precedentes hemos presentado cómo las propuestas realizadas por los diversos paradigmas y giros predominantes en cada momento han contribuido a explicar en qué consiste traducir. Los aspectos destacados confirman la complejidad y riqueza de la actividad traductora que apuntábamos al inicio de este trabajo.

Los estudios de traducción han construido y delimitado un espacio propio de desarrollo en un breve período de tiempo. No hay que olvidar que la primera, y aún vigente, estructuración de este nuevo ámbito de conocimiento fue la realizada por Holmes en el artículo «The Nature and Name of Translation Studies» publicado en 1988. Para crear este ámbito de naturaleza multidisciplinar se ha recurrido a aquellos elementos de numerosas disciplinas (lingüística contrastiva, lingüística textual, análisis del discurso, pragmática, antropología, sociolingüística, literatura comparada...) que se consideraron los más adecuados para el estudio de una actividad como la traducción, en la que intervienen múltiples factores. Si bien queda mucho trabajo

por hacer¹¹, en la actualidad, de acuerdo con Snell Hornby (2006: 164), ha llegado el momento de establecer la «reciprocal interdisciplinarity». Es decir, deben ser los estudios de traducción los que ayuden a otras disciplinas a construirse, aportando para ello los planteamientos propios que ha ido elaborando. Esto constituirá una prueba de su vitalidad e interés de las aportaciones realizadas por la traductología.

Bibliografía

- Baker, M. y Saldanha, G. (2009), *Routledge Encyclopedia of Translation Studies*, London - New York: Routledge (2ª ed).
- Bassnett-McGuire, S. (1991), *Translation Studies*, London - New York: Routledge.
- Bassnett-McGuire, S. y Lefevere, A. (1990), *Translation, History & Culture*, London - New York: Pinter.
- Delisle, J. (1984), *L'analyse du discours comme méthode de traduction*, Ottawa: Presses de l'Université d'Ottawa.
- Delisle, J. (1993), *La traduction raisonnée*, Ottawa: Presses de l'Université d'Ottawa.
- Delisle, J. y Woodsworth, J. (1995), *Les traducteurs dans l'histoire*, Ottawa: Presses de l'Université d'Ottawa.
- Delisle, J. y Woodsworth, J. (2012), *Translators through History*, Revised Edition, Amsterdam/ Philadelphia: John Benjamins.
- Even-Zohar I. (1990), *Polysystem Studies*, Special issue of *Poetics Today* 11/1.
- Even-Zohar I, - G. Toury eds. (1981), *Translation Theory and Intercultural Relations*, Special issue of *Poetics Today* 2/4.
- García Yebra, V. (1985), *Traducción y enriquecimiento de la lengua del traductor*, Madrid: RAE.
- Hatim, B. - I. Mason (1995), *Teoría de la traducción. Una aproximación al discurso*, Barcelona: Ariel (trad. al español de S. Peña).
- Hermans, Th. (1985), *The Manipulation of Literature. Studies in Literature Translation*, London: Croom Helm.
- Holmes, J. S. (1988), «The Name and Nature of Translation», in R. van den Broeck (ed.), *Translated! Papers on Literary Translation and Translation Studies*, Amsterdam: Rodopi, pp. 67-80.
- Hoof, H. Van (1999), *Histoire de la traduction en Occident*, Paris-Louvain-la-Neuve: Duculot.
- Kade, O. (1968), «Kommunikationswissenschaftliche Probleme der Translation», in A. Neubert (ed.), *Grundfragen der Übersetzungswissenschaft*, Leipzig: Enzyklopädie, pp. 3-19.

11 Sobre la evolución de los estudios de traducción y las tareas pendientes remitimos a Sánchez Trigo 2011.

- Nergaard, S. (1995), *Teorie Contemporanee della Traduzione*, Milán: Bompiano.
- Neubert, A. y Shreve, Gr. (eds) (1991), *Translation as Text*, Kent, Ohio: Kent State University Press).
- Nida, E. A. (1964), *Toward a Science of Translating*, Leiden: Brill.
- Nida, E. A. y Taber, Ch. R. (1969), *The Theory and Practice of Translation*, Leiden: Brill.
- Nord, Ch. (1997), *Translating as a Purposeful Activity*, Manchester: St. Jerome.
- Nord, Ch. (1994), «Traduciendo funciones», in A. Hurtado Albir (ed.), *Estudis sobre la traducció*, Castellón: Universitat Jaume I, pp. 97-112.
- Pym, A. (1995), «European Translation Studies, Une science qui dérange, and Why Equivalence Needn't Be a Dirty Word», *TTR: traduction, terminologie, rédaction*. 8/1, pp. 153-176. Artículo disponible en: <http://goo.gl/GIQraA> (Consulta: 20/12/2015).
- Reiss, K. - H. Vermeer (1996), *Fundamentos para una teoría funcional de la traducción*, Madrid: Akal (trad. al español de S. García Reina y C. Martín de León).
- Salmeri, Cl. (2014), «The translator as a mediator between cultures. Translation and cultural influences», *Alfinge. Revista de Filología Española* 26, pp. 161-171.
- Sánchez Trigo, E. (2002), *Teoría de la traducción: convergencias y divergencias*, Vigo: Servicio de Publicacións Universidade de Vigo.
- Sánchez Trigo, E. (2011), «Traducir en la frontera: fronteras de la traducción» in S. Cruces Colado - M. del Pozo Triviño - A. Luna Alonso - A. Álvarez Lugrís, *Traducir en la frontera*, Granada: Atrio, pp. 19-41.
- Shannon, Cl. E. (1948), «A Mathematical Theory of Communication», *Bell System Technical Journal*, 27, pp. 379-423.
- Snell-Hornby, M. (1995), *Translation Studies: An Integrated Approach*, Amsterdam-Philadelphia: John Benjamins.
- Snell-Hornby, M. (1999), *Estudios de traducción. Hacia una perspectiva integradora*, Salamanca: Almar (trad. al español de A. S. Ramírez).
- Snell-Hornby, M. (2006), *The Turns of Translation Studies. New Paradigms or Shifting Viewpoints?*, Amsterdam-Philadelphia: John Benjamins.
- Toury, G. (1995), *Descriptive Translation Studies and Beyond*, Amsterdam-Philadelphia: John Benjamins.
- Toury, G. (1999), «A Handful of Paragraphs on 'Translation' and 'Norms'», in Ch. Schäffner (ed), *Translation and Norms*, Toronto: Multilingual Matters Ltd. Book, pp. 9-31.
- Venutti, L. (1995), *The Translator's Invisibility*, London: Routledge.
- Vidal Claramonte, M^a C. A. (1998), *El futuro de la traducción*, Valencia: Diputación de Valencia - Institutió Alfons el Magnànim.

Se o vello Sinbad volvese ás illas... **Anotacións filolóxicas**

ANTÓN SANTAMARINA

Universidade de Santiago de Compostela - Instituto da Lingua Galega

É raro que un texto moderno necesite unha reconstrución filolóxica como ocorre cos textos medievais. Estes consérvanse en copias únicas ou múltiples na maior parte dos casos de man diferente á do autor mesmo. Por iso a fixación dun texto crítico esixe un labor filolóxico de certa complexidade. Cos textos modernos este traballo non debería existir; suponse que o autor escribe un manuscrito, corríxeo; fai novas correccións cando a imprenta lle remite as probas e finalmente dá o *imprimatur* a un texto que se supón definitivo. Pode haber algún problema filolóxico cando unha edición difire da anterior e ás veces cando hai varias tiradas da mesma edición e o autor (ou ás veces o editor) fai correccións ou insire variantes, como ocorre co *Quixote* ou con varios textos de Valle Inclán. Pero estes casos son raros. O normal é que a primeira edición dun libro sexa o texto omega e que todas as copias deste libro sexan idénticas; as edicións sucesivas poden ter aínda algunha corrección pero en calquera caso é o propio autor o que fai de filólogo establecendo o texto e a última edición revisada por el debería considerarse a lectura definitiva. Supónse que a edición impresa prevalece mesmo sobre o mecanoscrito orixinal, porque o autor puido ter algún trasacordo de última hora.

Iso esperaríamos do texto de Cunqueiro *Si o vello Sinbad volvese ás illas...* publicado por Galaxia en 1961, reeditado 11 veces ata 2011.

A lectura deste texto non ten en conxunto grandes problemas para un lector normal pouco escrupuloso cos detalles; de feito tivo moitos lectores e aínda moitos críticos e non deixaron constancia (que saibamos) das dificultades que encontraron; pode que descoñecesen o significado dunha palabra aquí ou acolá (de feito é un texto que ten bastantes hápax), que lles chocase un que outro anacoluto, unha falta de concordancia, unha frase escura tal vez incompleta, etc.; pero o contexto permitía atribuír un sentido aínda que vago a esa palabra descoñecida, emendar a errata, restablecer a concordancia. Outra cousa sería se tivésemos que traducir o texto a outro idioma, porque neste caso teríamos que dar conta exacta do que o autor quixo dicir; e non sempre é doado, non só polas dificultades que poden presentar as palabras raras que Cunqueiro recupera do seu dialecto local e aínda non rexistradas en dicionarios ou que inventa coa súa vis poética, senón polas que son auténticos erros, unhas veces del mesmo e outras dos linotipistas e caixistas. O mesmo que ó tradutor ocorreríalle a quen intentase unha edición crítica.

Cando digo “erros” non me refiro aos erros propios do galego literario da época en que escribía Cunqueiro e que hoxe adoitan condenar as gramáticas normativas; destes hainos en abundancia na obra de Cunqueiro e dos seus contemporáneos; refírome a erros auténticos, non voluntarios, propios do cálamo do autor ou dos que produciron o libro.

Para descubrilos chegaría cunha lectura atenta; se algo que contravén as normas da gramática ou da lóxica é en principio sospeitoso de conter un erro. Pero ademáis para este libro temos a axuda da tradución ó castelán, *Cuando el viejo Sinbad vuelva a las islas...* (1962¹; 1971²)¹. Na portada do libro non se di quen é o tradutor; en realidade non se di sequera que é tradución, co cal un lector castelán pode entender que o autor o escribiu orixinalmente neste idioma (idioma do que seguramente parten as traducións ós outros idiomas ó que foi traducido: italiano, holandés e árabe).

De feito non é unha tradución estrita porque se permite licencias que nun tradutor que non sexa o autor non serían tolerables; non é este o sitio de discutir as características desta tradución pero, como hai trozos traducidos que usamos para validar algunhas das correccións que propomos, convén que digamos algo sobre este asunto.

(a) Unha boa cantidade de palabras ou expresións non se traducen ou tradúcese ó que poderíamos chamar castelán de Galicia. Así, en todo o texto só hai seis casos de pluscuamperfecto perifrástico (*mi señor no había visto veletas volantes*) fronte

1 Hai outras edicións en castelán, entre elas unha que figura nas *Obras literarias en castellano*, I de Cunqueiro (Dobarro Paz: 2004).

a innumerables casos de pluscuamperfecto en *-ra* (*me puse a contar en voz alta una pieza que viera en Cantón*); traslada á versión en castelán, sen adaptar ou levemente adaptadas, palabras galegas que non ten o castelán ou que ten con outras acepcións:

un río ... con dos *caneros* para que represen molinos; del *curuto* de terrados y tejados sale una torre bermeja; la casa ... delante tiene un *salido*; una fuentecilla ... surtía al pie de cierre del *curro*; ni hay vientos que de un *mochiquete*² de pulgar derriben un mayor en una tempestad;

traslada palabras galegas ó castelán por outras que soan parecido pero significan unha cousa diferente:

é area roxa i aristada, i un gran dela rachoume (*me rayó*) xa un cabo de Siria (do mapa); zocas chinelas (*zuecos chinoses*³); Os gregos poderían mercar en Melinde ouro en papel, chirouveas (*chirimoyas*) moi gustosas; O mar é unha vida, e como todo animal cambia de pasteiro e de folganzas (*huelgas*⁴);

traduce ás veces mesmo palabras fabricadas por outras tamén fabricadas (*i é (unha illa) mui fermosa, abrancuxada, coas manchas verdes das musgueiras* (musganzas)). A liberdade con que traduce fai que algunha vez non saibamos se hai erro e, se o hai, non saibamos se está no orixinal ou na tradución (... *a hora tormentina*. —¿*Qué hora é isa?*, preguntou o forasteiro. —*É a hora da veleidá* (velocidad) *dos temporás*).

(b) Na tradución ó castelán pode engadir texto que non estaba no orixinal ou ó revés, suprimilo; tamén pode cambiar fragmentos reescribíndoos doutra maneira. Algunhas veces faino porque o texto galego era confuso pero ás mais das veces faino só por motivos estilísticos. A comparación das dúas versións daba por sí soa para un ou máis artigos porque as causas do cambio poden ser variadas.

Afortunadamente Cunqueiro foi o tradutor desta e doutras obras de seu; un tradutor que non fose el mesmo (a min pasaríame) tería moitas dificultades en atopar o equivalente dalgunhas palabras, como son as destes casos⁵:

2 Segundo Leiras (2000), *muchiquete*, ‘capirotazo’.

3 Non se trata só dun cambio de sufixo porque *chinela* vén do cast. *chinela* e este do xenovés *cianella* < PLANELLA (de feito a *chinela* é unha zoca que non ten talóns).

4 Intenta traducir *folganza* ‘barbeito’ por unha palabra da mesma suposta familia etimolóxica; pero *huelga* nin significa ‘barbeito’ (segundo Corominas (2001, III: 375-376) ‘vega, campo feraz junto a un río’ e segundo o *DRAE* (2014) ‘terreno de cultivo especialmente fértil’) nin é da familia etimolóxica de *folganza*; é un celtismo (OLCA, cf. tamén fr. *ouche* ‘paturage’; galego *olga* ‘monte cerrado’ en Lán-cara e *Olga* como top. numerosas veces).

5 Estas escuridades, e ten moitas, non son o tema deste artigo.

—Puisang é unha ribeira de China, onde está o millor posto pró trato da pedra de illada [jade⁶] p. 121; hai que entrar nel a modo [tono], na soprada que lle acaña ó resoar da nao, que non tódalas naos comentan o mesmo, i hai naos que están en re i outras en fa p. 33; Sinbad na fonte, á que se acaroa con Sari por amosarlle a iste como se mide con dúas buxías [caracolas] o fondo que hai no estreito Calibante, dice en voz alta p. 67;

Sería bo tamén contar co mecanoscrito de Cunqueiro se é que se conserva. Non fixen indagacións sobre se o hai e onde está. En caso de que exista será imprescindible usalo para fixar o texto. Mentres tanto vou facer a miña contribución coas ferramentas de que dispoño, que son as ditas: a crítica interna do texto mesmo e a comparación coa tradución castelá.

Vou, daquela, sinalar as modificacións de lectura que proponho. Podería facer unha clasificación por tipos pero é máis práctico ordenalas por páxina. Expreso as lecturas que proponho deste xeito: *naves* | *neves*; \emptyset | *un*; *dous* | \emptyset (léase: substituír o elemento da esquerda polo da dereita; \emptyset = cero); dou entre [] a lectura do texto castelán (1961); indico tamén se o texto da ed. de 2011 foi corrixido, en caso contrario enténdese que a errata foi transmitida ata esta edición.

p. 22. *unha veiga verde, verde, lindeira mesmo por toda parte coas areas colorentas i as louseiras mouras i apicadas que chaman o* | *ó deserto* [llaman al desierto p. 19].

p. 23. *Ter un río coma o Iadid na sequeada da solaina da terra, tal é atopar na froa a madurez, cando xa vai \emptyset* | *un co fardelo seu de vagamundo máis que promediado*. [... cuando ya va uno con el saco... p. 20]. [2011: ...*cando un xa vai...*]. A expresión do suxeito é obrigatoria.

p. 25. *os ollos seus non calan nada, nin bulras nin veras, i adiantándose* | *adiántanse, cando Sinbad fala, ás verbas súas, alertando, sorrindo, atristando*. [...y se adelantan... p. 21]. A conx. *i* coordina elementos homólogos; daquela, ou ben *calan i adiántanse* ou ben *calan adiantándose*. Quizais é preferible a primeira restitución, seguindo o texto castelán.

p. 25. *i estaba decindo por onde \emptyset* | *son as vagas dos estreitos* [y estaba diciendo por donde son las vagancias de los estrechos p. 22].

6 O cast. *pedra de ijada* (chamada así porque se supoñía curaba enfermidades renais, ou sexa da illarga) pasou ó fr. como *ejade, jade* e cambiou de xénero (*f.* > *m.*); do fr. pasou a outras linguas, incluído, de volta, ó castelán, como *jade*; a *pedra de illada* do galego de Cunqueiro (tamén unha vez en *Escola*) é calco do castelán; foi mellor calcada por García Ferreiro (1891: 7) como *pedra das illargas*, pois en galego, fóra do propio de Cunqueiro, non hai tal **illada*.

p. 26. *Sentado, Sinbad non está nunca quedo, e todo é mercer | mecer o cu no asento [...mecer... 21].*

p. 32 *Al-Garí, que é un piloto de Doncola | Doncala [Doncala p. 27]. Doncala tres veces no texto galego e sempre Doncala na tradución; sempre o xentilicio doncalés.*

p. 33. *dá seis rachas e para un pouco, e volve e dá outras seis, e cando | cada unha é máis forte que a devanceira [da seis ráfagas ... y cada una es más fuerte... p. 30].*

p. 33. *que se compromete a dálas brisas cada día, aínda que non sopren de seu, que as fai surtidas cando quere cunha manchea de muíños de vento que erguen | ergueu nas cumes dos montes que chaman Baldasín [...levantó... p. 30].*

p. 35 *e daba por certa toda ista doutrina, á que apoiaba con algún que outro salaio, o | e con mandar facer música na noite [...y con... p. 31].* A restauración neste caso podería ser tamén *e*, ou *ou* (sen *con*); pero tendo en conta que na tradución usa *y con* supoñemos que é *e con* o que o autor quixo escribir en galego.

p. 40. *O garda da Porta dos Perdós daba o Ø | «peche, forasteiro adrento e noite serea Ø|» [...» p. 34].* A falta de «» nas palabras do pregón do garda fai que a frase sexa confusa; o CD de *daba* non é o *peche* senón a frase enteira.

p. 42. *todo o equipaxe que portaba eran dúas lanzas etiópicas de ferro bruzo i a folla esgüida|esgüida imitante á do loureiro [dos lanzas etiópicas de hierro crudo y la hoja laurética p. 38]. Esgüida ‘delgada’ ou ‘estreita’. Non se trata dunha ultracorrección de esguío senón do participio esgüido usado como adx.; esgüirse ‘escorrerse, desaparecer sen ser notado’. Ten un semantismo paralelo ao do castelán *escurrido* ‘Aplicado a personas, particularmente mujeres, delgado y sin curvas’ (Moliner 2007, I: 1237); é un caso tamén paralelo ó de *sumirse* ‘desparecer filtrándose en algo poroso’ / *sumido* ‘moi delgado’. Variante *escuído*: *Este Augusto era irmán do Álvaro (...). Era pequeno, escuído e cun defecto no brazo, e pouco amigo de fachendas e cerimoniais. Tobío, Décadas. Cf. máis abaixo, p. 146.**

p. 46. *Hai terras que soio son memorias | memoriás [...memoriales... p. 40].* A lectura *memorias* ‘recordos’ tamén sería posible; pero a tradución é indicio de que é un erro.

p. 52. *Pergunteille si era doado escusar un reino coma o noso, que eran bosque dous | Ø e campos abertos, i unha veiga de amendoeiros i unha vila murada, e il dixome que sí. [... eran bosques y campos abiertos... p. 44].*

p. 53. *e cando estaba servidor de volta no meu xardín, perdido en matiniacións, terminando | termando da miña vontade, que se fixera aqués días co devezo do emirato un algo soberbia, chegaron as dúas serpes [...apaciguando la voluntad... p. 44].* Parece erro de linotipista. Ademais de no *Sinbad*, *termar* está noutros textos de Cunqueiro (*Merlín*,

Cociña); curiosamente, *terminar* está ausente do léxico galego de Cunqueiro nesta e noutras obras; proba engadida de que *terminando* é un erro.

p. 53. *caería dende o quinto andar á | a cachola do emir* [caería desde el quinto piso la cabeza del emir p. 45].

p. 56. *porque si volvía Ø | a Reino Doncel, sempre estaría ben que tivera unha posesión co apelido do meu tío o cherepa* [...porque si volvía a Reino Doncel... p. 47]. O suxeito de *volvía* é *Gamal* (e non *Reino*); polo tanto o uso de *a* e obrigado.

p. 62. [*Sinbad...*] *Garda catro caixas ferradas cheas de variedades, pro nunca as abre, e digo eu que será pra non desencantarse a sí mesmo, atopándoas medio baleiras, ou si o que garda | gardan son espellos fendidos, cunchas e trapos vellos.* [...o si lo que guardan son espejos rotos... p. 53]. O suxeito de *gardar* é *caixas* (non *Sinbad*).

p. 70. ¡qué|que *abenzoadas señan prumas que puxeron letras!* [¡Benditas sean las plumas que escribieron las letras! p. 58]. *Que* é conxunción (non pronome exclamativo). Non repoñemos neste caso o artigo (a pesar de que está na trad. castelá) en *prumas* e *letras* porque intenta dar á frase un carácter formulario, igual que ocorre nos refráns: *cando corres creban, bois descansan*. Tamén o castelán ten este recurso (*allá van leyes do quieren reyes*) pero por algunha razón non traduciu literalmente neste caso.

p. 81. *i estando il no mundo | mando cun vaso cheo de limoadá, non verquería nin gota ó pasála barra* [estando él en el mando p. 67].

p. 83. *Si pasas a | á tardiña a sete légoas de Moara, escoitas que vén daquela banda o ronxo que fan as mil roldanas dos moareses rubindo a iauga* [al atardecer ... el ruído que hacen las mil roldanas p. 68]. Na frase aparece tamén a palabra *ronxo* (cast ‘ruído’). É un hápax que nos deixa unha certa perplexidade pero se cadra non é senón unha creación onomatopeica formada sobre o “ronx-ronx” que fai a roldana ó xirar.

pp. 94-95. Na p. 94 as liñas 25 (penúltima) e 26 (última) están cambiadas de orde; isto afecta tamén a comprensión da liña 1 da p. 95: (p. 94) <liña 23> ...*Sinbad lém-<24>brase de que aínda non lle contestou á carta súa <25> célo. Pro, ¿el non lle contestaría? ;Si xa fai un <26>* ó señor de Farfistán, e que vai sendo hora de fa- (p. 95) <1> *mes que recibiu a carta do armador*. Organizadas as liñas como é debido o texto di: <liña 23> ...*Sinbad lém-/brase de que aínda non lle contestou á carta súa / ó señor de Farfistán, e que vai sendo hora de fa-/célo. Pro, ¿el non lle contestaría? ;Si xa fai un / mes que recibiu a carta do armador ...!* [Sinbad se acuerda de que todavía no le escribió respuesta alguna al señor del Farfistán, y que ya va siendo hora de hacerlo. Pero, ¿no le respondió? ;Si ya hace más de un mes que recibió la carta del armador...! p. 78]. A lectura da edición de 2011 mantén a sopa de letras da ed. de 1961 empeorada: *Sinbad lémbrese de que aínda non lle contestou á carta súa celo. Pro, ¿el non lle contestaría? ;Si xa fai un ó señor de Farfistán, e que vai sendo hora de fames que recibiu a carta do armador* pp. 82-83).

p. 95. *E non logra dormir deica non se lle vén pondo potente | patente dediante dos ollos pechos o sobrescrito da súa carta* [poniendo patente p. 79].

p. 96. *era un home mui cortesán, de obra de sesenta anos e mui cuspidor i a barba moi cedrelada|cadrelada e levada pola ponta cunha cadeniña de ouro e | a un botón do mesmo na orella esquerda* [la barba muy trenzada la lleva por la punta con una cadenita de oro a un botón de lo mismo p. 83]. Nos dicionarios: *cadrelo* ‘trenza’ (ou sexa, trenza de catro filásticas, en vez de tres).

p. 98. *i o trato aventurado era pra il o que pra outros xogar catro cargas á | a que sae terceira da bolsa a bóla verde* [jugar cuatro cargas a que sale tercera de la bolsa la bola verde p. 85]. A pronuncia [‘a:’] é posible nestes casos (*apóstoché algo a [‘a:’] que non atinas*) pero en calquera caso non é contracción de *a* (prep.) + *a* (art.).

p. 98. *pedía unha granadina e non había nin vaso nin zumo, acareouse | acaroouse a il un pitisú (...) a perguntarlle qué lle gostaban máis...* [se acercó a él un pitisú p. 85]. Aínda que un derivado *acarearse* ‘porse de cara fronte a alguén’ sería posible, o sentido non cadra ben; a tradución confirmao. Nesta e noutras obras Cunqueiro usa *acaroar* e nunca *acarear* a non ser neste caso, o que redundando no indicio de que é erro.

p. 102. *a muller non lle non pode pegar | negar ó home nin a sombra dun pelo* [no le puede negar p. 87].

p. 103. *Cando cocíño métoa niste saquete que levo sempre no peto do chaleque i é liño linar* | albar pérsico [...y es de lino albar pérsico ... p. 88]. Podería pensarse que se trata dunha das moitas liberdades que se toma Cunqueiro cando traduce. Pero a existencia dun galego **linar*, aínda que sexa no galego fantaseado por Cunqueiro, é moi dubidosa e máis aínda aplicada a *liño* (é igual de absurdo que dicir *lá lanar* ou *trigo trigal*). Por outra parte neste mesmo texto volve aparecer *albar* como clasificador de *liño*: *e todo era probar a miña roupa, a miña pamela, a miña capa curta de damasco, a miña chilaba de liño albar* (p. 117). Daquela, podemos ter a certeza de que é un erro.

p. 105. *froitas raras pra | prá merengada da tarta de boda...* [frutas raras para la merengada de la tarta 89]. Se fose só *merengada* a lectura *pra* sería posible; pero ao estar especificado (*da tarta de boda*) o uso de *prá* é obrigado.

p. 107. *si pasese no mar algo de novo (...) o anteollo avisado* | o anteollo, avisando, se lle poñería de seo no ristre natural para que o gran Sinbad non perdese o ir da vela. [si sucediese algo en el mar (...) el antejo, avisando, se le pondría de suyo en el ristre natural para que el gran Sinbad no perdiese el ir de las velas p. 94]. A lectura *avisado* ‘precavido, experimentado’ tamén sería posible; pero á vista da tradución parece verosímil que *avisando* fose o que quixo dicir Cunqueiro.

p. 121. *eu sabía onde se collía a balea, pro nóno | non quería usar o arte sin que el mo dixera* [pero no quería usar del arte sin que él me lo dijese p. 107]. Un pouco forzada-mente podería xustificarse a prolepse de *o arte* (*non o quería usar o arte*); pero mellor é a opción que ofrece a tradución (eliminar o pronome).

p. 123. *aproveitou aquela escampada pra decirlle a Sari que conviña dar un pequeno paseo arredor da praza e mirar de paso como estaban os canles i as regadas do | de seu, e saíron amo e paxe* [...cómo estaban las canales y las regadas suyas p. 109]. Cando o posesivo é tónico e vai á dereita do seu núcleo Cunqueiro usa sempre *de meu, de teu, de seu*, nunca con artigo como ocorre cando vai á esquerda (*cantos figos de meu peteirarán hogano?*; *tes unha figueira de teu*; *Ten que ser o teu home, con cartos de seu*). Queda descartada a lectura **regadas do seu*.

p. 129. *era Arfe o Novo quen desatracaba e se puña, río abaixo nos camiños de | do mar...* [en los caminos del mar p. 114].

p. 133. *e sería acollido con grande respeto; non deixaría de haber alí quen ouvira a historia do Ave Roc ou a viaxe levado pola balea ás naves | neves mariñas* [llevado por la ballena, a las nieves marinas p. 119]. Aínda que non houberse tradución, *neves mariñas* aparece outras dúas veces no texto; á parte de que *naves mariñas* sería unha redundancia impropia de Cunqueiro.

pp. 136-137. (p. 136) <liña 26> *Entón dixeron que o levaban, e que o tratarían <27> como a parente, e si axudaba nos mercados que* (p. 137) <1> *entregaran en Basora coas respostas*. Entre a liña 27 (última) da p. 136 e a liña 1 da p. 137 hai que intercalar a liña 1 da p. 144, traspapelada alí polo caixista ao compaxinar: (p. 144) <liña 1> *tería soldada, e que era cousa dun mes que llo*. Daquela, léase: *Entón dixeron que o levaban, e que o tratarían / como a parente, e si axudaba nos mercados que / tería soldada, e que era cousa dun mes que llo / entregaran en Basora coas respostas*. [Entonces dijeron que lo llevaban y que lo tratarían como a pariente, y si ayudaba en los mercados que tendría soldada, y que era cosa de un mes que se lo devolviesen en Basora con las respuestas p. 121]. Na ed. de 2011 mantense a lectura disparatada da 1ª ed.

p. 139. *cando alá cheguemos, tes que deixarme darlle coa man á «Venadita» no lombo e decirche | decirlle chorando: ¡Aí tes o Iadid!* [darle con la mano a «Venadita» en la espalda y decirle llorando p. 123]. As palabras van dirixidas á nao Venadita (non ó interlocutor, Sinbad). O Iadid é o río navegable polo que se supón vai entrar a nao de Sinbad. Nesta frase tamén sería posible suxerir a corrección: *darlle coa man á | a «Venadita»* en vista da tradución; pero a lectura á tamén é posible e plausible.

p. 141. *pousou nas mans de Abdalá anteollo e mondadentes, e púxose a subir o | ó castelo de táboas* [se dispuso a subir al castillo de tablas p. 128]. A lectura *subir o castelo*

tamén sería posible (aínda que en caso de non usar preposición a opción preferida de Cunqueiro sería *subi-lo castelo*). Pero o uso de *subir a* (en vez de *subir*) está asegurado por outros contextos; na frase anterior a esta : —*Si quieres, díxolle o soldado a Sinbad, subes a ise castelo de táboas.*

p. 142. *decíase pra sí cantas légoas non había de distancia entre el que viña soñando i aquil lanza de bigodes, que máis que cartos, Alah é o gardador dos probes, roubáballe alegría | a alegría, a leda facilidá de chegar con Abdalá e coa burra do leite ós esteleiros [le roba la alegría, la alegre facilidad p. 129].* Aínda que non houbera tradución, *alegría* ten que comportarse gramaticalmente como a *leda facilidá*.

pp. 143-144. (p. 143) <liña 27> *i el deixaba á muller de posto e pa-<liña 28> sábaos a onde estaban os esteleiros que non eran* (p. 144) <liña1> *tería soldada, e que era cousa dun mes que llo <2> do Califa, i alí había un gardachaves que era <3> turco.* A liña 1 da p. 144 hai que retirala (é, como queda visto, a 1ª liña da p. 137). Léase, daquela: *i el deixaba á muller de posto e pa-/sábaos a onde estaban os esteleiros que non eran / do Califa, i alí había un gardachaves que era / turco.* [y él dejaría a la mujer de puesto y los pasaba a donde estaban los astilleros que no eran del Califa, y había allí un guardallaves que era turco p. 129]. [Na ed. de 2011 foi correctamente suprimida esta liña pero non restituída ó seu lugar apropiado].

p. 145. *a muller miña non pode estar máis dunha media hora no meu ponto | posto, que unha cabra que temos está parindo!* [no puede estar hoy más de media hora en mi puesto p. 130].

p. 146. *O turco era un cherepa barbudo, mui entrecellado, os ollos roxos, os brazos longos, i algo esguido | esgüido tiña, fóra do seu sitio, no rosto aquel seu afiado, que ó pronto non se sabía o que era, e despoixas víase que tiña o narís calcado prá esquerda.* [los brazos largos, y algo tenía torcido, fuera de sitio p. 131]. (Cf. tamén *esguida*, máis arriba, p. 42). A trad. ('torcido') non axuda moito, en cambio sí a aclaración *fóra do seu sitio* (= 'desviado'). Está claro que é o part. (usado como adx.) de *esgüirse* 'escorrerse, irse de maneira que non se note, escapulirse, desviarse' (cast "deslizarse"), que o propio Cunqueiro usa en *Merlín: tivo tempo de coller polo pescozo ao demo que fuxía, pro iste puido esgüirse e perderse pola chimenea; O enano púxose roxo e perdeu toda fachenda, esgüíndose tras meu amo.* Cf. Eladio Roriguez, *escürse v. r.* 'Irse de entre las manos una cosa'. / 'Desaparecer uno de donde estaba, sin que los demás lo echen de ver'. SIN.: *esculirse, esgüirse*. Cast. (*DRAE*): *escullir*. (...) *intr. coloq. Mur.* 'Resbalar, caer'. Ast. (*DALLA*) *esgulir* 1 Dilir [la nieve]. 2 Esguliar. *esguliar* 1 Perder l'equilibriu [por tar una superficie moyada, nidia, lleta]. 2 Mover o pasar [penriba de daqué dulces, ensin roce]. 3 Cayer [per un golipu].

p. 150. *O que máis o distraen | distrae é que traigan teas varias i as poñan a carón seu* [Lo que máis le distrae es que le traigan telas 134].

p. 155. *Plática de mares arábigos que fixo Sinbad en Chipre ós pilotos gregos, asegún foi recollida por Teotikes Papadópulos | Papadópulos de Esmirna* [Papadópulos p. 137].

p. 158. *senón que [eu] podía estar lendo con lupa un calisquer un | Ø libro con láminas* [podía estar [yo] leyendo con lupa un cualquier libro con láminas p. 140]. Un substantivo non pode levar dúas veces o artigo *un*.

p. 161. *Entón, namentras [a nuben] quedou deshumidándose, fóronlle nacendo corales na panza, i agora, póla | polo pesada, non inza, e soio se abanea un pouco* [por lo pesada no iza p. 142].

p. 161. *Cada un ano móvese a Illa Novena sexto de légoa do seu sitio. Seguido | seguindo así, se non tropecese con terra, o ano dous mil cento e trinta e seis estaría dediante de Tarragona.* [Siguiendo así, y no tropezando con tierra p. 142].

p. 165. *¡Acaíche | acaíche mui ben a camisa verde! [¡Te sentaba muy bien la camisa verde! p. 147].*

Non propoñemos, en cambio, que se fagan modificacións nalgunhas lecturas, aínda que as traducións parezan pedilo, se as lecturas do texto galego son tamén posibles.

p. 53. *digo que buscaría que se amosese o meu tío a ollar o arbre* [...buscaría que mi tío se asomase a ver el árbol... p. 45]. *Amosar* co sentido de *asomar* aparece varias veces no texto por iso é preferible absterse de consideralo erro: *digoche que te amoses polo ollo por ver si chove* (p. 93) [y yo te pido que te asomes al ojo por ver si llueve p. 78]. É con todo un uso algo raro, sen dúbida motivado por un prexuízo diferencialista; no último exemplo (*por onde amosaría o delfín*) o uso non pronominal de *amosar* é de gramaticalidade máis que dubidosa.

p. 70. *E si fora Mansur quen chegase, por pasmalo de saber de amores e cortesán, diríalle que se fixase...* [...por pasmarlo de saber de amores y cortesán... p. 58]. A conx. e une elementos de igual categoría, daquela *amores* pide que despois da conx. veña un substantivo (como “cortesán”). Pero tamén se pode interpretar a frase doutra maneira, con elipse do núcleo do segundo elemento por ser idéntico ó primeiro: “por pasmalo de saber de amores e [por pasmalo] de cortesán”.

p. 92. *si alguén se acaroa á caixa dos cartos, por mui pés de lá que o faga, cando xa está a dúas varas o Cangrexo abre o ollo* [por muy pies de lana que traiga p. 77]. Esperaríamos *teña* ou *traía*. Pero *pés de lá* tamén se pode entender coma unha loc. adverbial (*por [mui] con pés de lá* ‘sixilosamente’ que o faga) como se ve polo uso de *moi*, só admi-

sible ante adxectivos e adverbios. Así e todo, como se ve pola tradución, a Cunqueiro entroulle un certo escrúpulo sobre a gramaticalidade da expresión pola elisión do *con*.

p. 133. *torce pra drento terra por mor dun pozo de auga fresca ou dun serrallo* [por mor de un pozo de agua fresca y un caravanserrallo p. 119]. p. 134. *Abdalá saíu lavar os pés nun pilón no hortello do serrallo* [Abdalá salió a lavarse los pies en un pilón en la traseira del serrallo p. 120]. En ningún dos dous casos se trata dun *serrallo* ‘palacio dos antigos sultáns de Constantinopla’, ‘harem’, senón dunha ‘pousada de caravanas’; isto chámase *caravanserrallo*. No resto da obra, aparece outras tres veces, sempre como *caravanserallo* (do fr. *caravansérail*). Parece que Cunqueiro abrevia conscientemente *caravanserallo* en *serrallo* por iso parece prudente non corrixilo.

p. 20. *nas ribeiriñas medran palmeiras que amosan o verde da cabeza súa, tan esparrama e movediza* [tan abierta y movediza p. 19]. *Esparramo* (‘esparramado’) é un adx. (ou participio forte) insólito, documentado só por Cunqueiro e só nesta obra; é palabra que non está na “norma” (no sentido de Coseriu) nin sequera no “sistema” e está un tentado consideralo erro por *esparramada*. Pero á vista de que se usa dúas veces quizais é arriscado corrixilo: ó enfriar a boliña caía e parte da chama metíase nela i entón era un crepúsculo vespertino, unha rosada lucecíña esparrama deica a boliña se volvía a quentar e rubir p. 102 [neste caso omite *esparrama* na tradución p. 88]. Seguramente se trata dunha das tantas palabras inventadas ou manipuladas por Cunqueiro. Este é un dos varios casos nos que nos gustaría consultar o mecanoscrito.

p. 52. *e como dixeran de min dende rapacete que era mui tímido prás mulleres, deixá-bame estar no meu metido* [...metido en mi... p. 44]. A frase pode ter dúas lecturas, as dúas algo forzadas: a) Considerar *meu* como substantivo (cast. “lo mío”); ten o inconveniente de que presenta unha sintaxe rara, en vez da esperada, *metido no meu*. b) Considerar *metido* como substantivo (= *no metido meu*), pero entón hai que darlle a esta palabra un sentido novo que non está nos dicionarios nin entra moi doadamente como innovación no sistema: ‘as cousas nas que un se mete, cometido’. A pesar de que as dúas alternativas son dubidosas non nos atrevemos a propor a corrección *metido en min*.

Todas as lecturas sinaladas, agás moi probablemente as seis últimas, son lugares corruptos no texto, palabras ou frases que Cunqueiro non quixo escribir e que se “esgüíron” no libro por un lapso del ou por manipulacións do linotipista e do caixista e que el non advertiu nas probas. Todo isto é necesario corrixilo.

Da comparación do texto galego coa tradución castelá percatámonos que hai outras moitas palabras ou frases (e mesmo puntuacións) das que non quedou satisfeito e procurou mellorar na tradución. Nestas, naturalmente non podemos intervir; o texto galego quedou así, e así o debemos ler. O cal non quita que atopemos cousas

sorprendentes e que algún editor debería esclarecer en notas fóra de texto. Por exemplo palabras para ás que dá traducións sorprendentes, que non son traducións: *as louseiras* [barrancas] *mouras i apicadas que chaman ó deserto* (p. 22); *e vaise [o río] por unha empedrada rodada das levadas* [avenidas] *cara ó mar* (p. 22); *zocas chinelas* [zuecos chineses] (p. 54). Tamén palabras ou locucións que un lector (é o meu caso) ten dificultade en entender mesmo coa axuda da tradución e mesmo dos dicionarios: *a miña bolsa de coiro atrezado* [atrezado] (p. 16); *facendo un esteiro vizoso de xunqueiras i escripos* [escripos] (p. 22); *chegaron ó peirao, levados polo ventiño de posta* [posta] (p. 88); *saberás que agora viñeron pilotos novos a Basora i están poñendo o timón por roda* [por rueda] (p. 142); etc. E van incluídos neste apartado algúns castelanismos arcaicos (hoxe escuros) conscientes: *i as naos dos de turbante pasaban por ollo* [pasaban por ojo] ás naos de casco (p. 137); *e si se salva, quédalle a nemiga* [enemiga] *daquel mar* (p. 162).

Outra cousa moi diferente dos erros, dos que Cunqueiro non foi consciente, son as moitas palabras que usa de maneira consciente, habituais no galego literario da época, en xeral formas hiperalienadas, que hoxe a normativa revisou con criterios liberados de prexuízos diferencialistas; palabras do tipo: *determiñaba*, *veleda* (veleta), *audencia*, *ceremoñas*, *solprendidos*, *pelerina* (pelerina 'capa'), *iñocencia*, *coarta*, *áer*, *pá-teo*, *outo*, *pirmeiro*... Son palabras que aínda non operando con criterios normativistas actuais dificilmente se pode considerar que pertencen ó sistema galego. Non é aquí o lugar de discutir o que se pode facer con elas nunha edición canónica. Seguro que se Cunqueiro escribise hoxe non as usaría.

Quédanos consideración final. Cunqueiro escribiu este texto en 1961 e desentendeuse del para sempre aínda que se fixeron edicións ou reimpresións en vida; así se perpetuaron os erros. Foi o contrario do que fixo coas edicións en castelán. Nesta lingua, a primeira edición está moi ben coidada, con escasos erros, a maioría corrixisos na segunda. Só nun caso advertín unha tradución defectuosa nas dúas edicións: a falta dunha preposición que fai agramatical unha frase:

téñolle eu ouvido que lle gustaría tratar no mar, i en moita parte *por* estar con medo de que os navíos en que vai tanta riqueza súa se perdan nunha tempestade (p. 98) ...y en gran parte estar con miedo p. 85 (1962) e p. 83 (1971).

E noutros tres casos outros tantos erros de maior envergadura, tamén nas dúas edicións, dous deles dignos das mellores antoloxías do disparate:

E van vellas as esposas; e xa cansou o demo p. 170, *Y van viejas las esposas, y ya canco el demonio* p. 154 (1962), p. 145 (1971); *e achepou ladeado, e non quixo xa máis nunca*

saír do seu pazo, e dou en gobernar o reino por medio de espellos e agoiros, e poñía as leises por adiviñanza p. 49, *y jorobó ladeado, y no quiso ya nunca más salir de su palacio, y dio en gobernar el reino por medio de espejos y de agujeros, y ponía las leyes por adivinanza* pp. 42, 41; ¡E pra iso tanto capar corvos e mirar os agoiros nos testes! 55, ¡Y para esto tanto capar cuervos y mirar agujeros⁷ en los testes! p. 46.

É de supor que fose o propio Cunqueiro quen fixo as correccións e que só se lle esgüísen eses escasos cazapos (que non son del, senón do linotipista).

Agora Cunqueiro xa non está vivo para facer ou autorizar correccións nos textos galegos. Pero un exame filolóxico e desprexuízado deles e a súa comparación coa tradución pode permitir mellorar a lectura transmitida, tanto desta coma seguramente doutras obras.

Bibliografía

- Corominas, J. – Pascual, J.A. (2001)⁵, *Diccionario etimológico de la lengua castellana e hispánica*, Madrid: Gredos.
- Cunqueiro, A. (1961), *Si o vello Sinbad volvese ás illas...*, Vigo: Galaxia.
- Cunqueiro, A. (1962), *Cuando el viejo Sinbad vuelva a las islas...*, Barcelona: Argos
- Cunqueiro, A. (1971), *Cuando el viejo Sinbad vuelva a las islas...*, Barcelona: Destino.
- Dobarro Paz, X. M^a (trad.) (2004), *Alvaro Cunqueiro. Obras literarias en castellano I*, Madrid: Biblioteca Castro.
- Real Academia Española, (2014)²³, *DRAE = Diccionario de la Real Academia Española*, consultado en <http://www.rae.es/rae.html>.
- García Ferreiro, A. (1891), *Leenda de groria*, A Coruña: Tip. La Gutenberg.
- Leiras Pulpeiro, M. M. (2000), «Vocabulario», en *Diccionario de diccionarios [Recurso electrónico]*, A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- Moliner, M. (2007)³, *Diccionario del uso del español*, Madrid: Gredos.

7 Sospeitamos que Cunqueiro non usaba diérese no ü e escribiu *agueros* (en vez de *agüeros*); o linotipista debeu corrixilo en *agujeros* e así quedou. A pouca devoción de Cunqueiro polas diéreses é o que explica os dous *esguido* por *esgüido* (p. 42, 146) que comentamos no texto.

Renart de Born

DIEGO SEOANE CASÁS

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

*—Sí, sí, Diablos —dijo—, pero Diablillos
encantadores.*

Daniel Defoe, *Historia del Diablo*.

*Y Behemot, llevándose a los ojos una manga
sucia, exclamó con voz trágica: —¡Gracias,
fiel amigo, por defender a una víctima!*

